



TEXTOS PARA A HISTORIA DAS MULLERES EN GALICIA

M.^a Xosé Rodríguez Galdo
Coordinadora

**TEXTOS PARA A
HISTORIA DAS MULLERES
EN GALICIA**

TEXTOS PARA A HISTORIA DAS MULLERES EN GALICIA

M.^a Xosé Rodríguez Galdo (coord.)

IDADE ANTIGA

Eva Castro Caridad
Mar Llinares García

IDADE MEDIA

Esther Corral Díaz
Guillermina Domínguez Touriño
Pilar Lorenzo Gradín
M.^a Carmen Pallares Méndez
Clara C. Rodríguez Núñez

IDADE MODERNA

Carmen Alvariño Alejandro
Ofelia Rey Castelao
Serrana Rial García
Margarita Sanz González

IDADE CONTEMPORÁNEA

Pilar Freire Esparís
Mercedes González González
Isabel Rodicio Rodicio
M.^a Xosé Rodríguez Galdo



CONSELLO

DA CULTURA GALEGA

Ponencia de Patrimonio Histórico
Santiago de Compostela, 1999

Textos para a historia das mulleres en Galicia / María Xosé Rodríguez Galdo, (coord.). — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico, 1999. — 606 p. : il ; 24 cm

DL C-26-1999. — ISBN 84-95415-04-6

1. Mulleres-Galicia-Historia. I. Rodríguez Galdo, María Xosé, coord. II. Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico. III. Título. 396 (460.11) (091)

EDITA:

© Consello da Cultura Galega

ISBN:

84-95415-04-6

D.L.:

C-26/99

IMPRIME:

Gráficas ATV

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	11
IDADE ANTIGA	13
I. INTRODUCCIÓN	15
II. ÉPOCA PRERROMANA E ROMANA: DOS PRIMEIROS DOCUMENTOS Ó SÉCULO III	21
1. As mulleres e a economía	23
2. O matrimonio	26
3. Parentesco e familia	30
4. O estatuto das mulleres	32
5. A relixión	36
III. ÉPOCA DE TRANSFORMACIÓNS: DO SÉCULO III Ó SÉCULO X	49
1. A muller na lexislación civil das <i>Leges Visigothorum</i>	56
2. A muller na lexislación eclesiástica	70
3. Personaxes singulares	81
4. A muller en documentos de tipo notarial	83
5. O santoral	87
6. A muller na vida cultural	91
BIBLIOGRAFÍA	99
ÍNDICE DE TEXTOS	105

IDADE MEDIA (1100-1500)	111
I. INTRODUCCIÓN	113
II. OS DISCURSOS MASCULINOS DOS PAPEIS DE XÉNERO	117
1. As leis	117
2. A Igrexa	123
3. A lírica galego-portuguesa	129
III. AS OPCIÓN S DE VIDA DAS MULLERES	177
1. O matrimonio e a maternidade	177
2. A toma de conciencia ante a agresión masculina na Galicia do século XV	196
3. A vida conventual	202
4. A marxinação	214
IV. AS MULLERES NA PRODUCCIÓN E REPRODUCCIÓN DA VIDA MATERIAL E SOCIAL	227
1. O peso das mulleres na esfera doméstica	227
2. O traballo das mulleres no mundo campesiño	258
3. O traballo das mulleres nas cidades	261
4. A participación das mulleres no poder e a cultura	265
BIBLIOGRAFÍA	273
ÍNDICE DE TEXTOS	279
IDADE MODERNA	287
I. INTRODUCCIÓN	289
II. REPRODUCCIÓN HUMANA E SOCIAL	297
1. Réxime xurídico do matrimonio	297
2. Os comportamentos demográficos	301
III. AS MULLERES E A ECONOMÍA	311
1. O patrimonio	311
a) O dote	311
b) A tutela	317
c) A transmisión patrimonial	319
2. O traballo	323
a) O mundo rural	323
b) O mundo rural costeiro	329
c) O mundo urbano	331

3. Outras actividades económicas	346
4. A actividade económica das institucións femininas	354
IV. MULLERES E DESORDE SOCIAL	359
V. ACTUACIÓNS “POLÍTICAS” DAS MULLERES	369
VI. CULTURA E EDUCACIÓN FEMININAS	373
VII. A RELIXIOSIDADE	379
1. Postura diante da morte	380
2. O estado relixioso: as monxas	382
3. As transgresións relixiosas	384
a) O mundo da confesión	384
b) As mulleres feiticeiras	386
VIII. A VISIÓN DA ILUSTRACIÓN	389
ABREVIATURAS ARQUIVÍSTICAS	393
BIBLIOGRAFÍA	395
ÍNDICE DE TEXTOS	401
IDADE CONTEMPORÁNEA	409
I. INTRODUCCIÓN	411
TEXTOS DO SÉCULO XIX	421
I. A CONSTRUCCIÓN DOS PAPEIS DE XÉNERO	423
1. Corpos, natureza, bioloxía	423
2. Matrimonio e maternidade	431
3. Mulleres e educación	440
II. PROCESO DE CONCIENCIACIÓN DAS MULLERES	459
1. Escritos de mulleres	459
2. Protestas e formas de resistencia	471
3. Preparación intelectual e actividade profesional	473

III. OS TRABALLOS E A REALIDADE SOCIAL DAS MULLERES	475
1. Realidade social e demográfica	475
2. As mulleres na economía campesiña	482
3. Mulleres e traballo remunerado	484
4. Mulleres e emigración	489
IV. RELIXIÓN, POLÍTICA E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS	495
1. Participación política	495
2. Mulleres e cristianismo	498
3. Mulleres e masonería	499
TEXTOS DO SÉCULO XX (1900-1950)	505
I. A CONSTRUCCIÓN DOS PAPEIS DE XÉNERO	507
1. Mulleres, imaxes e representacións	507
2. Matrimonio, maternidade e sexualidade	521
3. Mulleres e educación	530
II. PROCESO DE CONCIENCIACIÓN DAS MULLERES E AVANCES DO FEMINISMO	537
III. OS TRABALLOS E A REALIDADE SOCIAL DAS MULLERES	549
1. As mulleres na agricultura familiar galega	549
2. Traballo a domicilio e na fábrica	554
3. Consideracións sobre o traballo das mulleres e dos nenos	558
4. Mulleres e emigración	560
5. Hixienismo, maternoloxía, aborto e control dos nacementos	566
IV. RELIXIÓN, POLÍTICA E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS	571
1. Mulleres e relixión	571
2. Mulleres e galeguismo	575
3. Mulleres e dereitos políticos e civís	579
4. A Falange e as mulleres	591
BIBLIOGRAFÍA	595
ÍNDICE DE TEXTOS	601

PRESENTACIÓN

Esta obra, Textos para a historia das mulleres en Galicia, é o resultado do proxecto desenvolvido por un conxunto de investigadoras que, desde distintos ámbitos -historia, economía, filoloxía- e dos campos da docencia universitaria e do ensino medio, tentabamos cubri-lo baleiro de publicacións específicas comprensivas de tódolos períodos históricos; e unha vez que propostas semellantes, desenvolvidas para un ámbito xeográfico máis amplo, que comprende o conxunto de España, xa foran ensaiadas con éxito coa publicación en 1994 pola editorial Cátedra de Textos para la Historia de las Mujeres en España.

A selección e estruturación de materiais documentais tan diversos que achegamos responde á preocupación de devolverlles ás mulleres o lugar que lles corresponde na historia; unha historia da que foron esquecidas, cando máis da metade da humanidade está constituída precisamente por mulleres. Rescatalas da invisibilidade que as oculta, reivindica-lo papel da súa traxectoria vital na construción da nosa historia colectiva como pobo diferenciado é o propósito que nos move.

As fontes escritas ou iconográficas das que nos servimos moi rara vez recollen a voz directa das mulleres. Na súa maior parte son textos de mulleres “representadas”. Nós quixemos, na medida do posible, deixar falar ás propias mulleres, darlles voz á súa experiencia social, ós seus logros e múltiples atrancos educativos e legais que rabañaron o seu desenvolvemento como seres humanos. Con estas premisas coidamos que o material aquí reunido permite revisa-lo paradigma histórico dominante, que esquece ás mulleres como axentes e suxeitos de transformación social. Permite, en definitiva, achegar novos documentos para unha comprensión máis ampla e integrada do noso pasado, ofrecer unha visión máis global da historia dos homes e das mulleres que viviron en Galicia desde a antigüidade ata o presente.

Aspiramos a que este traballo sirva para dar pulo ós Estudos das Mulleres nos centros de ensino medio e universitario e tamén que sexa unha achega máis que destaque as contribucións metodolóxicas que a historia das mulleres como disciplina histórica vén significando nas últimas décadas.

Santiago de Compostela, 1999*

(*) O seu carácter de obra colectiva imprimiu distintos ritmos á realización dos traballos. A parte de Historia Medieval foi finalizada en 1995 e as restantes na primavera de 1997.

IDADE ANTIGA

Eva Castro Caridad
*Mar Llinares García**

* O texto correspondente a Mar Llinares García foi realizado dentro do proxecto *Las sociedades prerromanas del NO. peninsular a través de los textos clásicos: Estudios de aplicación del método comparativo*, XUGA 21003A95.

I. INTRODUCCIÓN

Ó iniciar esta exposición sobre os textos que poden contribuír a perfila-la historia das mulleres na Gallaecia, hai que sinala-los problemas que se nos presentan para determina-los límites da rexión, tanto territoriais coma temporais. En primeiro lugar, é necesario recoñecer que os límites territoriais da Galicia actual son de establecemento recente, e nin sequera se podían enxergar na época que nos atinxe. O cuadrante noroccidental da Península foi unha rexión máis, que formou parte da Lusitania, cando Augusto, no ano 27 a.C., estableceu a separación entre esta ampla rexión e a Hispania Ulterior. Entre os anos 16 e 13 a.C., a Lusitania foi transferida á Hispania Citerior. Pouco máis se sabe deso ata que Plinio o Vello, a mediados do século I d.C., describe por primeira e única vez nas fontes romanas a división da Península Ibérica en *conuentus*. Na Hispania Citerior: Carthaginensis, Tarraconensis, Caesaraugustanus, Cluniensis, Asturum, Lucensis e Bracarum. Os tres conventos do noroeste foron o Lucensis, con capital en Lucus Augusti (Lugo), o Asturum, con capital en Asturica Augusta (Astorga) e o Bracarum, coa capital en Bracara Augusta (Braga). Estas divisións administrativas puideron ocupa-las actuais provincias da Coruña, Lugo, o norte de Pontevedra (o convento lucense), Asturias, León, oeste de Zamora, o leste de Ourense e o ángulo noroccidental de Portugal (o asturicense), e o norte de Portugal dende o Douro, case todo Ourense e o sur de Pontevedra (o bracarense). Na época do emperador Caracala creouse, arredor do ano 214 d.C., unha nova provincia que recibiu o nome de Hispania Noua Citerior Antoniniana, segundo testemuñan tres inscricións. A dúbida con respecto a isto é saber se esta denominación fai referencia a unha nova provincia que tería reorganizado só os conventos do noroeste ou tódolos da Hispania Citerior. Tampouco sabemos nada da extensión xeográfica desta provincia nin do tempo que durou a reforma.

As primeiras novas sobre a provincia da Gallaecia como tal proceden do reinado de Diocleciano, xa que este emperador realizou unha nova reordenación do territorio peninsular. A Gallaecia constituíuse entre os anos 284 e 288, e abarcou os conventos lucense, asturicense, bracarense e, segundo parece, parte do cluniacense. Esta división foi xa máis estable, como se desprende da descrición da administración civil e militar da Hispania contida na *Notitia Dignitatum*. Segundo este texto, elaborado entre os anos 425 e 430, a Gallaecia, xunto coa Bética, Lusitania, Tarraconensis, Carthaginensis, Trigitania e Balleares, era unha das sete provincias que compoñían a “Diocese das Españas”. A autoridade romana desta diocese era o prefecto do Pretorio das Galias, que delegaba o poder executivo nas mans do Vicarium Hispaniarum. Con todo, os problemas sobre os límites territoriais da Gallaecia non rematan aquí, pois seguen a ser obxecto de discusión as fronteiras físicas de cada un dos conventos galaicos. O historiador Tranoy (1981: 145 ss.) apunta que o límite meridional da Gallaecia foi o curso do río Douro, que valeu para fixa-la fronteira coa Lusitania; en canto ós límites orientais, apunta que estes puideron se-lo río Sella e a ría de Ribadesella. A fronteira iría paralela ó río Esla, ata a confluencia do Esla e o Douro. Sen embargo, noticias posteriores levan a confusión. Así, Orosio no século IV afirma que os astures e os cántabros forman parte da Gallaecia (*Ad. pag.*, VI, 21, 2), e coloca Numancia no límite oriental desta provincia (*Ad. pag.*, V, 7, 2). A *Notitia Dignitatum* tamén coloca unha cidade cántabra, en concreto Iuliobriga, na Gallaecia. Pola súa banda, Hidacio e Zósimo coinciden en sinalar que a soriana cidade de Coca pertencía tamén a esta provincia. Aínda recoñecendo todas estas dificultades, a nosa exposición vaise centrar nun primeiro momento nas noticias e textos que remiten ós tres conventos do noroeste. Na segunda parte desde traballo ímonos limitar a recompila-la información relativa á zona xeográfica que hoxe é Galicia.

En canto ós límites temporais, é necesario facer tamén unha serie de puntualizacións. De acordo coa distribución por períodos feita polo grupo de traballo responsable desde volume colectivo, a época antiga presenta uns límites cronolóxicos pouco convencionais polo que se refire ó final deste período, pois cobre desde as primeiras mencións rexistradas na época romana ata o século X, inclusive. Somos conscientes de que o final da época antiga adóitase fixar mediante diversos fitos históricos, que se sitúan entre o progresivo debilitamento do poder romano, a lenta feudalización do reino visigodo e a invasión musulmana do ano 711. Os puntos de inflexión no devir histórico que se sinalan tradicionalmente son os seguintes: a crise do século III, na que tiveron lugar as reformas administrativas de Diocleciano; a lenta descomposición das estruturas romanas, ou a primeira onda de invasións bárbaras na Península durante o século III. Outros momentos críticos utilizados nesta periodización como termos *ante quem* son a caída do Imperio Romano de Occidente, as invasións bár-

baras do ano 409, a unificación do territorio peninsular baixo a monarquía visigoda, etc. Sen embargo, debido ó mantemento das estruturas debilitadas, tanto romanas como visigodas, na organización social da Gallaecia ata o século X, aceptamos por razóns prácticas de todo o grupo este límite temporal, xa que o século XI si que supón un cambio radical na historia desta rexión, como se verá máis adiante. Con todo, optamos por dividir este amplísimo período en dúas seccións. A primeira abrangue desde as primeiras noticias da vida das mulleres na Gallaecia nas fontes romanas ata a crise do século III. A segunda esténdese desde o establecemento do reino suevo en Galicia ata a crise política do reino leonés do século XI.

As fontes. Se o ton xeral das fontes histórico-literarias é a sobriedade en novas sobre a Gallaecia en xeral, este ton acentúase se nos propoñemos tomar delas datos sobre a vida das mulleres nesta rexión durante este amplísimo período. Entre tódolos autores do período romano que fan algunha referencia a esta provincia, como César, Salustio, Tito Livio, Marcial, Ptolomeo, etc. (Romero e Pose, 1988), cabe destacar pola súa significación a dous deles: Estrabón e Plinio.

Estrabón (64 a.C.-19 d.C. aprox.) era un cidadán grego de orixe aristocrática, que se adicou á historiografía. Da súa amplísima obra titulada *Comentarios históricos* chegaronnos só algúns fragmentos; sen embargo, a súa *Xeografía* consérvamola completa. Este tratado, redactado entre os anos 29 a.C. e 7 d.C., e revisado no 18 d.C., é un dos documentos grecorrománs máis importantes sobre a Península Ibérica, xunto coas táboas de Ptolomeo (ca. 100-170 d.C.). Polo que se refire á Gallaecia e en concreto á vida das súas mulleres, é o testemuño antigo máis rico, xa que proporciona datos concretos moi curiosos, como o traballo das mulleres no río para recoller metais arrastrados polas augas (III, 2, 9), os tipos de comidas e bebidas da poboación, as celebracións festivas cos seus bailes e os vistosos vestidos das mulleres (III, 3, 7), as medidas hixiénicas do lavado dos dentes (III, 4, 16), ou as distintas formas de parir (III, 4, 7). Os datos referentes á Gallaecia atópanse no libro III da súa obra. Estrabón endexamais se desprazou a esta rexión, polo cal tivo que utilizar distintos tipos de fontes para confeccionar este libro. Sabemos que consultou as obras de escritores anteriores a el, todos eles gregos, como Posidonio, Artemidoro e Polibio. Pero ademais valeuse das novas transmitidas oralmente por funcionarios, viaxeiros ou comerciantes que estiveran nesta rexión. Esta forma de recoller información de forma directa faise máis evidente, se cabe, no que atinxe á zona noroccidental peninsular, dado que son datos de carácter anecdótico, e non técnico, que non obstante son os que agora nos resultan máis útiles.

A partir de Estrabón, as novas sobre os costumes da futura Gallaecia fanse cada vez máis escasas, e as poucas que conservamos están inspiradas neste

autor. Estes apuntamentos farán fincapé, sobre todo no que se refire ás mulleres, no seu valor, enerxía e capacidade de traballo, tanto nas tarefas do campo como nas batallas contra os romanos á beira dos seus homes, de onde nunca fuxían, preferindo mata-los seus fillos e morrer antes de caer presas (Apiano, finais do século I, *Iber.*, 73-73, Silio Itálico, 25-101 d.C., *Punica*, II, 602 e III, 344-453; Romero e Pose, 1988: 58, 86 ss.).

Como se ten sinalado máis arriba, Plinio o Vello (23-79 d.C.) é o autor antigo que proporciona información de importancia excepcional para comprender a división administrativa de Hispania. Estes datos atópanse na súa ampla obra erudita titulada *Naturalis Historia*, na que as referencias a esta provincia se localizan sobre todo nos libros III e IV. Sen embargo, Plinio non achega novas concretas de carácter antropolóxico que poidamos utilizar aquí. As referencias de épocas posteriores non proporcionarán xa ningunha caracterización da muller galaica ó xeito dos autores de Antigüidade clásica; é máis, nin sequera haberá unha referencia significativa ás mulleres da Gallaecia. As fontes literarias a partir do século IV son tamén historiográficas. Entre elas hai que destacar, pola súa información sobre a época do reino suévico, as obras de Paulo Orosio e Hidacio.

Os *Historiarum aduersos paganos libri VII* de Orosio (ca. 390-418) iníciase coa creación de Adán e chegan ata as invasións bárbaras de Hispania do ano 417. Pola súa parte, o *Chronicon* ou *Continuatio Chronicorum Hyeronimianorum* de Hidacio (ca. 380-479) foi concibido como unha continuación da obra de San Xerome. A narración céntrase nos acontecementos acaecidos entre os anos 378 e 469, e presta unha especial atención ós feitos do territorio hispánico. O valor destas dúas obras débese a que ámbolos autores viviron persoalmente as peripicias que relatan; pero, como xa temos sinalado, o interese polarízase na historia política e social en xeral, e non hai referencias concretas que nos poidan ser útiles na historia da vida das mulleres.

Debido á sobriedade da información, temos recorrido a extraer información doutro tipo de fontes, sobre todo epigráficas, xurídicas, documentais, etc. A pesar da súa relativa abundancia e a súa importancia como fonte para o coñecemento da sociedade e as mentalidades do Noroeste, a utilización da documentación epigráfica polo historiador non é doada. En primeiro lugar, a natureza do material sobre o que están as inscricións supón problemas dabondo. A grande maioría están sobre granito, e este gravado está normalmente mal conservado, non só polo desgaste debido ó tempo e ás condicións de conservación, senón tamén pola reutilización das pedras. As pedras calcáreas e o mármore son raros. As pedras están frecuentemente moi deterioradas e son difíciles a súa lectura e datación. En segundo lugar, as lecturas antigas requiren unha revisión que afortunadamente xa está en curso, alomenos para as provincias galegas actuais

(novas IRG). E, en terceiro lugar, os propios textos. Existen poucas inscricións relativas ás estruturas oficiais romanas (ou indíxenas) do Noroeste, e as grandes ordes da sociedade romana están case ausentes. A grande maioría das inscricións son dedicatorias funerarias modestas, que pola súa vez teñen vantaxes e inconvenientes. En canto ás vantaxes, destaca o feito de que permiten unha aproximación ó estudio das estruturas familiares, a sociedade e a onomástica. Pero presentan os inconvenientes de seren demasiado breves, polo que a súa utilización resulta delicada. No caso das divindades indíxenas, por exemplo, son o único testemuño, pois non se conserva ningún mito. E na maioría dos casos só coñecemos-lo nome das divindades. O groso das fontes epigráficas concéntrase nos séculos I e II d.C., comezando a minguar a partir do século III.

En canto a outros tipos de documentación, a situación varía moito no amplo abano de tempo que abrangamos. No caso das épocas prerromana e romana, non se conserva ningunha fonte de tipo xurídico como unha lei municipal similar á Lei Municipal de Segovia, por citar algún lugar máis ou menos próximo á zona de estudio, ou ás da Bética. Nin tampouco documentación privada: contratos de matrimonio, testamentos, etc. O único asimilable a unha fonte xurídica serían os pactos de hospitalidade, e non din gran cousa con respecto á vida das mulleres (excepto se considerámo-la teoría de A. Rodríguez Colmenero sobre a inscrición de Vilar de Perdizes, ver *infra*). Por outra banda, a partir da época sueva, temos recorrido fundamentalmente a dous tipos de fontes. En primeiro lugar, revisáronse as de tipo oficial; é dicir, a lexislación civil das leis dos visigodos, e a lexislación eclesiástica dos canons dos concilios, ben galaicos, celebrados na súa sé metropololítana de Braga, ben hispánicos, sobre todo os de Toledo, nos que estiveron presentes os bispos das dioceses galegas. As referencias destes textos son sempre xerais, aínda que serviron sen dúbida para regula-la vida das mulleres e as súas relacións sociais. O grao de aplicación destas disposicións é difícil de establecer na maioría dos casos, pero o eco dalgunhas delas en documentos particulares galaicos permite conxecturar que tiveron certa repercusión na organización social da Gallaecia.

Con respecto a outras fontes, a arqueoloxía a penas ofrece datos sobre a vida das mulleres. Quizais poderían axuda-las representacións en estelas ou estatuas, tanto de mulleres como de deusas. Pero lamentablemente non son nin demasiado abundantes nin ricas dabondo como para ofrecer unha visión adecuada. Tamén se estudia-ron fontes de moi distinta natureza, nas que se puidera rastrea-la presenza feminina, como os fondos documentais de tipo notarial procedentes, sobre todo, dos grandes mosteiros galegos, as alusións de escritores antigos a mulleres insignes, o santoral galaico e a tradición erudita e literaria. Neste tipo de fontes as mulleres teñen xa nome propio, e preséntansenos como membros activos da sociedade daquela época.

II. ÉPOCA PRERROMANA E ROMANA: DOS PRIMEIROS DOCUMENTOS Ó SÉCULO III

En primeiro lugar, as fontes textuais para o estudio tanto da época prerromana como da romana son as mesmas, e ademais son da época romana, o que supón certos elementos a ter en conta. Poderíamos consideralas sen ningunha dúbida fontes coloniais, que buscan, alomenos no caso de Estrabón, que é a nosa fonte principal para o estudio dos pobos do Norte no momento e inmediatamente despois da conquista, sinala-la importancia da acción civilizadora de Roma sobre estes pobos bárbaros, como imos ver ó comenta-lo texto seguinte. A vida dos “montañeses”, o nome xenérico que utiliza Estrabón, é descrita con certo detalle de xeito xeral en III, 3, 7. Como contexto en que se inscribe a vida das mulleres, ofrecémolo completo:

Tódolos montañeses levan unha vida sinxela, beben auga, dormen no chan e levan o pelo solto igual cás mulleres, aínda que antes de entrar no combate cinguen o pelo na fronte. Comen carne de cabra sobre todo, e sacrifican a Ares un macho cabrún e tamén prisioneiros de guerra e cabalos; e tamén ofrecen hecatombes segundo o xeito grego - como o propio Píndaro di, “sacrificar cen de cada”. Tamén celebran concursos, de soldados con armamento lixeiro e pesado e cabalería, de puxilato, carreiras, combate en escaramuzas e en bandas. E os montañeses durante os dous tercios do ano comen landras, que antes secan e trituraron, e logo moeron, e fan con elas un pan que se pode gardar durante moito tempo. Tamén beben cervexa; pero están escasos de viño, e todo o que teñen bébeno rapidamente en ledas celebracións cos seus parentes; e no canto de aceite de oliva utilizan manteiga. Comen sentados, pois teñen asentos fixos construídos arredor da habitación, aínda que sentan segundo a idade e o rango. A comida pásase duns a outros e mentres beben bailan acompañándose de frutas e trompetas, bailando a coro, asidos polas mans. Pero en Bastetania as mulleres tamén bailan mesturadas

cos homes, asidos polas mans. Tódolos homes visten de negro, na súa meirande parte con rudas capas, coas que dormen nos seus leitos de palla. E utilizan vasos de cera coma os dos celtas. Pero as mulleres sempre levan longos mantos e vestidos de cores ledas. No canto de moeda cuñada, a xente, alomenos os que viven máis no interior, utiliza o troco, ou ben cortan anacos de metal de prata batido e utilízano como cartos. Os que son condenados a morte bótanos polos precipicios; e os parricidas lapídanos máis alá das súas montañas ou dos seus ríos. Casan coma os gregos. Os enfermos expóñenos nos camiños, como facían os expicios nas épocas antigas, para que reciban consellos dos que teñen sufrido a enfermidade. Ata a época de [Décimo Xunio] Bruto, utilizaban botes de pel curtida polas enchentes e mareas, pero agora xa son raras aínda as canoas ocas. O seu sal mineral é encarnado, pero é branco cando se esmaga. Agora, como estiven a dicir, este é o xeito de vida dos montañeses...¹.

Esta descrición complementábase con algúns apuntamentos máis sobre pobos máis concretos, e con comentarios que destacan o salvaxismo (desde o punto de vista de Roma) destas xentes: “[...] O Norte de Iberia, ademais da súa rudeza, non só é extremadamente frío, senón que está da outra banda do Océano, e polo tanto ten adquirido a súa característica de falta de hospitalidade e aversión cara ás relacións con outros países (Estrabón, III, 1, 2). Ou tamén: “(Os habitantes da ribeira do Océano Atlántico) viven nun baixo plano moral, é dicir, buscan non un xeito de vida racional, senón máis ben satisfácelas súas necesidades físicas e instintos bestiais...” (III, 4, 16). Todas estas descrições están a insistir na barbarie dos pobos do Norte da Península. En efecto, os montañeses viven na *anomia*. A pobreza do solo fai que abandonen a agricultura (o certo é que o propio Estrabón sinala que si hai agricultura, traballo realizado polas mulleres, e as fontes arqueolóxicas así o demostran), e polo tanto teñen que se adicar á bandidaxe para se apropiar dos bens doutros pobos. Son pobos salvaxes, belicosos e lacazáns. Como non teñen cidades, que é o que civiliza os pobos, a súa vida é semellante á dos animais.

Ese salvaxismo amósase tamén na súa dieta: pan de landras, cervexa e manteiga, que son a contraposición do trigo, o viño e o aceite. O consumo de landras é considerado polos autores clásicos como característico das etapas anteriores á aparición da cultura (Bermejo, 1986: 23, nº. 8). A introducción da agricultura dos cereais ía unida ó lume para a súa cocción, ó matrimonio regulamentado e ás leis (Bermejo, 1982, cap. V). Na mentalidade grega, a unión de trigo, bo matrimonio e orde social é tan forte que a alteración dun dos elementos produce un cambio nos demais: un pobo que non come trigo non é un pobo civilizado, e polo

¹ As edicións de Estrabón utilizadas foron: A. Schulten, *Fontes Hispaniae Antiquae*, Fasc. VI, Barcelona, Bosch, 1952; *The Geography of Strabo*, ed. H.L. Jones, Londres-Cambridge (Mass.), Harvard University Press, 1969; A.M. Romero e X.M. Pose, *Galicia nos textos clásicos*, A Coruña, Padroado do Museo Arqueolóxico Provincial, 1988, ademais dalgunhas traduccions puntuais tomadas de J.C. Bermejo, *Mitología y mitos de la Hispania prerromana II*, Madrid, Akal, 1986.

tanto os seus costumes matrimoniais serán estraños, como veremos máis adiante. O mesmo sucede co uso da manteiga no canto do aceite (regalo de Atenea, deusa civilizadora por excelencia) e coa cervexa (aínda que Estrabón admite que algúns pobos máis civilizados, como os exipcios, tamén a consumían). Outro elemento ambiguo é o viño: ós bárbaros gústalles, e consúmeno en banquetes, pero o aspecto negativo é o xeito de facelo: a correr, no medio da comida. O pelo longo e os vestidos estraños como as capas, os vestidos de pel ou os pantalóns (dos galos, Estrabón, IV, 4, 3) son tamén indicios de barbarie. Toda esta ideoloxía está enchoupando as descrições de Estrabón, e, polo tanto, hai que tela en conta á hora de aproximarnos ó xeito de vida dos pobos do Norte.

1. As mulleres e a economía

Entrando xa na selección de textos referidos concretamente á vida das mulleres, hai dous aspectos que resaltan a primeira vista na documentación, sobre todo literaria: o traballo feminino e o estatuto das mulleres. Vexamos en primeiro lugar os textos referidos ó traballo das galaicas (Romero-Pose, 1988):

A laboriosidade da muller [da Callaecia] fai o resto; sementa no suco da terra e ara co arado, estando inactivos os homes. Todo o que haxa que facer, non sendo a dura guerra, afróntao a esposa do home callaico sen parar.

Silio Itálico, III, 350-353.

As mulleres levan as cousas da casa e os cultivos do campo, estes [os homes] adícanse ás armas e rapinas.

Xustino, XLIV, 3, 7.

Pero entre os Ártabros, que viven moi afastados no Noroeste de Lusitania, o chan florece, di Posidonio, con prata, estaño e “ouro branco” (porque está mesturado con prata). Este solo, sen embargo, engado, tráeno os ríos; e as mulleres rabúñano con enciños e lávano en peneiras tecidas como cestos.

Estrabón, III, 2, 9.

Aquelas mulleres cultivan a terra.

Estrabón, III, 4, 17.

Os homes dan o dote ás mulleres, as fillas son as que herdán.

Estrabón, III, 4, 18.

Nas inscricións da época romana aparecen tamén referencias ó traballo feminino, pero moito máis escasas, é debido á propia natureza das fontes, breves e con pouca información².

² As autoras queren agradecer-la axuda prestada nas lecturas das inscricións ó Profesor Pedro López Barja de Quiroga.

Ós Deuses Manes de Philtate, perruqueira..., orixinaria de Augusti Turini [Turín], os seus compañeiros de escravitude.

IRPL, 32 (Lugo).

A Valeria Frontilla, de 22 anos, Marco Valerio Fronto, lusitano, ordenou facer [este monumento] para a súa virtuosísima filla e a súa máis querida discípula.

IRPL, 33 (Lugo).

Ós Deuses Manes. A Grafice [escrava] imperial, Didia Grafice á súa filla queridísima.

IRPLC, 59 (Castrofeito, O Pino).

Á [deusa] Tutela, de Lucio Antonio Avito, cos seus fillos e Zósima, liberta, por un voto.

IRPL, 73 (Lugo).

Cananio Montano e Fabia Marcela, en virtude do testamento, ocupáronse de facer [esta lápida] ó seu dono piadosísimo Tito Cananio Marceliano, de 17 anos.

IRPP, 13 (San Pedro de Cela, Mos).

Ós Deuses Manes, Flavio Ambacio e Flavia Martilia os seus beneméritos patróns Flavia Leona, Trecia Florila e Flavio Floro.

Astorga, 62.

Consagrado ós Deuses Manes, Lucila Eburia, [a súa] herdeira, a Severa, filla de Valentino, de 60 anos.

IRPLC, 37 (Cidadela).

Como xa sinalabamos, as fontes fan que as nosas informacións se limiten practicamente á situación indíxena. Curiosamente, a penas temos informacións sobre o traballo das mulleres do ámbito romano ou romanizado, exceptuando as exiguas mencións que acabamos de recoller. Non existe unha soa nova que permita sequera enxerga-la presenza de oficios femininos, nin na cidade nin no campo, como sucede noutras zonas de Hispania (Martínez López, 1994: 28 ss.; Bravo, 1991: 257 ss.). Tampouco temos xeito ningún de comprobar se as teorías sobre o coidado e a explotación das *villae* e a participación das mulleres neste terreo eran aplicadas no Noroeste, onde o desenvolvemento deste tipo de explotación parece ser relativamente tardío (Pérez Losada, 1987 e en prensa; Columela, *De agr.*). Non aparecen as grandes propietarias da Bética, que posúen terras e capitais abondo para custear xogos e edificios públicos, e nin sequera as inscricións que falan de escravas ou libertas son demasiado numerosas. Só conseguimos atopar unha inscrición na que unhas mulleres aparecen como patroas dun liberto. E só noutra inscrición se recolle a figura dunha herdeira. Isto non é unha situación anómala, pois o dereito romano permitía herdar tamén ás mulleres. Aínda que nun primeiro momento as mulleres non podían

facer testamento nin ser nomeadas herdeiras, co tempo entrou en uso o testamento *per aes et libram*, que non as excluía. E para permitirilles facelo inventouse o sistema da *coemptio fiduciaria* ou *testamento faciendi gratia*, mediante o cal as mulleres podían elixir un titor do seu agrado, o que de feito lles permitía dispoñer dos seus bens ó seu antollo (Cantarella, 1991).

Con respecto á situación que poderíamos denominar prerromana ou indíxena, os datos son máis abundantes, e sempre no mesmo sentido: as mulleres traballan a terra (e ademais posúena e hérdana, segundo Estrabón, ver *infra*), mentres que os homes adícanse á guerra e á pillaxe. Isto contrasta coas afirmacións de Estrabón sobre a carencia de agricultura dos pobos do Norte. Evidentemente, Estrabón non “mente”. O que fai é destacar en cada momento (condicionado ademais polas fontes das que copia) os aspectos que lle interesan cara a deixar claro que é necesaria a presenza das lexións romanas como elemento civilizador e controlador das actividades de bandidaxe.

As fontes arqueolóxicas, aínda que non permiten comproba-las afirmacións de Estrabón sobre o traballo feminino (que por outra parte non sería nada estraño se pensamos noutras sociedades guerreiras da época ou da actualidade), fannos ver que na época prerromana existía unha agricultura bastante desenvolvida, posiblemente co uso do arado, alomenos nalgunhas áreas, aparecendo sementes de trigo e millo miúdo, así como restos de fabas e chícharos. Tamén se comproba arqueoloxicamente o uso de landras do xénero *Quercus*. Pero non hai nada nas fontes de tipo arqueolóxico que permita confirma-la práctica ausencia de varóns da actividade agrícola (Vázquez Varela, 1986).

En canto ós aspectos económicos do texto de Estrabón (III, 3, 7), encabálganse co sistema matrimonial, que imos ver a continuación. O texto de Estrabón sinala que “os homes dan o dote ás mulleres” (non que o esposo dea o dote á esposa, como traducen algúns autores). Para Estrabón, que é un grego, o dote constitúeno os bens que circulan entre dous grupos sociais no momento dun matrimonio. No seu caso, estes bens entrégaos un pai ó esposo da súa filla. Pero no caso dos cántabros, Catón (ver *infra*) sinala que as dotadas non son as fillas. Máis adiante comentaremos as posibilidades existentes vistas as fontes. Neste momento, consideraremos estrictamente os aspectos económicos. En efecto, se os homes dan o dote ás mulleres, pero son as mulleres as que herdán e posúen a terra, ¿que clase de bens son os que os homes posúen para podelos entregar como dote? Se os homes efectivamente se dedican á pillaxe e á guerra, como indican as fontes, sen dúbida esta actividade permitíalles obter bens ou obxectos de valor, necesariamente mobles, quizais gando, co que reunirían o dote necesario para achegar a unha muller (xa veremos a cal) á hora do matrimonio.

Con respecto ó que sinala Estrabón sobre a herdanza, a importancia deste texto reside no feito de que as mulleres poidan posuí-la terra e herdala, o que deu lugar a toda unha serie de confusións sobre a importancia económica da muller, que tivo repercusións todo ó longo da historia de Galicia. Este feito de posuí-la terra, chamativo para un grego como Estrabón (recordemos que en Grecia as mulleres non tiñan capacidade xurídica para ser propietarias, aínda que si en Roma), dérivase non do feito de que exista unha xinecocracia en Galicia, senón do feito de que existe unha división sexual do traballo. Os antigos galai-cos varóns adicábanse a outro tipo de actividades (guerreiras e quizais posiblemente gandeiras), polo que o feito de posuír e traballa-la terra non tiña porque supoñer un status superior. Se o poder está nas mans dos varóns, e non hai nada nas fontes que permita supoñe-lo contrario, o prestixio vai proceder sempre das actividades dos varóns. Esta mesma confusión pódese dar (e de feito deuse) en autores modernos cando falan por exemplo de comunidades costeiras galegas actuais, onde as mulleres herdán e traballan a terra mentres que os homes van ó mar e herdán os barcos. A importancia económica da actividade feminina é moi grande, evidentemente, pero iso non quere dicir que a posesión da terra, sobrevalorada na concepción tópica de Galicia, sexa o que determina, nestes casos concretos, o control social.

2. O matrimonio

Outro aspecto que destaca claramente nas fontes é o referido ó estatuto das mulleres e á súa posición dentro dos sistemas matrimoniais e de parentesco, que ten dado orixe a numerosas controversias e tópicos que lastran aínda na actualidade a imaxe das mulleres da antiga Gallaecia.

Casan como os gregos.

Estrabón, III, 3, 7.

Por exemplo, entre os Cántabros os homes dan o dote ás mulleres, as fillas son as que herdán e dan esposa ós seus irmáns. Isto parece ser unha especie de xinecocracia. Isto non é moi civilizado.

Estrabón, III, 4, 18.

Non dotan ás súas fillas.

Catón, *Origenes* (Prisciano, VII, p. 293, *H*, en *Fontes*, III, 186).

Ós deuses Manes, Flaccinia Severa ó seu home piadosísimo Gaio Arruntio Severo.

IRPLC, 6 (A Coruña).

Consagrado ós deuses Manes, Xulia Severa ó seu home piadosísimo Caio Xulio Severo, de 47 anos.

IRPLC, 11 (A Coruña).

Consagrado ós deuses Manes, Numerio Vitalión fixo [esta lápida] á súa esposa Numeria Vitalia porque o merecía. Aquí está enterrada, que a terra che sexa lixeira.

IRPLC, 49 (Santiago).

Ós deuses Manes. Materno, fillo de Rustico, puxo esta inscrición para a súa piadosísima esposa Flavia, de 34 anos. Rógoche que cando pases digas: que a terra che sexa lixeira.

IRPLC, 79 (Ribeira).

Consagrado ós deuses Manes, a Cassia Antipatra, Lucio Septimio Hermes, liberto imperial, fixo [este monumento] para a súa castísima esposa, coa que viviu 24 anos, porque o merecía.

IRPLC, 27 (Lugo).

Caio Licinio Félix, de 60 anos, Plácido escravo de Caio Licinio Himero, de 35 anos, Felicula, escrava de Caio Licinio Himero, de 18 anos, aquí están sepultados; para os seus e para si, Floro coidou que se fixera para o seu pai, irmán e contubernal.

Astorga, 42.

A Lide, [escrava] de Quinto Lusio Saturnino, de 28 anos, aquí está enterrada. Taumasto para a súa contubernal e para si procurou que se fixera. Que a terra che sexa lixeira.

Astorga, 43.

De novo as informacións máis amplas son as referentes ós pobos indíxenas. O texto de Estrabón é o máis amplo e o máis comentado, e ademais ten dado lugar a toda unha serie de teorías sobre un suposto matriarcado entre os pobos do Norte, teorías que imos ver máis adiante. Como temos sinalado anteriormente, Estrabón di que “os homes dan o dote ás mulleres”. Xa vimos en que podería consistir este dote. Pero Catón sinala tamén que “non dotan ás súas fillas”. E o texto de Estrabón engade ademais que as irmás “dan esposa ós seus irmáns”. ¿Que implican todas estas informacións?

Se partimos da base de que para Estrabón o dote son o conxunto de bens que circula entre dous grupos familiares no momento dun casamento, e que no caso grego un matrimonio é unha transacción privada entre un pai e o futuro home da súa filla, o feito de que as irmás dean esposa ós seus irmáns ten unha consecuencia clara: o acordo matrimonial non se conclúe entre dous varóns, coma no caso grego ou romano, senón posiblemente entre dúas mulleres ou grupos de

mulleres. O lóxico, vistas as fontes, é pensar que as mulleres de dous grupos familiares se poñen de acordo para celebrar matrimonios mediante o intercambio de homes e de bens. ¿É posible un sistema matrimonial deste tipo?

Sen dúbida, a realidade era moito máis complexa do que presenta Estrabón, e fáltannos elementos na descrición. J.C. Bermejo reconstruíuna do seguinte xeito (1986: 35 ss.): as mulleres dunha serie de grupos sociais diferentes acordan a realización de matrimonios. Estes matrimonios podían realizarse por medio do intercambio directo ou do intercambio indirecto. Nun sistema de intercambio directo, unha muller a dun grupo A daría un home a unha muller b dun grupo B, para ela mesma ou para a súa filla, e recibiría outro a cambio. Nun sistema de intercambio indirecto, a de A daría unha muller a b de B, pero non recibiría outro do grupo B, senón doutro grupo C, ou N. A cadea de intercambio sería $A \rightarrow B \rightarrow C \rightarrow \dots N \rightarrow A$. Pero nin os textos nin as xenealoxías que se poden establecer mediante a epigrafía permiten saber que tipo de sistema era o utilizado polos cántabros.

Para completa-lo estudio do sistema matrimonial dos pobos do Norte, deberíamos posuír datos de importancia esencial, como o funcionamento da exogamia, a terminoloxía de parentesco, ou a relación entre os grupos de filiación e os grupos de residencia. Pero lamentablemente non posuímos máis que algúns indicios, que imos ver a continuación, que segundo algúns autores están a sinala-la existencia dun sistema de filiación matrilineal, ou alomenos dun sistema non estrictamente patrilineal. Pero independentemente do sistema utilizado, séguese a presentar un problema con respecto ó dote. Se os homes dotan ás mulleres, pero esas mulleres non son as súas fillas, o máis lóxico é supoñer que os irmáns dotan ás súas irmás, o que suporía un certo equilibrio: se ben as irmás buscan esposa ós seus irmáns, pola súa vez necesitan o dote que estes lles achegan para poder realiza-lo seu matrimonio. Estrabón tamén di que *casan coma os gregos*. ¿Que quere dicir isto? Segundo A. Schulten (1943: 43), Estrabón estase a referir a un matrimonio monogámico, o que segundo el sería unha segunda etapa da historia do matrimonio destes pobos. Nun principio, ou ben non existía ou tería unha forma poliándrica. Schulten parte da base da existencia dun matriarcado no Norte de Hispania, e segundo el a ignorancia da paternidade (derivada da famosa “promiscuidade primitiva” dos evolucionistas clásicos) é unha das súas condicións. Por outra banda, non está nada claro que Estrabón queira indica-la existencia dun matrimonio monógamo. Se tivese existido un matrimonio polígamo, sen dúbida o tería destacado como indicador de salvaxismo. Pode estar a facer referencia a algún aspecto do ritual (Caro Baroja, 1970: 49), ou pode que se estea a referir ó feito de que utilizan o dote, como efectivamente fan os gregos.

En canto á situación da época romana, os datos son moi escasos. As inscricións, como vimos, soamente indican a existencia de matrimonio, sen que poidamos coñecer que tipo de ritual ou de lexislación se aplicaba. As inscricións son moi breves, e a utilización de palabras como *uxor* ou *maritus* simplemente indican o feito de que a relación entre esas dúas persoas tiña un recoñecemento social. De tódolos xeitos, imos expoñer a continuación un breve resumo das leis romanas sobre o matrimonio, pois evidentemente os cidadáns romanos e os latinos rexíanse sen dúbida por estas leis. O matrimonio máis antigo era *cum manu*: arredor dos sete anos, o pai prometía á súa filla. Ás veces incluso vivía na casa do seu futuro esposo. Ata os doce anos non se consideraba legalmente casada. Atopábase *loco filiae* na casa da familia do seu marido (ou do seu sogro se o futuro marido non era *sui iuris*, é dicir, se aínda dependía da autoridade de seu pai). Este tipo de matrimonio foi caendo en desuso, e foi substituído a fins da República polo matrimonio *sine manu*, que se establecía cando dúas persoas dotadas de *conubium* establecían unha convivencia acompañada de *maritalis affectio*, ou sexa, a intención de ser home e muller. Pero o feito é que tamén era necesario o consentimento dos respectivos *paterfamilias*, sobre todo no caso do primeiro matrimonio, cando a idade da muller roldaba os doce anos. Para as mulleres *sui iuris* (é dicir, que non estaban sometidas ó poder do seu *paterfamilias*), a liberdade era maior, e ademais parece que a utilizaban amplamente.

Augusto comezou entre as clases altas unha política de incentivo do matrimonio e da natalidade (que caera dun xeito preocupante polo aumento do celibato) que se plasmou en varias leis: a *Lex Iulia de maritandis ordinibus*, a *Lex Papia Poppaea* e a *Lex Iulia de adulteriis*, todas entre o 18 e o 19 a. C. Segundo estas leis, tódolos homes entre 25 e 60 anos e tódalas mulleres entre 20 e 60 anos tiñan que contraer matrimonio. De non facelo, perdían a capacidade de recibir mandas e legados; os que non tiñan fillos só recibirían a metade do que lles correspondía por testamento; as mulleres libres que tiveran tres fillos e as libertas que tiveran catro quedaban exentas da tutela; as leis contra o adulterio convertían o que ata entón era un asunto familiar nun *crimen*, é dicir, nun delicto público, que calquera podía denunciar se nun prazo de 60 días non o facían o pai ou o home da muller culpable (Cantarella, 1991). No caso de seren sorprendidos *in fraganti*, o pai ou o home podían seguir a exercer-lo *ius occidendi*, ou dereito a matar, con algunhas limitacións. O pai podía mata-la súa filla e o seu cómplice como consecuencia da súa furia momentánea, pero non podía perdoa-la filla e mata-lo amante. O home só podía mata-lo amante e só se era dunha clase social inferior: escravo, liberto ou *infamis* (gladiador, bailarín, condenado...).

En canto á disolución do matrimonio, á parte de pola morte dalgún dos cónxuxes, podía realizarse por outras razóns. En primeiro lugar, pola vontade dos cónxuxes, orixinariamente só do home: en caso de aborto sen permiso do

marido, de adulterio (evidentemente da muller) e de substitución das chaves das dependencias da casa. Se non había xustificación, a metade do patrimonio do home iría parar á esposa e a outra metade á deusa Ceres (todo iso no caso de matrimonio *cum manu*). Con ocasión do divorcio de Carvilio Ruga no 230 a.C, produciuse unha modificación. Este home divorciouse da súa esposa porque esta era estéril. Teoricamente non se podía divorciar, e se o facía debía paga-la multa. Pero non o fixo, e supuxo un escándalo que unha esposa repudiada sen culpa non recibise compensación. O remedio foi dictar que o marido se comprometese no momento do matrimonio a devolver-lo dote no caso dun divorcio inxustificado. Máis tarde nin sequera foi necesaria esta promesa, porque quedaba obrigado á restitución.

Na época clásica, para que un matrimonio se disolvese abundaba que os cónxuxes deixasen de convivir unha vez desaparecida a *maritalis affectio*. A liberdade de divorcio era total e en abstracto homes e mulleres eran iguais. Pero tamén podía existi-lo divorcio independentemente da vontade dos esposos. En primeiro lugar, pola desaparición do consentimento dos pais. E, en segundo lugar, pola perda do *conubium*, xa fose pola perda do estado de liberdade, pola perda da liberdade por unha condena penal ou pola perda da cidadanía romana, se non se adquiría outra que levase consigo o *conubium*.

3. Parentesco e familia

As novas de Estrabón sobre a xinecocracia dos cántabros deron lugar por unha banda a unha serie de teorías sobre o matriarcado (Bachofen 1987), que evidentemente se poden rexeitar, e por outra a intentos de reconstruí-lo sistema matrimonial e social dos pobos do norte como un sistema matrilineal. Os apoios atópanse basicamente nas inscricións.

Apronia Rufa procurou que se fixera [esta lápida] para Dovecia, filla de Paterna e Talavia, filla de Flavinia.

IRG, IV, 116 (Santa Eulalia de Castro, Escuadro).

Seguia, filla de Catulia e esposa de Severino, de 23 anos.

IRPL, 80 (Xerdiz, Oourol).

Ós deuses Manes, Victorina, filla de Serania, de 60 anos³.

IRPL, 83 (Vilalba).

3 Estas tres inscricións teñen diversas lecturas segundo os diferentes autores, polo que ofrecémo-los orixinais:

Apronia Rufa / Dovaeciae / Paternae F / et Talaviae / Flaviniae F / F C.

Calutiae f / Severini / Seguia ano/ru XXIII.

D M /Seranie / Victori/na anno/rum LX.

Ós deuses Manes, a Dativo, fillo piadosísimo de Xuliana, que viviu 3 anos e 30 días, [a súa] nai.

Astorga, 57.

Consagrado ós deuses Manes, a Materna, filla de Patruino, de 52? anos, Materna e Valentina á súa nai, aquí está enterrada.

IRPLC, 7 (A Coruña).

Consagrado ós deuses Manes, Xulia, [a súa] nai, ó seu fillo piadosísimo Naeviolio, de 14 anos, sen o desexar.

IRPLC, 16 (Iria Flavia).

Ós deuses Manes, Florina puxo este monumento a súa nai.

IRPLC, 75 (Noia).

Consagrado ós deuses Manes, Rufa, filla de Xunio, á súa filla piadosísima Xunia, de 20 anos. A súa nai Rufa ocupouse de que se fixese.

IRPP, 45 (Vigo).

Consagrado ós deuses Manes, Severa puxo [esta lápida] a súa nai Rufina.

IRPP, 46 (Vigo).

Consagrado ós deuses Manes, a Xulia Flaccila, de Lucus Augusti, de 18 anos, súa nai infelicísima Flavia Paterna...

IRPL, 30 (Lugo).

J. Lomas Salmonte (1989: 99-111) analizou o texto de Estrabón sobre o dote e a herdanza que vimos anteriormente, e completa o seu estudo coa mención de tres inscricións: CIL II, 2668 (D M / LVCRETIO PR/OCVULO, ARM/ORVM. CVS. / AN XXXV ET / VAL. AMME / VXS ANXXV / LVCRETIO. PRO/... IO. EORVM. / AN.I...POSVIT / SOCER. PATER / AVVS. VAL. M/ARCELLINVS); CIL II, 2657 (PELLIAE VISALI F.AN. XXX/ VISALIEA VISALI F.AN. XXV / SORORIBUS / CAESIAE CLVTAI F.AN. XXV / COPORINO COPORI F.AN. XII / SOBRINIS / DOMITIVS SENECIO F.C.); e CIL II, 6299, que é dobre (D M / POSVI AN/NNAE CALE/DIGE MATE/RTERE PIA/E QVE VI/CSIT A/NNIS / LXXX / ANINVS / NTISIMI e D M / ANINVS FILIVS / DIVIDE/NAE CA/LEDIGE MATRI P/IAENTI/SIME QV/AE VIXSIT ANNIS /INDVLGE/S POSVIT / XXV).

A partir destas inscricións, Lomas tenta demostrar por unha banda a existencia dun matrimonio entre primos cruzados, e por outra a importancia do *avunculus* (irmán da nai) e a filiación matrilineal. En canto ó primeiro aspecto, a primeira inscrición que considera o autor non é concluínte, pois o dedicante é simplemente pai da esposa, sogro do esposo e avó materno do fillo de ámbolos dous. A inscrición non sinala de xeito ningún que o dedicante sexa á vez tío materno do seu xenro. E o mesmo sucede coa segunda, na que un individuo

adica unha inscrición ás súas irmás e ós seus primos irmáns (sobriños segundo Lomas), e na que tódalas filiacións son patrilineais. En canto á terceira, aparece por un lado o termo *matertera* (irmán da nai), e tamén, na segunda liña da segunda parte da inscrición dobre, unha filiación matrilineal máis ou menos directa: Aninus fillo de Dovidena.

Na zona de onde proceden a primeira e a terceira destas inscricións (as famosas estelas vadinenses) e nas estela do Alto Pisuerga (que xa estaría fóra da área que nós marcamos, aínda que entrarían de cheo na zona que Estrabón considera similar), segundo A. Barbero e M. Vigil (1971) produciuse unha pervivencia do sistema de parentesco indíxena ata o período altomedieval. Segundo estes autores, a meirande parte destas inscricións son de nais a fillas e fillos e de fillos e fillas a nais, cun escaso número de dedicatorias a pais ou de pais, sen filiación paterna. E tamén hai inscricións abondas de tío e tía maternos (*avunculus* e *matertera*) a sobriños e viceversa. Teríamos entón dous modelos de filiación matrilineal, un directo, representado polas inscricións do Alto Pisuerga, e outro indirecto, nas estelas vadinenses.

De tódolos xeitos, nas inscricións dentro dos tres conventos do Noroeste non sucede o mesmo. Fronte a algunhas filiacións matrilineais, algunhas discutidas, como sinalamos ó indica-los textos, as filiacións son maioritariamente patrilineais, aínda que poderíamos sinalar en favor dunha meirande importancia da matrilinealidade que o número de mulleres dedicantes é moi alto con respecto a outras zonas do Imperio: practicamente a metade, cunha especial incidencia nas zonas menos romanizadas. Este elevado número de dedicantes femininas fora posto de manifesto, dun xeito breve e poñéndoo en relación precisamente coas novas de Estrabón sobre a “xinecocracia” da zona, por R. P. Saller e B. D. Shaw (1984). Non se pode afirmar entón con rotundidade que na Gallaecia antiga existise un sistema matrilineal claro, pero alomenos resulta chamativa a ausencia de filiación paterna en inscricións de nai a filla/o nas que a nai dá a súa propia filiación (paterna), pero non a dos seus fillos.

4. O estatuto das mulleres

Este é o outro aspecto dos textos que ten dado orixe a un gran número de páxinas sobre o suposto matriarcado dos pobos do Norte. Indubidablemente, a un grego como Estrabón tivo que lle resultar chamativa unha situación en que as mulleres non parecían sometidas ó mesmo réxime de ocultación e sometemento que no seu país de orixe. Vexamos primeiro os textos e logo as discusións ás que deron lugar.

Por exemplo, na época da Guerra Cántabra as nais mataban ós rapaces antes de ser capturados [...]; e unha muller matou a tódolos seus compañeiros prisioneiros [...]. Falo do valor das mulleres tanto coma dos homes. Por exemplo, aquelas mulleres cultivan a terra, e cando dan a luz meten ós seus homes na cama no canto de ir elas, e aténdenos...

Estrabón, III, 4, 17.

Isto parece ser unha especie de xinecocracia. Isto non é moi civilizado.

Estrabón, III, 4, 18.

(Décimo Xunio Bruto) dirixiuse contra os brácaros [...] e tamén loitan con eles as mulleres armadas, e morren con gallardía, sen que ninguén retroceda e volva as costas nin bote ningún laio. De cantas mulleres eran apresadas, unhas volvían as súas mans contra si, outras degolaban os seus propios fillos, preferindo a morte á escravitude.

Apiano, *Iber.*, 74.

Vén logo o relato de todo o que Dercyllis viviu e aínda perdura. Foi levada entre os Ártabros, un pobo no que as mulleres fan a guerra mentres os homes coidan a casa e se ocupan dos traballos femininos...

Focio, cod. 166 (1959).

Procula, filla de Camalo, crovia, de 30 anos, aquí está enterrada, Secundo e D...

IRPLC, 50 (Santiago).

Attilia Ammio, filla de Caio, cluniense, de 70 anos, aquí está enterrada, que a terra te sexa lixeira. Quinto Arrio? Mansueto? ocupouse de que se fixera [esta lápida] para súa nai.

IRPP, 40 (Vigo).

Ós deuses Manes, Lucilia Vitalis, do castellum Olca, de 11 anos.

IRPP, 84 (Rodeiro, Lalín).

Consagrado ós deuses Manes, Festia Licinia, coelerna, de 30 anos, Marco Aurelio á súa queridísima esposa, para que ti que o les, digas: que a terra che sexa lixeira.

IRPL, 29 (Lugo).

A Fusca, filla de Coedo, céltica supertamárica, do castellum blaniobrense, puxo [esta lápida] Secoilia, filla de Coedo, a súa irmá.

Astorga, 37.

Consagrado ós deuses Manes, aquí está enterrada Ammia Prisca, cilena, de 50 anos, que a terra che sexa lixeira, Aelio Proculo á súa piadosísima esposa.

Astorga, 65.

Á deusa Deganta, Flavia, filla de Flavio, en honor dos Argaelos, por un voto.

ILER, 799 (Cacabelos).

Como xa sinalamos anteriormente, o réxime social dos cántabros, astures e galaicos é cualificado desde a antigüidade como unha xinecocracia ou matriarcado. Xa J. J. Bachofen (1987), o primeiro que desenvolveu unha teoría do matriarcado como etapa da evolución da humanidade temporal e loxicamente anterior ó patriarcado, utiliza o texto de Estrabón como apoio para as súas teorías. Os termos “xinecocracia” e “matriarcado” indican literalmente que nas sociedades constituídas deste xeito dáse un dominio político, económico e xurídico das mulleres. Sen embargo, non hai nada nas fontes que permita falar dun dominio feminino. En efecto, o que a Estrabón lle parece unha xinecocracia resultaría ser un tipo de filiación, e unha capacidade económica feminina allea para un grego (capacidade, e non dominio, porque vimos que as mulleres tamén dependían de seus irmáns para realiza-los seus matrimonios), pero que non ten por que levar canda si dominio político. Con respecto ó aspecto político, non existen nas fontes epigráficas, sobre todo nos pactos de hospitalidade, pegadas dunha posición feminina á fronte das organizacións indíxenas: os representantes das *gentilitates* son homes⁴.

Os textos tamén destacan a actividade guerreira das mulleres, como signo dun amazonismo que iría parello coa xinecocracia. Sen embargo, o que se desprende deles é máis ben o feito, que non parece estraño, de que as mulleres participan dun xeito non institucionalizado, colaborando en momentos especialmente difíciles (o que por outra banda tamén sucedería en Grecia, ver Plutarco, *Gynaikôn Aretai*), o que estaría en consonancia co papel das divindades femininas relacionadas co combate, que imos ver no apartado seguinte. Soamente no caso da inscrición de Cacabelos atopamos unha muller falando en representación dunha comunidade. A fórmula utilizada (*in honorem*) parece darlle ó texto un certo aire oficial. Pola falla de documentación sobre cultos indíxenas que non sexa epigráfica, non se pode ir máis alá, pero quizá Flavia, filla de Flavio, estea actuando como intermediaria da súa comunidade, co que podería, con toda prudencia, ser denominada sacerdotisa (Tranoy, 1981: 298).

Outro indicio do posible estatuto feminino no ámbito indíxena é a onomástica. Segundo Tranoy (*Ibíd.*: 366 ss.), cando aparecen nomes indíxenas sós

4 A. Rodríguez Colmenero (1987) cita a famosa inscrición de Vilar de Perdizes, sendo o único autor que considera que o primeiro nome que aparece nela é unha muller. A súa lectura é controvertida, e optamos por incluíla nunha nota, deixando constancia da posibilidade que ofrece esta inscrición: unha muller á fronte dunha comunidade de tipo político:

Callida, filla de Reburro, rogo ó deus protector dos Oicénicos que nos axude a observar fielmente o pactado, de tal xeito que se alguén nos acusara a min ou ós meus de perfidia en relación cos nosos actos acordados, proclamará en xuízo que se rompeu algunha condición. Neste caso tratará de liberarse ante un tribunal do seu compromiso cos meus se é capaz de demostralo, se se axusta a dereito, se pode. Estando ela presente ofreceron o seu voto co ánimo alegre e por propia vontade os compoñentes da xentileza dos Ranceros e da dos Oicénicos.

ou asociados con nomes latinos, o 70% trátase de dedicatorias a persoas tamén con nome indíxena. No 17% dos casos o pai leva un nome indíxena, mentres que o fillo ou a filla o levan latino. E, por fin, nun 9% dos casos, o pai ou a nai levan un nome latino mentres os seus descendentes o levan indíxena. Estes casos son interesantes porque neles o número de mulleres é moi importante (algo máis da metade), mentres que no caso contrario (pai/nai indíxena - descendente latino) as mulleres son soamente o 10%. Sería un pouco arriscado interpretar estes datos, pero quizá esta forte proporción de conservación do nome indíxena das mulleres se deba a que, se se hai que adaptar á nova situación, son os homes os que o fan.

Balaesina Severa, filla de Rufo, campaniense?, de 22 anos, aquí está enterrada.

IRPL, 77 (Pontegaos).

Apronia Rufo procurou que se fixera [esta lápida] para Dovecia, filla de Paterna e Talavia, filla de Flavinia.

IRG, IV, 116 (Escuadro).

A Tridia, filla de Modesto, Seurra Transminiense, do castellum Serante, de 20 anos, Valerio fixo [esta lápida] para a súa esposa.

AP (Moncorvo, Portugal).

Domicio Senecio ocupouse de que se fixera [esta lápida] para as súas irmás Oelia, filla de Visalio, de 30 anos, Visalia, filla de Visalio, de 25 anos, e os seus primos irmáns Cesia, filla de Cloutai, de 25 anos, e Coporino, fillo de Coporo, de 12 anos.

CIL II, 2657 (Astorga).

Aquí está [soterrada] Pictelancea, filla de Pictelancio, de 40 anos, Xemelo ocupouse de que se fixera [esta lápida] pola conta do erario. Púxo a seu irmán Modesto.

Aquae, 237 (Chaves, Portugal).

Camala, filla de Camalo, ocupouse de que se fixera [esta lápida] para a súa nai Pinarea, filla de Triteo, de 45 anos; Vexeto e Flaco ocupáronse de que se fixera [esta lápida] para a súa nai Pauxenta, filla de Triteo, de 30 anos.

CIL II, 2445 (Braga).

E de novo atopámonos con que os datos para a situación non indíxena son aínda moito máis escasos. Á parte do dereito romano, que se aplicaba ós cidadáns romanos e latinos, non temos medios para investiga-la extensión das leis romanas que excluían as mulleres da actividade pública e as sometían ó poder masculino. Os únicos indicios da posición pública (ou cívica) das mulleres son as flaminicas, que aparecen curiosamente só no convento bracaraugustano (a

terceira que aparece reside en Tarraco, aínda que a inscrición recolle a súa orixe). Estas mulleres son cidadás romanas, e posiblemente con cartos. Preséntase a dúbida se o seu sacerdocio é efectivo ou son simplemente esposas de flámines. No caso de Nigrina, o seu home non nos é coñecido, pero no caso de Pompeia Maximina si: trátase de Marcus Ulpus Cai filius Quirina Reburus, que é flamen. J. del Hoyo (1987), apoiándose en R. Etienne, inclínase polo sacerdocio efectivo e non simplemente honorífico. O obxecto de culto das flaminicas é descoñecido. Posiblemente serían as emperatrices divinizadas, ou asumirían os sacrificios realizados no nome da provincia. Segundo a *Lex Concilii Provinciae Narbonensis*, as flaminicas terían certos privilexios, como levar un vestido branco ou púrpura os días de festa, ter praza reservada nos espectáculos públicos que acompañan o culto, non poderían ser obrigadas a xurar...

Tamén teñen obrigas, como pagar xogos ou construción de monumentos, ou repartir comida e cartos. Na Tarraconense non se coñecen estes datos, pero na Bética pagaban estatuas de prata, templos, pórticos de baños, banquetes, etc. O caso de Lucrecia Fida sería o único no que aparece unha sacerdotisa do culto imperial dun convento. Ademais, nos conventos do Noroeste non aparece ningunha flaminica municipal.

Consagrado a Isis Augusta, adícao Lucrecia Fida, sacerdotisa perpetua de Roma e Augusto, do convento bracaraugustano.

CIL II, 2416 (Braga).

Consagrado ós deuses Manes, Pro... Nigrina, de 50 anos, flaminica da provincia de Hispania Citerior, puxeron [esta lápida] o(s) seu(s) herdeiro(s) porque o merecía.

CIL II, 2427 (Braga).

A Pompeia Maximina, flaminica, do convento bracaraugustano, esposa de Ulpio Reburro, flamen da provincia Hispania Citerior.

CIL II, 4236 (Tarragona).

5. A relixión

Case o único material referente á relixión é epigráfico, excepto unhas liñas en Estrabón. Recolléronse as inscricións referentes a divindades femininas e aquelas en que aparece unha dedicante, aínda que sen ánimo de sermos exhaustivas, pois non se inclúen inscricións de lectura difícil que obrigarían a comentarios de tipo técnico que achegarían pouco ou nada ó asunto que nos ocupa. Os textos preséntanse clasificados seguindo un criterio de orixe: divindades indíxenas, divindades clásicas con sobrenomes indíxenas, e divindades romanas e orientais.

As divindades indíxenas

Algúns din que os callaicos non teñen deus.

Estrabón, III, 4, 16.

Sacrifican a Ares un macho cabrún e tamén prisioneiros de guerra e cabalos.

Estrabón, III,3,7.

Abna:

Fuscino fillo de Fusci, á deusa augusta Abna, puxo esta ara libremente.

ILER, 704 (Guimarães).

Bandua:

A Bandua Calaico, Terencia Rufina cumpriu o voto libremente.

IRG IV, 88 (Verín).

Cohvetena:

A Cohvetena, conforme á resposta da divindade?

IRPL, 57 (Miraz, Friol).

A Cohvetena Berralogecu Flavio Valeriano por un voto...

IRPL, 58 (Paradela).

Coso:

Ó [noso] señor Coso, Aebura, filla de Atio, cilena, puxo [este altar] por un voto.

IRPLC, 22 (Negreira).

Crougintodadigo:

Rufonia Severa a Crougintodadigo.

IRG IV, 91 (Xinzo de Limia).

Deganta:

Á deusa Deganta, Flavia, filla de Flavio en honor dos Argaelos, por un voto.

ILER, 799 (Cacabelos).

Durbedico:

Celea, filla de Clouto, ó deus Durbedico, por un voto.

CIL II, 5563 (Guimarães).

Larauco ou Laroco:

Ó deus Laroco, Ama, filla de Pitilo, cumpriu libremente o voto polo seu home.

Aquae, 109 (Chaves, Portugal).

Lariberus Breus:

... Aeburina puxo [este altar] pola súa filla.

IRPP, 13 (Donón, Cangas)⁵.

Mandica:

L. Pompeio Paterno cumpriu este voto a Mandica.

CIL II, 5669 (Ponferrada).

Matres:

Terencio Fraterno cumpriu este voto libremente ás Matres Galaicas.

CIL II, 2776 (Clunia).

Mocio:

Xulia Praenia a Mocio libremente.

CIL II, 5621 (Limia).

Munidia:

Manio Varecro a Munidia por un voto.

ILER, 883 (Chaves).

Nabia⁶:

Consagrado a Navia, Publio (ou Publicio) Flavio (ou Flaco) procurou que se fixera [este altar] libremente por un voto.

IRPL, 71 (Guntín).

Rufina cumpriu este voto libremente a Nabia.

HAE, 1950-55, 473 (Braga).

Sulpicio Máximo a Navia Arconunieca por un voto.

IRPL, 72 (Guntín).

Consagrado a Nabia Elaesurraeca, a cargo de Viccio Silón.

Aquae, 115 (Castro Caldelas, Ourense).

Á excelente virxe protectora (ou cornuda) e Ninfa dos Danigi, Nabia Corona, unha vaca, un boi; a Nabia un año; a Xúpiter un año, un pucho; a [...urgo], un año; a Lida, unha cerva (ou unha cabra). Realizaranse os sacrificios para o ano e no santuario, o quinto día dos idos de abril do consulado de Largo e Mesallino, Lucrecio Vitulino e Lucrecio Sabino Póatumo Peregrino son os que os fan.

Tranoy, 1981: 282 (Marecos, Portugal).

5 Nesta inscrición en concreto falta o nome do deus, pero atópase no contexto do facho de Donón. Ver *IRPP*, números 1-14.

6 Tódalas dedicatorias a Nabia atópanse recollidas en García Fernández-Albalat, 1990. As inscricións en mal estado ou moi dubidosas non se incluíron, e pódense consultar, xunto coas referencias bibliográficas, nesta obra.

Anio [cumpriu este] voto a Navia Sesmaca.

CIL II, 2602 (Galicia).

Netaciveilebrica:

Sulpicio Severo cumpriu este voto libremente a Netaciveilebrica.

IRPL, 18 (Lugo).

Ocaera:

Anicio, fillo de Arqui, cumpriu este voto libremente a Ocaera.

CIL II, 2458 (Braga).

Rea:

Valerio Optano cumpriu este voto libremente a Rea.

IRPL, 7 (Lugo).

Reva:

Perecrino, fillo de Apro, a Reve Velsuto (ou Eisuto-Veisuto, Tranoy 1981: 285).

Aquae, 101 (Baltar, Xinzo).

Reva Laraucus:

Vallio Aper a Reve Larauco por un voto.

Aquae, 11 (Mosteiro de Ribeira, Xinzo).

Revve Reumirago:

Fronto, fillo de Vaucani, cumpriu libremente este voto a Revve Reumirago.

Aquae, 100 (Vilardevós, Verín).

Suleae Nantugaicae:

Flavino Falus cumpriu libremente este voto ás Suleae Nantugaicae.

Aquae, 134 (Condado, Padrenda).

Vestioalonicco:

Severa puxo este altar ó deus Vestioalonicco.

IRPP, 107 (Pontevedra).

En primeiro lugar, resulta evidente, visto o material epigráfico, que a nova de Estrabón sobre un suposto ateísmo dos galaicos non resulta certa. Algúns autores supuxeron que esta afirmación se debía ben a que se rendiría culto a un

deus anónimo, cun tabú sobre o seu nome; ben a que non representaban figurativamente as súas divindades; ou ben, por último, a que estes deuses non serían persoais, senón que serían simplemente potencias relativas ás esferas da vida natural e social, e polo tanto non terían nome (ve-las teorías e ou autores en Bermejo, 1982: cap. I). O sentido que tería este suposto “ateísmo” dos galaios sería simplemente que os gregos denominaban “ateos” a aqueles pobos que adoraban unhas divindades distintas das súas e que ademais non eran asimilables ó seu panteón. Esta afirmación concorda perfectamente coa caracterización que Estrabón fai dos demais costumes dos pobos do Norte.

E, ademais, o propio Estrabón fala dos sacrificios a “Ares”. ¿Que sentido ten falar de Ares? Evidentemente, non se trata do deus grego, pero sen dúbida é unha divindade que comparte algunhas das características deste deus: furor no combate (oposto á guerra civilizada e ordenada representada por Atenea), amigo da discordia e do combate desordenado. Estas características do Ares grego servirían perfectamente para cualifica-la forma de loita dos indíxenas do Norte da Península Ibérica. Pero esta caracterización etnográfica pode te-la súa correspondencia no terreo histórico, alomenos no referente á existencia dun gran número de divindades guerreiras, algunhas asociadas co Marte romano, equivalente ó Ares grego, como imos ver a continuación a través da epigrafía (Bermejo, 1986: cap. IV).

Como se pode ver, no caso das divindades do Noroeste practicamente os únicos testemuños son epigráficos. Non se conservaron relatos míticos que poidan axudar a establece-las características de cada divindade, polo que na meirande parte dos casos moi pouco se pode dicir. Excepto nalgúns casos, a maioría das dedicatorias son únicas, e así resulta moi difícil falar das características da divindade (nalgúns casos incluso hai dúbidas sobre se son masculinas ou femininas). Aquelas divindades que reciben varias mencións son Bandua, Coso, Larauco, Lariberus Breus, Nabia e Reva. Delas, Bandua, Coso, Nabia e Reva son divindades relacionadas coa guerra, as dúas primeiras masculinas e as dúas últimas femininas.

No caso de Bandua, unicamente existe unha dedicante feminina. En canto ós demais, máis ou menos a metade son dedicantes indíxenas ou en vías de romanización pero cunha orixe indíxena moi clara. Trátase dunha divindade masculina, os seus epítetos responden a varios criterios: vinculado a determinadas comunidades humanas, que serían comunidades de guerreiros de tipo indoeuropeo, segundo García Fernández-Albalat (1990: cap. I), significado guerreiro e relacionado coa soberanía.

Coso, cunha única inscrición dedicada por unha muller, aparécese tamén como unha divindade vinculada coa guerra, con epítetos que sinalan advocacións de carácter local e vinculación con lugares ou grupos humanos concretos.

Este deus vai ser invocado tamén asociado ó Mars romano, e máis tarde vai ser completamente asimilado á divindade romana. A súa asociación con Mars expresa con claridade o seu carácter primordial de divindade da guerra, o que non sería de estrañar visto o carácter da sociedade indíxena que expresan tódalas fontes (Bermejo, 1986: cap. IV).

As outras dúas grandes deusas de carácter indíxena son Nabia (ou Navia) e Reva. No caso de Reva, ningunha das súas dedicatorias é dunha muller. No caso de Nabia, soamente unha. Rodríguez Colmenero (1987: n.º. 116) presenta outra dedicatoria a Nabia dun home por un voto que realizaría a súa muller. Pero a súa lectura é dubidosa. Na descrición do carácter destas divindades imos segui-las teorías de García Fernández-Albalat na súa obra xa citada. Esta autora rexeita as teorías ata entón máis aceptadas, que consideraban a Nabia unha deusa acuática, ou ben de tipo cósmico, asimilable a Diana. Segundo esta nova interpretación, Nabia estaría relacionada coas divindades soberanas. Os seus epítetos vincularíana con unidades étnicas e co exercicio do mandato sobre os grupos de guerreiros. A súa relación coas augas (sobre todo cos ríos) viría dada polo papel dos ríos como entradas ó máis alá nas mitoloxías célticas. Esta serie de deuses e deusas de carácter guerreiro complétase con Reva, con ningunha dedicante feminina. Os seus epítetos teñen connotacións de xeografía mítica relacionada por unha banda coa soberanía, e por outra cos campos de batalla.

A derradeira das divindades con varios epígrafes é Lariberus Breus, presente en varios altares no castro de Donón (O Hío, Pontevedra), do que se ignora o carácter. Toda esta serie de divindades expresan por unha banda o carácter guerreiro da sociedade indíxena, e por outra a vinculación de certas divindades femininas con esta actividade guerreira, o que casaría ben coas descricións das fontes do carácter belicoso das mulleres norteñas. Sen embargo, resulta evidente que son moi escasas as dedicatorias realizadas por mulleres, o que tamén parece casar co feito de que a guerra indubidablemente era unha actividade predominantemente masculina.

As divindades clásicas con sobrenomes indíxenas

Genus Tiauranceaicus:

Camala, filla de Arqui, talabrixense, cumpriu libremente este voto ó Xenio Tiauranceaicus.

ILER, 659 (Estorãos, Portugal).

Lares Burici:

Bloena cumpriu este voto ós Lares Burici.

AE, 1973, 320 (Amarés, Portugal).

Ninfas Lupianas:

Antonia Rufina cumpriu este voto libremente ás Ninfas Lupianas.
CIL II, 6288 (Vizella, Portugal).

Ninfas Silonsaclus:

Procurou que se fixera por un voto ás Ninfas Silonsaclus.
CIL II, 5625 (Alongos)⁷.

Nesta categoría de deuses e deusas destacan sobre todo as dedicatorias a divindades tutelares, sobre todo ós Lares con sobrenomes indíxenas, aínda que de novo a presenza de dedicantes femininas é moi pequena. É evidente que esta asociación entre divindades clásicas e divindades indíxenas nunha mesma denominación está ilustrando o comezo da asimilación da relixión (ou alomenos do panteón) indíxena dentro da cultura dominante. Imos deixar para o apartado seguinte o estudo das máis numerosas das dedicatorias cando vexámo-lo carácter dos Lares Viales.

As divindades romanas e orientais

Caelestis:

A Caelestis Augusta, os Parerni, chamados tamén Constantii, cumpriron estes votos.

IRPL, 1 (Lugo).

A Xúpiter Óptimo Máximo?, ós numina dos Augustos, a Xuno Raíña, a Venus Victoriosa, a África Caelestis, a Frugifer, a Augusta Emérita e ós Lares dos galaicos, Saturnino, liberto de Augusto.

IRPL, 23 (Lugo).

Cibeles:

Gelasio e Cesaria á Nai dos Deuses.

Aquae, 22 (Chaves, Portugal).

Abulia Paterna cumpriu este voto á Nai dos Deuses.

G^a y Bellido, n.º 15 (Marco de Canaveses, Ourense).

Consagrado á Nai dos Deuses, por un voto,... e Val...

IRPLC, 71 (Fisterra).

⁷ Tranoy (1981) le: "Nimphis Silonia Cloutiana (ou Cloutana)", que sería a dedicante, co que entraría no apartado seguinte aínda que o significado da divindade non variaría.

Concordia:

Á Concordia dos habitantes do Municipio de Aquae Flavia, [púxo] Lucio Valerio Lonxino cos seus cartos.

AE, 1973, 304 (Chaves, Portugal).

Diana:

A Diana Cazadora puxeron esta ara Urso e Faustino segundo as instrucións de Víctor pola súa saúde.

IRPLC, 76 (Baroña).

Capito Severo, poño este altar a Diana santa.

Aquae, 69 (A Mezquita).

A Diana, puxo [este altar] Fabio Saturnino por un voto.

Aquae, 70 (Ourense).

Consagrado a Diana, Quinto Tulio Máximo, legado de Augusto, Lexión VII Gemina Felicis.

CIL II, 2660 (León).

Esculapio e Hygia:

Marco a Esculapio e Hygia por un voto.

CIL II, 2411 (Braga).

Fortuna:

O optio Valerio Lupo cumpriu libremente este voto a Fortuna.

IRPLC, 31 (Cidadela).

Marco Se... Agatón a Fortuna por un voto.

IRPLC, 40 (Brandomil).

Consagrado a Fortuna.

Astorga, 3.

Á boa Fortuna Redux, Publio Ulpio Máximo, procurador de Augusto coa muller e o fillo.

Astorga, 5.

Á Fortuna Redux Santa, Gaio Otacilio Octavio Saturnino, varón egrexio, procurador de Augusto, adicou [este altar] coa filla e o neto.

Astorga, 6.

T. Pompeio Peregriano adicou [este altar] a Fortuna Balnearis pola súa saúde e a dos seus.

ERA, 6 (Pumarín, Xixón).

Isis:

Cornelia Saturnina a Isis por un voto.

Aquae, 73 (Chaves, Portugal).

Consagrado a Isis Augusta, adícao Lucrecia Fida, sacerdotisa perpetua de Roma e de Augusto, do convento bracaraugustano.

CIL II, 2416 (Braga).

Ó Deus Invicto Serapis e Isis, Claudio Zenobio, procurador de Augusto.

Astorga, 15.

Xulio Melanio, procurador dos Augustos, cumpriu este voto a Serapis santo, Isis Mironymo, Coré Invicta, Apolo Granno, Marte Sagato.

Astorga, 16.

Lares Viales:

Placidina levantou [este altar] ós Lares Viales por un voto.

IRPL, 62 (Penarrubia, Baralla).

Marte:

Martia Flacila a Marte por un voto.

Aquae, 47 (Baños de Bande).

Minerva:

A Xúpiter Ótimo Máximo, a Xuno Raíña, a Minerva Vencedora, Publio Helio, fillo de Publio, Hilariano, procurador de Augusto, cos seus fillos pola saúde [do emperador César] Augusto Pío Félix [Commodo].

Astorga, 10.

Ninfas:

Reburrio Tertio ás Ninfas por un voto.

IRPLC, 38 (S. Vicente de Présaras, Vilasantar).

Caio Antonio Floro ás Ninfas.

IRPP, 124 e 125 (Cuntis).

Calpurnia Abana cumpriu libremente este voto ás Ninfas por unha visión.

IRG IV, 74 (Ourense).

Aurelio Flavio Tamagano, Tacamo, ás Ninfas por un voto.

Aquae, 55 (Baños de Molgas, Ourense).

Sulpicia Saturnina ás Ninfas da saúde por un voto.

Aquae, 59 (Amoeiro, Ourense).

Accilio Catulo, asturaugustano, cumpriu libremente este voto ás Ninfas mariñas.

Aquae, 60 (S. Miguel de Canedo, Ourense).

Caio Sulpicio Festo ás Ninfas por un voto.

AE, 1955, 236 (Moncorvo, Portugal).

Ás deusas Ninfas, Simplicia puxo [esta inscrición] libremente por un voto.

AE, 1955, 237 (Moncorvo, Portugal).

Ás Ninfas, Tito Pomponio Próculo Vitrasio Pollio, cónsul, pontífice, pro-cónsul de Asia, legado de Augusto, propretor da provincia de Moesia Inferior e de Hispania Citerior, e Faustina, a súa esposa.

CIL II, 5679 (León).

Clemente, escravo do emperador, ás Ninfas por un voto.

CIL II, 5572 (Caldas de Vizella, Portugal).

Aurelio Dionisio, liberto imperial, ás Ninfas.

CIL II, 2474 (Chaves).

Boelio Rufo cumpriu este voto ás Ninfas pola súa saúde.

CIL II, 2530 (Baños, Bande).

Pietas:

Xunio Flacco, veterano da Lexión VII Gemina cumpriu libremente este voto a Pietas.

IRPLC, 51 (Ames).

Poemana:

Consagrado a Poemana, o Colexio...

IRPL, 6 (Lugo).

Selene:

Adaeso... adicou [este altar] a Selene.

Aquae, 66 (Chaves, Portugal).

Tellus:

Gaio Sulpicio Flavo a Tellus por un voto.

IRG IV, 73 (Ourense).

Tutela:

A Tutela, Silonio cumpriu este voto libremente.

IRPL, 10 (Lugo).

Lucio Tertio, fillo de Capitonis, cumpriu libremente este voto a Tutela.

Aquae, 62 (Ourense).

Berisilo, fillo de Silonis, cumpriu libremente este voto a Tutela.

Aquae, 64 (Paderne).

Á deusa Tutela, Lucio Antonio Avito cos seus fillos e Zósima, liberta, por un voto.

IRPL, 73 (Lugo).

Venus:

A Xúpiter Óptimo Máximo?, ós numina dos Augustos, a Xuno Raíña, a Venus Victoriosa, a África Caelestis, a Frugifer, a Augusta Emérita e ós Lares dos galaicos, Saturnino, liberto de Augusto.

IRPL, 23 (Lugo).

Licinio Avito puxo este altar a Venus Vencedora por unha visión.

Aquae, 67 (Chaves, Portugal).

Xenio Castelli:

Bloena, filla de Sabino, cumpriu libremente este voto ó Xenio Castelli.

IRPLC, 67 (Ponteceso).

Xuno:

A Xúpiter Óptimo Máximo?, ós numina dos Augustos, a Xuno Raíña, a Venus Victoriosa, a África Caelestis, a Frugifer, a Augusta Emérita e ós Lares dos galaicos, Saturnino, liberto de Augusto.

IRPL, 23 (Lugo).

Xúpiter:

Flavia Materna cumpriu estes votos a Xúpiter Óptimo Máximo.

Aquae, 10 (Verín).

A Xúpiter Expiatorio, Durmia Pussina puxo [este altar] por un voto.

CIL II, 2414 (Braga).

A Xúpiter Óptimo Máximo, Lovessa puxo libremente este altar por un voto.

CIL II, 2467 (Chaves).

Na meirande parte dos casos trátase de novo de mencións únicas, nas que os dedicantes non pertencen ó medio indíxena. Algunhas destas divindades están simplemente marcando a presenza de funcionarios relacionados co servizo imperial, algo especialmente claro para Astorga. O culto a Xúpiter ofrece numerosísimos testemuños (uns cen, dos que soamente tres son de mulleres), e tamén son abundas as dedicatorias ós Lares Viales e ás Ninfas. Diana soamente ten dedicantes masculinos, e segundo Tranoy (1981: 313-14) o medio indíxena no que aparecen as inscricións supón que esta divindade asociada coa caza podía estar superposta a unha divindade indíxena protectora desta actividade. A escaseza de dedicatorias ó Marte romano sen súbida se explica pola vitalidade das divindades indíxenas cun contido que coincide co de Marte, como vimos cando falamos delas.

En canto a Xúpiter, ademais de sinalar que o número de mulleres dedicantes é moi escaso, pódense indicar varios aspectos. Por un lado, a oficialidade do culto no convento de Astorga. Por outro, a difusión máis xeneralizada e de carácter máis rural no convento de Braga. E unha situación intermedia no convento de Lugo. Xúpiter aparece asociado tamén a epítetos indíxenas (Larouco, Ladio, Candamio), o que serviría como medio de cohesión entre indíxenas e romanos (Penas Truque en Bermejo, 1986: cap. V).

Fortuna, Xenio e Tutela non parece que tivesen demasiada implantación no Noroeste. Non sucede o mesmo coas Ninfas e os Lares Viales.

As dedicatorias ós Lares Viales son 22, todas excepto unha de persoas orixinarias do Noroeste, e soamente unha dunha muller. Os Lares Viales, divindades escasamente coñecidas con esta denominación no Imperio romano, concéntranse na Península Ibérica, e dentro dela nos conventos do Noroeste. Esta localización tan definida levou a algúns autores a supoñer que trala denominación romana agóchase divindades indíxenas. Realmente, non é este o lugar para realizar unha análise detallada destas divindades (ver Bermejo, 1986: cap. VII). Os datos que se posúen só parecen indicar, en primeiro lugar, que as divindades indíxenas que poderían estar baixo a denominación latina deberon ser diferentes do Mercurio romano, pois non foron asimiladas con este. E, en segundo lugar, que deberon ser deuses populares, que non se integraron no panteón romano, relacionados cos aspectos relixiosos do camiño e a encrucillada.

En canto ás Ninfas, son as divindades en que a proporción de mulleres dedicantes é máis grande, aínda que de tódolos xeitos non pasan da terceira parte. Segundo Tranoy (1981: 324-5), as Ninfas representarían un aspecto da romanización dos cultos locais, aínda que non coñecemos a divindade ou as divindades ás que as Ninfas substitúen ou recobren. A súa relación coas fontes ou as augas en xeral non permiten supoñer-lo seu carácter, co que o papel que poderían representa-las mulleres no seu culto tamén queda nas sombras.

Quedaríanos por ve-lo papel das divindades orientais, que en xeral están fortemente relacionadas cos medios oficiais. As mulleres están presentes soamente nas dedicatorias a Cibeles e Isis, e tampouco nun grande número (do total de 82 inscricións a divindades orientais en Hispania, 23 son de mulleres e soamente 5 están no Noroeste. Ver Alvar en Garrido, 1986: 245-7; Mangas en Duby e Perrot, 1991: 599-613). Así que o que poidamos dicir do papel das mulleres neste culto non pasa de xeneralidades asociadas ó carácter das divindades implicadas.

III. ÉPOCA DE TRANSFORMACIÓNS: DO SÉCULO III Ó SÉCULO X

A vida das mulleres en Galicia non foi allea ós avatares histórico-culturais que viviu a provincia desde o asentamento dos pobos xermánicos a comezos do século V ata o século X. Esta última fronteira temporal non está determinada por ningún feito obxectivo, senón por razóns de distribución cronolóxica fixada polo grupo de traballo da Universidade de Santiago de Compostela que levamos a cabo este estudio. Púidose ter fixado outro límite calquera, pero o século X é un fito na historia de Galicia, pois a partir dese momento xurdiron intensas loitas políticas que propiciaron a emancipación do condado de Galicia en tempos de dona Urraca, filla de Alfonso VI (m. 1109), esposa de Raimundo de Borgoña. O retrato da vida da muller galega desas épocas ten que ser necesariamente parcial, debido ó tipo de fontes conservadas e ó escaso interese das mesmas en xeral pola figura feminina. Moitos aspectos da súa vida son hoxe descoñecidos; pero, con todo, os datos illados, recollidos aquí e acolá, permiten enxergar unha presenza moito máis significativa do que se puidera pensar.

A poboación da Gallaecia experimentou ó longo dos cinco séculos que van do V ó X cambios notables. Esta zona vivira xa invasións xermánicas no século III, pero foi no ano 411 cando os suevos do rei Hermerico e os vándalos asdingos do rei Gunderico ocuparon esta rexión en virtude do famoso sorteo de provincias, ata que finalmente os suevos asentaron o seu reino nesta rexión. Hidacio afirma que cara ó ano 430 coexistiron en Galicia dúas poboacións: a galaica, integrada por indíxenas e hispano-romanos, e a suévica. A *plebs* galaica era un grupo con personalidade propia e ben cohesionado, que retivo no seu poder as urbes e fortalezas máis importantes arredor dos seus bispos. Este sector da poboación estaba dirixido por autoridades locais, que constituíron un

poder autónomo e paralelo ó dos suevos. Estes, pola súa banda, asentáronse preferentemente nas zonas rurais. A coexistencia non implicou unha convivencia pacífica, senón o contrario, como describe Hidacio na súa crónica. Os enfrontamentos entre galacios e suevos sucedéronse ata o ano 468, no que, gracias á mediación do rei visigodo Eurico, da corte de Tolosa (Francia), estableceuse un tratado de paz entre xermanos e galaicos, a partir do que os suevos quedaron recluídos na Gallaecia sen deixar a penas pegada da súa existencia⁸. O declive definitivo do reino suevo tivo lugar un século despois, cando o rei Miro se viu obrigado a asina-la paz coa monarquía visigoda toledana do rei Leovixildo, o cal no ano 585 anexionou definitivamente o reino suevo ó hispano-visigodo. Ademais da poboación xermánica dos suevos, na costa noroeste de Galicia, entre Ferrol e o río Eo, estableceuse no século VI unha colonia de bretóns, que foran expulsados das súas terras da Britania insular polas invasións anglosaxonas do século V. Este grupo minoritario constituíu un núcleo popular delimitado que tivo a súa propia diocese. Un dos trazos máis chamativos desta época, a xuízo dos historiadores, é a heteroxeneidade da poboación galaica, xa que coexistiron sen chegar a se fusionar grupos indíxenas (como os auronenses e os arexenses), os hispano-romanos e os pobos xermánicos suévico e bretón. Esta heteroxeneidade incrementárase trala invasión árabe do ano 711, xa que pouco despois chegaron á nosa rexión cristiáns do sur da Península ou mozárabes e escravos musulmáns.

Dous anos despois da invasión, os árabes chegaron á Gallaecia guiados por Musa, que dirixiu as expedicións dos anos 713-714 ata Lugo. A Gallaecia así como o val do Douro foron ocupados, de contado polos bérberes, que se viron obrigados a abandona-la zona cara ó ano 714 debido ós conflitos xurdidos cos árabes. Esta ausencia dun grupo dominador forte foi aproveitada pola monarquía astur-leonesa, que, gracias á acción de Alfonso I (739-757), iniciou a ocupación cristiá do norte peninsular e as primeiras ofensivas da Reconquista. Desta época temos xa os primeiros documentos que fan referencia á chegada de inmigrantes mozárabes e escravos musulmáns á Gallaecia para realiza-la colonización agraria da zona. Así, unha escritura de fundación, datada o 28 de febreiro do ano 757, sinala que un matrimonio, chegado do norte de África cos seus fillos, funda unha igrexa na diocese ourensá sobre a que exercerá a súa autoridade o bispo. A dotación do templo faise con inmobles, gando e tódolos bens necesarios para o mantemento da igrexa; é dicir, altares, vestidos litúrxicos, a cruz, o sagrario, cálices e libros (Linage Conde, 1973: II, 279). No mesmo

8 Recórdese que as fontes para coñece-los comezos do reino suévico son as obras de Paulo Orosio (c. 390-418) e Hidacio (c. 380-470). As do final deste reino son as *Historias* de Gregorio de Tours e Isidoro de Sevilla, así como as novas contidas tanto nas actas dos dous primeiros concilios de Braga como na biografía e escritos do “apóstol” dos suevos, san Martiño de Braga. Sobre este período ver C. Torres (1977) e J. Orlandis (1988).

senso, o documento orixinal máis antigo conservado en Hispania, a famosa doazón do rei Silo a Lucis, datado o 23 de agosto do ano 775, fai referencia á inmigración mozárabe en Galicia (*Ibíd.*: II, 730).

Durante esta primeira etapa da ocupación cristiá da Gallaecia houbo novos momentos de tensión (para todo o que segue, ver Gerbet, 1992), debido á revolta dos galaicos contra os sucesores de Alfonso I, é dicir, Fruela I (757-768), Aurelio (768-774) e Silo (774-783). Este debilitamento político e social facilitou novos ataques musulmáns, que foron esporádicos e sen consecuencias, xa que a monarquía cristiá iniciou definitivamente a ocupación desta rexión en diversas etapas. O rei Silo conquista definitivamente a zona de Lugo no ano 780; no 800 a zona de Santiago entra baixo esta esfera de influencia gracias á obra de Alfonso II (792-842), que impulsou o culto de Santiago mandando levanta-la primeira igrexa no que será a cidade de Santiago de Compostela. Entre os anos 823 e 825 teñen lugar as expedicións do caudillo musulmán Abd al-Rahman II (822-852) en Galicia, pero vintecinco anos máis tarde Ordoño I ((50-866) emprende a ocupación, fortificación e repoboación da zona sur desta rexión, conquistando definitivamente Tui no ano 854. O reinado de Alfonso III (866-910) foi decisivo neste sentido, porque durante os anos 866 ó 844 combateu cos musulmáns, liberando Porto e o territorio entre o Miño e o Douro. Ordenou a repoboación de Ourense e de toda a zona sur de Galicia, completándose así a consolidación do reino cristián desta rexión. As accións do monarca provocaron as represalias dos musulmáns cos seus ataques sobre Galicia no ano 878, aínda que sen consecuencias.

Ó longo deste período a repoboación seguiu correndo a cargo de inmigrantes procedentes do sur da Península, como demostran os seguintes documentos. O 28 de abril de 787, o diácono Rodrigo declara ter saído de Córdoba e chegado a Galicia, onde funda un mosteiro dúplice (masculino e feminino), dotándoo de todo o necesario para a súa existencia (Linage Conde, 1973: II, 731). Pola súa banda, o rei Ordoño I confirmou ó bispo Fatal na posesión do mosteiro de San Xián de Samos e de tódolos bens que foran do abade Arxerico nun documento datado o 13 de xullo de 853. Esta posesión xa fora concedida ó abade por Ramiro I (842-850), cando aquel chegou a Samos procedente de Al-Andalus (Lucas, 1986, n.º. 41; Linage Conde, 1973: II, 719).

O propio Ordoño I, algúns anos despois, nunha escritura do 17 de abril de 857, cede ó presbítero Vicente e ó monxe Audofredo, ámbolos dous vidos de Córdoba, o mosteiro de Samos coas súas antigas pertenzas (Lucas, 1986: n.º. 1; Linage Conde, 1973: II, 719). O 25 de xullo de 872, o abade Ofilón, a monxa María e o presbítero Vicente, antes mentado, cidadáns cordobeses, nados naquela cidade, que se viron obrigados a emigrar como eles mesmos declaran

(*nos nationes fuimus et ciues cordouenses patria properauimus*), confeccionaron un inventario dos bens que trouxeran de Córdoba, dos que toparon no mosteiro e dos que conseguiran (Lucas, 1986: n.º 5). Este documento é de grande interese, non só pola participación activa dunha monxa no labor de catalogación, senón tamén pola relación de bens procedentes do sur da Península, entre os que destacan “libros litúrxicos e eclesiásticos que trouxemos con nós desde aquela rexión” (*libros speciales et ecclesiasticos quos nobiscum ex ipsa regione adtulimus*).

No ano 910, os fillos de Alfonso II destronan a seu pai. Este repartira o goberno dos seus territorios entre os seus fillos, sen ter feito reinos distintos, correspondéndolles a García León, a Ordoño Galicia e a Fruela Asturias. Iníciase entón un período de crise, como pon de manifesto a sucesión vertixinosa de monarcas: García I (910-914); Ordoño II (914-924); Fruela II (924-925); Alfonso IV (925-931); Ramiro II (931-951); Ordoño III (951-956); Sancho I (956-966); Ramiro III (966-984); Vermudo II (984-999) e Alfonso V (999-1028). Como se ten sinalado máis arriba, durante o século XI volvéronse vivi-las intensas loitas políticas que finalizaron coa emancipación de Galicia da corona leonesa durante o reinado da raíña Urraca (1109-1126), filla de Alfonso VI de León. A desunión entre os reinos cristiáns do norte peninsular fixo posible que no ano 997 Almanzor chegase coas súas tropas ata Santiago de Compostela, saqueando a cidade, e incluso ata San Cosme, aínda que sen repercusións posteriores.

O ordenamento xurídico da Gallaecia ata a súa anexión ó reino visigodo é difícil de determinar, pois coexistiron varios tipos que rexiron a vida das súas respectivas comunidades. A penetración romana na Península Ibérica levou parello o proceso de romanización xurídica, que foi lento e gradual, e a culminación produciuse coa concesión da cidadanía romana por Caracala a tódolos súbditos do Imperio no ano 212, como se sinalou na primeira parte deste traballo. Mentres tanto, debido á concepción personalista do dereito pola parte de Roma, a metrópole respectara os costumes dos pobos dominados, dando por resultado que o *ius ciuile* romano só tivo aplicación entre os cidadáns establecidos en colonias ou municipios. A partir do 212, o dereito romano foi o que rexeu a toda a poboación, á que legalmente se denominaba hispano-romana, e na que xa tiñan cabida os pobos indíxenas, ós que se lles favorecera co título de cidadáns do Imperio. Sen embargo, a aplicación deste dereito na vida provincial tivo que dar cabida ás prácticas e costumes autóctonos, que foron adaptados para constituír así o que se coñece como “dereito romano vulgar”, do que hai poucos vestixios.

O declive da autoridade romana favoreceu que moitas poboacións indíxenas recobrasen certo grao de independencia e volveran polo tanto vivir e rexerse por si mesmos, aínda na época suévica. Este foi o caso, por exemplo, dos

auronenses na zona de Tui, que no ano 465 tiñan autonomía abonda para enviar legados ante outras monarquías, facían a guerra e concertaban acordos de paz; ou dos habitantes dos montes Arexenses, situados en terras do oeste de Ourense e norte de Portugal, que no ano 573 fixeron a guerra contra o rei visigodo Leovixildo, que os derrotou, facendo prisioneiros ó caudillo indíxena Aspidio, á súa muller e ós seus fillos, e incautándose de tódolos seus bens.

A instauración do reino suevo na Gallaecia deu lugar a unha organización social moi diversa. Por unha parte a estrutura hispano-romana mantívose non só durante este período, senón tamén na época visigoda, e o seu sistema xurídico non foi anulado, senón que, a medida que se ía extinguindo, foi substituído por novas institucións. Este xeito de proceder, típico das monarquías bárbaras de Occidente, permitiu que no século X aínda existira en Galicia o chamado *tributum quadragesimale*, un antigo imposto romano sobre poboación rural. Ademais da aplicación do “dereito romano vulgar” pouco se sabe do ordenamento xurídico das poboacións indíxena e suévia, xa que o seu dereito foi de tipo consuetudinario, baseado pois no uso e no costume, que non tivo afán de permanencia, xa que non foi fixado nun código escrito.

A anexión da Gallaecia ó reino visigodo de Toledo supuxo a gradual aplicación do grande ordenamento xurídico levado a cabo polos reis visigodos, desde Eurico -que promulgou un código de leis, coñecido como *Codex Euricianus*, arredor do ano 476- ata as derradeiras adicións posteriores ó ano 702, feitas polo penúltimo rei visigodo Witiza. O derrubamento do estado visigodo levou parello un proceso semellante ó ocorrido co romano, pois cada grupo social ou político, máis tarde constituído en reino, seguiu unha traxectoria propia e independente na estruturación da súa organización xurídica. Así, xunto co *Liber visigodo*, a vixencia do cal foi máis ou menos efectiva segundo os territorios -igual que pasara tempo atrás co dereito romano-, desenvolveuse un *usus terrae* popular e consuetudinario, que respondía non só ó dereito posterior á implantación do visigodo, senón tamén ás novas circunstancias ocasionadas pola reconquista e colonización do país. Este novo dereito supuxo, pois, unha combinación de *usus terrae*, privilexios reais ou señoriais e decisións de xuíces, todo o cal cristalizou durante o século X en textos legais denominados Foros Municipais, Cartas de Franquía, etc.

As orixes do cristianismo na Península permanecen escuras, xa que as tradicións sobre a presenza apostólica de Santiago o Maior son de época tardía (séculos VII-VIII), aínda que as novas sobre a estadía de san Paulo entre os anos 62 e 63 parecen máis fiables, o mesmo que o establecemento das “Igrexas de Hispania”, ás que alude santo Irineo a fins do século II. Durante o século III teñen lugar as primeiras persecucións contra os cristiáns hispanos, ós que cantou Prudencio

no sei *Peristefanón*. A fins deste século e comezos do IV tivo lugar a penetración do cristianismo no noroeste. Boa proba disto é que no primeiro concilio da Igrexa hispana, celebrado en Elvira (*Illiberis*) entre os anos 300 e 314 atopábanse Decencio, bispo da Gallaecia, con sé en León, e o presbítero Luxorio de Braga. A relixiosidade galaica destes primeiros séculos caracterízase polo mantemento de vellos cultos indíxenas, polo marcado carácter rural do cristianismo desta rexión, e pola forza coa que se asentou nela a herexía do priscilianismo, xurdida a partir da figura de Prisciliano, bispo de Ávila, que morreu axustizado en Tréveris no ano 385.

O priscilianismo, que se estendeu ata o ano 400 polas Galias e Hispania, tivo unha enorme importancia na difusión do cristianismo na Gallaecia a través da consagración de bispos. Este feito constátase no Concilio I de Toledo, celebrado poucos anos antes das invasións xermánicas, é dicir, entre os anos 397 e 400, co obxectivo de tentar rematar con esta herexía. O sínodo contou coa presenza de doce bispos galaicos, un número que contrasta coa única presenza de Decencio no Concilio de Elvira, reunido un século antes. O priscilianismo non foi só un movemento relixioso, senón tamén social e popular, que tivo unha grande acollida entre as comunidades campesiñas do interior de Gallaecia, de onde foi difícil de arrigar. Sulpicio Severo asegura que as comunidades galaias reclamaron o corpo de Prisciliano para soterralalo con grandes honores e funerais debido á súa fama de mártir. Unha das razóns polas que esta herexía tivo tanto pulo na rexión débese a que o ascetismo priscilianista encaixaba perfectamente na relixiosidade popular desta zona, e contrastaba coa rapacidade dalgúns bispos católicos, contra os que se pronunciaron algúns canons dos Concilios de Braga I (c. 572)⁹, Toledo IV (c. 633)¹⁰ e sobre todo Toledo VII (c. 646), onde se fai unha referencia explícita á avaricia dos bispos galaicos¹¹.

Durante o século V Gallaecia estivo en contacto con outras herexías, debido ós suevos. Estes eran un pobo pagán cando chegaron á Península no 409, pero convertéronse ó catolicismo no ano 499 baixo o reinado de Reckiario. Sen embargo, no ano 465 convertéronse do catolicismo ó arianismo nos tempos do rei Remismundo debido á predicación do bispo apóstata Aiax, prelado de orixe oriental. Por fin, volvéronse converter ó catolicismo no ano 599 baixo o reinado de Teodomiro gracias ó labor doutro bispo de orixe oriental, o futuro san Mar-

9 Vives, 1963: 81 ss.: Canon 2: “Que o bispo que visita unha freguesía reciba só dous soldos. E non reclame a terceira parte das oblacións e que os cregos non se vexan tratados coma escravos”; Canon 3: “Que o bispo na ordenación dos cregos non reciba ningún honorario”; Canon IV: “Que o bispo non reciba nada polo crisma”; Canon 5: “Que o bispo non esixa nada pola consagración dunha basílica”.

10 Vives, 1963: 204: Canon 32: “Que o bispo non tome nada dos bens das igrexas, fóra da terceira parte das ofrendas”.

11 Vives, 1963: 254-55: Canon 4: “Da tributación nas igrexas da provincia de Galicia”.

tiño de Braga (520-580). Con todo, o arianismo non supuxo nunca un grave perigo no seo da Igrexa, xa que non provocou as discrepancias e tensións que ocasionara o priscilianismo.

San Martiño de Braga, abade e bispo da diocese da Bracarense, nacera en Panonia, actual Hungría, e peregrinou a Terra Santa, onde levou unha vida monástica. Foi un home instruído, coñecedor do grego e do latín, que tomou a decisión de ir a Occidente e predica-la fe. San Martiño é a figura clave que consolida os estreitos e frecuentes contactos que mantivo Galicia con Oriente, xa desde o século IV. A el débemoslle, por exemplo, o coñecemento e difusión dos canons dos concilios orientais nesta rexión.

Ó longo do século V, e incluso xa no século anterior, hai pegadas dunha incipiente vida monástica, incluso feminina, xa que Baquiario no seu tratado *De reparatione lapsi*, titulado tamén *Epistula ad Ianuarium*, dá a nova de que un amigo seu, monxe nun mosteiro dirixido por Ianuario, saíra del para vivir cunha muller “consagrada a Deus”. O propio Hidacio no capítulo 174 do seu *Cronicón* fai referencia ás comunidades de “virxes consagradas a Deus”, a unha das cales puido pertencer Exeria, xa que non só esta insigne peregrina de finais do século IV destinou o seu libro de viaxes a Terra Santa (o *Itinerarium*, tamén coñecido como *Peregrinatio*) ás súas *sorores*, senón que Valerio do Bierzo no século VII na súa epístola a Donadeus designa a Exeria como *beatissima sanctimonialis*.

A vida relixiosa da Gallaecia estivo tamén marcada pola vitalidade da vida monástica, que empezou a florecer en Hispania durante o século VI, gracias ó labor fundador de san Martiño no reino svevo, san Victoriano nos Pireneos, san Fortunato, san Millán, san Donato ou san Leandro en Sevilla. Ó longo da Alta Idade Media, o monarquismo galaico tivo uns trazos moi peculiares debido á figura de san Fructuoso de Braga. Este ilustre varón do século VII, un godo de orixe nobre, foi bispo-abade de Dumio, antes de ser nomeado metropolitano de Braga. Fundou sete mosteiros en Galicia e tres na Bética. Un dos trazos característicos das súas fundacións era a liberdade que se lle concedía a cada abade para elixir ou elabora-las regras que rexisen a vida comunitaria. Trala súa morte, e debido á diversidade de normas, decidiuse redactar unha *regula communis*, que agrupou os diferentes mosteiros nunha especie de congregación, rexida pola asemblea de abades. Outro dos particularismos da regra fructuosiana foi o de que se permitía a familias enteiras profesar no mesmo mosteiro; é dicir, constituíronse mosteiros familiares dúplexes (masculinos e femininos), que proliferaron en toda Hispania e non só na Gallaecia. A vida rexíase por unha especie de pacto ou contrato nos que se fixaban os dereitos e obrigas do abade e da comunidade. Ademais, os mosteiros podían interferir uns nos asuntos dos outros.

Estas fundacións familiares, que coexistiron a carón de congregacións regulares que só dependían da autoridade eclesiástica das dioceses (bispos e abades), tomaron forza ó longo dos séculos VIII e IX (David, 1967). A familia que fundaba un mosteiro e se trasladaba alí con tódolos seus escravos e bens tiña ese cenobio coma un ben patrimonial, suxeito a sucesión hereditaria, de tal xeito que á fronte da comunidade íanse sucedendo pais e fillos. Estes pseudo-mosteiros foron doados con frecuencia a bispos e abades (como poñen de manifesto os numerosísimos documentos deste tipo conservados nos tombos dos grandes mosteiros galegos de Sobrado, Samos ou Celanova), de xeito que foron pasando progresivamente a se converter en mosteiros regulares e a se rexer de acordo coas súas leis.

1. A muller na lexislación civil das *Leges Visigothorum*

Cando desapareceu o reino tolosano dos visigodos, estes asentáronse definitivamente na Península Ibérica co rei Xesaleico (507-510), traendo canda si os códigos de dereito escrito (o de Eurico do 476, revisado por Alarico II no 506). O código recibiu un novo impulso con Leovixildo (571/2-586), xa que segundo san Isidoro acometeu unha renovación consistente en suprimir leis superfluas, corrixi-las que quedaran anticuadas e engadir outras que se axeitasen á nova situación. Este código, coñecido como *Codex Reuisus*, non chegou ata os nosos días, aínda que a maioría das súas disposicións, encabezadas nas posteriores polo epígrafe *antiquae* (leis antigas), proceden do código de Leovixildo. A promulgación deste código non supuxo a desaparición do dereito romano da práctica xurídica usual en Hispania; sen embargo, os sucesores de Leovixildo tenderon á creación dun dereito territorial, é dicir, de uso obrigatorio para tódolos habitantes do reino, xa foran visigodos ou hispano-romanos.

Recesvinto (653-672) promulgou no ano 654 o famoso *Liber Iudiciorum*, fortemente romanizado e enchoupado da doutrina moral emanada dos Concilios Toledanos (dado que xa se producira a conversión xeral dos visigodos ó catolicismo). Esta lexislación era a única que podía ser utilizada polos xuíces nos tribunais (de aí o seu nome de *Libro dos xuíces*), xa que as leis derogadas, propias doutros pobos peninsulares (indíxenas, xermanos e hispano-romanos), non podían alegarse en xuízo, se ben estaba permitido e aínda recomendado o seu estudio e consulta. O *Liber* non foi o único instrumento legal empregado por xuíces ou notarios, xa que tamén estaba á súa disposición un conxunto de *Fórmulas*, que servían para guía-la redacción de diversos documentos.

No ano 681 o código de Recesvinto foi revisado por Ervixio (680-687), e déuselle a organización que hoxe coñecemos; é dicir, dividiuse o corpo legal en doce libros, que se organizaron en capítulos. Estes pola súa vez subdividíronse en cláusulas cos seus respectivos títulos. En tempos de Exica (689-702) realizouse a redacción *Vulgata*, que é a que hoxe coñecemos. O derrubamento do estado visigodo ocasionou un proceso semellante ó ocorrido en época romana, pois cada grupo social, máis tarde constituído en reino, seguiu unha traxectoria independente na organización da súa vida xurídica.

Un dos trazos máis sobresalientes do conxunto das leis contidas no *Liber Iudiciorum* é a mellora da situación legal da muller libre, salvo no código de comportamento sexual, que seguía a ser máis estricto que o masculino. A mellora faise patente non só na igualdade recoñecida pola lei entre varóns e mulleres, por exemplo para presentar demandas e preitos e para herdar, senón tamén na libre disposición dos bens propios da muller, no respecto ás cláusulas contratuais do matrimonio, e na salvagarda da muller contra o matrimonio forzoso imposto por calquera estraño. Ademais, esta lexislación prestou unha especial atención á protección da infancia con durísimas leis, por exemplo contra o aborto ou contra a violación dos dereitos dos menores de idade que quedasen orfos.

A muller libre: o matrimonio e o dereito de herdanza (King, 1981). Un dos momentos máis importantes na vida dunha muller era o matrimonio (*coniugum*), que era o resultado final dun longo proceso. Os preliminares iniciábanse coa petición de man (*petitio*); continuaban cos esponsais (*disponsatio*), e finalizaban coa voda (*nuptia*). A lexislación visigótica describe con precisión e detalle a relación legal que se establecía a través do matrimonio.

A petición partía do varón ou da súa familia, e nese acto establecíanse as previsións económicas do futuro matrimonio, a data da voda, etc. Se se chegaba a un acordo, tiñan lugar os esponsais, mediante os que xa se contraían obrigas legais. Este compromiso rubricábase coa entrega ou promesa de entrega á noiva, pola parte do noivo, do dote ou arras establecidas na petición. O contrato vinculante dos esponsais non se podía romper unilateralmente sen sufrir certas sancións.

O dote era o sinal que servía para distingui-lo matrimonio legal doutras relacións menos vinculantes, e, aínda que non era condición esencial para dar validez á unión, Ervixio considerou a omisión da súa entrega como totalmente inadecuada. Foi este monarca o que sinalou o máximo permitido de bens que podían compoñe-lo dote (é dicir, a décima parte dos bens que o prometido posuía ou podía herdar. Ademais, ós nobres permitíuselles engadir dez escravos,

dez escravas, vinte cabalos e adornos por valor de mil *solidi*). Estes bens, xunto cos que a muller puidera achegar ó matrimonio por medio da herdanza familiar, ían constituí-lo patrimonio persoal da esposa. A lei recoñecía o dereito do home a realizar despois do matrimonio novas doazóns á esposa, denominadas *extradotem*.

A voda era a derradeira fase do matrimonio, da que non hai datos concretos, pero que posiblemente consistía na condución solemne da noiva á casa do esposo. Descoñécese se era práctica ocasional ou usual que este momento final se celebrase cunha cerimonia relixiosa.

O esposo non exercía sobre o dote máis autoridade que a que tiña sobre os demais bens achegados pola esposa ou gananciais. Con todo, por razóns de conveniencia, o esposo controlaba as súas posesións e as da súa esposa como un todo. Os dereitos da muller a dispor do dote e das doazóns *extradotem* realizadas polo home estaban limitados á morte deste pola existencia de fillos do matrimonio. A falta de descendencia directa dáballes á muller a posibilidade de dispor con absoluta autonomía de tódolos bens, a non ser que morrese sen facer testamento, o que implicaba que o dote e as doazóns do esposo volvían a este ou ós seus familiares. En calquera caso, tiña a posesión da totalidade dos bens do matrimonio de por vida, a non ser que tivera un comportamento deshonesto durante ou despois do matrimonio. A lei establecía, ademais, que a muller podía decidir libremente sobre unha cuarta parte do dote e sobre a quinta parte tanto das doazóns posteriores do home como dos bens achegados por ela ó matrimonio ou que herdou despois do matrimonio.

A infancia. Outro factor destacable das Leis Visigodas é a protección á infancia. O fillo estaba protexido por lei xa dende o seo materno, pois o aborto estaba severamente castigado, sobre todo a partir de Chindasvinto, que tentou acabar co terrible costume do infanticidio de nenas acabadas de nacer. Tanto os fillos coma as fillas tiñan o dereito, asegurado por lei, de herda-los bens dos seus pais, xa que segundo Chindasvinto non podía haber discriminacións en razón do sexo (Lex IV.2.9).

A lei fixaba tamén as obrigas e os dereitos dun pai ou unha nai viúvos cos seus fillos, xa que estaban obrigados a conservar intactos os bens maternos ou paternos, segundo os casos, para os fillos. Non se producían cambios nas obrigas do pai se volvía casar; sen embargo, se era a nai a que o facía, a lei obrigáballe a cede-lo control deses bens a outros familiares. En tempos de Ervixio, os fillos que se comportasen axeitadamente cos seus pais tiñan garantida a maior parte da herdanza, independentemente da vontade dos pais; é máis, os fillos póstumos tiñan os mesmos dereitos sobre a herdanza dos seus pais que os seus irmáns e irmás.

As infraccións do código sexual eran castigadas de xeito moi severo, sobre todo se eran cometidas polas mulleres, xa que as súas faltas non só ían contra o orgullo de seus pais, senón contra o honor familiar. As leis sinalaban que eran os pais ou os parentes os encargados de castiga-la muller que cometera algún delicto estando solteira, prometida ou casada. O caso máis grave era cando o pai sorprendía á súa filla realizando o acto sexual no fogar familiar. Nestas circunstancias o pai podía matar á súa filla e ó amante dela, ou ben, se optaba por perdoárlle-la vida, podía tratalos ó seu antollo. Despois da morte do pai, o castigo corría a cargo dos irmáns varóns ou dos tíos paternos da muller. Estes delitos eran os únicos que privaban do dereito a herdar.

As escravas. A sociedade visigoda organizouse arredor dunha rixida estratificación de clases, configurada polas persoas libres importantes ou nobres (*potentiores, honestiores*), por persoas libres correntes (*ingenuus*) e polos escravos (*serui, ancillae, mancipia*). Esta última clase social non era homoxénea, senón que formaban parte dela os colonos que serviran a amos romanos, os rapaces expósitos, os escravos mercados, os libertos que perderan o seu status por cometer delitos contra a familia do seu patrón, os que foran castigados pola lei coa perda de liberdade, ben polos delitos cometidos ben porque non puideran facer fronte ás súas débedas.

Tampouco foi uniforme a sorte de tódolos escravos, xa que algúns tiveron enorme poder, como por exemplo os escravos da coroa, que levaron a cabo importantes tarefas de administración e goberno, ou como os *serui idonei*, é dicir, os escravos da familia que desempeñaron tarefas de confianza. Estes eran os administradores dos demais escravos da casa, a criada da dona, o substituto xudicial, a concubina, etc. Os menos favorecidos foron os *serui uilissimi* ou *inferiores*, ós que lles correspondían as tarefas máis duras domésticas ou agrícolas.

Moitos escravos, sobre todo o grupo configurado polos antigos colonos, traballaban a terra sen estar suxeitos ó control directo do seu señor; incluso podían te-lo seu propio *peculium*, consistente en terras, casas, animais e outros escravos, que podían ter adquirido por ganancias persoais ou por medio de heranzas. Sen embargo, non tiñan o dereito de dispor libremente dos seus bens, senón que estaban suxeitos á decisión dos seus amos.

Os escravos tiñan unha personalidade xurídica independente contemplada pola lei, que castigaba severamente os delitos contra os escravos e o seu *peculium*, aínda que foran cometidos por homes libres. A razón débese a que en realidade eran considerados unha posesión máis do seu señor. A Igrexa xamais se manifestou en contra da escravitude, pois estaba dominada por un forte prexuízo moral que consideraba a depravación moral do escravo como consubstancial á

súa condición. Esta idea subxace nas leis que prohibían ó escravo prestar testemuño, ou que castigaban tanto a insolencia non provocada dos escravos cos libres, coma as relacións sexuais entre membros das dúas clases (nas que sen embargo non se penaba a relación do amo cunha das súas propias *ancillae*).

A lei prevía a manumisión dun escravo; é dicir, que se lle puidera outorgala liberdade. Esta condición de *libertus* podía conseguirse porque se castigaba ó seu amo con esta sanción debido a algún delicto cometido, porque se recompensaba ó escravo por algún servizo prestado, ou pola simple vontade do seu amo.

Neste último caso, a manumisión só podía ser exercida polo amo que posuía dereitos exclusivos sobre o escravo. A liberación realizábase a través de disposicións testamentarias, ben por medio dunha escritura, ben ante testemuñas, de xeito que estas tiñan efecto trala morte do amo; ou aínda a través do outorgamento dunha escritura de manumisión, que o amo lle entregaba ó escravo en presenza dun sacerdote ou diácono e de dúas ou tres testemuñas. Deste último procedemento consérvanse dous interesantes documentos de Celanova de manumisión de escravas musulmanas.

A manumisión reportaba ó liberto o dereito de dispoñer libremente dos bens que se adoitaban conceder no momento da liberación, a non ser que houbera algunha cláusula restrictiva no documento. Con todo, a manumisión podía ser revogada polo antigo amo, alegando ingratidade ou incumprimento das condicións pola parte do seu liberto.

Disposicións xerais sobre a muller

Neste parágrafo proporcionaremos só a tradución do enunciado dos libros, títulos e cláusulas que fan referencia á muller, tanto libre coma escrava. Como se poderá comprobar, estas disposicións regulaban tódolos aspectos da vida cotiá, xa que van desde o dereito a presentarse a xuízo ata a protección do honor da muller na visita do médico. A edición do texto latino que se segue é de Zeumer (1973).

TÍTULO 3: *Sobre os demandantes e os demandados*

Cláusula 6: Que unha muller non emprenda unha causa por encargo; sen embargo é lícito que poida expoñe-la súa propia.

Libro II: Sobre os procesos das causas.

TÍTULO 1: *Sobre as disposicións nupciais*

Cláusula 1: Que sexa lícito unirse en matrimonio tanto a unha romana cun goda como a unha goda cun romano.

Cláusula 2: Se unha moza casa en contra da vontade do seu pai, aínda que estivera prometida a outro.

Cláusula 3: Non se poden reclama-las arras entregadas.

Cláusula 4: Que as mulleres maiores non se desposen con varóns menores de idade.

Cláusula 5: Sobre a cantidade de bens que deben compoñe-lo dote.

Cláusula 6: Que o pai esixa e conserve o dote da súa filla.

Cláusula 7: Que, unha vez falecido o pai, a decisión sobre o matrimonio dos fillos de ámbolos sexos pase á potestade da nai.

Cláusula 8: Se os irmáns difiren da voda da moza, ou se a moza realiza anticipadamente unha voda deshonesta.

Cláusula 9: Que non se realice o matrimonio sen dote, e que se teña a certeza de que cousas compoñen o dote¹².

Libro III: Sobre o matrimonio.

TÍTULO 2: *Sobre matrimonios ilícitos.*

Cláusula 1: Se unha muller contrae matrimonio antes de transcorrido un ano despois da morte do seu home.

Cláusula 2: Se unha muller libre se une ó seu propio escravo ou liberto.

Cláusula 3: Se unha muller libre mantén relacións co escravo doutro, ou se un home libre as mantén coa escrava doutro.

Cláusula 4: Se unha liberta se une ó escravo doutro, ou un liberto á escrava doutro.

Cláusula 5: Se alguén une a súa escrava co escravo doutro, ou a escrava doutro co seu escravo.

Cláusula 6: Se unha muller toma outro marido, estando ausente o seu.

Cláusula 7: Se un amo casa os seus escravos, dicindo que son libres, con mulleres libres.

Cláusula 8: Se unha muller libre casa cun marido libre en contra da vontade dos seus pais.

Libro III: Sobre o matrimonio.

TÍTULO 3: *Sobre o rapto de virxes e viúvas.*

Cláusula 1: Se un home libre rapta unha muller libre, aínda que ela perda a súa virxindade, que non sexa válida esa unión.

Cláusula 2: Se por vontade do raptor os pais puideran rescata-la moza.

Cláusula 3: Se os pais consenten ó raptor casar coa moza.

Cláusula 4: Se os irmáns dan o consentimento ó raptor estando vivo ou morto o pai.

Cláusula 5: Se un rapta a prometida doutro.

Cláusula 6: Se alguén asasinase ós raptos.

Cláusula 7: Despois de que tempo é lícito acusa-lo raptor.

Cláusula 8: Se os escravos raptasen unha muller libre.

Cláusula 9: Se un escravo raptase unha liberta.

Cláusula 10: Se un escravo raptase a escrava doutro.

Cláusula 11: Sobre os sedutores de fillas e esposas doutros.

Cláusula 12: Sobre o homes libres e escravos, dos que se ten constancia que se benefician co rapto.

Libro III: Sobre o matrimonio.

¹² Este é o texto da revisión de Ervixio, pois o texto de Recesvinto só ordenaba “Que se teña certeza de que cousas compoñen o dote”.

TÍTULO 4: *Sobre os adulterios.*

Cláusula 1: Se a esposa, con ou sen o seu consentimento, cometera adulterio con outro home.

Cláusula 2: Se se sabe que unha virxe ou unha prometida cometeron adulterio.

Cláusula 3: Sobre o adulterio da esposa.

Cláusula 4: Se o adúltero ou a adúltera son asasinados.

Cláusula 5: Se o pai ou os parentes matan á filla adúltera no propio domicilio.

Cláusula 6: Que non se permita ós escravos mata-los que fosen descubertos en adulterio.

Cláusula 7: Se unha moza ou unha viúva fora ó domicilio doutro para cometer adulterio e o varón quixera casar con ela.

Cláusula 8: Se unha muller libre se une por propia vontade a un varón para cometer adulterio.

Cláusula 9: Se unha muller libre se une ó home doutra para a ignominia do adulterio.

Cláusula 10: A causa do adulterio dos seus amos poderán ser torturados no seu lugar os seus escravos e escravas.

Cláusula 11: Se se concede o dereito de liberdade para oculta-lo crime do adulterio.

Cláusula 12: Sobre os bens dos esposos adúlteros.

Cláusula 13: Sobre as persoas ás que se lles permite denuncia-lo adulterio, o que se lles ordena que investiguen e demostren.

Cláusula 14: Se se descobre que un home libre ou un escravo deshonrou co adulterio pola forza a unha virxe ou viúva libres.

Cláusula 15: Se se demostra que un home libre ou un escravo, sen sabelo o seu amo, cometeu adulterio coa escrava doutro consentíndoo ela.

Cláusula 16: Sobre o adulterio dunha escrava, se se proba que o adúltero a obrigou pola forza.

Cláusula 17: Sobre prostitutas libres ou escravas, ou se os xuíces non quixeran investigar ou corrixi-los seus delictos.

Cláusula 18: Sobre as corrupcións de sacerdotes e ministros.

Libro III: Sobre o matrimonio.

TÍTULO 5: *Sobre incestos, apóstatas e homosexuais.*

Cláusula 1: Sobre matrimonios e adulterios incestuosos.

Cláusula 2: Sobre matrimonios e adulterios incestuosos con monxas, viúvas e penitentes laicos e outras unións sórdidas.

Cláusula 3: Sobre varóns e mulleres que deshonran a tonsura e o hábito.

Cláusula 4: Sobre os estupros entre varóns.

Cláusula 5: Sobre os que violan o leito paterno e fraterno.

Cláusula 6: Sobre a especial fraude das viúvas que ten de ser reprimido.

Cláusula 7: Sobre os sodomitas e con que sentenza condenatoria teñen que ser castigados.

Libro III: Sobre o matrimonio.

TÍTULO 6: *Sobre os divorcios de esposos e separación de desposados.*

Cláusula 1: Se unha muller ten que soportar xusta ou inxustamente o divorcio do seu home.

Cláusula 2: Que entre cónxuxes non haxa divorcio.

Cláusula 3: Que entre desposados non haxa separación.

Libro III: Sobre o matrimonio.

TÍTULO 2: *Sobre as sucesións*

Cláusula 1: Que as irmás e irmáns teñan os mesmos dereitos na herdanza dos pais.

Cláusula 2: Que na sucesión da herdanza dos pais os fillos (homes e mulleres) sexan os primeiros (en ter dereitos).

Cláusula 3: Se non houbera herdeiros directos de grao superior (pai ou nai), ou inferior (fillo ou filla), que as partes da herdanza recaian nos parentes de liña lateral (irmán ou irmá).

Cláusula 4: Quen pode acceder á herdanza dos que non manifestaron a súa vontade nin por escrito nin diante de testemuñas.

Cláusula 5: Sobre a sucesión de irmáns e irmás ou dos que naceron de distintos pais.

Cláusula 6: Se os que morren deixan avós ou avoas.

Cláusula 7: Se os que morren deixan irmás do pai ou da nai.

Cláusula 8: Se os que morren parece que deixan fillos pola parte do irmán ou irmá.

Cláusula 9: O que en toda herdanza debe recibi-la muller.

Cláusula 10: Que en toda herdanza a muller reciba a súa parte; e o que ten que obte-lo que está máis próximo na sucesión e precede en grao de parentesco.

Cláusula 11: Sobre a sucesión do marido e a esposa.

Cláusula 12: Sobre a herdanza de cregos e monxes.

Cláusula 13: Que os fillos se manteñan baixo a potestade do pai trala morte da nai; e que convén que o pai faga cos bens dos fillos.

(*Adición de Recaredo*: Que os fillos permanezan protexidos baixo a potestade do pai trala morte da nai, aínda se o pai casara cunha madrastra; e que convén facer ó pai cos bens dos seus fillos segundo a disposición da lei anterior).

Cláusula 14: Se a nai permanece viúva, que faga repartimentos idénticos entre os seus fillos; e que convén que a nai faga cos bens dos seus fillos.

Cláusula 15: Que a esposa non reclame para si o que o marido logrou adquirir xunto cos seus escravos.

Cláusula 16: Sobre o que o esposo e a esposa puideran adquirir unha vez constituído o matrimonio.

Cláusula 17: Sobre o menor de idade e como pode facerse coa herdanza.

Cláusula 18: Como os pais poden obte-la herdanza do menor de idade.

Cláusula 19: Sobre os fillos póstumos.

Cláusula 20: Que o que non deixara fillos teña a potestade de facer cos seus bens o que desexe.

Libro IV: Sobre a relación de parentesco.

TÍTULO 5: *Sobre os bens naturais*

Cláusula 1: Sobre os fillos, que non han ser desherdados, e que disposición farán os pais das súas posesións.

Cláusula 2: Sobre que parte do seu dote lles é lícito dispor ás mulleres.

Cláusula 3: Do que deron os pais no momento da voda.

Cláusula 4: Sobre os fillos nados de distintos pais e con que criterio dos pais han obte-la súa herdanza.

Cláusula 5: Sobre os bens que os fillos parece que adquiriron estando vivos o seu pai e maila súa nai.

Cláusula 6 (*Adición de Ervixio*): Sobre o castigo dos bispos que alegan ter saído fiadores durante tres anos dos bens que levaron das súas igrexas.

Cláusula 7 (*Adición de Ervixio*): Que os que foron manumitidos como servicio permanente á igrexa, non ousen sumarse ó matrimonio de persoas libres.

Libro IV: Sobre a relación de parentesco.

TÍTULO 2: *Sobre as doazóns xerais*

Cláusula 1: Que non teña validez a doazón feita pola forza.

Cláusula 2: Sobre as doazóns rexias.

Cláusula 3: Sobre os bens doados ó marido ou á esposa polo rei.

Cláusula 4: Sobre os bens entregados polo marido á esposa ademais do dote.

Cláusula 5: Sobre os bens concedidos polo marido á muller, e se a muller fora atopada culpable de adulterio.

Cláusula 6: Sobre os bens entregados ou doados por medio dun documento.

Cláusula 7: Sobre os bens intercambiados entre marido e esposa.

Libro V: Sobre transaccións.

TÍTULO 4: *Sobre intercambios e vendas*

Cláusula 4: Se non fose satisfeito o prezo das arras prometidas.

Cláusula 11: Sobre os homes e mulleres libres vendidos por un escravo ou por un home libre.

Cláusula 12: Non está permitido ós pais someter ós seus fillos baixo o dominio doutro por medio de ningún contrato.

Libro V: Sobre transaccións.

TÍTULO 1: *Sobre as acusacións de crimes*

Cláusula 3: Por que cousas e como han ser torturados os escravos ou escravas no lugar dos seus amos.

Libro VI: Sobre os castigos e torturas.

TÍTULO 3: *Sobre os que provocan partos humanos*

Cláusula 1: Sobre os que deran bebedizos para abortar.

Cláusula 2: Se un home libre fixera abortar a una muller libre.

Cláusula 3: Se unha muller libre animara a abortar a outra muller libre.

Cláusula 4: Se un home libre fixera malogra-lo embarazo dunha escrava.

Cláusula 5: Se un escravo provocara o parto dunha muller libre.

Cláusula 6: Se un escravo danara o feto dunha escrava.

Cláusula 7: Sobre os que asasinan os seus fillos nados ou non-nados.

Libro VI: Sobre os castigos e torturas.

TÍTULO 4: *Sobre o asasinato e a morte de homes*

Cláusula 13: Non é lícito que ninguén mutile algunha parte do corpo dun escravo ou escrava.

Cláusula 17: Sobre os parricidas e os seus bens.

Cláusula 18: Sobre os que matan ós seus consanguíneos.

Libro VI: Sobre os castigos e torturas.

TÍTULO 3: *Sobre os que usurpan e flaxelan escravos*

Cláusula 2: Se se descobre que un home libre flaxela un escravo ou escrava.

Libro VII: Sobre roubos e enganos.

TÍTULO 1: *Sobre médicos e enfermos*

Cláusula 1: Que o médico non se atreva a sangrar a unha muller en ausencia dos parentes desta.

Libro XI: Sobre enfermos, mortos e navegantes.

***Leges Visigothorum* e documentos galaicos sobre o matrimonio e o dote**

Neste capítulo darémo-la traducción das leis visigodas referidas ós bens que lle entregaba o marido á esposa (*Leg.* III, 1, 5 e V, 2, 4), así como os documentos galegos que fan referencia implícita ou explícita ás mesmas. Este feito implica a vixencia do código legislativo visigodo entre a nobreza galega a lo menos ata o século X. A edición do texto latino das leis é de Zeumer, 1973.

Posto que con frecuencia xorden opinións contrarias sobre o dote entre os que se van desposar, fágase un decreto para a utilidade de todos, de xeito que a disposición evidente deste asunto non deixa xa nada na incerteza. Resolvemos e determinamos, pois, por medio da sanción desta lei, que ha de gardarse no futuro, que calquera entre os primados do noso pazo ou señores do pobo godo que pedira para o seu fillo a filla doutro ou unha orfa, para ser unida en matrimonio, ou ben algunha das mencionadas ordes a elixira para si desexándoa como esposa, que ningún dea ou escriture no documento de dote o nome da moza ou muller máis do que constitúe a décima parte de tódolos seus bens. Ademais, se acontecera que calquera dos pais escriturase o dote en favor do seu fillo a nome da nora, que dea como dote á muller ou moza que vai ser entregada en matrimonio a décima parte do que lle puidera corresponder ó fillo despois da morte dos seus pais; *e ademais deberá dar dez escravos, dez escravas, vinte cabalos e a suma de mil soldos para o seu adorno*¹³. Se a muller tomada en matrimonio non deixara fillos, ha saber que ten licencia para face-lo que queira libremente con todos estes bens; pero se morrera sen facer testamento, esta doazón ha volver ó seu home ou ós parentes do seu home. Non será lícito en diante ós pais das mozas, nin tampouco á moza ou esposa pedir ó esposo ou ós pais do esposo, nin desexalo, que se escriture ó seu nome, a non se-lo que agora a institución desta lei determina. Segundo o que recoñecemos que foi decretado polas leis romanas, *a moza ou muller poderá dar ó esposo tantos bens cantos ela mesma reclama que lle sexan dados*¹⁴ [...].

Certamente se o varón, unha vez transcorrido un ano de matrimonio, quixera doar algo á esposa por amor ou por regalo de matrimonio, terá licencia absoluta para facelo. Así pois, antes de transcorrido un ano de matrimonio nin o home á muller, nin a muller ó home, poderán facer documento de ningunha outra doazón a non se-lo do dote, como se sinalou máis arriba, a non ser que sospeitaran un inminente perigo de morte por unha grave enfermidade [...].

Dada e confirmada a lei o día 13 de xaneiro do ano 689¹⁵.

LEI III, 1, 5: Sobre a cantidade de bens que han compoñe-lo dote¹⁶
(Zeumer, 1973: 126-130).

13 Esta mesma restricción é recollida pola *Formula Visigotica*, n.º 20, titulada *Dotis formula exametris conscripta*. Véxase Gil, 1991: 92.

14 Ervixio recoñece que se podía supera-lo límite de regalos establecidos pola lei se a prometida facía unha doazón ó noivo, equivalente ó valor dos bens que superaban o límite fixado.

15 A promulgación de Recesvinto leva data do 13 de xaneiro do ano 645.

16 Esta lei foi promulgada por Recesvinto e corrixida posteriormente por Ervixio.

Se unha muller ademais do dote aceptara en calquera momento a doazón pola parte do seu home de calquera ben, acadado por el a través dunha doazón ou dunha liquidación, e se fosen procreados fillos polo matrimonio, a muller terá a posesión deses bens ata o día da súa morte segundo a súa vontade ou as disposicións que fixera o testador, e poderá face-lo que queira coa quinta parte deses bens. Do mesmo xeito que o propio testador que testou iso tivo a potestade de vender e utiliza-los beneficios obtidos, así tamén aquela que chegou á posesión por este procedemento, terá esa potestade sobre tódalas cousas, mentres viva, e sen ningún xeito de inquietude nin vacilación servirase deses bens. Aínda cando o propio testador non fixera ningunha observación especial no seu testamento arredor deses bens, despois da súa morte tódalas posesións pasarán, integramente ós fillos procreados polo propio marido, e por ningún motivo a esposa tente entregar a outra persoa allea nada, salvo a quinta parte, como xa se dixo. Pero se o matrimonio non procreara fillos, a muller terá a libre potestade para face-lo que queira cos bens que lle foran doados xunto coas ordes dispostas polo testador. Polo demais, se a esposa morrera sen facer testamento, volva ó home a doazón, se el lle sobrevive. Pero se o home morrera antes, esta doazón pertencerá ós herdeiros do marido que fixo a doazón. Dispoñemos con respecto ós maridos unha norma semellante de garda-los bens que recibiran en doazón das súas esposas en calquera momento.

LEI V, 2, 4: Sobre os bens entregados polo marido á esposa, ademais do dote¹⁷ (Zeumer, 1973: 211-212).

Escritura de doazón feita por Sisnandus en favor da súa esposa Eldontia o 29 de abril do ano 887. Entre as testemuñas que asinan o documento hai varias mulleres. O texto latino é sintacticamente escuro, pero os tópicos preliminares son un trazo característico, como poñen de manifesto non só as *Fórmulas visigóticas* de entrega do dote (Gil, 1991: n^{os}. XIV-XX), senón tamén os dous documentos de Celanova recollidos máis adiante.

No nome de Deus. Eu, Sisnandus, a ti docísima esposa miña. Conseguindo para min o teu matrimonio por gracia divina, segundo os costumes da futura esposa, e desexando ardentemente vivir contigo e facerte unha esposa feliz, preferín prometerme cunha nobre familia e elixi-lo teu amable consentimento, na liñaxe onde brilla o esplendor da súa nobreza e resplandece a beleza na fermosa honestidade dos homes. Por todo iso, a causa do extraordinario de tan grande solemnidade, elixín o inviolado pudor da túa virxindade. Damos e concedemos á túa dozura a título de dote dez mozos, que son: Fromarigus, Petrus, Betotus, Recaredus, Malulus, Feles, Marcitus, Exela, Severinus e Lopellus; tamén dez mozas, que son: Teodesinda, Malucca, Exilo, Gonza, Rosalía, Domnina, Guncina, Oihenia, Ansoi e Pinniola; vinte cabalos e unha besta coa súa sela e o seu freo adornado, cincuenta eguas, cen vacas, vinte parellas de bois e cincocentas ovellas comúns; para adornos e vestidos catrocentos soldos; ademais de trinta vilas, que son: no termo de Nemitos, Genrozo, Viventi, Calibre, Vendabre, Pontelia, Teoderici, Heletos, de sobrenome Limenioni, Crendes e Vilar-Porcimilio; no termo de Montanos, Laureda de San Pedro, Vilar-

¹⁷ Sucede o mesmo que coa lei anterior.

Barvarios, Camba, Vilamaior, Gaffoni; en Presares: Idstartidoni, Vilar-Mandeo, Codessoso e Lagoa de Santa Eulalia; en Castella, Vila-Trasarici da Igrexiña Pinzare, Dornelles, Cusanca, Verduzedo, Bitolainos, Sandurci de Galegos, Castanaria, Pescoso, Indeza, Paraiza, Pastoriza, Navego e Asma. Ademais, *[douche] a décima parte de todo o meu.*

Así, deste xeito, todo o que enumeramos máis arriba, inscribímolo ó teu nome e doámoscho neste documento de dote, para que desde hoxe en diante o tomes, teñas e posúas, e deixes ós nosos fillos nados deste matrimonio, e concédoche a potestade de facer e dispor disto como desexes. Se alguén, o que non creo posible, se manifestase en contra do que acabo de facer, que che pague o enumerado anteriormente duplicado e triplicado, e canto fora mellorado por ti, para que o teñas para sempre.

Feito este documento de dote e doazón o tres das calendas de maio da era 935 (29 de abril de 887), sendo rei o príncipe don Alfonso.

Heustoca, confesor [signum]¹⁸; Sisnandus, que quixo facer este documento, asina coa súa propia letra, confesor [signum]; Abade Cissila, confirmante [signum].

Uniscus, testemuña; Herus, testemuña; Abade Hermiles, testemuña; Fofus, testemuña; Xemundus, testemuña; Exica, testemuña; Fafianus, testemuña; **Sisegundia**, testemuña; Lucidus, testemuña; Presbítero Exica, testemuña; Avolinus, testemuña; Aldoretas, testemuña; Hermenexildo, testemuña; Breto, testemuña; **Fredenanda**, testemuña; Galendus, testemuña; Brettus, testemuña; Froila, testemuña; Refulfus, testemuña; Iunze, testemuña; Teodomiro, testemuña; **Gundixeva**, testemuña; **Nunnilo**, testemuña; **Flamula**, testemuña; **Ailo**, testemuña; Goldegrogo, testemuña; **Fredenanda**, testemuña.

Redactouno o presbítero Uianamundus [signum].

Documento de Sobrado dos Monxes, nº. 111
(Loscertales, 1976: 146-47).

Escritura de doazón de dote feita polos que van se-los pais de san Rosendo, é dicir, o conde Gutier e a súa esposa Ilduara o día 18 de agosto de 916. Neste caso, o prometido fai entrega dun dote maior que o recoñecido pola lei, como se di expresamente no documento. O texto ademais é un bo testemuño do período da Reconquista, xa que tamén se alude ás batallas que se van librar contra os árabes.

No nome de Deus. Eu, Gutier, a ti esposa miña, Ilduara, no nome de Deus saúde eterna. Importante é o documento de doazón polo que ninguén pode romper a promesa do regalo que se fai nel; pero se ademais se ofrece con ánimo ben disposto e vontade favorable, sempre é aceptado de mellor grao. Por iso dóoche a ti, a mencionada Ilduara, eu, o mencionado Gutier, a vila completa que chaman Cordovarium, no territorio astur, que foi fundada nas ribeiras do río Arancun, con tódolos seus arredores e tódolos seus tributos. No territorio galaico, dóoche a vila que chaman de Portomarín, nas mesmas condicións que a anterior, con tódolos

18 Con esta palabra latina indicase que detrás do nome atópase a sinatura.

seus arredores e os seus tributos [...]. Así mesmo engado por medio desta escritura de doazón canto puidera gañar e unir ó dote matrimonial, ademais do que no futuro e ata a miña morte poida gañar e incrementar gracias á magnificencia do rei; a metade, pois, de campos, gando, prata e servos -incluso de orixe árabe-, *que non che corresponderían segundo a lei dos godos* (ver Lei III, 1, 5), dóocha e concédocha a ti e ós teus descendentes. De xeito que, desde hoxe e no tempo que [...] sexa confirmada no teu poder e dominio [...]»¹⁹.

Feita esta carta de doazón o 15 das calendas de setembro (18-agosto-916?).

Gutier, que quixen facer esta doazón e que, despois de lela, asineina pola miña man.

Baixo o nome de Cristo: Asuri, confesor, bispo pola gracia de Deus; Gutier Osoriz, confesor; Quintila Suariz, confesor; Rudericus Menendiz, confesor; Analsus Suariz, confesor; Arias Menendiz, confesor; Suarius Suariz; Romarigus Sisnando, confesor; Gudinus Gundesalvi, confesor. O notario Gundemarius escribiu esta carta na vila de Peraria.

Documento de Celanova, n.º 576
(Andrade, 1995: 664-65).

Escritura de doazón de dote feita por Gunterigo en favor da súa esposa Gontrode o 24 de setembro de 926.

No nome de Deus. Eu, Gunterigo, a ti docísima esposa miña, Gontrode, saúde no Señor. Dado que todo o humano, que nace da boa vontade, recoñécese como inspirado polo pensamento de Deus; por iso é ben sabido que por divino mandato hase manifesta-la boa disposición dos contraentes. Así, consentíndome os meus en calidade de persoas libres, pedín que ti, docísima miña, te uniras a min en matrimonio. Por tal motivo, a causa do meu amor cara á túa dozura e pola gracia e o pacto conxugal, douche o concédoche neste título de doazón dez mozos, cos nomes Airigo, Argemiro, Muza, Grasulfo, Agilano, Honorigo, Ceto, Gresulfo, Vilieulfo y Ermiarío; dez mozas: Xulia, Asulfiz, Adosinda, Gundina, Amira, Aragonti, Buzaaca, Berildi, Teodili e Placia; dez cabalos, un dos cales [...]»²⁰. Sendo firme e permanente este título de dote no seu valor e perpetua validez.

Feita a escritura de dote e doazón o día oito das calendas de outubro. Era de 964 (24-setembro-926).

Gunterigo, feita por min esta escritura de dote e doazón.

Munio, confesor; Eldontia, confesor; Ero Fredenandi, confesor; Gundesindus Didaci, confesor; Armentarium Siloni.

Documento de Celanova n.º 577
(Andrade, 1995: 665-66).

¹⁹ A partir deste punto o texto está incompleto, pero gracias a algunhas palabras e frases soltas despréndese que por unha banda Gutier lle concede á súa esposa, de acordo coa lei, a potestade de dispor libremente dos bens do dote, e por outra, que ameaza con penas de excomuñón a calquera que tentara invalidar este documento, como era usual nas fórmulas finais.

²⁰ A partir de aquí o texto ofrece moitas lagoas a causa do mal estado do pergameo. O contido desta parte final incluía a enumeración das vilas doadas, a confirmación da posesión dos bens entregados á muller e as fórmulas finais da escritura.

Ermexildo e a súa muller Eldonza doan ó abade de Samos, Mandino, e á súa comunidade o mosteiro familiar de San Salvador de Rarxa, fundado por eles, así como outras vilas e igrexas. Un dos motivos alegados para facer esta doazón é a falta de descendentes directos (fillos e fillas), polo cal recorren á Lei Visigoda, que citan textualmente, para recordar que ó careceren de herdeiros, a lei permitíalles dispor libremente de tódolos seus bens.

Ós señores invictos e triunfadores, ós santos mártires san Xían e Basilisa; a santa María sempre virxe; e a santa Eufemia virxe e ós seus compañeiros e á reunión de tódolos Apóstoles e Santos, a quen foi adicada a basílica de Samos, no territorio de Galicia, por onde pasa o río Sarria, na diocese lucense.

Eu, o voso humilde servidor Ermexildo, de apelido Menendus, e a miña esposa Eldonza, mentres estivemos unidos en matrimonio durante moitos anos, dispuxemos entre nós dos nosos bens, pero, dado que non tivemos fillos que herdasen tódalas nosas pertenzas, por este motivo as vilas, os servos e servas, o ouro e a prata, as igrexas e tódolos nosos bens, que están en préstamo para os homes, e dos que gozamos ó longo da nosa vida, decidimos que despois da nosa morte tódalas nosas posesións pasen ó mosteiro de Samos, como ensina a lei gótica, que no libro III, título II, capítulo XX di: “Que o que non deixase fillos, teña a potestade de facer cos seus bens o que desexe” (Zeumer, 1973: 189); e no libro V, título II, capítulo III, dise do mesmo xeito: “Se o home desexara facer á súa esposa doazón de calquera persoa ou cousa, teña a libre potestade de facelo” (Zeumer, 1973: 211). Segundo isto, fíxoseme un documento para que eu dispóra desas vilas e igrexas, así como de tódalas nosas posesións, como fora a miña vontade [...].

Por todo isto, nós, os mencionados Ermexildo e Eldonza, pois estamos oprimidos polo peso dos nosos pecados, e aspiramos á esperanza e a fe dos santos, para que merezamos reconciliarnos cos santos de Deus a través de vós, ofrecemos ó mosteiro xa mencionado de Samos as vilas antes sinaladas, que están no val do Sarria, e que foron dos nosos pais, dos nosos avós e dos nosos bisavós, e que nós puídemos aumentar, é dicir: a vila de Varzena, onde fundámo-lo noso mosteiro e coa axuda de Deus dotamos cos nosos bens [...].

Por todo isto, eu Menendus Roderici e a miña esposa Eldonza, en plenas facultades mentais, movidos pola nosa propia vontade e o medo ó inferno e ó gran xuízo do derradeiro día, concedemos tódolos nosos bens, é dicir, vilas, escravos, ouro, prata, gando, o mosteiro familiar de Varzena con tódolos seus arredores, como xa se dixo máis arriba neste testamento. Ofrecemos todo o antedito ó mosteiro de Samos en favor da salvación das nosas ánimas, dos nosos pais e parentela, para que sirvan de axuda dos irmáns e monxes que alí viviran en vida santa ata o final dos seus días; e os propios príncipes e pontífices que o leran en público reciban unha mercede semellante diante da clemencia de Deus.

Por este motivo, calquera de entre os nosos parentes de tempos vindeiros, de entre os cregos ou os laicos, ou calquera home de calquera condición, que tentara vir manifestarse contra a escritura deste testamento, en primeiro lugar que sexa excomulgado do corpo e o sangue do Noso Señor Xesucristo, e perda as dúas luces do seu rostro, e purgue a súas penas no inferno con Xudas o traidor; e ademais pague como castigo temporal dúas libras de ouro. Este testamento ha ter unha firme validez polos séculos.

Feita a escritura do testamento de Varzena, dos seus arredores e dos seus escravos en favor do mosteiro de Samos e de vós, o cinco das calendas de marzo. Era XVI (25-febreiro-978).

Eu, Ermexildo, apelidado Menendus Roderici, e a miña esposa Eldonza, asinamos coas nosas propias mans este testamento, que antes nos foi lido.

Reinando o glorioso príncipe Ranemiro, que tamén asina.

Diego Rodrigo, confesor; Odarius Menendi, confesor; Guterrus Guterriz, confesor, Alvitus, abade confesor; Tanitus, abade confesor; Flazentius, abade confesor; Martinus, testemuña; Suerius, testemuña; Adala, testemuña.

Documento de Samos nº. 132
(Lucas, 1986: 288-290).

2. A muller na lexislación eclesiástica

A relación de concilios, xerais ou provinciais, nas actas dos cales se recollen canons destinados á organización da vida das mulleres é a seguinte: Elvira, ca. 300-306; Toledo I, ca. 397-400; Braga I, a. 561; Braga II, a. 572; Toledo III, a. 589; Toledo IV, a. 633; Toledo VI, a. 638; Toledo X, a. 656; Braga III, a. 675; Toledo XII, a. 681. O tipo de disposicións conciliares foi variando co paso do tempo. Así, nun primeiro momento abordáronse todo tipo de cuestións (sociais, morais, etc.); sen embargo, debido á gradual conexión entre Igrexa e Estado en época visigoda, os canons limitáronse a regular aspectos da vida eclesiástica, xa que as demais cuestións quedaban recollidas no código civil que a Igrexa sancionaba co seu visto e prace. Imos da-la traducción de tódolos títulos de canons referidos ás mulleres, pero só se vai da-la traducción completa dos textos que conteñan algunha peculiaridade destacable.

A parte final deste capítulo está adicada ás disposicións específicas contra a herexía do Priscilianismo rexistradas nos concilios hispánicos e ás novas achegadas por Sulpicio Severo (363-425). A presenza de mulleres nas ringleiras priscilianistas foi un dos aspectos que máis chamou a atención dos seus contemporáneos, porque se dicía que elas foran as primeiras e máis fieis seguidoras. Non era inusual que as mulleres tiveran acceso á lectura e á vida ascética, denominador común das comunidades priscilianistas e católicas inspiradas por pais da Igrexa como san Xerome ou santo Agostiño; o que se separaba da ortodoxia era o rexeitamento do matrimonio pola parte dos priscilianistas e a súa defensa de comunidades mixtas. Este valeu para que os seus detractores centrasen os seus ataques na acusación de depravación moral e sexual, que se foi convertendo nun dos eixes da lenda negra desta corrente herética (Chadwick, 1976; Ferreiro, 1993).

O Concilio de Elvira (ca. 300-306) celebrouse pouco despois do Concilio de Nicea, con canons que inspiraron as actas emanadas deste primeiro concilio hispánico. Estiveron presentes dezanove bispos, un dos cales foi Decencio, bispo de León, metropolitano da Gallaecia, e vinteseis presbíteros, entre os que se atopara Luxorio de Braga. Neste sínodo, no que se promulgaron oitenta e un canons, prestouse unha especial atención á erradicación da idolatría pagá e das prácticas heréticas. Con todo, chama a atención o elevado número de disposicións que afectan á vida das mulleres. Imos da-lo título dos devanditos canons, pero só imos desenvolver tres, que poden resultar máis curiosos: o 27, o 35 e o 81.

Canon 5: Se a dona alporizada matase á súa escrava.

Canon 8: Das mulleres que abandonan ós seus homes e casan con outros.

Canon 9: Das mulleres que abandonaron ós seus homes adúlteros e se unen con outros.

Canon 10: A abandonada por un catecúmeno se casase con outro.

Canon 11: Da catecúmena que enfermase repentinamente.

Canon 12: Das mulleres que exercen o lenocinio.

Canon 13: Das virxes consagradas a Deus, se cometesen adulterio.

Canon 14: Das virxes segrares que fornicasen.

Canon 15: Do matrimonio con aqueles que proceden da xentilidade.

Canon 16: Que as mozas fieis non casen con infieis.

Canon 17: Daqueles que casen os seus fillos con sacerdotes xentís.

Canon 27: Os cregos non teñan nas súas casas mulleres estrañas.

O bispo ou calquera outro crego só teña consigo a irmá ou a filla consagrada a Deus; muller estraña non teña consigo de xeito ningún.

Canon 33: Que os bispos e ministros se absteñan das súas esposas.

Canon 35: Que as mulleres non velen nos cemiterios.

Prohíbese que as mulleres velen nos cemiterios, pois moitas veces baixo o pretexto da oración cométese ocultamente graves delitos.

Canon 45: Das meretrices pagás que se converten.

Canon 63: Das mulleres que dan morte ós fillos adulterinos.

Canon 64: Daquelas mulleres que ata a hora da morte viviron cos homes doutras.

Canon 65: Das mulleres adúlteras dos cregos.

Canon 67: Do matrimonio dos catecúmenos.

Canon 68: Da catecúmena adúltera, que mata o seu fillo.

Canon 70: Das mulleres que sabéndoo os seus homes cometen adulterio.

Canon 72: Das viúvas pecadoras se casan con aquel co que pecaron.

Canon 81: Das cartas das mulleres.

Que as mulleres non se atrevan a escribir ós segrares no nome propio, senón máis ben no dos seus maridos. E as que están bautizadas, non reciban cartas de amizade de alguén, dirixidas a elas soas.

Concilio de Elvira, ca. 300-306.

(Vives, 1963:1-15).

O Concilio de Toledo I (ca. 397-400) contou coa presenza de dezanove bispos, un dos cales foi Exuperancia de Galicia, do distrito lucense, municipio de

Celenis. O obxectivo do concilio foi dobre, xa que, por unha banda, tentouse unificar criterios á hora de ordenar cregos, seguindo os decretos do concilio de Nicea; e, por outra, promulgouse unha sentenza contra os seguidores de Prisciliano e os seus escritos heréticos. Imos da-lo título de tódolos canons referidos ás mulleres, pertencentes á primeira acta do concilio, desenvolvendo só aqueles que poidan resultar máis curiosos, como a prohibición dos canons 6 e 9, que pode estar remitindo ás priscilianistas, ou a autoridade do esposo crego sobre a esposa adúltera, recoñecida polo canon 7. As disposicións concretas referidas ó priscilianismo resérvanse para o apartado correspondente a esta corrente herética.

Canon 3: Daqueles que casaron con viúvas, que non sexan nomeados diáconos.

Canon 4: Que o subdiácono, se morta a esposa casare con outra, sexa reducido a ostiario²¹.

Canon 6: Que a relixiosa nova non teña familiaridade cos varóns.

Támén se estableceu que a moza consagrada a Deus non teña familiaridade con varón relixioso, nin con calquera outro segrar, sobre todo se non é parente seu, nin asista soa a convites a non ser que se atopen presentes anciáns ou persoas honradas, ou viúvas e mulleres honestas, e onde calquera relixioso poida asistir honestamente ó convite en presenza de moitos. E respecto dos lectores²², mandamos que non deben ser admitidas nas casas destes, nin sequera de visita, a non ser que sexa irmá súa, consanguínea ou uterina.

Canon 7: Que o crego cunha esposa que teña pecado, teña potestade de castigala sen lle causa-la morte, e que non se sente con ela á mesa.

Tívose por ben que se as mulleres dos cregos pecasen con algún, para que en diante non poidan pecar máis, os seus homes poden, sen lles causa-la morte, recluílas e atalas na súa casa, obrigándoas a xexúns saudables, non mortais, de tal xeito que os cregos pobres se axuden mutuamente se acaso carecen de servidume, pero coas esposas mesmas que pecaron, non tomen nin sequera o alimento, a non ser que feita a penitencia volvan ó temor de Deus.

Canon 9: Que ningunha profesa ou viúva, en ausencia do sacerdote, cante na súa casa o oficio sacerdotal ou o lucernario²³.

Ninguha profesa ou viúva, en ausencia do bispo ou do presbítero, cantará na súa casa as antífinas con ningún confesor ou servo seu, e o lucernario non se lea se non é na igrexa, e se se le nalgunha casa léase en presenza do bispo, do presbítero ou do diácono.

Canon 16: Que se cometese adulterio a muller consagrada a Deus, faga penitencia durante dez anos. E se tomase marido, non sexa admitida a penitencia ata que non se teña separado do seu marido.

Canon 18: Se a viúva dun sacerdote ou do levita volvera casar, só recibirá a comunión ó final da súa vida.

Canon 19: Se a viúva relixiosa do sacerdote ou do diácono pecase, só recibirá a comunión ó final da súa vida.

Concilio de Toledo I, ca. 397-400.
(Vives, 1963: 19-33).

21 Orde menor, encargada de vixia-las portas e doutros traballos inferiores.

22 Segunda das ordes menores, a quen lle correspondía face-las lecturas na igrexa.

23 Réfírese ó oficio da tarde, ó de Vésperas.

O Concilio de Braga do ano 561 reuniuse por mandato do rei suevo Teodomiro, e nel estiveron presentes oito bispos da provincia eclesiástica da Gallaecia: Lucrecio, Andrés, Martín, Cota, Hilderico, Lucecio, Timoteo e Malioso. Os obxectivos deste concilio, segundo o expresado por Lucrecio, bispo da sé metropolitana bracarense, foron tres: por unha banda, tentouse xuntar criterios entre tódolos bispos e robustece-los vínculos de caridade fraterna entre eles; por outra, expuxéronse os catorce artigos da fe católica para contrarresta-la herexía priscilianista (véxase o parágrafo correspondente); e, por último, redactáronse vinte-dous canons sobre os oficios clericais, nos que hai só unha única referencia indirecta á participación das mulleres.

Canon 13: Onde se debe comungar. Ordénase que nin os segrares nin as mulleres comunguen dentro do altar.

Tamén se tivo por ben que non se permitira ós segrares entrar dentro do santuario do altar para recibi-la comunión, nin ós homes nin ás mulleres, senón soamente ós cregos, conforme está establecido nos antigos canons.

Concilio de Braga I, a. 561.

(Vives, 1963: 73-74).

O Concilio de Braga II do ano 572 tivo lugar durante o reinado do rei suevo Miro, e a el acudiron doce bispos da provincia da Gallaecia, tanto os do distrito bracarense como os do distrito de Lugo, cos seus metropolitanos: Martiño de Braga, Nitixio de Lugo, Remisol, Aechés, Lucecio, Adorico, Bitimer, Sardinario, Viata, Anila, Polimio e Mailoc. As actas recollen en total oitenta e catro canons, inspirados nas disposicións dos concilios dos pais da Igrexa de Oriente, para facelas efectivas nesta rexión. Así, os canons referidos expresamente á situación das mulleres proceden das disposicións orientais recollidos e seleccionados polo bispo Martiño de Braga. A razón argumentada no prefacio que antecede a estes canons é a de facer máis intelixibles os textos antigos, que foran incorrectamente traducidos ou que contiñan erros debido ó longo proceso de transmisión: *Canons dos concilios dos primitivos Pais orientais seleccionados polo venerable bispo Martiño e por todo o concilio bracarense, ou capítulos corrixidos onde se restauran as decisións arredor dos cregos e dos segrares separadamente a fin de que todo aquilo que os tradutores do grego ó latín expresaron escuramente e o que a negligencia dos copistas cambiou ou corrompeu, apareza reunido neste lugar máis clara e exactamente e así poida calquera atopar no capítulo correspondente o que se quixera saber.*

Canon 26: Daqueles que casan con viúvas ou divorciadas, ou se mesturan en malos consellos.

Se algún casase coa viúva ou divorciada doutro, non será admitido ó clero, e se se introduciu clandestinamente sexa botado. Do mesmo xeito, se fora consciente despois do bautismo, de homicidio ou por obra ou por mandato ou por consello, ou por consentimento, e chegase ó clericalo de xeito subrepticio, será expulsado e recibirá a comunión ó final da súa vida.

Canon 28: Daqueles con esposas que cometeran adulterio.

Se se collese á esposa dalgún en adulterio, o tal non sexa admitido de xeito ningún ó ministerio eclesiástico. Pero se despois da ordenación dalgún crego, a súa esposa fora adúltera despediraa e se prefire permanecer con ela, entón renuncie ó seu oficio.

Canon 29: Das viúvas dos cregos.

Se algunha viúva de bispo, ou presbítero, ou diácono, volvera casar, ningún crego, ningunha relixiosa, sente con ela á mesa, non comungue xamais, e soamente o sacramento verá na súa axuda á hora da morte.

Canon 30: Da filla do bispo, ou do presbítero, ou do diácono.

Se estivese consagrada a Deus e contraese matrimonio, e o seu pai ou a súa nai a acollesen con afecto, sexan estes privados de comunión; e que o pai saiba que ha render contas no concilio. E a muller mesma non será admitida á comunión ata que, morto o seu home, fixera penitencia. E se vivindo aínda este se separa del e fai penitencia e pedise a comunión, só a recibirá cando se atope na fin da súa vida.

Canon 31: Da muller consagrada a Deus que peca ou contrae matrimonio.

Non debe ser recibida na igrexa a muller consagrada a Deus que pecou, a non ser que deixase de pecar; pero a que deixara o pecado e fixese digna penitencia durante dez anos, recibirá a comunión. Sen embargo, antes de ser admitida na igrexa á oración, non sentará á mesa de ningunha muller cristiá, e se algunha a admitira, tamén a que a recibira será tida por excomulgada. Unha pena semellante sufrirá tamén o corruptor, e aquela que contraese matrimonio non será admitida á penitencia, a non ser que aínda en vida do marido vivise castamente, ou despois de que este pasara desta vida.

Canon 32: Das mulleres adoptivas ou subintroducidas.

Ningún bispo, nin presbítero, nin diácono, nin calquera outro do clero, terá de xeito ningún permiso de admitir na súa casa algunha muller como adoptiva, como se ocupase o lugar da filla, ou irmá ou nai, a non ser que se trate dunha verdadeira irmá segundo o sangue, ou dunha irmá do pai ou da nai, ou daquelas soas persoas que están exentas de toda mala sospeita. Do mesmo xeito prohibimos ás relixiosas a familiaridade e toda compañía de segrares non unidos a elas polos lazos do sangue, nin daqueles que non temen a Deus, nin observan as leis da continencia.

Canon 42: Que as mulleres non entren na sancristía.

Canon 43: Se un lector casase coa viúva doutro.

Se un lector recibise en matrimonio a viúva doutro, permanecerá no lectorado, e se acaso houberse necesidade, será feito subdiácono, pero nada máis. Do mesmo xeito se fose bígamo.

Canon 54: Das embarazadas que deben ser bautizadas.

Se algunha muller atopándose en estado desexara recibi-lo bautismo, poderá facelo cando queira, pois nisto nada comunica a nai ó fillo que vai nacer. Porque debe aparecer na profesión o desexo persoal de cada quen.

Canon 75: Non está permitido ás mulleres cristiás usar fórmulas supersticiosas non seus tecidos de la.

Non está permitido ás mulleres cristiás entregarse a algunha fórmula supersticiosa ó tece-la la, senón que invocarán ó Señor auxiliador que lles deu a arte de tecer.

Canon 76: Dos adúlteros.

Se a esposa doutro comete adulterio ou un esposo se unise coa muller allea, farán sete anos de penitencia.

Canon 77: Das mulleres pecadoras que abortan.

Se algunha muller fornicase e dese morte ó neno que como consecuencia nacesse, e aquela que tratase de cometer aborto e dar morte ó que concibise, e tamén se esforzase por evita-la concepción, sexa consecuencia do adulterio ou do matrimonio lexítimo, arredor destas tales mulleres decretaron os canons antigos que recibían a comunión á hora da morte. Nós, sen embargo, usando da misericordia, cremos que tales mulleres, ou os que foran cómplices das mesmas, deben facer dez anos de penitencia.

Canon 79: Da muller que casa cos dous irmáns e do home que o fai con dúas irmás.

Se algunha muller casase con dous irmáns ou algún home con dúas irmás, absteranse da comunión ata a hora da morte, pero ó morrer déaselle a comunión usando da misericordia. Pero se sobrevivira despois de ter recibido a comunión e convalecera da súa enfermidade, farán penitencia completa o tempo establecido.

Concilio de Braga II, a. 572.

(Vives, 1963: 94-106).

O Concilio de Toledo III (a. 589) reuniuse por mandato do rei visigodo Recaredo, e a el asistiron sesenta e dous bispos procedentes de toda Hispania e das Galias, para celebra-la conversión á fe católica dos visigodos e o abandono da doutrina ariana. Os bispos e cregos galaicos presentes no concilio foron: Pantarde, bispo de Braga, que asinou en nome de Nitixisio, bispo de Lugo; Neúfila, bispo de Tui; Xoán, bispo de Dumio; Domingos, bispo de Iria; Becila, bispo de Lugo; Gardingo, bispo de Tui; Posidonio, bispo de Minio; Talasio, bispo de Astorga; e Hildemiro, arcipreste da igrexa de Ourense.

A reunión ábrese cun discurso do monarca no que nun momento dado se fai alusión expresa á Gallaecia: “Non só a conversión dos godos se atopa entre a serie de favores que recibimos; máis aínda, o xentío infinito do *pobo dos suevos*, que con axuda do Ceo sometemos ó noso reino, aínda que levada á herexía por culpa allea, foi traída pola nosa dilixencia á orixe da verdade” (Vives, 1963: 110). Despois das verbas do rei copiáronse as fórmulas de fe redactadas polos concilios de Nicea, Constantinopla e Calcedonia, que asinaron o rei Recaredo e a raíña Bado. Os bispos procedentes da provincia galaica asinaron a súa condea expresa da herexía ariana. As rúbricas recollidas foron as de Sunila, bispo de Viseo; Gardingo, bispo de Tui; Becila, bispo de Lugo, e Arvito, bispo de Porto.

Ademais da conversión solemne do pobo godo, o concilio promulgou vintetrés canons, catro deles referidos á vida das mulleres que están xa en sintonía coas disposicións civís das *Leges Visigothorum*.

Canon 5: Que os sacerdotes e levitas vivan castamente coas súas esposas.

Canon 10: Que ninguén violente a castidade das viúvas, e que ninguén case á muller contra a súa vontade.

Mirando pola castidade debe de brillar sobre todo polas exhortacións do concilio, e de acordo co gloriosísimo e señor rei noso Recaredo, declara este santo concilio que non se force con ningunha violencia as viúvas que quixeran garda-la

castidade, a que contraían segundas nupcias, e se antes de profesala continencia quixeran casar, casen con aqueles ós que pola súa libre vontade escolleran por maridos. Gárdese o mesmo coas virxes, e non sexan obrigadas a casar contra a vontade dos pais ou a súa propia. E se algún puxera obstáculo ó propósito da viúva ou da moza de gardar castidade, sexa privado da santa comunión e da entrada na igrexa (ver *Leges III, 3: Sobre o rapto de mozas e viúvas*).

Canon 12: Daqueles que piden a penitencia: se se trata dun home, primeiro que se corte o pelo; no caso dunha muller, cambie previamente o vestido.

Canon 17: Que o bispo en unión dos xuíces castiguen severamente ós que matan os seus fillos.

Entre as moitas queixas que se presentaron ó concilio hai unha que encerra tanta crueldade que a penas a poden sufrir os oídos dos bispos reunidos, e trátase de que nalgúns lugares de Hispania, os pais, ansiosos de fornicar e ignorando toda piedade, dan morte ós seus propios fillos. E se lles resulta molesto aumenta-lo número dos seus fillos, en vez de apartarse de toda unión carnal, pois o matrimonio foi instituído para a procreación dos fillos, fanse culpables de parricidio e fornicación, o que demostran asasinando a súa propia prole, que non se unen para ter fillos, senón para saciala súa propia levidade. Polo tanto, tendo noticia o gloriosísimo señor noso, o rei Recaredo, de tal crime, a súa gloria dignouse ordenalos xuíces de tales lugares que investiguen en unión do bispo moi diligentemente arredor de crime tan horrendo, e o prohiban con toda severidade. Por iso, este santo concilio encomenda tamén ós bispos dos devanditos territorios, aínda máis aflixidamente, que xunto co xuíz investiguen con máis coidado o dito crime, e o castiguen coas penas máis severas, exceptuando tan só a pena de morte²⁴.

Concilio de Toledo III, a. 589.

(Vives, 1963: 107-145).

O Concilio de Toledo VI (a. 638) foi reunido polo rei visigodo Khíntila, e asistiron corenta e oito bispos de Hispania e das Galias, entre os que se atopaban cinco bispos galaicos: Xián de Braga, David de Ourense, Anastasio de Tui, Basconio de Lugo e Osancdo de Astorga. O obxectivo do concilio no só foi de carácter eclesiástico, senón tamén político, debido ós numerosos canons que castigaban os atentados contra o rei e a súa familia. A partir deste momento as disposicións referidas ás mulleres van ser cada vez máis escasas, porque foron sendo asimiladas ás disposicións do código civil.

Canon 6: Dos varóns e mulleres consagrados a Deus, que violan os seus santos votos.

Canon 8: Que a algúns penitentes se lles permita vivir no seu anterior matrimonio.

Concilio de Toledo VI, a. 638

(Vives, 1963: 233-248).

²⁴ O título do canon, así como o desenvolvemento da disposición fan mención dos xuíces e a lexislación civil das *Leges Visigothorum*, que recollen a condena do aborto no libro V, título 3, *Sobre os que provocan partos humanos*.

O Concilio de Toledo X (a. 656) reuniuse sendo rei Recesvinto, e a el asistiron entre outros catro bispos galacios: Fructuoso de Braga, Hermefredo de Lugo, Elpidio de Astorga e Flavio de Porto. Na sesión leuse unha carta remitida por Potamio, bispo de Braga, na que se facía confesión pública do seu pecado de fornicación. Os bispos reunidos decretaron que Fructuoso, bispo de Dumio, ocupara tamén a sé episcopal de Braga, metrópole da provincia da Gallaecia.

Canon 4: Da profesión e hábito das viúvas relixiosas.

Podemos dicir con razón, mediante o Espírito de Deus e en unión do santo Apóstolo, que non ignorámo-las astucias de Satanás, porque nos sentimos inclinados a nos abrazar co lume do celo da casa do Señor. Vemos, pois, que a maldade crecente chegou a unha tal propensión á fraude que algúns cren poder burlarse da primitiva lei dos Pais e vulgan poder burla-la crecente disposición dos xuíces, pois atópanse algunhas viúvas que, cubríndose con diversos pretextos, chegan a convencerse a si mesmas de que non están obrigadas polas normas dos pais, tan enchoupadas de piedade. Polo que permanecendo intactas as antigas regras, engádesse agora o seguinte precepto:

Que a viúva que quixese obte-lo santo estado de relixión faga profesión de fe ante o bispo ou ante o ministro ó que ela acudise ou se presentase a ela, por escrito e asinada por ela, sexa por medio do seu signo ou coa súa sinatura, na que se diga que abraza o estado de relixión e que o vai observar perpetua e invioladamente, e entón recibindo do bispo ou do ministro o hábito adaptado ós costumes da relixión, usarao continuamente, sexa mentres está a descansar no leito, sexa andando por calquera lugar. E este hábito peculiar non será de varias cores ou de varios panos, senón un hábito relixioso, e non confundible, que careza de variedade na cor e diversidade no xénero, de xeito que sen deixar lugar a dúbida polo seu traxe, este sexa sempre soamente o propio da santa relixión e axeitado ó seu sexo, para testemuño da súa honradez. E con obxecto de que en diante non quede ningunha dúbida, cubrirá a súa cabeza cun veo de cor encarnada ou negra desde o mesmo instante en que abrazara a relixión, para que mentres leve posto este signo de santidad probada, alí onde ninguén poida deixar de velo, en ningures se cometan ousadías detestables.

Canon 5: Que se deixen de lado tódalas excusas das viúvas que abandonan a relixión.

Concilio de Toledo X, a. 656
(Vives, 1963: 308-324).

O Concilio de Braga III (a. 675) celebrouse sendo rei Wamba, e a el acudiron Xián de Braga, Xenitivo de Tui, Proarico de Porto, Isidoro de Astorga, Vela de Britania, Hilario de Ourense, Rectóxenes de Lugo e Idulfo de Iria. Os fins do concilio foron recupera-la ortodoxia das crenzas expresadas no concilio de Nicea e corrixir certas prácticas moi difundidas como facer ofrenda de leite ou acios de uvas no canto de viño, dicir misa sen estola, poñer reliquias de mártires no colo o día da súa festividade, convivir con mulleres, castigar con azoutras ós seus irmáns, practica-la usura ou servirse dos servos da igrexa para o seu beneficio persoal.

Canon 4: Que os bispos ou calquera outros do clero non vivan, sen compañeiro, con algunhas mulleres.

Aínda que a antiga disciplina canónica promulgou xa arredor deste abuso, repetidamente, normas e disposicións absolutas (ver supra Elvira, canon 27 ou Braga II, canon 32), nós sen embargo, desexando evitar toda ocasión de pecado, e en obsequio da brevidade, decretamos con toda a nosa autoridade que debe observarse o seguinte:

Que ningún de entre os bispos, ou calquera outro do clero, se atreva a vivir sen unha testemuña honesta e idónea, en privado, á beira de calquera muller que non sexa a súa nai. E non só con mulleres estrañas, pero nin sequera coas súas mesmas irmás ou familiares, non sexa que o tal, véndose libre coa autorización relativa ás irmás e ás consanguíneas, chegue a maiores familiaridades ata incorrer en pecado. O transgresor deste mandato saiba que queda suxeito ás normas penitenciais durante seis meses.

Concilio de Braga III, a. 675
(Vives, 1963: 370-379).

O Concilio de Toledo XII (a. 681) reuniuse por mandato do rei Ervixio, e nel participaron cinco bispos da Gallaecia: Liuva de Braga, Xenitivo de Tui, Frarico de Porto, Fiz de Iria e Eufrasio de Lugo. O concilio foi convocado polo monarca para que os bispos corrixisen, se fora necesario, e sancionaran as leis promulgadas no seu novo código civil. Respecto do canon aquí recollido, véxanse máis arriba as *Leges Visigothorum*, en concreto o libro III, título 6, *Sobre os divorcios de esposos e separación de desposados*.

Canon 8: Daqueles que abandonan ás súas esposas por medio do divorcio.

É mandato do Señor que a esposa non debe ser abandonada polo esposo, a non ser en caso de fornicación, e polo tanto, calquera que fóra deste caso deixara a súa esposa con calquera pretexto, porque decidiu separar el o que Deus unira, privado da comunión eclesiástica permenecera alleo á asemblea de tódolos cristiáns, ata que volva á compañía da esposa abandonada, e abraza e protexa a outra parte do seu corpo coa honesta lei do matrimonio. Pero aqueles que amoestados polo bispo unha, dúas ou tres veces para que se corrixan, non quixeran volver ó amor e cohabitación coa súa esposa, eles mesmos se apartarán pola súa culpa do oficio da dignidade palatina, e ademais todo o tempo que permanecesen no seu pecado perderán os dereitos da súa alta dignidade, porque entregaron a súa carne ó puñal da discordia.

Concilio de Toledo XII, a. 681
(Vives, 1963: 380-410).

As disposicións contra o priscilianismo: O Concilio de Zaragoza, reunido un ano antes de que Prisciliano fora nomeado bispo de Ávila (381-385), emite oito canons contra os priscilianistas, pero non condenou a ninguén expresamente, aínda que Sulpicio Severo sinalou no seu *Chronicon* II, 47, 4, que o sínodo foi promovido contra os bispos Instancio e Salviano, e contra o laico Prisciliano.

Canon 1: Que as mulleres fieis non se mesturen nos grupos doutros homes que non sexan os seus maridos.

Que tódalas mulleres da Igrexa católica e bautizadas non asistan ás leccións e reunións doutros homes que non sexan os seus maridos. E que elas non se xunten entre si con obxecto de aprender ou ensinar, porque así o ordena o Apóstolo. Tódolos bispos dixeron: Sexan anatema todos aqueles que non observen esta prescripción do concilio.

Canon 2: Que ninguén faga xexún os domingos nin se ausente da igrexa en tempo de Coresma.

Canon 3: Que aquel que reciba a Eucaristía e non a consuma alí mesmo sexa anatema.

Canon 4: Que ninguén falte á igrexa nas tres semanas que preceden á Epifanía.

Ademais leu: nos vinteún días que hai entre o 17 de decembro ata a Epifanía, que é o 6 de xaneiro, non se ausente ninguén da igrexa durante todo o día, nin se oculte na súa casa, nin marche á súa facenda, nin se dirixa ós montes nin ande descalzo, senón que asista á igrexa. E os admitidos que non fixeran así, sexan anatemizados para sempre. Tódolos bispos dixeron: sexa anatema.

Canon 5: Aqueles que foron privados da comunión polos seus bispos, non sexan recibidos por outros.

Canon 6: Que se excomungue ó crego que para vivir licenciosamente quere facerse monxe.

Tamén leu: se algún crego, por unha suposta vaidade ou soltura, abandónase espontaneamente o seu oficio e quixese parecer como máis observante da lei sendo monxe que crego, debe ser expulsado da Igrexa, de xeito que non será admitido nela senón despois de moito tempo de rogos e súplicas. Tódolos bispos dixeron: que se faga así.

Canon 7: Que ninguén se chame doutor, sen ter ese título.

Canon 8: Que as virxes consagradas ó Señor non reciban o veo ata a idade de corenta anos.

Ademais leuse: Non se dea o veo ás virxes que se consagran a Deus antes de ter probado diante do bispo ter cumprido os corenta anos. Tódolos bispos dixeron: Placet.

Concilio de Zaragoza, a. 380.
(Vives, 1963: 16-18).

Tralos vinte canons promulgados polo Concilio de Toledo I²⁵, as actas recolleron tamén os dezaioito artigos da fe católica contra os priscilianistas, así como diversas profesións de fe de priscilianistas que renegan publicamente desta herexía. Os que así o fixeron foron o presbítero Comasio e os bispos Sinfosio e Dictino de Astorga, os cales confesan ante a asemblea “ter ordenado a outros (priscilianistas) para diversas igrexas onde faltaban bispos, estando seguros de que a maioría do pobo de toda Galicia sentía case do mesmo xeito ca eles” (Vives, 1963: 31). Acompañaron na súa renuncia a estes dous prelados os bispos galaicos Paterno de Braga (o primeiro que se recoñeceu abertamente seguidor de Prisciliano), Isonio e Vexetino; mantivéronse en cambio nas súas ideas priscilianistas heréticas Herenas, Donato, Acurio e Emilio.

²⁵ Durante moito tempo considerouse a hipótese da existencia dun concilio toledano, reunido a mediados do século V, para abordar de novo a cuestión priscilianista; sobre este particular véxase C. Cardelle, 1994.

Os dezaoto anatemias fan referencia ás crenzas teolóxicas priscilianistas (por exemplo, sobre a Trindade, a natureza de Cristo e da ánima humana, a resurrección da carne, etc.), ós aspectos doutrinarios (como a lectura de obras apócrifas e crenza en astroloxía e matemáticas), e ós aspectos morais (como o rexeitamento a comer carne), entre os que se atopan as referencias máis directas ás mulleres.

Artigo de fe 16: Se algún dixese ou crese que os matrimonios dos homes que se reputan lícitos segundo a lei divina son execrables, sexa anatema.

Concilio de Toledo I, a. 400.
(Vives, 1963: 19-33).

Antes de promulga-los canons do Concilio de Braga I (a. 561) condenouse o priscilianismo mediante dezasete anatemias, que son semellantes ós do concilio toledano. Sen embargo, no de Braga especificábase con maior detemento a presenza das mulleres naquela herexía.

Artigo de fe 11: Se algún condena os matrimonios humanos e aborrece a procreación dos que van nacer, como afirmaron Maniqueo e Prisciliano, sexa anatema.

Artigo de fe 15: Se algún crego ou monxe ten na súa compañía algunhas outras mulleres como adoptivas que non sexan a nai, irmá, tía ou outras unidas a el con parentesco próximo, e convive con elas, como ensinou a secta de Prisciliano, sexa anatema.

Concilio de Braga I, a. 561.
(Vives, 1963: 65-67).

Sulpicio Severo (363-425) foi un mestre de retórica aquitano, que máis tarde tomou os hábitos. A el débémolle unha serie de obras entre as que se atopan a *Vida de san Martiño de Tours* e unha *Crónica* (Halm, 1866). Esta última foi redactada no ano 400, é dicir, quince anos despois da morte de Prisciliano en Tréveris (a. 385); polo tanto, hai que supoñer que estaba ben informado dos pormenores da herexía priscilianista. Sinalouse en moitas ocasións que o retrato que fixo Sulpicio Severo do protagonista, dos seus seguidores e da turbulencia provocada por eles está inspirado no texto da *Conxuración de Catilina* de Salustio (Fontaine, 1975). A descrición que fai Sulpicio Severo das priscilianistas está inspirado en feitos reais, se ben puido servirse na súa narración non só da gran personaxe feminina da conxura de Catilina, senón tamén da literatura patristica antifeminista, que consideraba á muller como a causante de moitos dos males da vida do home.

As mulleres, desexosas de novidades, de fe fluctuante e de espírito curioso por natureza, acudían en bandadas ata el, pois servíndose da aparencia de humildade do seu rostro e aspecto, infundía consideración e respecto cara a si.

Chron. II, 46, 6.

Foi expulsado de Burdeos por Delfín, pero refuxiouse durante algún tempo na facenda de Eucrocia, infectando a moitos cos seus erros. Despois emprendeu camiño cun acompañamento totalmente indecente e vergonzoso; é dicir, con esposas e mulleres alleas, entre as que se atopaban Eucrocia e a súa filla Prócula. Dise que, ó quedar esta embarazada polo estupro de Prisciliano, abortou utilizando herbas.

Chron. II, 48, 2-3.

3. Personaxes singulares

A revisión de obras excepcionais pon de manifesto a sobriedade da información existente sobre a historia das mulleres. Así ocorre coa impresionante colección da *España Sagrada* do padre Henrique Flórez, onde se recollen as novas proporcionadas por Estrabón arredor da vida e costumes das mulleres galaicas (pp. 29, 66). Agora ben, salvo a monxa Exeria, á que dedica a derradeira sección do capítulo titulado “Varones Ilustres Bracarenses” (pp. 305-364, esp. 360-364), o resto das mencións a personaxes femininas non teñen relación directa coa Gallaecia, como sucede coa “nobilísima doncella” Benedicta, que se fixo anacoreta seguindo os pasos da predicación de san Froitoso polas terras de Sevilla (pp. 146, 460); ou coas santas Engracia (p. 84) e Susana (p. 284), ás que alude para amosa-lo erro de consideralas naturais da provincia galaica.

O mesmo ocorre cunha fonte máis antiga como a famosa *Historia Compostelana* (Falque, 1994), que é un relato dos feitos do bispo don Diego Xelmírez, desde o ano 1100 ata o ano 1139, aínda que os capítulos introductorios do libro I (I, 1-3), que foron engadidos posteriormente ó corpo da obra, inician o relato algúns anos antes cos distintos bispos da sé compostelá anteriores a Xelmírez, para dar así proxección histórica ó seu bispado. As dúas únicas mencións a mulleres en épocas anteriores a Xelmírez pertencen ó ámbito da lenda e son utilizadas para pór de relevo a maldade dos protagonistas masculinos. A primeira referencia é a da esposa do conde Alvito, nai do impío bispo Gundesindo Aloitiz (*Hist. Comp.*, I, 2, 4, p. 73), quen, segundo o relato, “con máis fervente desexo aspiraba ás cousas seculares que ás celestiais; dise que este vivía ó final da súa vida incluso menos relixiosamente que ó principio, e que foi arrincado violentamente do habitáculo corporal. A súa nai que, moi afectada pola tristura, pedía por el insistentemente día e noite á clemencia da piedade divina pola salvación da súa ánima, entregou ós pobres todo canto tiña, e durante moito tempo permaneceu diante do altar de Santiago en vixilias e oracións, para que pola inmensa misericordia de Deus omnipotente e a intervención do santísimo Santiago se reunira cos habitantes do ceo, pois cría que estaba sufrindo tormentos de distinto tipo. Entretanto, con mente desexosa da contemplación da patria celeste e con moi solícita devoción tocou finalmente na porta da misericordia

divina podendo saber se os seus rogos foran recibidos en presenza da divina maxestade, mediante algunha santa revelación que sorte correra o seu fillo. Cando pasaba, pois, unha noite na igrexa deste sacrisimo apóstolo, quentándose só cos seus sentimentos de amor, a media noite rendeu momentaneamente os ollos, xa cargados polas frecuentes vixilias, ó sono. E mentres dormía pareceulle que os libros que adoitaban gardarse no armario para o servizo da igrexa foran queimados por un venerable varón e que ela, esperta polo lume, se levantara. E despois de recostarse asombrada, escoitou unha voz que lle dicía: “Ten por sabido que esta noite o teu fillo foi admitido na compañía dos elixidos”.

A segunda referencia é a dunha viúva que tivo que soporta-las inxustizas do bispo Hermenexildo, sucesor de Gundesindo (*Hist. Comp.*, I, 2, 5, pp. 73-74). Segundo o relato, pouco antes da súa morte, o bispo “nun ataque de vehemente ira, ordenou quitar a unha viúva a única vaca co leite da cal se alimentaban ela e os seus fillos. Ó día seguinte, pois, o seu mordomo serviulle a el, sentado á mesa cos seus cabaleiros, nunha escudela de prata un dos intestinos daquela vaca que en galego chaman ‘callos’. El, xa cheo pola diversidade dos manxares e enchoupado pola dozura do viño, co primeiro bocado dos callos que lle ofreceran, quixo comer, e estoupou pola metade do ventre ante a vista dos que alí estaban. Foi logo sepultado; temos oído a moitos que o seu sepulcro foi queimado e vimos cos nosos propios ollos os sinais do incendio”.

No que respecta a este capítulo titulado “Personaxes ilustres”, darase conta da existencia de tres mulleres da nobreza, que ben puideran ter nacido nesta rexión, pero pasaron a súa vida fóra dela, viaxando por Oriente, como é o caso de Poemenia, contemporánea doutra gran viaxeira galaica, Exeria, ou ben poden ser consideradas “galegas de adopción”, como a misioneira gala Cesaria ou a raíña sueva Siseguntia.

Poemenia. Esta personaxe (séculos IV-V) foi estudada por P. Devos (1969, 1973), que asegura que tivo que ser hispana, como o seu pai o emperador Teodosio, e aínda galega. Foi unha peregrina, contemporánea da monxa Exeria, que realizou viaxes acompañada dun gran séquito de personalidades civís e militares. Sábese que chegou ata o Monte das Oliveiras, donde fixo unha fundación monástica. Máis tarde fixo unha viaxe coa súa propia flota ata Exipto, e desde alí, Nilo arriba, ata Tebas, para conseguila curación do taumaturgo Xoán de Licópolis. Unha vez recuperada a saúde, regresou de novo a Xerusalén, onde manda levantar e rodear de construcións a igrexa da Ascensión como acción de grazas.

Cesaria. Trala anarquía que supuxo a invasión bárbara do ano 409, a convivencia entre romanos e xermanos en solo hispánico estabilizouse, dando lugar a unha época de relativa normalización da vida cotiá. Nesta época sitúanse as

empresas apostólicas da nobre relixiosa de orixe franca Cesaria (Orlandis, 1988; Courcelle, 1964), á que se refire o presbítero Eutropio no seu tratado *De similitudine carnis peccati*. Segundo Pierre Courcelle, esta dama emprendeu a evanxelización dos bárbaros pagáns instalados en Hispania, aprendendo as súas linguas xermánicas, especialmente a dos suevos. Un dos resultados da súa actividade nestas terras foi a conversión á fe católica do rei suevo Rekhario.

Siseguntia. Foi a esposa do derradeiro grande rei suevo Miro (570-583). Trala morte do monarca, accedeu ó trono o seu fillo Eborico, que foi deposto ó ano seguinte polo seu cuñado Eudeca, que tomou por esposa a Siseguntia (Reinhart, 1952), quen tivo unha importancia capital no derrocamento de Eborico, que foi feito monxe á forza e recluído nun mosteiro.

4. A muller en documentos de tipo notarial

A presenza feminina en documentos galegos de tipo notarial, conservados nos tombos dos mosteiros de Sobrado dos Monxes, San Xián de Samos ou Celanova, é notable. As mulleres outorgan documentos de doazón ou de compravenda, fan testamentos, son beneficiarias de doazóns, asinan como testemuñas, etc. En definitiva, estes documentos poñen de manifesto o alto grao de autonomía do que gozaban as mulleres, gracias ó recoñecemento explícito da lexislación visigoda. Houbo neste período mulleres que incluso chegaron a dispo-la organización de forzas armadas para reclama-los seus dereitos sobre determinadas posesións. Este é o caso da abadesa do mosteiro de Palatiolo (hoxe freguesía de San Martiño de Pazó, no termo de Allariz, Ourense), Gunterode. Gracias á escritura do 13 de setembro de 1005, outorgada polo rei Alfonso V para dirimir un litixio, coñécese a historia particular desta muller, que viviu no século X (Linage Conde, 1973: vol. 2, pp. 720-25).

A fundación do mosteiro de Santa María de Ribeira (hoxe freguesía de Santa María do Mosteiro de Ribeira no termo municipal de Xinzo de Limia, Ourense) tivo lugar a finais do século IX ou comezos do X, gracias ás doazóns do matrimonio formado por Alfonso Romaríz e Gutina, que herdara da súa nai, Adosinda, a vila de Ribeira. A fundación era unha comunidade dobre (masculina e feminina), de carácter familiar e suxeita a sucesión hereditaria. Por tal motivo, despois da morte dos fundadores, o cenobio foi herdado pola súa filla Zagaria; pero esta, que se criara no mosteiro, viuse perturbada por algúns parentes, e decidiu entón dar en usufructo a igrexa de Santa María á abadesa Gunterode, retirándose despois a outro mosteiro familiar, o de San Paio (en Bóveda,

Lugo), onde morreu. O documento notarial relata como Gunterode se dirixiu *cum fratribus et sororibus suis* ó mosteiro cedido de Ribeira, saqueándoo e expulsando de alí á comunidade. Pasado algún tempo, a comezos do século XI, Aloito, unha das descendentes da familia fundadora, denunciou a Ilduara, a actual abadesa de Palatiolo, para que restituíse o mosteiro usurpado; ó que accedeu Alfonso V, que asina o documento ó que nos referimos.

Os documentos, polo xeral, son parcos en novas de carácter privado; sen embargo recollemos aqueles que teñen algún valor engadido. Ademais dos documentos utilizados no capítulo adicado ás Leis Visigodas, sobre o dote matrimonial, hai que engadir agora os documentos de Letasia, acusada de adulterio e roubo; os das escravas árabes manumitidas de Celanova, e a escritura de doazón outorgada por Fernanda Tedoniz ó mosteiro de Samos e ó seu abade Mandino, por axudala nun preito contra a súa cuñada Astotia.

Documento do mosteiro de Sobrado dos Monxes asinado por Letasia o 25 de agosto de 858, acusada de roubo e adulterio cometido con Ataulfo, servo do seu home, Hermenexildo, ó que terá que recompensar. Convén sinalar que na sentenza se castiga o roubo, pero non o adulterio. Chama a atención o emprego do estilo directo, no que a acusada se expresa directamente, facendo confesión pública. A lingua e o estilo do documento son rudos, cheos de repeticións, típico do latín notarial desta época no ámbito rural.

No nome de Deus. Eu, Letasia, que son ben coñecida e que moitos saben que cometín adulterio co servo de Hermenexildo, de nome Ataulfo, e que ámbolos dous cometémo-lo roubo de catro vacas da gandería do meu home e de sesenta queixos, e que me levaron ante o xuíz, o bispo Froarengo. Este xuíz determinou que pagara o dobre das vacas e queixos roubados; é dicir, oito vacas e cento vinte queixos; sentenza coa que estou de acordo. Pois estou de acordo con isto, eu, Letasia, a causa do roubo que declarei ante o xuíz, págoche a ti, con toda a miña herdanza completa; é dicir, a que teño na vila onde viviu o meu pai, Cristovalus, e onde viviron os meus tíos Abolinus, Deodatus e Iulicus, no distrito de Tamarense: isto é, as terras, as hortas con tódolos seus froitos, os prados, os pastos, as lagoas, as augas que corren por alí, os cercados con tódalas súas entradas e saídas, e tódalas edificacións que haxa, en resumo, todo o que fai proveito para o home. De xeito que desde hoxe en diante, arrebatado todo isto da miña propiedade, che sexa entregado e concedido á túa, e teñas pleno poder sobre isto no nome de Deus. Se algún home se viñera manifestar en contra do que acabo de facer -cousa que non creo-, que che pague dúas libras de ouro, que terás para sempre.

Feito este documento de liquidación e sentenza o oito das calendas de setembro da era 896 (25-agosto-858).

Letasia asinei coa miña propia man nesta escritura de liquidación e sentenza [signum].

Sisebertus, testemuña; Savarigus, testemuña; Assiulfus, testemuña; Dacoi, testemuña; Ebrefulgus, testemuña; Mirellus, testemuña; Ostauredus, testemuña; Guiricus, testemuña; Ermoricus, testemuña.

Sobrado dos Monxes.
(Loscertales, 1976, n.º. 76).

Documento de manumisión da escrava árabe Muzulha outorgada por san Rosendo o 22 de setembro de 934. A concesión de liberdade axústase ás prescricións contidas nas *Leges Visigothorum*. Así, de acordo coa lei V, 7, 1 (“Se os escravos son manumitidos por escritura ou diante de testemuñas”), a liberdade concédese a través dun documento de manumisión. Do mesmo xeito, o manumisor fai entrega de numerosos bens, que configurarán o *peculium* da liberta, sobre o que terá total autoridade, segundo se recoñece en diversas leis (IV, 2, 18; V, 1, 2; V, 6, 6; V, 7, 1; V, 7, 13 e V, 7, 14). Por último, san Rosendo, segundo a lei V, 7, 14 (“Sobre as condicións fixadas polos manumisores na escritura de manumisión”), imponlle unha serie de condicións e obrigas a Mulzulha. Entre as primeiras sinálase o xeito en que poderá vende-los seus bens, e entre as segundas as ofrendas que terá que realiza-la interesada o día de Nadal.

Hai que destaca-lo feito de que entre as testemuñas se atopa Ilduara, nai de san Rosendo. A presenza de escravos de orixe árabe en Celanova tivo que ser importante, xa que a eles se refire o conde Gutier no documento de doazón do dote a Ilduara, visto máis arriba. Ademais, a escritura de manumisión de san Rosendo non é a única conservada no tomo deste mosteiro, senón que se conservan outros como o documento de liberdade outorgado por Goldregoto e os seus fillos á súa escrava Xulia (Andrade, 1995: n.º. 361).

No nome de Deus. Eu, o bispo Rosendo, saúdote Muzulha, a miña liberta. O tempo da vida é inseguro -por iso se denomina mortal-, xa que descoñecémo-lo momento do nacemento e non podemos coñecer tampouco o seu final, ó deixar rapidamente a luz do día, segundo as proféticas palabras do sabio que di: *Desamarrar as ataduras da impiedade; libera os oprimentes lazos; solta ós libres que foron... e devólvelles todo honor*. Atendendo pois a estas advertencias tanto en honor do noso piadoso Redentor, polo sangue do cal todos recoñecemos ter sido redimidos, como en obediencia ó espírito dos meus pais Gutier e Ilduara, e ó mesmo tempo pola redención dos meus pecados, liberámote de toda atadura da escravitude, de xeito que, limpa da escuridade da escravitude, resplandezas clara na condición de libre, e non te declaro libre entre os libres, senón que che concedo a licenza entre os idóneos²⁶ de acada-lo privilexio dos cidadáns romanos. E para impoñer sobre a túa cabeza o resplandor da inxenuidade, concédoche todo o peculio e todo o que poidas incrementar e aumentar ó teu peculio coa axuda de Deus. Ademais entrégoche unha xata e un boi, e unha parte semellante [...] nas seguintes vilas: en Celdelas medio pinar; en Sallar dúas partes de Geneto; en Bubal Mauregati e Vizamondi; e os campos froiteiros de Viduas e Fraxeneto; en Portugal a vila de Leza.

Baixo esta condición haberán ser gardadas: se obrigada pola necesidade a vontade do teu ánimo te obrigara a vender parte desta herdanza, que non a vendas a non ser ós teus herdeiros, que canda ti son manumitidos por min ó mesmo tempo, ou ós confesores do mosteiro de Celanova, que che haberán de pagar un

26 Os *serui idonei* eran un grupo minoritario entre a poboación escrava; denominábanse así aqueles que gozaban dun cargo de confianza en razón das súas habilidades, favores ou confianza especial concedida polos amos.

xusto prezo. E non te entrego a ningún dono a non se-lo que ti mesma elixas para defender tan rexia potestade como a de calquera da nosa xente ou o que a ti che guste. Só che poño esta obriga, que o día do Natalicio do Señor ofrezas un cirio e unha ofrenda no templo do Señor, e deas unha esmola ós pobres pola miña ánima na cantidade que estimes. Se alguén, calquera clase de home, tanto de entre os meus parentes como de entre estraños tentara con atrevemento temerario infrinxir esta sentenza de manumisión e restauración, que sexa excomungado e privado da reunión de tódolos santos e ademais pague á potestade rexia un talento de ouro.

Feita esta escritura de manumisión e restauración o día dez das calendas de outubro, era de 981 (22-setembro-943).

Baixo o nome de Cristo, Rosendo, bispo, coa miña propia man nesta escritura de manumisión e restauración [signum].

Eu, **Ilduara**, asino con ánimo compracente nesta restauración feita polo meu fillo o bispo, e pola miña propia expiación fago a rúbrica coa miña propia man [signum].

San Salvador de Celanova.
(Andrade, 1995: n.º. 172).

Fernanda Tedoniz e o seu home, Froila Franquílaz, dóanlles ó mosteiro de Samos e ó seu abade Mandino unha vila no territorio de Mao, lugar de Santa María de Mao, por axudalos nun preito contra a súa cuñada Astotia. O documento indica que o matrimonio manterá estas posesións mentres vivan e que despois da súa morte pasarán a Samos.

Ós señores invencibles e triunfadores san Xíán, santa Basilisa, santa María e santa Eufemia, a quen está adicada a basílica situada no territorio de Galicia, nas ribeiras do río Sarria, ó pé do monte Eribio. Eu, indigna e misérrima Fernanda Tedoniz dou e doo para a salvación da miña ánima e a do meu esposo Froila Franquílaz, a vós, abade don Mandino e demais irmáns de Samos, a miña propia vila, que teño no territorio de Homano, no lugar de Santa María de Homano. Douvos toda a parte que me corresponde nesa vila, as casas, as terras, as árbores, os prados, os pastos, os montes, as fontes, os toneis, as barricas, os lagares, os bois, as vacas e demais gando que houbera na súa demarcación e que puiderades atopar nela. Dóuvola e concédoa para que teñan os servos de Deus sustento e alimento, en favor da salvación das nosas ánimas, e porque nos axudastes no preito contra a miña cuñada dona Astotia, aquí en Samos, ante o xuíz Diego Diéguez, por medio da palabra do defensor Leodefredo Adrianiz, sendo o de dona Astotia Gundisalvo Cristóvaliz, e por man do alguacil Mondini Baldemariz.

Dicindo dona Astotia que tiña unha parte daquela vila, afirmaba pola súa parte Froila Franquílaz que dera aquela parte á súa esposa como dote ante testemuñas, e compensara á súa irmá con outra vila con territorio de Formicarios sobre a casa de Nuño Suariz; e por mediación do abade e dos seus irmáns aqueles xuíces dictaminaron que o propio Froila Franquílaz e dona Fernanda fixeran o cambio e mantiveran as súas posesións. Por tal acción facémo-los antes mencionados esta escritura de testamento a este santo lugar de xeito que manteñamos esa vila no noso poder durante a nosa vida, e despois da nosa morte devolvamos esa vila ó mosteiro con canto nela poidades atopar para sustento de fillos e netos; e que non dean a vila a ninguén por medio dun fiador.

Se algún home ousara reclamar contra o feito por nós, en primeiro lugar que sexa excomulgado do corpo e o sangue do Señor, e que con Xudas traidor purgue as súas culpas no castigo eterno; e como castigo temporal que pague dous talentos de ouro e o dobre da vila ó mosteiro.

Feita a escritura de testamento o cinco dos idos de xaneiro da era 1023 (9-xaneiro-985).

Eu, Froila, e a miña esposa Fernanda nesta carta asinamos coa nosa man. Teodericus, testemuña; Ramiro, testemuña; García, testemuña.

San Xíán de Samos.
(Lucas, 1986: nº. 239).

5. O santoral

Nun primeiro momento foi cada comunidade co seu bispo e clero a que tributaba a condición de santo a calquera persoa falecida que levara unha vida honesta e virtuosa. Pero, debido ás irregularidades detectadas nas canonizacións populares, algúns bispos decidiron solicita-lo visto e praxe de Roma a partir do século X. Foi só a comezos do século XVII, a través do decreto do papa Urbano do 13 de maio de 1625, cando Roma determinou que as canonizacións só serían oficiais se as realizaba ela. Esta disposición motivou a depuración e reordenación do santoral, de xeito que moitos santos que foran venerados polo pobo quedaron sen culto no Martiroloxio Romano. Así sucedeu con algúns santos e santas populares galegos dos séculos VIII ó X, como Trahamunda, Ilduara, Aragonta ou Siniorina.

Este capítulo vai recolle-las lendas destas santas galegas, pero non as daqueloutras que a tradición popular considerou galegas sen selo, como foron santa Engracia e santa Susana (estudiadas polo Padre Flórez, segundo se indicou máis arriba), santa Fara de Melón (santa de invención popular que a lenda fixo nacer cerca de Tui), as mártires orientais de Calcedonia, santa Eufemia e as nove irmás, ou santa Mariña de Augas Santas, orixinaria de Antioquía. Esta “apropiación” de santos estranxeiros, sobre todo orientais, por parte do santoral galaico, hai que entendela como reflexo da estreita conexión que mantivo Galicia con Oriente a partir do século V. Gil Atrio (1962: 14-15) dá outras razóns, recollendo as hipóteses tradicionais que falan de cultos naturalistas e de “supervivencias” de elementos “pagáns”.

Santa Trahamunda (século VIII). Esta santa pode que fose natural do lugar de San Martiño, parroquia de San Xoán de Poio. A lenda conta que, sendo monxa do mosteiro de San Martiño, foi raptada polos mouros, en tempos de Abderramán II, e levada ata Córdoba, onde foi martirizada. A santa permaneceu firme nas súas crenzas. Estivo encarcerada durante once anos, ata que, na

véspera da festa de san Xoán Bautista, foi liberada por obra de Deus e trasladada de novo ata Poio. A súa tumba no mosteiro de san Martiño converteuse nun lugar de peregrinación moi coñecido. O seu corpo descansou no mosteiro onde fora monxa, ata o seu traslado definitivo á igrexa parroquial de San Xoán de Poio, por intercesión da Orde Benedictina. A lenda que coñecemos hoxe en día é un texto en galego redactado polo padre José Santiago Crespo (1953; Gil Atrio, 1968: 177).

Nun dos moitos asaltos que facían os mouros polas costas cristiás, chegaron á illa de Tambo, onde tiñan as monxas unha capela e adoitaban levar unha maneira de vida senlleira as máis adiantadas nos camiños da virtude; alí colleron tamén a Tramunda, a quen non lle valeron bágoas nin saloucos, pois os mouros botándoa enriba da nave cos demais coitados cativos, levárona para Córdoba. Alí namorouse dela o Califa, mais para ela non teñen feitizos nin os pazos, nin os tesouros, nin as festas, nin os rebulicios, nin quere outra coroa que a que ten xa da virxe de Cristo. Cando o rei dos mouros cambia o amor en asañamento, Tramunda ten que atura-los ferros e cadeas dos cárceres; e chorosa non tanto por iso senón por se ver entre xentes renegadas, erguía ó ceo as fontenlas dos seus ollos, maiormente ó chegar despois de moitos anos unha véspera de San Xoán, escoitando as ledas cantigas dos mouros, ollando as labazadas das fogueiras acendidas nas rúas, e lembrándose do seu niño alá en terras cristiás e da festa de San Xoán de Poio. E Deus oíulle os rogos e fíxoa voar cara ós seus eidos polo ceo estrelecido da noite, dándolle en proba do milagre unha póla de palmeira; tal cousa volven na primavera as andoriñas de ledos rechouchíos, na procura dos niños que deixaron pendurados nos cantos e recunchos das nosas solainas.

Ó pór pés no adro e pousar coa palmeira a terra, trocouse a milagreira póla nunha árbore bandeante ó vento, coroado dunha aposta cimeira, que non secou ata os anos derradeiros do século dezaseis.

Pouco tempo despois, Tramunda, xa no seu mosteiroño pequeneiro, voaba outra vez polos ceos por un camiño de estrelas, levando tamén nas mans outra palmeira, na procura da patria verdadeira, deixando o val enchido co arrecendo dos seus feitos e milagres.

Gil Atrio, 1968: 177.

Santa Ilduara (m. 948). Ilduara é xa unha personaxe coñecida para nós a través da documentación do mosteiro de Celanova, pois é a beneficiaria da escritura de dote e doazón feita polo conde don Gutier (véxase máis arriba), e asina como testemuña na carta de manumisión da escrava moura Muzulha, feita por san Rosendo, o seu fillo. Foi filla de Ero Fernández e de Adosinda, e casou con Gutier, fillo de Hermenexildo Gutiérrez e de Hermesinda Gatóñez. O matrimonio tivo cinco fillos: Munio, que casou con Elvira Gutiérrez e foi pai de don Arias Núñez, bispo de Mondoñedo; San Rosendo, bispo e abade de Celanova, que foi o preferido de Ilduara, ó que educou con esmero, e ó que chamaba “o fillo da promesa ou da bendición”; Froila, que despois de quedar viúvo da súa esposa Sarracina, se retirou como frade ó mosteiro de Celanova, rexido polo seu irmán Rosendo; Adosinda, que casou con Ximeno Díaz e doou, igual que o

seu irmán Froila, diversas propiedades a Celanova; e Hermesinda, que casou con Paio González e foi nai de Arias Peláez, futuro bispo de Mondoñedo.

Ilduara viviu en distintas vilas, como as de Salas, Portomarín e Vilanova; durante o seu matrimonio realizou numerosas viaxes por Galicia, Portugal, Asturias e León, xa que en todas estas rexións o matrimonio tiña posesións. Ó enviuar, ingresou como monxa no mosteiro de Vilanova, onde foi abadesa. Sucedeulle no cargo a súa filla Hermesinda, que tamén ingresou como monxa despois de quedar viúva. Ámbalas dúas foron enterradas naquel mosteiro, onde Ilduara recibiu culto como beata. Ademais das referencias a Ilduara contidas en diversos documentos de Celanova, onde é retratada como unha muller humilde, penitente e piadosa, conservámo-lo texto da inscrición sepulcral que mandou grava-lo seu fillo Rosendo.

Aquí xace inhumado o corpo santo de Ilduara profesa,
soterrado por Rosendo, bispo, o seu fillo,
o 13 das calendas de xaneiro da era 986 (20-xaneiro-948).

Gil Atrio, 1968: 180-82.

Santa Aragonta (século X). Esta dona tivo culto na Orde Benedictina e na rexión do Baixo Miño. Era sobriña de santa Ilduara pola parte da súa nai, xa que era filla de Gonzalo Betote, descendente dos condes de Deza, e de Teresa Eriz, tía de san Rosendo. Foi a segunda esposa do rei de León, Ordoño II, pero foi repudiada polo monarca pouco tempo despois, segundo relata a crónica latina de Sampiro. Aragonta retirouse ó mosteiro de Salceda, cerca de Tui, que mandou restaurar, dotándoo de numerosas doazóns feitas por ela, como describe o mestre santo Estevo, biógrafo de san Rosendo. A súa xenerosidade non só se centrou no mosteiro de Salceda, senón tamén naqueloutros fundados ou rexidos polos seus parentes. Aragonta tivo como director espiritual ó seu parente san Hermenexildo, e mantivo unha estreita relación co seu curmán san Rosendo; tanto é así que a biografía de san Rosendo sinala que pouco antes de morrer, Aragonta enviou a Celanova uns monxes para que o seu curmán a acompañara no momento da súa morte.

Púxose inmediatamente o Santo en camiño, non sen ter feito antes oración, como acostumaba; e ó comezar a subi-la costa de Sandín ou Sendín cerca de Franqueira (A Cañiza) percibiu voces celestiais que entoaban o Gloria in excelsis Deo. Apeouse e despois de facer oración por algún tempo, despediuse dos monxes de Salceda dicíndolles: “Continuade, irmáns, o voso camiño. A Raíña rematou xa a carreira deste vida e mereceu obter de Deus a palma do triunfo”. Chegados os monxes a Salceda, viron que era así como dixera san Rosendo, e disto enviaron aviso a Celanova.

López Ferreiro, 1907: 57.

Ó regresar a Zamora tralo seu grande triunfo (en Córdoba), atopouse con que morrera a raíña dona Elvira, coa que tivera dous fillos, Alfonso e Ramiro; así, canta era a súa alegría polo triunfo, tanta era a súa tristura pola morte da raíña. Tivo unha segunda esposa, procedente da rexión de Galicia, de nome Aragonta, a cal ó pouco tempo foi repudiada por el, porque non lle gustaba; sen embargo, o rei arrepeníuse despois.

Sampiro, Chron. 28 .
(Pérez de Urbel, 1952: 315-16).

Santa Seniorina (século X). A vida desta muller está ligada, como no caso de Ilduara e Aragonta, á de san Rosendo, do que foi prima carnal pola parte do pai, xa que Seniorina foi filla de Aris Menéndez, destacado gobernador en Galicia e Portugal, irmán de Gutier Menéndez, pai de Rosendo. Seniorina ingresou no mosteiro de San Xoán de Venaria (Vieira, Portugal), situado entre os ríos Miño e Douro, do que foi elixida abadesa. Neste cenobio san Rosendo realizou algúns milagres a petición da súa curmá, quen, o día da morte do abade de Celanova, tivo a visión da súa entrada no ceo. A festa da santa celébrase o 2 de abril no calendario litúrxico portugués. Os datos máis destacados da súa vida foron recollidos por López Ferreiro a partir da biografía sobre san Rosendo do mestre Estevo (López Ferreiro, 1907: 56-57 e 65-66).

Atopándose o santo visitando en Portugal os mosteiros dependentes de Celanova, foi convidado con grandes instancias pola súa curmá santa Seniorina, para que se detivese algún tempo no mosteiro de Venaria, do que ela era abadesa. Tan satisfeita estaba a santa con ter a san Rosendo na súa casa que todo lle parecía pouco para obsequialo. Estaban entón varios obreiros traballando no tellado da casa, e dous deles, que viron conferenciando con tanta afabilidade ós dous santos, concibiron maliciosa sospeita desta conversa. Ó instante caeron precipitados do alto do tellado ó chan e quedaron exánimes e sen movemento. Algúns dos que estaban presentes, créndoos xa cadáveres, introducíronos na igrexa e todos, comezando por santa Seniorina, dirixíronse a san Rosendo rogándolle que tivese a ben interceder por aqueles dous desgraciados. Entrou o santo na igrexa, e despois de estar un longo espacio de tempo en oración, tomou óleo bendito e unxíulle-la boca e os ollos dicindo ó mesmo tempo: “No nome da Santísima Trindade, Pai, Fillo e Espírito Santo, levantádevos sans e libres do sono da morte”. Aquelas verbas foron como un resorte que instantaneamente puxo en pé ós dous infelices; os que non se amosaron ingratos ó beneficio recibido e manifestaron a causa que ocasionara a súa desgracia [...].

A esta mesma hora, estando tamén a ser cantadas Completas no convento de Venaria, a abadesa, santa Seniorina, sentiu unhas voces celestiais que entoaban o Te Deum laudamus. Preguntou a abadesa ás monxas se percibiran algo de voces extraordinarias. Como lle contestaran negativamente, chamou a santa a unha nena e fíxolle a mesma pregunta. A nena contestou que oíra voces como do Ceo, pero que non sabía o que querían dicir. Entón a abadesa, dirixíndose ás monxas: “Sabede -díxolles- que o noso señor, o bispo Rudesindo, saíu deste mundo e acompañado de anxos penetra nas celestiais alturas”.

As monxas enviaron mensaxeiros a Celanova para saber o que pasara; e viron que san Rosendo falecera na mesma hora que dixerá a venerable abadesa.

Gil Atrio, 1968: 184-85.

6. A muller na vida cultural

O acceso das mulleres galegas á cultura, aínda que escaso, non estivo vetado, como o demostran non só as numerosas mulleres que asinan documentos notariais, senón tamén as dúas figuras que van ser analizadas neste capítulo; é dicir, a enigmática Exeria, relevante personaxe da segunda metade do século IV, e a raíña navarra de orixe asturiana Leodegundia, que viviu a mediados do século IX e que ó final dos seus días se retirou ó mosteiro galego de Bobadilla, cerca de Samos. É certo que este acceso foi limitado, pero nos mesmos termos e condicións que para os varóns, dado que só os membros da elite social desas épocas tiveron a oportunidade de adica-lo seu tempo a cuestións alleas ós labores cotiáns do mantemento do fogar.

Exeria. É unha personaxe sobre a que existen aínda numerosas dúbidas, a pesar de que conservámo-lo seu libro de viaxes (*Itinerarium* ou *Peregrinatio*) a Terra Santa. Un deles é o seu nome, que presenta ata seis formas diferentes: Exeria, Eiheria, Echeria, Heteria, Eteria ou Silvia. O que se impón é Exeria, aínda que non era un nome frecuente entre as comunidades cristiás. De feito, M. Férotin (1903) considerou que era reminiscencia do nome dunha ninfa clásica, debida ó inxenio dun erudito copista.

Outro enigma é o seu lugar de orixe, xa que se consideraron dúas hipóteses: unha que presupón que era das Galias (e máis concretamente de Aquitania ou Narbona); e outra que afirma que era da Gallaecia, que ámbalas rexións podían ser consideradas en pleno século IV como o confín do mundo (*de extremis terris*), segundo a expresión utilizada polo bispo de Edesa, ó loa-lo valor daquela muller para percorre-las terras do Próximo Oriente (*Itin.*, 19, 5). As propostas sobre a súa patria parten sobre todo de novas indirectas, xa que moi pouco se pode concluír da propia obra, na que a penas hai referencias internas sobre o particular, e na que os rexistros da lingua tampouco valen para precisala orixe da escritora, como sinalou Löfstedt (1911).

A segunda proposta ten hoxe moitos máis defensores, dado que se concede unha excepcional importancia ós testemuños antigos que a relacionan con esta rexión. Unha delas é a de Valerio do Bierzo, que redactou arredor do ano 680 a súa famosa carta, titulada *Epistola beatissime Egerie laude conscripta fratrum Bergidensium monachorum a Valerio conlata* (Carta escrita en loanza da benaventurada Exeria, dirixida por Valerio ós seus irmáns monxes do Bierzo). Nela sinálase que Exeria, nacida nas ribeiras máis afastadas do océano occidental, fíxose coñecer en Oriente (*Que extremo occidui maris oceani litore exorta, Oriente facta est*

cognita, *Epist.* 5)²⁷. Outro argumento é o da onomástica, xa que Exeria foi un nome propio inusual nas comunidades cristiás; sen embargo, nun documento asinado en Oviedo no ano 889, entre as testemuñas atópase unha Exeria, *Deo uota* ou conversa. Por último hai que sinalar que a obra de Exeria circulou pola rexión noroeste desde moi pronto. Este feito confírmase non só porque Valerio tivo presente o texto de Exeria ó escribi-la súa epístola, senón tamén porque no documento de fundación do mosteiro de san Salvador de Celanova, feito por san Rosendo no ano 935, entre outros moitos bens entregados, dise que un dos libros que van formar parte da biblioteca monástica é un *ingerarium geriae*, expresión que se entendeu como referencia ó *Itinerarium Egeriae*.

Outra das dúbidas suscitadas arredor da personalidade desta muller foi a súa condición social. É posible que fora membro dunha comunidade relixiosa, incluso a abadesa. Non hai que esquecer que Exeria redactou o seu libro de viaxes para as súas *sorores*, termo que fai referencia ós membros femininos dunha comunidade relixiosa, ás que se dirixe con amable autoridade. As referencias posteriores tamén inciden nesta condición, xa que non só Valerio do Bierzo no capítulo 1 da súa *Epistola* a designa *beatissima sanctimonialis Egeria* (a benaventurada monxa Exeria), senón tamén un catálogo da biblioteca do mosteiro de san Marcial de Limoges, que sinala, por medio dunha man posterior ó século VI, que a autora do *Itinerarium* foi a *abbatissa* Exeria.

Non se descarta que Exeria fora simplemente membro dun círculo de mulleres piadosas, pero non relixiosas no sentido estricto, que tanto proliferaron ó longo do século IV por todo Occidente, e que posteriormente evolucionaron cara a congregacións monásticas. Son ben coñecidas as reunións das nobres romanas arredor de Marcela e Paula, ou o círculo de Macrina e a súa nai no Ponto. Estes grupos, constituídos fundamentalmente por círculos intelectuais da nobreza que levaban unha vida ascética, lonxe de todo luxo e vaidade, foron favorecidos e alentados non só pola ortodoxia cristiá encabezada por san Xerome ou santo Agostiño, senón tamén por sectas heréticas como o priscilianismo, con que se ten posto en relación a Exeria (Chadwick, 1976; López, 1989). Ademais, non se pode esquecer que esa organización social baseada en mosteiros familiares estivo moi arraigada en Galicia e que se mantivo durante moito tempo, aínda despois de desaparecer noutras rexións.

Exeria, xa fora monxa dun mosteiro regular ou familiar, xa fora simplemente membro dun círculo piadoso, non cabe dúbida de que tivo que ser dunha

²⁷ Esta expresión entendeuse como unha referencia técnica á Gallaecia, xa que foi utilizada case nos mesmos termos por Hidacio na súa *Crónica*, véxase M. Díaz (ed.), 1982.

familia nobre e acomodada, que gozou dunha total autonomía para toma-las súas propias decisións. A pesar do carácter piadoso da súa viaxe e da nula mención ás condicións materiais do mesmo, Exeria tivo que ir acompañada dun séquito que indicase a súa categoría social, o cal lle permitiu ser recibida, acompañada e agasallada por bispos, sacerdotes, monxes e aínda soldados, naquelas zonas máis conflictivas e difíciles.

O caso da viaxeira Exeria non é o único na historia do século IV; ben ó contrario, ela foi unha máis das moitas mulleres piadosas, sempre da nobreza, que realizaron extraordinarias peregrinacións a Terra Santa. Temos novas de viaxes realizadas tanto por monxas como por laicas. Entre as primeiras hai que lembrar á boa amiga de Exeria, a diaconisa Marthana, á que coñece estando ámbalas dúas de peregrinación en Xerusalén; a aquela virxe de rango senatorial que foi de Roma a Exipto para atoparse co abade Arsenio; ás reclusas Marana e Cira que foron en peregrinación ata Xerusalén e Seleucia; á monxa María de Amida que ía tódolos anos de visita á cidade santa; e ás monxas de Capadocia, ás que se lles recrimina que tódolos anos viaxen a Xerusalén e outros santos lugares (Maraval, 1982: 24 ss.). Entre as segundas cabe destacar a xa coñecida Poemenia, que pouco despois de Exeria, arredor do ano 394, vai a Exipto visitar a Xoán de Licópolis e despois regresa a Xerusalén. Gracias a san Xerome temos novas da peregrinación de Fabiola ata Xerusalén e Belén en 394-395 (Xerome, *Epist.* 77, 7), e da de Artemia, esposa de Rústico, que no ano 407 visitou Terra Santa (*Epist.* 122, 1). Por último, pódese lembra-la viaxe a Palestina realizada polas damas romanas Paula e as dúas Melanias para vivir alí a vida monástica e ascética á que aspiraban.

A experiencia de Exeria, pois, formou parte dun movemento ascético e piadoso moi arraigado entre as clases nobres da sociedade occidental do século IV; pero a relevancia da nosa protagonista débese ó feito de deixarnos unha importantísima obra escrita na que relatou as súas experiencias e impresións.

O *Itinerarium* é en realidade unha longa epístola que envía Exeria ás súas *sorores* para describirlle-las visitas ós lugares da Terra Santa. A obra chegounos incompleta, xa que se perdeu o comezo da narración, onde estaría especificado o título da mesma e o nome da autora, así como as peripecias da viaxe ata a súa chegada a Xerusalén, a primeira viaxe realizada a Exipto con excursións a Xudea, Galilea e Samaria, e o inicio da viaxe ó monte Sinaí. O texto foi escrito durante a súa estadía en Constantinopla, antes de partir para Éfeso, como ela mesma sinala (*Itin.* 23, 10). O relato conservado abrangue un período de tres anos, en concreto desde a Pascua do ano 381 ata a Pascua do 384.

O contido da obra divídese en dúas grandes seccións, a primeira delas relata as súas visitas desde Xerusalén ó monte Sinaí, ó monte Nebo (onde se cría que estaba o sepulcro de Xob), a Mesopotamia, e o seu regreso a Constantinopla.

A segunda parte consiste na descrición coidadosa e detallada da liturxia de Xerusalén.

O *Itinerarium* é considerada unha das obras claves para coñece-lo latín daquela época, utilizado por unha persoa culta, formada na escola e na tradición literaria. Sabemos que Exeria coñecía o grego e que lía asiduamente a Biblia, na súa versión da *Vetus latina*, e outros textos do mesmo tipo como a correspondencia de Xesús e Abgar (*Itin.* 19, 16), Feitos de santo Tomás (*Itin.* 19, 2), e Feitos de santa Tegra (*Itin.* 23, 5). É posible que lera tamén a obra doutros autores cristiáns e que incluso coñecera a escritores clásicos pagáns. O seu latín é pois o resultado de unir diversas influencias: por unha banda Exeria sérvese do *sermo cotidianus*, é dicir, o latín falado entre persoas instruídas do século IV, latín que se identifica como latín vulgar (termo que non é pexorativo, senón que indica ben o latín popular durante e despois do período clásico romano, ben o latín posclásico). Por outra, Exeria deixa constancia das súas lecturas e formación; por iso, o seu latín ten moitos trazos do latín dos cristiáns (xa que esas foron as súas lecturas predominantes), pero tamén ten certo sabor clásico. Algúns autores, como Pierre Maraval (1982), sinalan que estes tres trazos atopábanse na *Vetus latina*, que foi ó seu xuízo a obra que máis influíu na lingua e o estilo da nosa autora.

Neste capítulo imos recoller tan só algúns fragmentos da obra que permitan comprobar aspectos diversos do carácter de Exeria: o seu valor, a súa paixón pola lectura, o seu recoñecemento social e a súa relación coas súas *sorores*. Vaise utiliza-la traducción ó galego de J. E. López Pereira (1991).

O sábado pola tarde entramos na montaña e, en chegando a certos eremitorios, recibíronnos os monxes que moraban neles, ofrecéndonos toda clase de hospitalidade. Hai tamén alí unha igrexa cun presbítero.

Alí pasamos aquela noite; e o domingo moi de mañá, co presbítero e cos monxes que moraban naquel lugar comezamos a subilos montes un por un. Con enorme esforzo subimos, pois non os sobes pouco a pouco, dando a volta, como se dixesemos en caracol, senón que has de facelo todo dereito, igual ca se foses por unha parede, e hai que baixalos directamente un por un, ata chegar xusto ó pé mesmo do do medio, que é propiamente o Sinaí. Así, pois, por vontade de Cristo noso Deus, polas oracións dos homes consagrados a Deus que me acompañaban e con grande traballo, porque tiña que subir a pé, xa que de ningunha forma era posible subir nunha montura, comecei o camiño.

Itin. 3, 1-2 .

(Subida ó Sinaí; domingo, 17 de decembro do 383).

Unha vez que comungamos e nos deron as “eulogias”²⁸ os homes consagrados a Deus, e logo que saímos fóra da porta da igrexa, comecei a pedirilles que

²⁸ *Eulogiae* designaba nun primeiro momento os panciños ofrecidos polos fieis para os sacrificios, que despois de seren bendicidos se repartían entre os asistentes á misa. Logo pasou a significalos presentes que se intercambiaban os bispos e os que ofrecían os monxes ós seus visitantes.

me ensinasen cada un daqueles lugares. Inmediatamente os santos homes dignáronse a mostrárnolos un por un. Ensináronno-la cova onde estivo o santo Moisés, cando por segunda vez subiu ó monte de Deus (Ex. 34, 1) para recibir novamente as táboas, despois de rompe-las primeiras por mor do pecado do pobo (Ex. 32, 19); os demais lugares que desexabamos ver ou que eles mesmos coñecían mellor, dignábanse tamén a mostrárnolos.

Quero que saibades, donas e irmás venerables, que desde o lugar en que estabamos, isto é, arredor do edificio da igrexa, na cima daquel monte do medio, os montes que antes subíramos parecíannos que estaban totalmente por baixo de nós, en comparanza con este no que nos atopabamos. Eran igual ca se fosen pequenos outeiros, aínda que tan grandes que non penso que os vise máis altos, fóra deste do medio que os superaba en moito.

Itin. 3, 7-8.

(Visita á igrexa do cume do Sinaí; domingo, 17 de decembro do 383).

Dixemos, pois, tamén a oblación e unha moi fervente oración, e leuse a pasaxe do *Libro dos Reinos*²⁹. Verdadeiramente, isto era o que eu máis desexaba: que ó chegarmos a calquera sitio se nos lese a pasaxe correspondente da Biblia.

Itin. 4, 3.

(Visita ó monte Horeb³⁰; domingo, 17 de decembro do 383).

Hai dende Clisma, é dicir, dende o mar Vermello deica a cidade de Arabia, catro etapas a través do deserto. A cada etapa hai recintos militares con soldados e oficiais que nos conducían sempre dun forte a outro. Nesta ruta, os santos que nos acompañaban, é dicir, clérigos e monxes, íannos mostrando cada un dos lugares sobre os que eu, sempre de acordo coas Escrituras, ía preguntando [...] Hai alí un forte que ten agora un oficial cun exército que neste intre manda en nome da autoridade romana. Segundo é costume, escoltáronnos dende alí ata outro forte e ensináronnos o lugar de Beelsefón.

Itin. 7, 2; 4.

(Viaxe dende Clisma a Arabia; 2-5 de xaneiro do 384).

Este santo bispo dignouse saír ó noso encontro en Ramessés. E xa un home vello, pero moi relixioso como corresponde a un monxe, e afable, recibindo sempre moi ben ós peregrinos, e tamén moi versado nas Escrituras de Deus. Despois de se tomar tantas molestias e de saír ó noso encontro, mostrounos todo e contóuno-lo que dixen das estatuas, e tamén o da árbore, o sicomoro.

Itin. 8, 4-5.

(Encontro co bispo de Arabia; 2-5 de xaneiro do 384).

Saíndo de novo dende alí (Batanis), no nome de Cristo, Noso Deus, chegamos a Edesa. Nada máis chegar, fomos inmediatamente á igrexa e ó sepulcro de Santo Tomás. Logo, segundo costume, unha vez feitas as oracións e o demais que se acostuma facer neste Santos Lugares, lemos tamén algo do propio Santo Tomás³¹.

Itin. 19, 2.

(Visita a Edesa; 19-21 de abril do 384).

²⁹ Exeria utilizou a versión bíblica da *Vetus Latina*, xa que despois da versión Vulgata de san Xerome, o *Liber regnorum* pasou a denominarse Libro dos Reis.

³⁰ Este é o monte onde estivo o profeta Elías.

³¹ A obra lida por Exeria é posiblemente as *Actas de Tomás*, escritas arredor do 225, e non o texto agnóstico do evanxeo apócrifo de Tomás.

O que me agradou verdadeiramente foi recibir daquel santo as cartas mesmas, tanto a de Abgar ó Señor como a do Señor a Abgar, que o santo bispo nos lera. Aínda que tiña copias na miña patria, foime moi grato recibir estas del mesmo, por se acaso non era completo o texto que chegara a nós, pois o que collín é realmente máis amplo. Se Xesús, Noso Deus, o permite e volvo á patria, poderédelo ler vós, miñas ben amadas señoras.

Itin. 19, 19.
(Cartas do rei Abgar³² a Xesús).

Unha vez que cheguei, no nome de Deus, despois de facer oración no “martirio” e facer tamén unha lectura das Actas de Santa Tegra, dei gracias infinitas a Cristo, Noso Deus, que se dignou a min, indigna e non merecente, cumprirme os meus desexos en todo.

Itin. 23, 5.
(Sepulcro de Santa Tegra; maio do 384).

Dende este lugar, señoras, luz da miña vida, mentres escribía isto á Vosa Caridade, xa tiña a intención de ir, no nome de Cristo, Noso Deus, a Asia; é dicir, a Éfeso, para rezar diante do sepulcro do santo e beato apóstolo Xoán. Se despois disto aínda estou viva, e podo coñecer algúns lugares máis, contareillo en persoa a Vosa Caridade, se Deus se digna concederme. E se outra cousa se me vén á mente, comunicaréivolo por escrito. Entre tanto señoras, luz da miña vida, dignádevos acordarvos de min, estea eu viva ou sexa xa fóra do meu corpo.

Itin. 23, 10.
(Constantinopla; maio-xuño do 384).

A esa hora ningún catecúmeno se acerca á Anástase³³, tan só os neófitos e os fieis que queren escoita-los misterios entran nela. Cérranse as portas para que ningún catecúmeno vaia alí. Mentres o bispo expón e aclara cada punto, son tales os berros de aclamación, que se oen as voces fóra da igrexa [...] Como nesa provincia unha parte do pobo sabe grego e siríaco, outra soamente grego e outra só siríaco, o bispo, aínda que sabe siríaco, fala sempre en grego, e xamais en siríaco. Por iso hai sempre un presbítero que traduce ó siríaco o que di o bispo en grego, para que todos entendan a exposición. Tamén as lecturas, tódalas que se len na igrexa, como é preciso lelas en grego, sempre hai alguén que as traduce ó siríaco, para que o pobo se instrúa. En canto ós latinos que hai aquí, que non saben siríaco nin grego, para que non queden tristes, tamén para eles hai explicacións. Algúns irmáns e irmás que hai aquí saben grego e latín, e traducen ó latín.

Itin. 47, 2-5.
(Liturxia de Xerusalén: Catequese despois do bautismo).

A raíña Leodegundia. Temos poucos datos arredor desta princesa asturiana, que viviu a mediados do século IX. Foi filla de Ordoño I e casou cun príncipe de Navarra, ben con Fortún Garcés, irmán de Fortuño o Monxe, ou ben co propio Fortuño. Con motivo da súa voda foi composto un fermoso epitalamio

32 Segundo esta lenda, o rei Abgar foi un dos primeiros en crer que Cristo era o Fillo de Deus. Os seus rogos fixeron que a protección divina o librase do asedio ó que o sometían os inimigos persas. Esta lenda afirma, así mesmo, que entre Xesús e Abgar houbo unha correspondencia epistolar; de feito, durante a Idade Media circularon cartas que se consideraban auténticas.

33 É o templo erixido en Xerusalén sobre a tumba de Cristo.

ou canto de vodas, que aínda conservamos e que é unha excelente mostra da himnodia visigótica (Lacarra, 1945). Os historiadores identifican a esta princesa coa Leodegundia que se retirou ó mosteiro de Bobadilla, cerca de Samos, e que no ano 912 asina o códice que ela mesma copiou. Este códice, conservado en El Escorial (ms. a-I-13), contén unha recompilación das regras monásticas. Como mostra da inquietude intelectual da raíña Leodegundia recollémo-lo colofón, que cerra o códice. O substantivo colofón é un termo técnico do mundo editorial, que designa aquela anotación posta ó final dun códice manuscrito ou dun libro impreso, na que se proporcionan os datos sobre o nome do copista (ou impresor), o lugar e a data da confección (ou impresión), e en ocasións algúns datos máis. No caso que nos ocupa, o colofón é, ademais, unha súplica para que o lector ore pola ánima da copista.

A revisión da magna obra realizada polos monxes beneditinos de Bouveret, na que se recompilaron os colofóns localizados en manuscritos occidentais ata o século XVI, pon de manifesto que a actividade intelectual de Leodegundia como amanuense foi un feito inusual en toda a historia da transmisión manuscrita latina. Antes de Leodegundia só temos constancia de dous casos: o primeiro é o da amanuense Dulcia, que viviu no século VIII. O segundo é o das copistas dun códice confeccionado entre os anos 795 e 819 nun mosteiro xermano. O colofón proporciona unicamente a relación dos seguintes nomes: Xiralda, Xislilda, Agleberta, Adrunia, Altisdis, Xisledrudis, Eusebia, Vera e Agnes (Bénédicts du Bouveret, 1965-82). Despois de Leodegundia cabe sinalalo colofón redactado no ano 975 polo miniaturista do mosteiro de San Salvador de Távara (ó norte de Zamora), Emeterio. Este colofón, que pon o punto final a un códice do *Apocalipsis* do Beato de Liébana, copiado nun mosteiro adicado a san Miguel, sinala que contribuíron a realiza-la copia o presbítero Xoán e a monxa pintora (*pintrix*) Ende (Pérez de Urbel, 1952: 30 e 108). Sen embargo, ningún dos colofóns mencionados pode ser comparado coa elaboración do texto da raíña retirada ó mosteiro galego de Bobadilla.

Vós, todos aqueles que leades este códice, lembrede á humilde serva Leodegundia, que escribiu isto no mosteiro de Bobadilla, sendo rei o príncipe Alfonso no ano 912. Todo aquel que ore por outro, encoméndase a si mesmo ante Deus.

Escorial, a-I-13, f. 186v.

BIBLIOGRAFÍA

- AE *L'Année Epigraphique*, París (desde 1888).
- AP *O arqueologo portugues*, XXIX, 1930-31, pp. 157-163.
- Aquae A. Rodríguez Colmenero, *Aquae Flaviae*, Chaves, Cámara Municipal, 1987.
- Astorga T. Mañanes Pérez, *Epigrafía y Numismática de Astorga romana y su entorno*, León, Museo de los Caminos de Astorga, 1982.
- CIL *Corpus Inscriptionum Latinarum*, Berlín, Walter de Gruyter.
- ERA F. Diego Santos, *Epigrafía romana de Asturias*, Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos, 1959.
- G^a. y Bellido A. García y Bellido, *Les religions orientales dans l'Espagne romaine* (EPRO V), Leiden, J. Brill, 1967.
- HAE *Hispania Antiqua Epigraphica*, Madrid, 1950-69.
- ILER José Vives, *Inscripciones latinas de la España romana*, Barcelona, Universidad, 1971.
- IRG *Inscripciones romanas de Galicia*, IV (provincia de Ourense), Santiago, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1968.
- IRPL F. Arias Vilas, P. Le Roux, A. Tranoy, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, Centre National de la Recherche Scientifique, 1979.
- IRPLC *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia* (G. Pereira Menaut, dir.), Tomo I, *Provincia da Coruña*, G. Pereira Menaut, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1991.
- IRPP *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia* (G. Pereira Menaut, dir.), Tomo II, *Provincia de Pontevedra*, G. Pereira Menaut, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1994.

Estudios

- AGUADO, A. M. e outras, *Textos para la historia de las mujeres en España*, Madrid, Cátedra, 1994.
- ALVAR EZQUERRA, J., “Las mujeres y los misterios en Hispania”, en Elisa Garrido González (ed.), *La mujer en el mundo antiguo*, Madrid, Universidad Autónoma, 1986.
- ANDRADE, J. M., *O Tombo de Celanova, I-II*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995.
- ARIAS VILAS, F., P. LE ROUX, A. TRANOY, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, Centre National de la Recherche Scientifique, 1979.
- BACHOFEN, J. J., *El matriarcado*, Madrid, Akal 1987 (ed. Mar Llinares).
- BAÑOS RODRÍGUEZ, G., *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia* (G. Pereira Menaut, dir.), tomo II, *Provincia de Pontevedra*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1994.
- BARBERO, A. e M. VIGIL, “La organización social de los cántabros y sus transformaciones en relación con los orígenes de la Reconquista”, *Hispania Antiqua*, I, 1971, 197-232.
- BÉNÉDICTINS DU BOUVERET, *Colophons de manuscrits occidentaux des origines au XVI^e siècle*, 6 vols., Friburgo, Université, 1965-1982.
- BERMEJO, J. C., *Mitología y Mitos de la Hispania prerromana I-II*, Madrid, Akal, 1982-1986.
- BRANNAN, P. T., (ed.), *Classica et Iberica: A Festschrift in Honor of the Rev. Joseph M.F. Marique, S.J.*, Worcester, 1975.
- BRAVO, G., “La mujer en la economía de la Hispania romana”, en George Duby y Michelle Perrot (eds.), *Historia de las mujeres en Occidente*, Madrid, Taurus, 1991.
- CANTARELLA, E., *La mujer romana*, Santiago de Compostela, Universidade, 1991.
- CARDELLE, C., “El supuesto concilio de Toledo del año 447”, *Euphrosyne*, 22 (1994), 207-214.
- CARO BAROJA, J., “Organización social de los pueblos del Norte de la Península Ibérica en la Antigüedad”, en *Legio VII Gemina*, León, 1970, 49.
- COURCELLE, P., *Histoire littéraire des grandes invasions germaniques*, París, Études Augustiniennes, 1964 (3^a ed.).
- CHADWICK, H., *Priscillian of Avila. The occult and the charismatic in the early church*, Oxford, Clarendon Press, 1976.

- DAVID, P., *La métropole ecclésiastique de Galice du VIII^e au IX^e siècle*, Coimbra, Faculdade de Letras, 1967.
- DEVOS, P., "La servante de Dieu. Poemenia d'après Pallade, la tradition copte et Jean Rufus", *Analecta Bollandiana* 87 (1969), 189-212.
- DEVOS, P., "Saint Jérôme contre Poemenia", *Analecta Bollandiana* 91 (1973), 117-120.
- DÍAZ, M. (ed.), "Valérius du Bierzo. Lettre sur la Bse. Egérie", en *Egérie. Journal de Voyage*, P. Maraval (ed.), Paris, Éditions du Cerf, 1982.
- DIEGO SANTOS, F., *Epigrafía romana de Asturias*, Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos, 1959.
- DUBY, G. e M. PERROT (eds.), *Historia de las mujeres en Occidente*, Madrid, Taurus, 1991.
- FALQUE, E., *Historia Compostelana*, Madrid, Akal, 1994.
- FÉROTIN, M., "Le véritable auteur de la *Peregrinatio Silviae*, la vierge espagnole Ethéria", *Revue des questions historiques*, 74 (1903), 367-97.
- FERREIRO, A., "Sexual Depravity, Doctrinal Error and Character Assassination in the Fourth Century: Jerome against the Priscillianists", *Studia Patristica*, vol. XXVIII, Lovaina, 1993, 29-38.
- FLÓREZ, H., *España Sagrada*. Vol. XV, *De la Provincia Antigua de Galicia*, Madrid, 1906, Antonio Martín (1^a ed. 1759).
- FOCIO, *Bibliothèque*, t. II, pp. 142-143, René Henry (ed.), Paris, Les Belles Lettres, 1959.
- FONTAINE, J., "L'affaire priscillien ou l'ère des nouveaux Catilina. Observations sur le 'sallustianisme' de Sulpice Sévère", *Classica et Iberica: A Festschrift in Honor of the Rev. Joseph M.F. Marique, S.J.*, Worcester, 1975, 355-92.
- FONTAINE, J., *Culture et spiritualité en Espagne du IV^e au VII^e siècle*, Londres, Variorum Reprints, 1986.
- GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B., *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas*, Sada, Ediciós do Castro, 1990.
- GARCÍA Y BELLIDO, A., *Les religions orientales dans l'Espagne romaine* (EPRO V), Leiden, E. J. Brill, 1967.
- GARRIDO GONZÁLEZ, E. (ed.), *La mujer en el mundo antiguo*, Madrid, Universidad Autónoma, 1986.
- GERBET, M.C., *L'Espagne au Moyen Âge*, Paris, Armand Colin, 1992.
- GIL ATRIO, C., *Santos gallegos*, Orense, Tanco, 1968.
- GIL ATRIO, V., *Contrabando de santos*, Caracas, Prensas Venezolanas, 1962 (2).

- GIL, J. (ed.), *Miscellanea Wisigothica*, Sevilla, Universidad, 1991 (2ª ed.).
- HERRERO, V.J., *Peregrinación de Egeria*, Madrid, Gredos, 1963.
- HOYO, J. del, *La importancia de la mujer hispanorromana en la Tarraconense y Lusitania a la luz de los documentos epigráficos. Aspectos religiosos y socioeconómicos*, Tese de doutoramento, Universidad Complutense, 1987.
- INSCRIPCIONES *romanas de Galicia*, IV (provincia de Ourense), Santiago, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1968.
- JONES, H. L. (ed.), *The Geography of Strabo*, Londres-Cambridge (Mass.), Harvard University Press, 1969.
- KING, P. D., *Derecho y sociedad en el reino visigodo*, Madrid, Alianza, 1981.
- LACARRA, J. M., *Textos navarros del código de Roda*, Zaragoza, Diputación, 1945.
- LINAGE CONDE, A., *Los orígenes del monacato benedictino en la Península Ibérica*, 3 vols., León, Centro de Estudios e Investigaciones San Isidoro, 1973.
- LÖFSTEDT, E., *Philologischer Kommentar zur 'Peregrinatio Aetheriae'. Untersuchungen zur Geschichte der lateinschen Sprache*, Uppsala, Universidad, 1911.
- LOMAS SALMONTE, J., *Asturia Prerromana y Altoimperial*, Gijón, Silverio Cañada, 1989 (2a. ed.).
- LÓPEZ FERREIRO, A., *Biografía de san Rosendo*, Mondoñedo, Edicións Xerais, 1907.
- LÓPEZ PEREIRA, J. E., *Exeria. Viaxe a Terra Santa*, Vigo, Edicións Xerais, 1991.
- LÓPEZ PEREIRA, J. E., *O primerio espertar cultural de Galicia. Cultura e literatura nos séculos IV e V*, Santiago de Compostela, Universidade, 1989.
- LOSCERTALES, P. (ed.), *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid, Dirección General de Patrimonio, 1976.
- LUCAS, M., *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, Santiago de Compostela, Caixa Galicia, 1986.
- MANGAS, J., "Mujer y religión en Hispania", en Georges Duby y Michelle Perrot (eds.), *Historia de las mujeres en Occidente*, Madrid, Taurus, 1991.
- MAÑANES PÉREZ, T., *Epigrafía y Numismática de Astorga romana y su entorno*, León, Museo de los Caminos de Astorga, 1982.
- MARAVAL, P. (ed.), *Egérie. Journal de Voyage*, París, Éditions du Cerf 1982.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, C., "Textos para la historia de las mujeres en la Antigüedad", en Ana María Aguado e outras, *Textos para la historia de las mujeres en España*, Madrid, Cátedra, 1994.
- ORLANDIS J., *Historia del reino visigodo español*, Madrid, Rialp, 1988.

- PENAS TRUQUE, M.A., "Los dioses de la montaña", en José Carlos Bermejo, *Mitología y Mitos de la Hispania prerromana II*, Madrid, Akal, 1986.
- PEREIRA MENAUT, G., *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia* (G. Pereira Menaut, dir.), Tomo I, *Provincia da Coruña*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1991.
- PÉREZ DE URBEL, J., *Sampiro. Su crónica y la monarquía leonesa en el siglo X*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1952.
- PÉREZ LOSADA, F., "Sobre o concepto de villa no mundo romano", *Cadernos de Arqueología*, Serie II, 4, 79-110.
- PÉREZ LOSADA, F., *Arqueoloxía e arte no mundo rural: hábitat e arquitectura das villae galaicorromanas*, A Coruña (en prensa).
- REINHART, W., *Historia general del Reino Hispánico de los suevos*, Madrid, 1952.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae*, Chaves, Cámara Municipal, 1987.
- ROMERO, A.M. e POSE, X.M., *Galicia nos textos clásicos*, A Coruña, Padroado do Museo Arqueolóxico Provincial, 1988.
- SALLER, R.P. e SHAW, B. D., "Tombstones and Roman Family Relations in the Principate: Civilians, Soldiers and Slaves", *Journal of Roman Studies*, 74 (1984), 124-56.
- SANTIAGO CRESPO, J., "Santa Trahamunda de Poio ten unha imaxe", *Logos* 46 (1935), 65-69.
- SCHULTEN, A., *Fontes Hispaniae Antiquae*, fasc. VI, Barcelona, Bosch, 1952.
- SCHULTEN, A., *Los Cántabros y los Astures y su guerra con Roma*, Madrid, Espasa-Calpe, 1943.
- SULPICIO SEVERO, *Opera*, *Corpus Scriptorum Ecclesiasticorum Latinorum*, nº. 1, C. Halm (ed.), Viena, C. Geroldi, 1866.
- TORRES, C., *Galicia sueva*, La Coruña, Fundación Barrié, 1977.
- TRANOY, A., *La Galice Romaine*, París, Diffusion de Boccard, 1981.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M., "Dieta real y dieta imaginaria", en José Carlos Bermejo, *Mitología y Mitos de la Hispania prerromana II*, Madrid, Akal, 1986.
- VIVES, J. (ed.), *Concilios Visigóticos e Hispano-Romanos* Madrid, Enrique Flórez, 1963.
- VIVES, J., *Inscripciones latinas de la España romana*, Barcelona, Universidade, 1971.
- ZEUMER, K. (ed.), *Leges Visigothorum*, *Monumenta Germaniae Historica. Legum sectio I. Legum nationum germanicarum*, tomus I, Hannover-Leipzig, Weidmann, 1973 (1ª ed. 1902).

ÍNDICE DE TEXTOS

II. ÉPOCA PRERROMANA E ROMANA: DOS PRIMEIROS DOCUMENTOS Ó SÉCULO III

Sobre a vida dos “montañeses”, Estrabón, III, 3, 7.

1. As mulleres e a economía

O traballo das mulleres galaicas: Silio Itálico, III, 350-353; Xustino, XLIV, 3, 7; Estrabón, III, 2, 9; Estrabón, III, 4, 17.

O dote entre os cántabros, Estrabón, III, 4, 18.

Inscripción funeraria de Philtate, peiteadora, *IRPL*, 32.

Inscripción funeraria de Valeria Frontila, *IRPL*, 33.

Inscripción funeraria de Grafice, escrava, *IRPLC*, 59.

Inscripción a Tutela de Lucio Antonio Avito e a súa liberta, *IRPL*, 73.

Inscripción funeraria de Tito Cananio Marceliano dos seus libertos, *IRPP*, 13.

Inscripción funeraria de Flavia Leona e Flavio Floro dos seus libertos, *Astorga*, 62.

Inscripción funeraria de Severa, da súa herdeira, *IRPLC*, 37.

2. O matrimonio

O matrimonio entre os northeños:

a forma: Estrabón, III, 3, 7.

o dote: Estrabón, III, 4, 18; Catón, en Prisciano, VII, p. 293 H.

Inscripción funeraria de Gaio Arruntio Severo da súa esposa, *IRPLC*, 6.

Inscripción funeraria de Caio Xulio Severo da súa esposa, *IRPLC*, 11.

Inscripción funeraria de Numeria Vitalia do seu esposo, *IRPLC*, 49.

Inscripción funeraria de Flavia do seu esposo, *IRPLC*, 79.

Inscripción funeraria de Cassia Antipatra do seu esposo, *IRPL*, 27.

Inscripción funeraria de Caio Licinio Félix, Plácido e Felicula, do seu fillo, irmán e contubernal, *Astorga*, 42.

Inscripción funeraria de Lide do seu contubernal, *Astorga*, 43.

3. Parentesco e familia

- Inscrición funeraria de Dovecia e Talavia, *IRG*, IV, 116.
Inscrición funeraria de Segua, *IRPL*, 80.
Inscrición funeraria de Victorina, *IRPL*, 83.
Inscrición funeraria de Dativo de súa nai, *Astorga*, 57.
Inscrición funeraria de Materna, das súas fillas, *IRPLC*, 7.
Inscrición funeraria de Naevio, de súa nai, *IRPLC*, 16.
Inscrición funeraria de Florina a súa nai, *IRPLC*, 75.
Inscrición funeraria de Xunia, de súa nai, *IRPP*, 45.
Inscrición funeraria de Rufina, da súa filla, *IRPP*, 46.
Inscrición funeraria de Xulia Flaccila, de súa nai, *IRPL*, 30.

4. O estatuto das mulleres

- O valor das mulleres norteñas, Estrabón, III, 4, 17.
A xinecocracia dos cántabros, Estrabón, III, 4, 18.
As mulleres nas guerras, Apiano, *Iber.*, 74.
As mulleres ártabras, Focio, cod. 166.
Inscrición funeraria de Procula, crovia, *IRPLC*, 50.
Inscrición funeraria de Attilia Ammio, cluniense, *IRPP*, 40.
Inscrición funeraria de Lucilia Vitalis, do castellum Olca, *IRPP*, 84.
Inscrición funeraria de Festia Licinia, coelerna, *IRPL*, 29.
Inscrición funeraria de Fusca, supertamárica, *Astorga*, 37.
Inscrición funeraria de Ammia Prisca, cilena, *Astorga*, 65.
Inscrición á deusa Deganta de Flavia, *ILER*, 799.
Inscrición funeraria de Balaesina Severa, filla de Rufo, *IRPL*, 77.
Inscrición funeraria de Dovecia, filla de Paterna e Talavia, filla de Flavinia, *IRG*, IV, 116.
Inscrición funeraria de Tridia, filla de Modesto, AP.
Inscrición funeraria de Oelia, filla de Visalio, Visalia, filla de Visalio, Cesia, filla de Cloutai e Coporino, fillo de Coporo, *CIL* II, 2657.
Inscrición funeraria de Pictelancea, de seu irmán Modesto, *Aquae*, 237.
Inscrición funeraria de Pinarea, filla de Triteo, da súa filla; e de Pauxenta, filla de Triteo, dos seus fillos Vexeto e Flaco, *CIL* II, 2445.
Inscrición a Isis Augusta de Lucrecia Fida, sacerdotisa, *CIL* II, 2416.
Inscrición funeraria de Pro... Nigrina, flaminica, *CIL* II, 2427.
Inscrición a Pompeia Maximinia, flaminica, *CIL* II, 4236.

5. A relixión

As divindades indíxenas

- O ateísmo dos galaicos, Estrabón, III, 4, 16.
O culto de Ares entre os galaicos, Estrabón, III, 3, 7.
Ara a Abna, *ILER*, 704.

Inscripción a Bandua Calaico de Terencia Rufina, *IRG IV*, 88.

Inscripcións a Cohvetena:

IRPL, 57.

IRPL, 58.

Ara a Coso de Aebura, *IRPLC*, 22.

Inscripción a Crougintodadigo de Rufonia Severa, *IRG IV*, 91.

Inscripción a Deganta de Flavia, *ILER*, 799.

Inscripción a Durbedico de Celea, *CIL II*, 5563.

Inscripción a Laroco de Ama, *Aquae*, 109.

Inscripción a Lariberus Breus de Aeburina, *IRPP*, 13.

Inscripción a Mandica, *CIL II*, 5669.

Inscripción ás Matres Galaicas, *CIL II*, 2776.

Inscripción a Mocio de Xulia Praenia, *CIL II*, 5621.

Inscripción a Munidia, *ILER*, 883.

Inscripcións a Nabia:

de Publio Flavio, *IRPL*, 71.

de Rufina, *HAE*, 1950-55, 473.

de Sulpico Máximo, *IRPL*, 72.

de Viccio Silón, *Aquae*, 115.

de Lucrecio Vitulino e Lucrecio Sabino Póstumo Peregrino, Tranoy, 1981: 282.

de Anio, *CIL II*, 2602.

Inscripción a Netaciveilebrica, *IRPL*, 18.

Inscripción a Ocaera, *CIL II*, 2458.

Inscripción a Rea, *IRPL*, 7.

Inscripción a Reva, *Aquae*, 101.

Inscripción a Reva Larauco, *Aquae*, 11.

Inscripción a Revve Reumirago, *Aquae*, 100.

Inscripción ás Suleae Nantugaicae, *Aquae*, 134.

Altar a Vestioalonieco de Severa, *IRPP*, 107.

As divindades clásicas con sobrenomes indíxenas

Inscripción ó Xenio Tiauranceiacus de Camala, *ILER*, 659.

Inscripción ós Lares Burici de Bloena, *AE*, 1973, 320.

Inscripción ás Ninfas Lupianas de Antonia Rufa, *CIL II*, 6288.

Inscripción ás Ninfas Silonsaclus, *CIL II*, 5625.

As divindades romanas e orientais

Inscripcións a Caelestis:

dos Paterni, *IRPL*, 1.

de Saturnino, *IRPL*, 23.

Inscricións a Cibeles:

- de Gelasio e Cesaria, *Aquae*, 22.
- de Abulia Paterna, G^a y Bellido, 15.
- de Val..., *IRPLC*, 71.

Inscripción a Concordia, *AE*, 1973, 304.

Inscricións a Diana:

- de Urso e Fustino, *IRPLC*, 76.
- de Capito Severo, *Aquae*, 69.
- de Fabio Saturnino, *Aquae*, 70.
- de Quinto Tulio Máximo, *CIL II*, 2660.

Inscripción a Esculapio e Hygia, *CIL II*, 2411.

Inscricións a Fortuna:

- de Valerio Lupo, *IRPLC*, 31.
- de Marco Se... Agatón, *IRPLC*, 40.

Astorga, 3.

- de Publio Ulpio Máximo, *Astorga*, 5.
- de Gaio Octacilo Saturnino, *Astorga*, 6.
- de T. Pompeio Peregriano, *ERA*, 6.

Inscricións a Isis:

- de Cornelia Saturnina, *Aquae*, 73.
- de Lucrecia Fida, *CIL II*, 2416.
- de Claudio Zenobio, *Astorga*, 15.
- de Xulio Melanio, *Astorga*, 16.

Altar ós Lares Viales de Placidina, *IRPL*, 62.

Inscricións a Minerva, Astorga, 10.

Inscricións ás Ninfas:

- de Reburrio Tertio, *IRPCL*, 38.
- de Caio Antonio Floro, *IRPP*, 124 e 125.
- de Calpurnia Abana, *IRG IV*, 74.
- de Aurelio Flavio, *Aquae*, 55.
- de Sulpicia Saturnina, *Aquae*, 59.
- de Accilio Catulo, *Aquae*, 60.
- de Caio Sulpicio Festo, *AE*, 1955, 236.
- de Simplicia, *AE*, 1955, 237.
- de Clemente, *CIL II*, 5572.
- de Aurelio Dionisio, *CIL II*, 2474.
- de Boelio Rufo, *CIL II*, 2530.

Inscripción a Pietas, *IRPLC*, 51.

Inscripción a Poemana, *IRPL*, 6.

Inscripción a Selene, *Aquae*, 66.

Inscripción a Tellus, *IRG* IV, 73.

Inscripcións a Tutela:

de Silonio, *IRPL*, 10.

de Lucio Tertio, *Aquae*, 62.

de Berisilo, *Aquae*, 64.

de Lucio Antonio Avito, *IRPL*, 73.

Inscripcións a Venus:

de Saturnino, *IRPL*, 23.

de Licinio Avito, *Aquae*, 67.

Inscripción ó Xenio Castelli de Bloena, *IRPLC*, 67.

Inscripción a Xuno, *IRPL*, 23.

Inscripcións a Xúpiter:

de Flavia Materna, *Aquae*, 10.

de Durmia Pussina, *CIL* II, 2414.

de Lovessa, *CIL* II, 2467.

III. ÉPOCA DE TRANSFORMACIÓNS: DO SÉCULO III Ó SÉCULO X

1. A muller na lexislación civil

Leges Visigothorum:

Libro II: Sobre os procesos das causas.

Título 3: Sobre os demandantes e demandados. Cláusula 6.

Libro III: Sobre o matrimonio.

Título 1: Sobre as disposicións nupciais. Cláusulas 1-9.

Título 2: Sobre matrimonios ilícitos. Cláusulas 1-8.

Título 3: Sobre o rapto de virxes e viúvas. Cláusulas 1-12.

Título 4: Sobre os adulterios. Cláusulas 1-18.

Título 5: Sobre incestos, apóstatas e homosexuais. Cláusulas 1-7.

Título 6: Sobre os divorcios de esposos e separación de desposados. Cláusulas 1-3.

Libro IV: Sobre a relación de parentesco.

Título 2: Sobre as sucesións. Cláusulas 1-20.

Título 5: Sobre os bens naturais. Cláusulas 1-7.

Libro V: Sobre transaccións.

Título 2: Sobre as doazóns xerais. Cláusulas 1-7.

Título 4: Sobre intercambios e vendas. Cláusulas 4, 11, 12.

Libro VI: Sobre os castigos e torturas.

Título 1: Sobre as acusacións de crimes. Cláusula 3.

Título 3: Sobre os que provocan partos humanos. Cláusulas 1-7.

Título 4: Sobre o asasinato e a morte dos homes. Cláusulas 13, 17, 18.

Libro VII: Sobre roubos e enganar.

Título 3: Sobre os que usurpan e flaxelan escravos. Cláusula 2.

Libro XI: Sobre enfermos, mortos e navegantes.

Título 1: Sobre médicos e enfermos. Cláusula 1.

Documentos galaicos sobre o matrimonio e o dote

Leges Visigothorum, III, 1, 5: Sobre a cantidade de bens que han compoñe-lo dote.

Leges Visigothorum, V, 2, 4: Sobre os bens entregados polo marido á esposa, ademais do dote.

Escritura de doazón de Sisnandus á súa esposa Eldontia, Documento de Sobrado dos Monxes n.º 11.

Escritura de doazón do Conde Gutier á súa esposa Ilduara, Documento de Celanova n.º 576.

Escritura de doazón de Gunterigo á súa esposa Gontrode, Documento de Celanova n.º 577.

Escritura de doazón de Ermexildo e a súa esposa Eldonza ó abade de Samos, Documento de Samos n.º 132.

2. A muller na lexislación eclesiástica

Canons do Concilio de Elvira.

Canons do Concilio de Toledo I.

Canons do Concilio de Braga I.

Canons do Concilio de Braga II.

Canons do Concilio de Toledo III.

Canons do Concilio de Toledo VI.

Canons do Concilio de Toledo X.

Canons do Concilio de Braga III.

Canons do Concilio de Toledo XII.

Disposicións contra o priscilianismo: Canons do Concilio de Zaragoza.

Artigo de fe, Concilio de Toledo I.

Artigos de fe, Concilio de Braga I.

Sulpicio Severo, Chron. II, 46, 6. Sulpicio Severo, Chron. II, 48, 2-3.

4. A muller en documentos de tipo notarial

Documento de compensación de roubo de Letasia, Documento de Sobrado dos Monxes.

Documento de manumisión da escrava árabe Muzulha por san Rosendo, Documento de Celanova.

Documento de doazón do mosteiro de Samos de Fernanda Tedoniz e Froila Franquílaz, Documento de Samos.

5. O santoral

Lenda de Santa Trahamunda.

Inscripción sepulcral de Santa Ilduara.

Textos sobre Santa Aragonta.

Lenda de Santa Seniorina.

6. A muller na vida cultural

A viaxe de Exeria: *Itinerarium* 3, 1-2; 3, 7-8; 4, 3; 7, 2-4; 8, 4-5; 19, 2; 19, 19; 23, 5; 23, 10; 47, 2-5.

Colofón do códice de El Escorial da Raíña Leodegundia.

IDADE MEDIA

(1100-1500)

Esther Corral Díaz
Guillermina Domínguez Touriño
Pilar Lorenzo Gradín
M.^a Carmen Pallares Méndez
Clara Rodríguez Núñez

I. INTRODUCCIÓN

A necesidade de dar a coñecer a un público amplo a presenza das mulleres na sociedade medieval galega fixo necesaria a posta en común de investigadoras procedentes de diversos campos do coñecemento para ofrecer deste xeito unha visión o máis completa posible do mundo feminino da Galicia da idade media.

O obxectivo do traballo non foi tanto o de presentar unha colección de textos segundo a súa tipoloxía, senón que consistiu na elaboración dun esquema previo no que se recolleron aqueles aspectos que se consideraron máis salientables para o coñecemento do papel das mulleres. Tendo en conta este punto de partida, a presentación do estudio ten dous niveis: a imaxe da *muller* proxectada dende as capas cultas da sociedade (leis, igrexa, trovadores e xograres) e o papel persoal (matrimonio, convento e marxinação) e social (traballo, poder e cultura) das *mulleres* na sociedade feudal.

A ninguén se lle escapa a dificultade que o obxectivo proposto presenta. O tema das mulleres é sempre unha cuestión complexa e dificultosa. G. Duby no seu libro *A historia continúa*, ó reflexionar sobre a súa traxectoria como medievalista, fai a si mesmo dúas preguntas moi relacionadas entre si:

¿A idade media era tan masculina como parece?, ¿Como pretendía eu emitir unha opinión global sería sobre unha poboación da que os costumes e crenzas teño o empeño de descubrir, desde hai 50 anos, se esquecía observar de cerca a súa metade? É estraño que tardase tanto tempo en preocuparme pola historia das mulleres. ¿Por que?

¿Porque son un home? En absoluto. É que sempre fun do máis claro ó mais escuro. Antes de aborda-lo “continente negro”, debía desreba-los accesos e bruni-las armas, pois dese lado espesábanse as tebras. A propósito das mulleres daquela época, non hai testemuño que non estea torto, deformado. Nunca oímo-las súas voces. Sempre son os homes os que falan delas, na súa maioría eclesiásticos, que, en principio, deberían manterse afastados delas¹.

O mesmo inconveniente preséntano os textos normativos, os códigos e a lírica trobadoresca, que enmascaran a realidade concreta baixo o veo da ideoloxía.

Para o conxunto do Occidente cristián podemos afirmar que as fontes, eminentemente androcéntricas, son moi irregulares no que se refire ó tipo e á cantidade de información relativa á situación das mulleres, variando segundo a época, o *status* ou a forma de vida destas. Resulta difícil atopar afirmacións procedentes da man ou da boca das propias mulleres; agora ben, esta situación evoluciona ó longo dos séculos medievais. A escuridade dos primeiros tempos vaise aclarando progresivamente, e a luz é máis intensa nos últimos séculos do medievo. En primeiro lugar, porque as propias mulleres comezaron a escribir sobre si mesmas; neste sentido, sobresa e resulta particularmente significativa a figura da escritora franco-italiana Cristina Pizan, que no primeiro capítulo da súa obra *A cidade das damas*, explica como toma conciencia da desgracia de ter nacido muller e descobre que aqueles que cualificaron ás mulleres como esencialmente malas e inclinadas ó vicio son os homes. En segundo lugar, porque, a partir do século XII, se dá un importante incremento da produción escrita e da participación das mulleres na vida espiritual e intelectual, cun aumento da súa participación na vida medieval como oíntes, lectoras, mecenas e tamén como donas e transmisoras de grandes herdanzas, en tanto que viúvas e titoras. Nada disto debe facer esquecer, sen embargo, que as mulleres seguen sometidas á hexemonía masculina.

Se para o conxunto do Occidente cristián resulta moi difícil atopar afirmacións auténticas procedentes das propias mulleres nas fontes medievais, no caso de Galicia ese problema é aínda maior. Non contamos con fontes nin extraordinarias nin específicas para o estudio das mulleres, capaces de achegarnos ó mundo feminino da man das súas protagonistas. Nin sequera podemos dispor de obras escritas por homes, nas que o papel das mulleres sexa tratado con certo detalle. As nosas fontes son, xa que logo, humildes. Os testamentos realizados tanto por homes como por mulleres, os contratos de foro, as transmisións de bens, os foros urbanos, as ordenanzas municipais, as disposicións dos sínodos

¹ G. Duby, *La historia continúa*, Madrid, 1992, pp. 170-171 (traducida ó galego).

celebrados nas distintas dioceses galegas, a lírica galego-portuguesa compoñen a base da nosa información sobre o espacio galego. A estes testemuños, que podemos considerar especificamente de Galicia, engadímo-los que ofrecen textos normativos, principalmente o *Código de las Siete Partidas* de Afonso X o Sabio, que atinxen a todo o reino castelán-leonés.

II. OS DISCURSOS MASCULINOS DOS PAPEIS DE XÉNERO

A muller en abstracto, como é ben coñecido, e con carácter xeral, non goza dunha cómoda posición nin nas obras de pensamento nin nas disposicións legais da Idade Media -tanto as referidas ó mundo eclesiástico como ó mundo laico-, onde se mostra con claridade o peso do masculino. A dependencia, a inferioridade son os trazos dominantes con que a imaxe da muller é ofrecida á mentalidade colectiva desde os ambientes máis cultos da sociedade.

1. As leis

M.^a Carmen Pallares

As leis son pensadas por homes e aplicadas tamén por homes. Non importa a muller, importa o home. A muller, contemplada como inferior e obxecto de protección, é elevada ó rango dos homes só no momento en que é sexualmente inofensiva, cando alcanza a vellez e non pode xa procrear. Son os puntos de vista que reflicten as obras de Afonso X (1252-1284): *El Código de las Siete Partidas*, *El Fuero Real* e *El Espéculo*.

O conxunto de textos recollidos nestas obras son dunha especial importancia, posto que expresan, máis que unha imposición legal, unha reflexión

moral, unha meditación sobre diversos temas, tamén sobre o tema das mulleres. Son reflexións ou meditacións que seguramente responden ó sentir dun espectro social.

A inferioridade abstracta da muller alcanza manifestacións concretas, sobresaen dúas: o engano e a debilidade. En relación coa primeira, está a exclusión das mulleres da capacidade de testificar. A debilidade encontra expresión legal na institución da titoría, exercida polo sexo masculino sobre o feminino. A muller aparece sometida continuamente á tutela dos pais, irmáns ou parentes. O seu permiso é indispensable para poder contraer matrimonio. Ó contraer matrimonio, a muller abandonaba a tutela dos pais, irmáns e parentes, pero para entrar, nese mesmo momento, na tutela do seu home. Só a situación de viuvez significaba para as mulleres o acceso, polo menos desde o punto de vista da elección de esposo, a un maior grao de liberdade.

A vida da muller cambia radicalmente co matrimonio e a maternidade. Matrimonio e maternidade indisolublemente unidos na mentalidade medieval, posto que, como sancionan tanto as leis civís como as eclesiásticas, o fin do matrimonio é a procreación. Dáselle tanta importancia ó ingreso das mulleres nesta nova etapa da súa vida que, incluso externamente, debe quedar reflectido. A razón fundamental é que o que está en xogo é o prestixio do seu home. O matrimonio vincula a muller á familia do seu home e sométea á autoridade deste.

Na lei medieval, a muller é considerada inferior ó varón, depende del, está unida a el; é, en realidade, a súa prolongación. Ata tal punto isto é así, que a muller alcanza a honra e a protección cando ten relación co varón, aínda que esa relación non sexa lexítima.

Selección de textos

Inferioridade da muller con relación ó home.

Otrosi de mejor condicion es el varon que la mujer en muchas cosas e en muchas maneras, asi como se muestra abiertamente en las leyes deste nuestro libro que fablan en todas estas razones sobredichas.

Partida IV, 23, 2.

Como deben situarse as mulleres na confesión

Otrosi, deve el confesor mandar al que se le confiessa, que quantas vegadas viniere a penitencia, se siente a los pies del clerigo, que lo confessare, omildosamente. Pero si fuere muger deve la castigar, que se asiente a un lado del confessor, e non muy cerca, nin delante: mas de guisa, que la oyga, e non le vea la

cara. Porque dice el Profeta Abacuc, que la cara de la muger, es assi como llama de fuego que quema al que la cata. Onde el clerigo que se deve guardar de non fazer yerro con las mugeres, ha menester, de non le ver la cara nin otra cosa: porque aya de mover se a errar.

Partida I, 4, 26.

Exclusión das mulleres da testificación


Testiguar non pueden en los testamentos, aquellos que son condenados por sentencia, que fuesse dada contra ellos, por malas cantigas, o ditados que fizieron contra algunos con entencion de enfamarlos. Nin otrosi el que fuesse condenado por juyzio de los judgadores, por razon de algund malfecho que fiziesse; asi como por furto, o por homicidio, o por otro yerro semejante destes, o por mas grave, de que fuesse dada sentencia contra el. Nin otrosi, ninguno de los que dexan la Fe de los Christianos, e se tornan Moros, o Judios, maguer se tornassen despues a nuestra Fe, que dicen en latin, Apostatas. Nin las mugeres, nin los que fuessen menores de catorce años. Nin los siervos. Nin los mudos. Nin los sordos. Nin los locos, mientras que estovieren en la locura.

Partida VI, 1, 9.


As mulleres, excluídas da testificación

Os datos proporcionados pola documentación do mosteiro de Sobrado permiten obter unha clara conclusión: no século XIII, produciuse o afastamento das mulleres da testificación documental. E non parece que o carácter masculino e cisterciense da comunidade instalada no lugar no ano 1142 sexa a única causa. Xunto a esta, o novo clima romanizante que evidencia a obra xurídica de Afonso o Sabio maniféstase, no que agora nos importa, nas disposicións restrictivas a propósito da testificación feminina, unha explicación que non debe por completo rexeitarse, en tanto que manifestación dun novo ambiente social. A posición da muller nos documentos, o seu afastamento da testificación, han de entenderse no contexto xeral da imposición masculina, favorecida, neste caso, polos que teñen a facultade de legislar.

Mulleres Testemuñas entre Mulleres



Proporción de Mulleres entre testemuñas



A esencia de muller, obstáculo insalvable na admisión do seu testemuño

Hermafroditus en latin, tanto quier dezir en romance, como aquel que ha natura de varon, e de muger. E este atal dezimos, que si tira mas a natura de muger que de varon, non puede ser testigo en testamento, nin en todas las otras mandas que ome fiziesce. Mas si se acostasse mas a natura de varon, entonces bien puede ser testigo en testamento, e en todas las otras mandas que ome fiziere.

Partida VI, 1, 10.

Validez xeral do testemuño masculino

En todo pleyto vala testimonio de dos omnes buenos.

Fuero Real, II, 8, 1.

O testemuño da muller límitase a aqueles ámbitos que se considera que lle son propios

Toda mugier vezina o fiia de vezino pueda testiguar en cosas que fueren fechas o dichas en banno o en forno o en molino o en río o en fuente o sobre filamientos o sobre teximientos o sobre partos o en casamientos de mugier o en otros fechos mugeriles e non en otras cosas sinon en las que manda la ley. Si fuere mugier que ande en semeiança de varón, non queremos que testimonie, sinon en cosa que sea contra rey o contra su sennorío.

Fuero Real, II, 88.

As mulleres testifican en “fechos mugeriles”

Mugier dezimos otrossí que non deve testiguar en las cosas que aquí diremos, assí como en testamento que ffaça alguno por carta quando ffinasse, o manda que ffaça por palabra estando en tal manera que non podiesse ffaçer testamento. Pero ssi acaesçiesse, que alguno oviesse a ffaçer ssu manda con cueyta en tal lugar que non podíes aver varones para testigos., ffaziéndola ante dos buenas mugieres o más, en tal manda como esta dezimos que bien pueden testiguar las mugieres.

Otrossi dezimos que non pueden testiguar en pleito que ssea de iustiça de muerte nin de lissión en cuerpo de omne o de mugier o porque perdiessse lo que

oviesse o ffuesse desterrado, sinon sse acaesçiesse que el mal ffecho sse ffeziesse en tal lugar que non podiesen aver varones que testiguassen e oviesse a preguntar a las mugieres para aver entrada de ssabiduría por que metiesen a pena e a tormento a aquellos enffamados para ssaber la verdat de aquel ffecho. En todas las otras cosas pueden testiguar las mugieres sseyendo de buena ffama e non aviendo en ssy alguna de aquellas cosas porque puedan sseer dessechados los testigos.

Espéculo, IV, 7, 3.

Titoría exercida polo sexo masculino sobre o feminino

Ninguno non sea osado de casar con mançeba en cabelos sin plazer de su padre o de su madre si los oviere, si non, de los hermanos o de los parientes que la tovieren en poder; e aquel que lo fiziere, pecge C marabedís: la meetat al rey e la meatat al padre o a la madre si los oviere, si non, a quien la tiene en poder, e sea enemigo de los parientes.

Fuero Real, III, 1, 14.

Elección de esposo

Si el padre o la madre dalguna mugier que sea en cabelos muriere, e alguno la pidiere pora casamiento a sus hermanos e fuere tal que la mugier e los hermanos sean entregados en él, e por malquerencia o por cobdicia de tener lo suyo o por deheredarla, si casase sin su mandado, non la quisieren casar e ella entendiendo este enganno e affrontándogelo casare con él o con otro que convenga a ella o a sus parientes, los hermanos no la puedan deseredar por tal razón, fueras si aquel con qui casó era enemigo de sus hermanos o les avie fecho alguna fonta; ca por tal cosa como esta, maguer sea de tan buen derecho como ellos, non es derecho que case con él, e si lo fiziere sea deseredada de la buena de su padre o de su madre. E si ella casare con alguno que non sea conveniente pora ella o pora su linage o se fuere con alguno de manera que sea a fonta della e de su linage, sea otrosí deseredada de lo que ovo o devie aver de la buena de su padre o de su madre. Empero maguer que faga contra alguna cosad estas que son sobredichas, non pierda so derecho del heredamiento quel viniere dotra parte, quier de sus hermanos quier dotros estrannos.

Fuero Real, III, 1, 2.

A muller viúva, que contrae novas nupcias, sen consentimento dos seus parentes, non debe ser desherdada.

Si alguna mugier bibda o que aya avido sennor o amigo casare después de muerte de su padre o de su madre sin voluntat de sus hermanos, non sea deseredada por ello, ca pues quel sopieron aquel yerro e ge lo suffrieren non es razón que por el casamiento la devan deseredar.

Fuero Real, III, 1, 3.

A muller viúva non necesita consentimento dos seus parentes para contraer novas nupcias.

Toda mugier bibda maguer que aya padre o madre pueda casar sin su mandado dellos si quisiere (e non aya pena por ende).

Fuero Real, III, 1, 4.

Ámbitos e obxectivos de educación diferentes para nenos e nenas

Las criadas otrossí de reyna dezimos otrossí que deven sseer muy guardadas, quier ssean ffiias de rricos omnes o de otros cavalleros, que ninguno non yaga con ellas en casa de la rreyna; ca qualquier que lo ffeziessse ffaríe los quatro males que dixiemos en la ley de ssuso. E demás pues que la rreyna es tenuta de casar assí como el rrey de criar e de armar, enbargaríe la criança e el bien que la rreyna ffeziessse e podríe por y perder la merçed que esperava aver de la rreyna. E por ende qui tal cosa ffeziessse, ssi lo ffeziere por ffuerça es alevosso, e mandamos que muera por ello commo alevoso e pierda la terçia parte de lo que oviere e ssea del rrey, e los ayudadores mueran otrossí. E ssi lo ffeziere de ssu grado della ffaze aleve e deve morir él e ella e los mandaderos quier ssean varones quier mugieres.

Espéculo, II, 15, 3.

Argumentos de Afonso X para explicar por que o casamento é nomeado matrimonio e non patrimonio.

Matris et munium, son palabras de latin, de que tomo nombre matrimonio, que quier dezir tanto en romance, como officio de madre. E la razon por que llaman matrimonio al casamento, e non patrimonio, es esta. Por que la madre sofre mayores trabajos con los fijos, que el padre. Ca como quier que el padre los engendra, la madre sofre muy grand embargo, con ellos, demientra quelos trae, e sofre muy grandes dolores quando han de nacer, e despues que son nascidos, ha muy grand trabajo en criar a ellos mismos por si. E demas desto, por que los fijos mientras son pequeños, mayor menester han dela ayuda de la madre que del padre. E por todas estas razones sobre dichas, que caben a la madre de fezer, e non al padre: por ende es llamado matrimonio, e non patrimonio.

Partida, IV, 2, 2.

Afonso X explica por que amor, honra e custodia deben ir sempre xuntos.

Amar debe el rey á la reyna su muger por tres razones: la primera porque él et ella por casamiento segund nuestra ley son como una cosa, de manera que se non pueden partir sinon por muerte ó por otras cosas ciertas, segunt manda santa iglesia; la segunda porque ella solamente debe ser segunt derecho su compañia en los sabores et en los placeres, et otrosi ella ha de seer su aparcerera en los pesares et en los cuidados; la tercera porque el linage que de ella ha ó espera haber que finque en su lugar después de su muerte. Honrarla debe otrosi por tres razones: la primera porque pues ella es una cosa con él, quanto mas honrada fuere, tanto es él más honrado por ella: la segunda porque quanto mas la honrare, tanto habrá en ella mayor razón de querer siempre su bien et su honra; la tercera porque seyendo ella honrada, serán los fijos que della hobiere mas honrados et mas nobles. Otrosi la debe guardar por tres razones: la primera porque non debe haber mas que á ella sola segunt ley, et por ende la debe guardar que la haya á su pro et que la non pierda: la segunda razon de que debe seer guardada es que non diga nin faga contra ella, nin dexer facer á otro, ninguna cosa que sea sin razon, nin otrosi dé carrera á ella por que lo faga; la tercera razon porque debe de seer mucho guardada es porque los fijos que della vinieren sean mas ciertos. Onde el rey que desta guisa amare, et honrare et guardare á su muger, será él amado, et honrado et guardado della, et datá ende buen exemplo á todos.

Partida, II, 6, 2.

A muller alcanza a honra e a protección cando ten relación co varón, aínda que esa relación sexa ilexítima.

Si por aventura acaesçiese que el rrey oviesse otra mugier que non ffuesse de benedeçión, lo que vemos que non es guisado nin deve sseer ssegunt mandamiento de nuestra ley, pero ssi ffuese, dezimos que deve sseer guardada por onrra del rrey, ca ninguno non deve yazer con ella nin levarla nin ssosacarla por casamiento nin en otra manera, ffueras ssi gela dies el rrey ossil progresse. Ca qualquier que dotra guissa ffeziesse ssi la duena ffuesse de grant linage, assí commo ffiia de rrey o de otro omne de grant guisa que es ssennor de grant tierra o que la tenga del rrey en onor, ffaze trayçión e deve morir por ello, e si lo non podiere aver, vaya por traidor e pierda lo que oviere; e si la duenna ffuese de menor guisa, ffaze aleve e dévenla sacar los oios, e ssi aver non lo podieren, vaya por alevosso e pierda la meadad de lo que oviere; e ssi ffuere ffiia de burgés o de omne onrrado de villa, ffaz deslealtad en ffazer desonrra a ssu ssennor, e ssi ffuer de grant guisa el que tan grant deslealtad commo ésta ffiziesse, deve sseer echado del rregno, e ssi fuere otro omne, pierda quanto que oviere, e ssi non ovier qué pierda, ssea metido en pressión grant tienpo quanto el rrey toviere por bien.

Espéculo, II, 3, 1.

2. A Igrexa

M.^a Carmen Pallares

A mesma inferioridade da muller obsérvase nas disposicións do dereito canónico ou nas elaboracións doutriniais dos eclesiásticos. Tamén a disciplina da Igrexa e a súa doutrina foron elaboradas por homes elevados ó poder na sociedade e responsables da súa orientación. Mudables de corpo e inquietas de alma, as mulleres necesitan custodia. A custodia significa, en primeiro lugar, indicar todo o que pode e debe facerse para educalas mulleres nos bos hábitos e para salvar a súa alma: reprimir, vixiar, enclaustrar, pero tamén protexer, preservar e coidar. Esta serie complexa de intervencións debe pórse en práctica desde a infancia e acompañará á muller, xa sexa laica, xa relixiosa, durante tódalas fases da súa vida.

Os autores medievais aborrecen a idea de novidade. Cando innovan, protéxense máis que nunca trala tradición e pretenden volver ás fontes. Padres da Igrexa, teólogos e canonistas, apoiados nos textos bíblicos -o relato da Xénese e a Primeira Carta de san Paulo ós Corintios, fundamentalmente-, interpretan o tema da muller ó redor de dous argumentos principais: a primacía da creación do home e a prioridade culpable da muller no primeiro pecado.

Fronte a estas lecturas dos relatos bíblicos, onde os comentaristas recollen a convicción de que a muller foi creada nunha posición de subordinación e respecto ó home, encóntrase tamén o principio evanxélico da igualdade de tódolos seres humanos ante Deus; a concepción cristiá, a concepción evanxélica, segundo a cal home e muller son membros iguais da Igrexa invisible. Pero esto

non ten consecuencias prácticas inmediatas; no cadro da Igrexa visible e terrestre, o home e a muller non son iguais. Só o home é membro perfecto da Igrexa; a muller non pode recibir as ordes sagradas, está excluída do ministerio e, particularmente, do ministerio da palabra.

As leis e os pensadores conformaron, sen ningunha dúbida, unha mentalidade colectiva con amplo peso do masculino, fixando un sistema de valores onde a muller aparece subordinada ó home e onde se establece a reprodución como función principal da muller. Ademais, nos séculos centrais da idade media, xorde o que pode definirse como sentimento de medo que as mulleres producen ós homes. Témesse á muller porque é descoñecida. Na fixación deste sentimento de temor ante as mulleres, o papel dos eclesiásticos foi definitivo a partir de finais do século XI; desde entón, o establecemento do celibato clerical foi acompañado do crecemento da misoxinia entre os membros das institucións eclesiásticas.

Descoñecemento e temor contribúen tamén a perfila-la imaxe da muller medieval e a condiciona-la vida das mulleres concretas da idade media.

Selección de textos

Primacía da creación do home e prioridade culpable da muller no primeiro pecado.

E o Señor Deus formou un home do po da terra, soproulle no nariz o alento da vida e tornouse o home persoa viva... O Señor Deus pensou: -Non está ben o home só. Vou facer para el unha axuda ó seu xeito. O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ó home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese. O home púxolles nomes ós animais domésticos, ós paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ó seu xeito.

Entón infundiou o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tirou unha costela e cerrou con carne o sitio. Da costela do home formou unha muller e presentoulla ó home.

O home exclamou: -Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do home. Por iso deixa o home seu pai e súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo. Estaban os dous espidos, o home e a muller, pero non sentían vergoña.

... O Señor Deus díxolle á muller: -¿Que é o que fixeches? E a muller respondeu: -A serpe enganoume, e comín. Entón o Señor Deus díxolle á serpe: -Porque fixeches iso, maldita sexas entre os animais e as feras todas do monte. Andarás arrastrada e comerás po toda a túa vida. Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a dela. Ti tentarás de atinxirlle o calcañar pero ela esmagarache a cabeza.

Á muller díxolle: -Terás moitos afáns na túa preñez, parirás polo teu home, e el dominarate.

Ó home díxolle: -Porque lle fixeches caso á túa muller, comendo do froito da árbore que che prohibira comer, por culpa túa será maldita a terra: con traballos tirarás dela a túa mantenza mentres vivas. Producirache silvas e abrollos, e terás que comer herbas silvestres. Comera-lo pan coa túa suor, ata que volvas á terra da que fuches tirado. De feito, ti es po e ó po tes que volver.

O home chamou Eva á súa muller, pois vén se-la nai de tódolos que viven.
Xénese 1, 2-3.

A muller, excluída do ministerio da palabra.

Como en tódalas igrexas dos santos, as mulleres na asemblea que calen a boca, que non lles está permitido falar; que se mostren submisas, como a mesma Lei o di. Se queren entender algunha cousa, que llela pregunten na casa ós seus homes, pois non di ben nunha muller falar na asemblea.

San Paulo, I Corintios, 14.

A cantiga LX de Afonso X mostra a dicotomía que, na mentalidade medieval, se establece entre María e Eva

Esta é de loor de Santa María, do departamento
que á entre Av'e Eva.
Entre Av'e Eva
gran departiment' á

Ca Eva nos tolleu
o Parays' e Deus
Ave nos y meteu
porend', amigos meus:
Entre Av'e Eva...

Eva nos foi deitar
do dem' en sa prijon,
e Ave en sacar;
e por esta razon:
Entre Av'e Eva...


Eva nos fez perder
amor de Deus e ben,
e pois Ave aver
no'lo fez;e poren:
Entre Av'e Eva...

Eva nos enserrou
os ceos sen chave,
e Maria britou
as portas per Ave
Entre Av'e Eva...

Afonso X, *Cantigas de Santa María*.

Expresión iconográfica da dicotomía que, na mentalidade medieval, se produce entre María e Eva.

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, Biblioteca de El Escorial, cantiga LX.



Reacción eclesíastica, recollida no sínodo de Mondoñedo do ano 1541, ante o medo que os homes tiñan ó maleficio que as súas mulleres lles podían ocasionar.

Item nos consto por la visita de muchos hombres, que temenpoco a Dios, teniendo sospecha que sus mugeres o sus amigas les hazen maleficio y que, para certificarse, quando paren, si paren de ellos, las llevan a la iglesia a hazer, sobre el Santo Sacramento, juramento; y, otras vezes, les hazen poner las manos sobre una barra de hierro ardiendo; y, otras vezes, les hazen mojar las manos y meterlas en un escriño de harina, diciendo que, si se apega la harina a las manos mojadas, le hizo maleficio y, si no, no. Y como esto sea contra el mandamiento de no tentar a Dios y supersticion diabolica, anathematizamos, maldecimos y descomulgamos a todos los hombres que tal mandaren y a todas las mugeres que tal consintieren, so pena que cada uno de ellos y de los que fueren testigos pague cada uno de ellos dos mill maravedis y hagan una penitencia pública un día de fiesta en la missa maior.

Sínodo de Mondoñedo de 1541.

No contexto de enfrontamento entre a raíña Urraca e o bispo Diego Xelmírez, Xiraldo, un dos autores da Historia Compostelana, adica, pensando na raíña, frases á muller en xeral, dominando a figura de Eva, a muller caída.

Cantos pactos de concordia foron varias veces sancionados con xuramento entre o arcebispo, legado da santa igrexa romana, e a raíña Urraca, témolos tocado repetidas veces en poucas palabras. Porque o arcebispo, temeroso de que o ánimo mulleril da raíña volvese ás súas acostumadas armas, ou sexa, á fraude, tivera moito coidado de renova-los pactos de paz e de confirma-los pactos renovados. Deste xeito atraérase a case tódolos de Galicia, de terra de Campos e de Castela, e co xuramento obrigáralles a que, se a raíña atentase prende-lo arcebispo ou expulsalo do seu señorío, tódolos que mediante xuramento sancionaran que tal cousa non se fixese, axudarían ó arcebispo e opoñeríanse á raíña.

Pero ¿quen hai en Galicia que sexa amante da verdade e da santidad?, ¿quen hai en Galicia que siga a xustiza e as demais virtudes? Alí case todos fan a corte á fortuna. Pouquísimos son os que poden ser tidos por fieis: non hai quen siga o ben, nin tan sequera un.

Espantado o arcebispo desta perfidia, e, en canto lle era posible, tomando precaucións dela para o futuro, aceptara por testemuñas e confirmadores do devandito pacto, mediante xuramento de fidelidade, a Henrique abade de Angely, parente da raíña, e a Estevo camareiro de Cluny. Tamén un monxe de Cluny chamado Xerardo, sancionara recentemente os vínculos da alianza entre o arcebispo e a raíña, tanto que fixo o arcebispo de tímido forte e de inseguro constante. Mais ¿a que non se atreve a perversidade mulleril?, ¿a quen non acomete a malignísima víbora? En suma: a canto se atreven, canto presumen e acometen as ficcións mullerís, abondo o indica o exemplo de Eva, nosa primeira nai; o audacísimo ánimo da muller viola o máis santo; tanto lle ten o lícito coma o vedado.

Historia Compostelana, Libro II, Capítulo 39.

Perfís da muller na mentalidade do eclesiástico Xiraldo, un dos autores da Historia Compostelana.

Así, pois, entre o arcebispo e a raíña, e entre os vasalos dun e os da outra, establécese tan firme pacto de fidelidade, que nin o arcebispo deba temer no sucesivo enganos de parte da raíña, nin esta deba desconfiar do auxilio do arcebispo, e que, aínda que a raíña intentase terxiversar como é propio do ánimo mulleril, non poida engana-lo arcebispo, posto que a raíña dá por garantas da súa fidelidade tódolos bispos do seu reino.

Historia Compostelana, Libro II, Capítulo 59.

No mesmo contexto de relacións entre Diego Xelmírez e a raíña dona Urraca, Xiraldo amósanos outro perfil da muller medieval.

En fin, durmida para sempre todo este preito entre eles, e prometendo (a raíña) que non movería sobre o dito máis lamentos, a pesar de todo conservaba no íntimo do seu peito unha ferida de disimulada inimistade. Pero, ¿quen dubidará que a muller dolosa se mostra máis daniña cando con choros xura, xa que non lle importa nada perxurar?

Historia Compostelana, Libro II, Capítulo 62.

Asentamento das mulleres nas Igrexas.

Otrossi mandamos que en las yglesias aya raya donde las mugeres no pasen en la yglesia ni esten mezcladas con los hombres salvo por si, y los hombres adelante hacia el altar, la qual raya mandamos señalar a los curas; y ansi mismo pongan raya entre los legos y el altar.

Sínodo de Tui de 1528.

Administración da penitencia, contida nun sermón que, atribuído ó papa Calixto, debía ser pronunciado o día 24 de xullo, véspera de Santiago.

Por iso deben ter moito coidado os bispos de concede-la potestade de administra-la penitencia só a sacerdotes desde logo castísimos, que impoñan ós pecadores xustamente as cargas penitenciarias con autorización dos canons e segundo as posibilidades do penitente, mais non por cobiza ou odio, ou amor, ou ignorancia, ou impureza. Porque por un mesmo pecado debe porse penitencia diferente ó enfermo e ó san, ó clérigo e ó laico, ó soldado e ó relixioso, ó autor e ó cómplice, ó rapaz, ó vello e á muller.

Códice Calixtino, p. 46.


Diferencias no vestir entre solteiras e casadas, segundo o sínodo celebrado en Mondoñedo no ano 1541.

Primeramente, por quanto hallamos en costumbre en muchas feligresias de nuestro obispado que las mugeres que estan desposadas y veladas y hazen vida maridable con sus maridos traen tocas de doncellas y andan en alvanaegas, de manera que parecen mozas doncellas y que no se conoce si son casadas o doncellas; ordenamos y mandamos que, de aqui adelante, ninguna muger, despues que hiziera vida maridable con su marido, sea osada de andar sino con toca de casada y ansi vaia a la iglesia, so pena, a ella de un ducado y a su marido de otro ducado; y que el cura o rethor los evite de los officios, ansi a el como a ella, so pena de dos ducados.

Sínodo de Mondoñedo de 1541.

A influencia da cristinización no uso dos nomes

Stock de Nomes e Concentración



Os datos que se recollen no gráfico, proporcionados pola documentación do mosteiro de Sobrado, refírense ós nomes propios e mostran, por unha parte, a evolución do número de nomes en uso (o *stock* de nomes en circulación) e, por outra, o peso relativo dos nomes máis usados. No primeiro caso, sinálase o número de nomes por cada cen individuos e, no segundo, a porcentaxe de individuos concernidos polos sete nomes máis usados.

María é, sen dúbida, o axente principal da concentración dos nomes de muller. Como entre os homes, dominaban entre as mulleres do século X os nomes xermánicos. A imposición, desde finais do século XI, de María e de Mariña resulta dominante entre as mulleres e fai que outros nomes cristiáns a penas se vexan representados. Na primeira metade do século XIII, o predominio de María entre os nomes de muller pode cualificarse de absoluto e explica que a antroponimia feminina alcance niveis de concentración superiores ós dos homes.

3. A lírica galego-portuguesa

Esther Corral Díaz e Pilar Lorenzo Gradín

As modalidades poéticas que os trovadores galego-portugueses puxeron en práctica dende finais do século XII ata mediados do século XIV intégranse en dous grandes bloques: por unha parte, está a poesía de carácter narrativo, representada polas 356 *Cantigas de Santa María* (non se inclúen neste grupo as denominadas *cantigas de loor*, dedicadas a loa-la Virxe, do mesmo xeito que os trovadores cantaban á súa dama), e, por outra, a poesía lírica profana distribuída nos tres grandes xéneros que conforman o sistema literario peninsular: *cantigas de amor*, *amigo*, *escarnio* e *maldicir*. Mentres que os textos do rexistro amoroso presentan unha estilización literaria da figura feminina, as cantigas mariñas e os textos satíricos, a pesar de desenvolver unha serie de temas que se reducen a un número limitado de situacións básicas, ofrecen unha imaxe das mulleres máis variada, que reflicte, en boa medida, as liñas do pensamento medieval (relixioso e laico) sobre a dona. Pero, en calquera caso, convén lembrar que a visión que a lírica galego-portuguesa proporciona das mulleres é unha visión sempre mediatizada pola óptica masculina, xa que, como se recordará, só os homes participaron como suxeitos activos naquela manifestación literaria.

Os substantivos *domna* e *midons* na lírica occitana remiten claramente a unha muller casada pertencente á alta nobreza, muller que se converte nun símbolo para todos aqueles fillos segundoxénitos, prexudicados polo sistema de liñaxes instaurado definitivamente en Francia a partir do século XI e no que se favorece ó primoxénito. Polo contrario, na lírica galego-portuguesa a situación amósase menos homoxénea, xa que, como confirma a documentación da nobreza medieval peninsular, a palabra *senhor* ten unicamente un sentido feudal, sendo empregada en consecuencia para referi-la autoridade, o poder e o

dominio. Na *cantiga de amor*, polo tanto, o substantivo funciona de xeito metafórico e serve para pór de manifesto o sometemento do trobador ante a súa *senhor*; este valor determina que o termo sexa válido tanto para ser aplicado a unha muller casada como solteira. A maior parte dos textos amorosos non son explícitos con respecto á condición da muller e só un número reducido deles deixa entrever que a paulatina alteración das estruturas de parentesco e a lenta posta en marcha do sistema agnático -que se consolida en Castela e Portugal nos primeiros anos do século XIV- provocan unha certa crise social. Pero o que si se percibe nalgunhas cantigas é o papel central (e á vez pasivo) que se lle confire á muller no sistema señorial, xa que é un instrumento fundamental na política de acordos matrimoniais levada a cabo polos *patri familias*.

Xunto co modelo de escritura aristocratizante, as cortes de Portugal, León e Castela impulsan outro xénero literario de tipo tradicional, a *cantiga de amigo*, na que o sistema dual masculino/feminino da canción cortés se inverte, pois, nesta ocasión, os trobadores concédennlle a voz a unha moza namorada que funciona como suxeito do enunciado lírico. Aínda que o tema que predomina é, coma na *cantiga de amor*, o sufrimento amoroso, amosan os textos deste xénero unha maior vivacidade expresiva, que vén determinada tanto polo uso máis frecuente do diálogo con outros personaxes (nai, irmá, confidente, amigo, elementos da natureza), coma pola riqueza de matices que presenta a protagonista. Esta é unha rapariga solteira como indican non só o emprego dos sintagmas *donzela* e *dona-virgo*, senón tamén todas aquelas cantigas que poñen en escena unha moza que depende da tutela materna. Na *cantiga de amigo* quedan a miúdo ó descuberto os valores de virxindade e fecundidade femininas, así como a virilidade do amante e a *concupiscentia* que nel esperta a visión da rapaza.

Nos textos satíricos a muller deixa de se-la protagonista do cantar para converterse, en moitas ocasións, no albo da crítica do trobador. O espectro feminino que se rexistra nestas cantigas amplíase notablemente. Ás tópicas *senhor* e *amiga*, sempre perfectas e uniformes, súmase un variado conxunto de donas, que mostran indicadores de diferentes idades (*velha*, *moça*, *manceba* ou *pastorinha*), de estado civil (*donzela*, *solteira*, *casada*, *barragãa* ou *viuva*), de nivel social (*reinha*, *ricas donas*, *infanções* ou *coteifas*), de profesión (*ama*, *tecedor*, *manceba*, *malada*, *covilheira*, *soldadeira* ou *puta*) ou de estamento relixioso (*abadessa*, *prioresa*, *monja*, *touquinegra*). Entre as mencionadas ocupa un lugar de especial relevo a figura das *soldadeiras*.

O *corpus* mariano presenta unha diferenciación moi clara entre o tratamento que recibe María e o que se lles confire ás outras mulleres que aparecen nos textos. As cantigas narrativas revelan un universo feminino amplísimo, comparable ó referido nas *cantigas de escarnio*. No proxecto afonsino a presenza da

muller está determinada en función de características externas (desfilan ante o lector unha extensa serie de tolleitas, enfermas, accidentadas, etc.) ou a través de criterios de diferenciación social (raíñas, infantas, donas de alta condición, alcaldesas, serventas, etc.), subliñándose de xeito particular nos textos os valores relixiosos e morais das protagonistas (xustas /vs/ réprobas) e a súa condición civil. A faceta da muller-nai e a castidade son especialmente destacadas como modelos femininos neste xénero.

Na obra de Afonso X as fórmulas laudatorias dirixidas a María representan unha Virxe humana, dotada dos atributos e esixencias que a época reclamaba. Ela constitúe un modelo de maternidade virxinal, un fito de referencia para casadas e relixiosas, ó mesmo tempo que se conforma como un arquetipo de noiva e de *senhor*, impoñendo o retrato ideal da muller dos séculos XII e XIII.

I. A concepción do servico amoroso: a *coita* do vasalo e a intransixencia da *senhor*

De tal guisa me ven gran mal
que nunca de tal guisa vi
vïr a outro, pois nasci.
E direi-vus ora de qual
guisa, se vus prouguer', me ven:
ven-me mal, porque quero ben
mia senhor e mia natural,

Que am'eu mais ca min nen al,
e tenho que ei dereit'i
d'amar tal senhor mais ca mi.
E seu torto x'é, se me fal,
ca eu non devi'a perder
por mui gran dereito fazer;
mais a min dereito non val.

E pois dereito nen senhor
non me val'i, ¿e que farei?
Quen me conselho der', terrei
que mui'té bon conselhador.
Ca ela non mi-o quer i dar,
nen mi-ar poss'eu d'ela quitar.
¿E qual conselh'é 'qui melhor?

Esforçar-m'en soffrer pavor
o melhor conselh'é que sei,
e en lhe dizer qual tort'ei
e non lh'o negar, pois i for'.
E ela faça como vir',
de me matar ou me guarir:
e averei de qual quer sabor.

Martin Soarez, *Ajuda* 53.

Senhor fremosa, vejo-vus queixar
porque vus am'e amei, pois vus vi;
e pois vos d'esto queixades de mi,
se én dereito queredes filhar,
aque-m'aqui eno vosso poder!

Pois vos de min non queixades por al,
se non porque vus quero mui gran ben,
e vejo que vos queixades por én,
senhor de min, e meu ben e meu mal,
aque-m'aqui eno vosso poder!

Senhor, se vos tēedes por razon
d'eu por aquesto ja morte prender,
non ei eu quen me de vos defender';
e por én, coita do meu coraçõ,
aque-m'aqui eno vosso poder,

en que foi sempr'e ei ja de seer.

Roi Queimado, *Ajuda* 138.

Senhor fremosa, por Nostro Senhor,
e por mesura, e porque non á
en min se non mort' (e cedo será),
e porque sãõ vosso servidor,
e polo ben que vos quer'outrossi,
jay meu lume, doede-vus de mi!

Por mercê é que vus venho pedir
e porque sãõ voss(o), e porque non
cato por al, nen seria razon,
e porque sempre vus ei a servir,
e polo ben que vus quer'outrossi,
jay meu lume, doede-vus de mi!

Porque vus nunca podedes perder
en aver doo de min, e por qual
vos fezo Nostro Senhor, e por al:
porque soub'eu qual sodes, conhocer,
e polo ben que vus quer'outrossi,
jay meu lume, doede-vus de mi!

Por quan mansa e por quan de bon prez,
e por quan aposto vus fez falar
Nostro Senhor, e porque vus catar
fez mais fremoso de quantas el fez,
e polo ben que vus quer'outrossi,
jay meu lume, doede-vus de mi!

Pai Gomez Charinho, *Ajuda* 254.

Ora faz a min mia senhor,
como senhor pode fazer
a vassalo, que defender
non se pode, nen á u lh'ir.
E faz mi-a mercee viir
d'Amor, com'ome preso ven.
;Nostro Senhor mi-o sabe ben!

Muit' [en estar] a gran pavor
ei dereit'e en me temer
d'Amor, on[de] cuid'a dizer
mal, e onde quero partir,
e averei coit'a sentir;
e non concerto nulha ren,
ca eu mi-o mereci mui ben.

Se me mal ou coita vëer',
con guisado eu mi-o busquei
muit'end(e) e mi-o lazerarei.
Mais mia senhor faz seu prazer
(pois que me ten en seu poder),
que [me] faz entrar en prison,
u me non jaz se morte non.

Tod' eu farei, quanto quiser'
mia senhor, que de fazê'-l'-ei.
Pero ¿con que olhos irei
ant' Amor, e a seu poder?
Tan grave m'é de cometer
que mi-o non sab'ó coraçõ,
nen mi-o sab'outren, se Deus non!

Fernan Rodriguez de Calheiros, *Ajuda* 342.

A rem que mh-a mi mays valer
devya contra mha senhor
essa mi faz a mi peyor
serviç', é muy gram ben querer
e muy grand'omildade;
non me vos pod'al apoer,
que seja con verdade,
nen ar é d'al despagada.

Nunca lh'outro pesar busquey
senon que lhi quero gram ben
e por est(o) en coita me ten,
tal que consselho non me sey;
se lh'eu mal merecesse,
o que lhi non merecerey,
hu eu pouco valesse,
non mi daria nada.

Quando m'agora ren non dá,
que lhi non ssey merecer mal,
o meu serviço non mi val
cuyd'eu nunca mi ben fará,
mays dig'a sseu marido
que a non guarde de min já,
ca será hi falido,
se mh-a tever guardada.

Torto fará, se mh-a guardar,
ca non vou eu hu ela é,
e juro-vos per bõa fé,
des que m'ela fez tornar,
nunca foy aquel dia
que a eu vysse, ca pesar
grande lhy creceria,
nen vi a ssa malada

Que con ela sol ben estar
e meu mal lhi diria,
ca esta é ssa privada,
e, sse me quisess'ajudar,
Elvyra ben faria
e de Deus foss'ajudada.

Airas Engeitado, *Amor* 193.

Este é o Prologo das Cantigas de Santa Maria, ementando as cousas que á mester eno trobar.

E o que quero é dizer loor
da Virgen, Madre de Nostro Sennor,
Santa Maria, que ést'a mellor
cousa que el fez; e por aquest'eu
quero seer oy mais seu trobador,
e rogo-lle que me queira por seu

Trobador e que queira meu trobar
reçeber, ca per el quer'eu mostrar
dos miragres que ela fez; e ar
querrei-me leixar de trobar des i
por outra dona, e cuid'a cobrar
per esta quant'enas outras perdi.

Ca o amor desta Sen[n]or é tal,
que queno á sempre per i mais val;
e poi-lo gaannad'á, non lle fal,
senon se é per sa grand'ocajon,
querendo leixar ben e fazer mal,
ca per esto o perd'e per al non.

Poren dela non me quer'eu partir,
ca sei de pran que, se a ben servir,
que non poderei en seu ben falir
de o aver, ca nunca y faliu
quen llo soube con merçee pedir,
ca tal rogo sempr'ela ben oyu.

Onde lle rogo, se ela quiser,
que lle praza do que dela disser
en meus cantares e, se ll'aprouguer,
que me dé gualardon com'ela dá
aos que ama; e queno souber,
por ela mais de grado trobará.

Cantigas de Santa María B, vv. 15-44.

I.1. *As parentes amadas*

Dende o século XII, a Igrexa establece que para contraer matrimonio é necesaria a ausencia de vínculos de parentesco entre os cónxuxes ata o sétimo grao canónico (a partir de 1214 a prohibición limítase ó cuarto grao). As cantigas que a seguir se reproducen reflicten, non sen certa dose de ironía, amores consanguíneos que en certos sectores da aristocracia se consideraban solidarios para a liñaxe.

Eu sōo tan muit'amador
do meu linhagen, que non sei
al no mundo querer melhor
d'ũa mia parenta que ei.
E quen sa linhagen quer ben,
tenh'eu que faz dereit'e sen;
e eu sempr'o meu amarei.

E sempre serviç'e amor
eu a meu linhagen farei,
entanto com'eu vivo for':
esta parenta servirei,
que quero melhor d'outra ren,
e muito serviç'en mi ten,
se eu poder' -e poderei-

Pero nunca vistes molher
nunca chus pouc(o) algo fazer
a seu linhagen, ca non quer
en meu preito mentes meter:
e poderia-me prestar,
par Deus, muit', e non lhe custar
a ela ren de seu aver!

E veede, se mi-á mester
d'atal parenta ben querer:
que m'ei a queixar, se quiser'
lhe pedir algo, u a veer'.
Pero se me quisesse dar
algo, faria-me preçar
atal parenta e valer.

Pai Soarez de Taveirós, *Ajuda* 37.

Vēeron-m'ora preguntar
meus amigos, por quē perdi
o sen; [e] dixi-lhis assi
(ca o non pūdi mais negar):
 A mia sobrinha mi tolheu
 o sen, por que ando sandeu.

Quen ben quiser' meu coraçon
saber, por quē ensandeci,
pregunte-me, ca ben logu'í
lhi direi eu assi enton:
 A mia sobrinha mi tolheu
 o sen, por que ando sandeu.

Fernan Fernandez Cogominho, *Ajuda* 426.

II. O ideal de abstracción e perfección femininas. A representación da muller

Considerando os centros de produción e asimilación da cultura trobadoresca (cortes rexias e feudais), pódese concluír que a protagonista dos textos do rexistro amoroso é unha muller nobre, condición que corroboran a utilización do substantivo *dona* ou a dos esporádicos sintagmas *dona-d'algo*, *filha d'algo*, que implican un tratamento honorífico e respectuoso. Pero a muller cantada é só un admirable estereotipo no que se concentran as máis altas calidades do código cortés (*mesura*, *sen*, *prez*, *bondade*, *valor*...). A descrición feminina presenta a miúdo carácter indefinido e resólvese xeralmente en hipérboles totalizadoras do tipo *a melhor dona de quantas fez Nostro Senhor, a mais fremosa dona de quantas sei*, etc. Fronte a este retrato ideal, o discurso satírico cambia completamente de ton e ofrece unha serie nutridísima de detalles do corpo humano, dos produtos cosméticos con que se enfeitaba ou, incluso, de obxectos do seu vestiario.

Quando me nembra de vos, mia senhor,
en qual affan me fazedes viver,
e de qual guisa leixades Amor
fazer en mi quanto x'el quer fazer,
enton me cuid'eu de vos a quitar.
Mais, pois vus veg'e vus ouço falar,
outro cuidad'ar ei log'a prender.

Porque vus vejo falar mui melhor
de quantas donas sei, e parecer,
e cuid'en como sodes sabedor
de quanto ben dona dev'a saber.
Este cuidado me faz destorvar
de quant'al cuid', e non me quer leixar
partir de vos, nen de vus ben querer.

E quand'ar soyo cuidar no pavor
que me fazedes, mia senhor, soffrer,
enton cuid'eu, enquant'eu vivo for',
que nunca venh'ao vosso poder.
Mais tolhe-m'én log'aqueste cuidar
vosso bon prez e vosso semelhar,
e quanto ben de vos ouço dizer.

Mais quen vus ousa, mia senhor, catar,
Deus! como pod'o coraçõn quitar
de vos, nen os olhos de vus veer?

Nen como pode al ben desejar
se non de vos, quen sol oir' falar
en quanto ben Deus en vos faz aver?

Martin Soarez, *Ajuda* 47.

Senhor, que ben parecedes!
se mi contra vós valvesse
Deus, que vos fez, e quisesse
do mal que mi [vós] fazedes
mi fezessedes enmenda
e, vedes, senhor, quejenda
que vos viss'e vos prouguesse.

Ben parecedes sen falha
que nunca vyu homen tanto,
por meu mal e meu quebranto,
mays, senhor, que Deus vos valha
por quanto mal ey levado
por vós aja en por grado
veer-vos siquer já quanto.

Da vossa gram fremusura,
ond'eu, senhor, atendia
gram ben e grand'alegria,
mi ven gram mal sen mesura,
e, poys ei coyta sobeja,
praza-vos já que vos veja
no an(o) hũa vez d'un dia.

Don Denis, *Amor* 90.

A dona que ome “senhor” devia
con dereito chamar, per bõa fé,
meus amigos, direi-vus eu qual é:
ũa dona que eu vi noutro dia,
e non lh’ousei mais d’aquesto dizer.
Mais que’-na viss’e podess’entender
todo seu ben, “senhor” la chamaria!

Ca senhor é de muito ben. E vi-a
eu por meu mal, sei-o, per bõa fé;
e se morrer’ por én, gran dereit’ é,
ca ben soub’eu quanto m’end’averria:
morrer assi com’eu moir’, e perder,
meus amigos, o corp’, e non poder
veer ela, quando veer querria!

E tod’aquesto m’ant’eu entendia
que a visse; mais tant’oi falar
no seu ben que me non soube guardar;
nen cuidava que tan ben parecia
que log[u]’eu fosse por ela morrer!
Mais u eu vi o seu bon parecer,
vi, amigos, que mia morte seria.

É por esto que ben conselharia
quantos oíren no seu ben falar,
no’-na vejan; e poden-se guardar
melhor ca m’end’eu guardei, que morria,
e dixemal; mais fez-me Deus aver
tal ventura, quando a fui veer,
que nunca dix’o que dizer querria.

Pai Gomez Charinho, *Ajuda* 246.

*Rosa das rosas e Fror das frores,
Dona das donas, Sennor das sennores.*

Rosa de beldad’e de parecer
e Fror d’alegria e de prazer,
Dona en mui piadosa seer,
Sennor en toller coitas e doores.
Rosa das rosas e Fror das frores...

Atal Sennor dev’ome muit’amar,
que de todo mal o pode guardar;
e pode-ll’os peccados perdõar,
que faz no mundo per maos sabores.
Rosa das rosas e Fror das frores...

Cantigas de Santa María 10, vv. 1-14.

II.1. *A cantiga da ama de don Johan Soares Coelho e a súa polémica*

O nobre portugués don Johan Soares Coelho dedicoulle unha *cantiga de amor* a unha ama de cría en lugar de á tradicional dama nobre, polo que vai recibir as críticas dos seus compañeiros poetas (Airas Perez Vuitoron, Fernan Garcia Esgaravunha, Johan Garcia de Guilhade, Lourenço e Juião Bolseiro), que lle van reprocha-lo envilecemento do canto e a falta de respecto cara a un tópicoo establecido na tradición literaria.

Atal vej'eu aqui ama chamada
que, dé'-lo dia en que eu naci,
nunca tan desguisada cousa vi,
se por ùa d'estas duas non é:
per aver nom'assi, per bõa fé,
ou se lh'o dizen porque est amada,

Ou por fremosa, ou por ben-talhada.
Se por aquest'ama dev'a seer,
é o ela, podede'-lo creer,
ou se o é pola eu muit'amar,
ca ben lhe quer'e posso ben jurar:
poi'-la eu vi, nunca vi tan amada.

E nunca vi cousa tan desguisada
de chamar ome ama tal molher
tan pastorinh', e se lh'o non disser'
por tod'esto que eu sei que lh'aven:
porque a vej'a todos querer ben,
o[u] porque do mund'è a mais amada.

E o[i]de como vus eu disser',
que, pero me Deus ben fazer quiser',
sen ela non me pode fazer nada!

Johan Soares Coelho, *Ajuda* 166.

Desmentido m'á 'qui un trobador
do que dixi da ama sen razon,
de cousas pero, e de cousas non.
Mais u menti, quero-mi-o eu dizer:
u non dixi o meo do parecer
que lhi mui bõo deu Nostro Senhor,

Ca, de pran, a fez parecer melhor
de quantas outras eno mundo son,
e mui mais mansa, e mais con razon
falar e riir, e tod'al fazer;
e fezo-lhe tan muito ben saber
que en todo ben é mui sabedor.

E por esto rogo Nostro Senhor
que lhe meta eno seu coraçon
que me faça ben, poi'-lo a ela non
ouso rogar; e se m'ela fazer
quisesse ben, non querria seer
rey, nen seu filho, nen emperador,

Se per i seu ben ouvess'a perder;
ca sen ela non poss'eu ben aver
eno mundo, nen de Nostro Senhor.

Ídem, *Ajuda* 171.

II.2. *O poder da beleza. A ornamentación feminina*

De morreres por mi gram dereit'é,
amigo, ca tanto paresqu'eu ben
que d'esto mal grad'ajades vós en
e Deus bon grado, ca, per boa fé,
non é sen guisa de por mi morrer
quem mui ben vir este meu parecer.

De morreres por mi non vos dev'eu
bon grado poer, ca esto fará quen quer
que ben cousir parecer de molher
e, pois mi Deus este parecer deu,
non é sen guisa de por mi morrer
quem mui ben vir este meu parecer.

De vos por mi amor assi matar
nunca vos d'esto bon grado darei,
e, meu amigo, mais vos eu direi,
pois me Deus quis este parecer dar:
non é sen guisa de por mi morrer
quem mui ben vir este meu parecer

Que mi Deus deu, e podedes creer
que non ei ren que vos i agradecer.

Don Denis, *Amigo* 42.

Ai meu amigo, avedes vós por mi
afam e coit' e deseje non al,
e o meu ben é todo vosso mal,
mais pois vos eu non posso valer i,
pesa-mi a mi, por que paresco ben,
pois end'a vós, meu amigo, mal ven.

E sei, amigo, d'estes olhos meus
e sei do meu fremoso parecer
que vos fazem [en] gram coita viver,
mais, meu amigo, se mi valha Deus,
 pesa-mi a mi, por que paresco ben,
 pois end'a vós, meu amigo, mal ven.

Juião Bolseiro, *Amigo* 406.

Ai mia filha, por Deus guisade vós
que vos veja [e]sse fustan trager
voss'amigu', e tod'a vosso poder
veja-vos ben con el estar en cos,
 ca, se vos vir, sei eu ca morrerá
 por vós, filha, ca mui ben vos está.

Se vo-lo fustan estevesse mal,
non vos mandaria ir ant'os seus
olhos, mais guisade cedo por Deus
que vos veja, non façades end'al,
 ca, se vos vir, sei eu ca morrerá
 por vós, filha ca mui ben vos está.

E, como quer que [a] vós el seja
sanhudo, pois que vo-lo fustan vir,
averá gran sabor de vos cousir,
e guisade vós como vos veja,
 ca, se vos vir, sei eu ca morrerá
 por vós, filha, ca mui ben vos está.

Johan Airas, *Amigo* 286.

Par Deus, coitada vivo:
pois non ven meu amigo:
pois non vem, que farei?
meus cabelos, con sirgo
eu non vos liarei.

Pois non ven de Castela,
non é viv', ai mesela,
ou mi-o detem el-rei:
mias toucas da Estela,
eu non vos tragerei.

Pero m'eu leda semelho,
non me sei dar conselho;
amigas, que farei?
en vós, ai meu espelho,
eu non me veerei.

Estas dōas mui belas
el mi-as deu, ai donzelas,
non vo-las negarei:
mias cintas das fivelas,
eu non vos cingerei.

Pero Gonçalvez de Portocarreiro, *Amigo* 260.

II.3. *A inversión do retrato cortés*

Non quer'eu donzela fea
que ant'a mia porta pea.

Non quer'eu donzela fea
e negra come carvon,
que ant'a mia porta pea
nen faça come sison.

Non quer'eu donzela fea
que ant'a mia porta pea.

Non quer'eu donzela fea
e velosa come can,
que ant'a mia porta pea
nen faça come alermã².

Non quer'eu donzela fea
que ant'a mia porta pea.

Non quer'eu donzela fea
que á brancos os cabelos,
que ant'a mia porta pea
nen faça come camelos.

Non quer'eu donzela fea
que ant'a mia porta pea.

Non quer'eu donzela fea,
velha de ma[a] coor,
que ant'a mia porta pea
nen [me] faça i peor.

Non quer'eu donzela fea
que ant'a mia porta pea.

Afonso X, *Escarnio* 7.

Orraca López vi doente un dia
e preguntei-a se guareceria.
E disse-m'ela, tod'en jograria:
-São velha e cuid'a guarecer.
E dixelhe: -Cuidades gran folia,
ca i mais vej'eu das velhas morrer.

2 Trátase da ruda silvestre, que se caracteriza por cheirar moi mal.

E dixelhe: -Gran folia pensades,
se per velhece a guarecer cuidoades;
pero non vos digueu que non vivades
quando vos Deus quizer leixar viver;
mais en velhice non vos atrevades,
ca i mais vejueu das velhas morrer.

Afons'Eanes do Coton, *Escarnio* 47.

Ai, dona fea, fostes-vos queixar
que vos nunca louv[o] en meu cantar;
mais ora quero fazer un cantar
en que vos loarei toda via;
e vedes como vos quero loar:
dona fea, velha e sandia!

Johan Garcia de Guillhade, *Escarnio* 203.

Estavan oje duas soldadeiras
dizendo ben, a gran pressa, de si;
e viu a ña delas as olheiras
de sa companheira, e diss'assi:
-Que enrugadas olheiras tēedes!
E diss'a outra: -Vós com'as veedes
desses cab[elos sobr'essas trincheiras]?

.....

en esse vosso rostro. E des i
diss'el'outra vez: -Já vós dult'avedes;
mais tomad'aquest'espelh'e veeredes
tôdalas vossas sobranceiras veiras.

E ambas elas eran companheiras,
e diss'a ña en jogo outrossi:
-Pero nós ambas somos muit'arteiras,
millhor conhosqu'eu vós ca vós [a] min.
E diss'[a] outra: -Vós, que conhocedes
a min tan ben, por que non entendedes
como son covas essas caaveiras?

E, depois, tomaron senhas masseiras
e banharon-se e loavan-s'a si;
e quis Deus que, nas palabras primeiras
que ouveron, que chegass'eu ali;
e diss'a ña : -Mole ventr'avedes;
e diss'a outr': -E vós mal ascondedes
as tetas, que semelhan cevadeiras³.

Johan Baveca, *Escarnio* 193.

³ *Trincheiras*, 'parte do rostro que cobre a maxila superior'; *Veiras*, 'pintadas de branco'; *Arteiras*, 'listas', 'intelixentes'; *Caaveiras*, 'cavidades dos pómulos'.

II.4. As boas mulleres e o didactismo relixioso

Como hũa moller que era contreyta de todo o corpo se fez levar a Santa Maria de Salas e foi logo guarida.

*Ben sab'a que pod'e val
fisica celestial.*

Ca de seu Fill'á sabuda
fisica muit'asconduda,
con que nos sempre ajuda
e nos tolle todo mal.

Ben sab'a que pod'e val...

Esta Sennor de mesura
fisica sobre natura
mostrou e quis aver cura
dũa moller, direi qual,

Ben sab'a que pod'e val...

Que era toda tolleita
e das pernas encolleita;
mas ela a fez dereita,
ca ssa fisica non fal.

Ben sab'a que pod'e val...

Esta tũa premudos
os talões e metudos
nas rões e aprendudos
ben como pedra con cal.

Ben sab'a que pod'e val...

Con este mal que sofria
a Salas en romaria
de Molina sse fazia
levar, ca d'i natural

Ben sab'a que pod'e val...

Era. E pois na eigreja
foi da que bẽeita seja,
gran maravilla sobeja
mostrou a Sennor leal.

Ben sab'a que pod'e val...

Ca mentr'a missa cantavan
en que a Virgen loavan,
os nervios ll'assi sōavan
como carr'en pedregal.

Ben sab'a que pod'e val...

Assi que sse ll'estendendo
foron e desencollendo,
e levantou-sse correndo
e sayu-ss'ao portal,
Ben sab'a que pod'e val...

Loando a Groriosa,
que é Sennor poderosa,
que lle foi tan piadosa
con saber esperital.
Ben sab'a que pod'e val...

Cantigas de Santa María 179.

Esta é como Santa Maria guardou hũa moller do fogo, a que querian queimar.

*Quen na Virgen santa muito fiará,
se o vir en coita, acorre-lo-á.*

E dest'un miragre quero retraer
que Santa Maria fez por accorrer
a hũa dona que ouvera d'arder,
se lle non valesse la que poder á.
Quen na Virgen santa muito fiará...

Aquesta dona casada era ben
con marido que amava mais d'al ren,
e en Santa Maria todo seu sen
avia ena servir por sempre ja.
Quen na Virgen santa muito fiará...

O marido a amava mui mais d'al;
mais ssa sogra lle queria tan gran mal,
per que lle buscou morte descomũal,
como vos per mi ora dito será.
Quen na Virgen santa muito fiará...

E un dia que dormindo a achou
soa, a un seu mouro logo mandou
deitar-sse con ela; e pois se deitou,
foi a seu fillo e disse: "Ven acá;
Quen na Virgen santa muito fiará...

A ta moller que amavas mais ca ti,
se a visses como a ora eu vi
têer un mour'en seu leito cabo si,
ben tenno que muito ch'ende pesar á."
Quen na Virgen santa muito fiará...

[...]

E el mata-la quisera log'enton,
mais la madre lle disse: "Non faças, non;
mais aa jostiça mostra ta razon,
e veerás que dereito che dará."

Quen na Virgen santa muito fiará...

El foi e a jostiça fezo vñir
e outros muitos con ele, sen mentir;
e viron a dona no leito dormir
e o mouro, e disseron: "Que será

Quen na Virgen santa muito fiará...

Daquesta moller que tan gran torto fez,
que desconnoceu Deus e o mund'e prez,
que fez feito mao, vil e tan rafez?
E por aquesto no fogo arderá,

Quen na Virgen santa muito fiará...

[...]

E daquesta guisa o mouro ardeu
que niun sinal sol del non pareceu;
e a dona do fogo remãeceu
salva per aquela que nos salvará.

Quen na Virgen santa muito fiará...

E pois foi del fora, a dona fiel
contou que a Madre de Deus Manuel
a livrara dele, e miragre bel
fez aquela que muitos outros fará.

Quen na Virgen santa muito fiará...

Cantigas de Santa María 186.

Como Santa Maria de Tudia sacou hũa manceba de cativo.

*Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia,
ca assi pelo mar grande come pela terra guía.*

[...]

Na terra d'Affrica ouve en Tanjar hũa cativa
moller a que davan pãa cada dia mui'esquiva
con pouco pan e mui mao, e mui mais morta ca viva
era, se lle non vallesse a Virgen Santa Maria.

Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

[...]

Esta con outra cativa jazian en prijon forte
dũa moura que o demo fillou pera sy en sorte,
que enfermidade grande adusse mui tost'a morte;
mais enante que morresse amba-las chamar fazia.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

E conssellou-lles que fossen mouras e crischãidade
leixassen, e fossen fora daquela catividade,
e lles faria grand'algo e dar-lles-ya herdade,
e que con mouros mui ricos a ambas casa-las faria.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

E se fazer non quisesse[n] esto, logo nas cadêas
ambas mete-las faria e dar-lles tan grandes pêsas
que lles non ficassen sãos coiros nen nervos nen vêas,
e demais, sobre tod'esto, escabeça-las faria.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

A hũa disse con medo que o faria de grado;
mais a outra mui sannuda disse: "Sol non é pensado,
ca mia alma e meu corpo todo ei acomendado
aa eigreja da Madre de Deus que é en Tudia."
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

A moura con mui gran sanna mandou-as log'essa ora
no carcer deitar ontranbas; mais aquela sen demora
adormeceu, e a Virgen lle disse: "Sal acá fora
deste logar e trei migo, ca eu te porrei na via."
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

Pois a cativa esperta foi, achou-ss'en ùu camõo
ancho e chão, sen pedras, e andou-o mui festynno,
que pan non comeu bocado nen bebeu agua nen vÿo,
ata que preto de Silve foi quando aluzeçia.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

[...]

E pois entrou ena vila, foi-sse log'aa eigreja
da Virgen Santa Maria, que é bẽeita e seja,
e viu estar ajuntada y mui gran gente sobeja,
e de com'õ feito fora todo lle-lo retraya.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

E eles grandes loores deron logo da primeira
aa Virgen groriosa, Madre de Deus verdadeira;
mais o colar da cadêa toller per nulla maneira
do colo non llo poderon, nen per nulla maestria.
Con dereit'a Virgen santa á nome Strela do Dia...

Enton a moller lles disse: “Eu sōo pobr’e mesqynna,
e se m’alg’a dar avedes por Deus, dade-mio agũa,
e yr-m-ei pera Tudia, a cas da Santa Reũa
que me sacou de cativo u mui coitada jazia.”

Con dereit’a Virgen santa á nome Strela do Dia...

Eles deron-ll’algu’, e foi-sse. E logo que foi entrada
en Tudia na eigreja da Reynna corōada,
caeu-ll’o colar do colo, que sse non deteve nada;
e o sancristan tan toste a gran campãa tangia.

Con dereit’a Virgen santa á nome Strela do Dia...

E quantos aly estaban e este feito souberon,
todos aa Virgen santa porende loores deron;
des y aa moller bōa porend[e] algo fezeron,
e ela dend’adeante ena eigreja servia.

Con dereit’a Virgen santa á nome Strela do Dia...

Cantigas de Santa María 325.

Como Santa Maria acrescentou a farũa a hũa bōa moller porque a dava de grado por seu amor.

*Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer
algun ben, dar-vo-ll-á ela que dé, se o non tever.*

Por esto dev’ome sempre a servir e a guardar
a Virgen Santa Maria e no seu ben confiar;
ca vos direi un miragre que quis pouqu’i á mostrar
a hũa sa amiga que era santa moller.

Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer...

E[n] servir Deus e os santos avia mui gran sabor,
e seu tempo despendia en servir Nostro Sennor;
e se ll’os pobres pedian esmolna polo amor
da Virgen Santa Maria, logo lles dava que quer

Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer...

Que tevesse. En ssa casa un dia estand’assi,
muitos pobres vergonnosos pedir vëeron ali,
e deu-lles hũa grand’arca de farynna chëa y;
disseron: “Santa Maria vos dé ben, se ll’aprouguer.”

Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer...

A cabo dũa gran peça outra conpanna chegou
de pobres, e ouve doo deles grande e chamou
ante ssi hũa ssa filla e disse: “Sse y ficou
ja que pouca de farũa, dade-ll’a que y ouver.”

Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer...

A filla enton lle disso: “Con mia mão varri ja
a arca”. E diss’ a madre: “Ar yde pero alá.”
E foi e achou-a chëa de farynna ben ata
na cima, e deu-lles dela quanto lles ouve mester.
Quen polo amor de Santa Maria do seu fezer...

Cantigas de Santa María 203.

II.5. A maternidade

Esta é como Santa Maria de Tudia resorgiu ñu menynno que era morto de quatro días.

*A Madre de Jhesu-Cristo, o verdadeiro Messias,
pode resorgir o morto de mui mais ca quatro días.*

[...]

Eno reino de Sevilla hũa moller bõa era,
en riba d’Aguadiana morava; mais pois ouvera
marido, del neun fillo aver per ren non podera,
per fisica que provasse nen per outras maestrias.

A Madre de Jesu-Cristo, o verdadeiro Messias...

E con gran coita d’ave-lo, foi fazer sa romaria
aa eigreja da Virgen santa que é en Tudia;
e des que foi y chegada, teve mui ben sa vigia
y con mui grand’omildade e non mostrand’hufanias.

A Madre de Jesu-Cristo, o verdadeiro Messias...

E os gëollos ficados ant’o altar e chorando
estev’ant’a Virgen santa e muito lle demandando
que fill’ou filla lle désse, e prometeu-lle que quando
o ouvesse, llo levasse e teves’y sas vegias.

A Madre de Jesu-Cristo, o verdadeiro Messias...

Santa Maria seu rogo oyu daquela coitada.
E logo con seu marido albergou, e foi prennada
e ouve del ñu fillo, con que foi mui conortada;
pero non quis a Tudia con el fazer romarias.

A Madre de Jesu-Cristo, o verdadeiro Messias...

Cantigas de Santa María 347, vv. 1-29.

*Esta é como Santa Maria guareceu en Tocha, que é cabo Madride, un menÿo que t’ña hũa espiga
de triigo no ventre.*

*Tant’aos peccadores a Virgen val de grado,
per que seu santo nome dev’a seer mui loado.*

[...]

En hũa aldea preto de Madride morava
hũa moller mesq̃ya, e seu fillo criava
que avia pequeno, que mais ca sy amava,
que a perder ouvera, se non fosse guardado
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

Pola Virgen bẽeita, de como vos diremos.
Ca aquela mesq̃ynna foi, en com'aprendemos,
a espigar con outras e, com'oyd'avemos,
seu fill', aquel menyo, en braç'ouve levado.
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

E quand'entrou na messe u as outras espigavan,
agarimou o moço a feixes que estaban
feitos d'espigas muitas, que todos apanna[va]n,
e a Santa Maria o ouv'acomendado
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

Que llo guardass'. E logo o menynno achada
ou[v]ũa grand'espiga de grãos carregada
de trigo, que na boca meteu e que passada
a ouve myit'agynna; onde pois foi coitado
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

Tan muito, que o ventre lle creceu sen mesura.
Quand'esto [vi]u a madre, ouv'en tan gran rancura,
porque cuidou que era morto per ssa ventura
maa; e a Madride o levou muit'inchado.
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

[...]

E mentr'assi estava, deron-lle por consello
que a Santa Maria, que este noss'espello,
de Tocha o levasse, e esto per concello,
ca Deus y mostraria miragre sinaado.
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

A moller fillou logo seu fill'e foi correndo
con el, chorando muito, braadand'e dizendo:
"Virgen Santa Maria, com'eu creo e entendo,
sãar podes meu fillo sen tempo alongado."
Tant' aos peccadores a Virgen val de grado...

[...]

O moço desnudando, cataron e cousiron
com'era tod'inchado; mais non lle sentiron
senon que a espiga logo lla sayr viron
tod'enteira e sãa pelo sêestro lado.

Tant'aos peccadores a Virgen val de grado...

Cantigas de Santa María 315, vv. 1-59.

*Quen a Santa Maria de coraçon
rogar, oir-ll-á ela ssa oraçon.*

[...]

E dest'un miragre, per com'eu oý,
dizer-vos quer'ora e contar aqui,
que Santa Maria fez, com'aprendi,
por Johan Boca-d-Ouro, nobre baron,

Quen a Santa Maria de coraçon...

Que disse muito ben dela e dos seus
feitos e de como foi Madre de Deus;
porend'os gentiis maos e encreus
sacaron-ll'os ollos a gran traixon.

Quen a Santa Maria de coraçon...

[...]

Diss'el: "Sennor, ante mi tu mostrarás
o que mais teu Fillo, se el mi perdon,

Quen a Santa Maria de coraçon...

Amou eno mundo quand'en el naceu."
Enton a Virgen d'ant'ele se tolleu;
mais aa outra noite ll'apareceu
con seu Fill'en braços, e viu en vijon

Quen a Santa Maria de coraçon...

Que pelas tetas, como menño faz,
tragia sas mãos come a quen praz
de mama-las; e pois mamava assaz,
beijava sa Madre polo galardon.

Quen a Santa Maria de coraçon...

Cantigas de Santa María 138, vv. 5-60.

II.6. Os pecados femininos

Veeron-m'agora dizer
dũa molher que quero ben,
que era prenhe, e já creer
non lho quig'eu per nulha ren;
pero dix'eu: -"Se est'assi,
ôi-mais non creades per mi,
se a non empenhou alguen.

E digo-vos que m'é gran mal
daquesto que lhi conteceu,
ca s'õ eu cord'e leal,
pero me dan prez de sandeu;
mais vedes de que ei pesar
daquel que a foi emprenhar:
de que cuidan que xa fodeu.

Pero juro-vos que non sei
ben este foro de Leon,
ca pouc'á que aqui cheguei;
mais direi-vos ùa razon:
en mia terra, per boa fé,
a toda molher que prenh'é
logo lhi dizen: -"Ten baron!"

Afons'Eanes do Coton, *Escarnio* 39.

A vós, Dona abadessa,
de min, Don Fernand'Esquio,
estas doas vos envio,
por que sei que sodes essa
dona que as merecedes:
quatro caralhos franceses⁴,
e dous aa prioressa.

Pois sodes amiga minha,
non quer'a custa catar,
quero-vos já esto dar,
ca non tenho al tan aginha:
quatro caralhos de mesa,
que me deu ùa burgesa,
dous e dous ena bainha.

Mui ben vos semelharan,
ca se quer levan cordões
de senhos pares de colhões;
agora vo-los daran:
quatro caralhos asnaes,
êmanguados en coraes,
con que colhades o pan.

Fernand'Esquio, *Escarnio* 148.

4 *Caralho* ten o valor aquí de 'consolador'.

Esta é como Santa Maria livrou a abadessa prene, que adormecera ant' o seu altar chorando.

*Santa Maria amar
devemos muit'e rogar
que a ssa graça ponna
sobre nos, por que errar
non nos faça, nen peccar,
o demo sen vergonna.*

Porende vos contarey
un miragre que achei
que por hũa badessa
fez a Madre do gran Rei,
ca, per com'eu apres'ei,
era-xe sua essa.
Mas o demo enartar
a foi, por que empreñar
s'ouve dun de Bolonna,
ome que de recadar
avia e de guardar
seu feit'e sa besonna.

Santa Maria amar...

As monjas, pois entender
foron esto e saber,
ouveron gran lediça;
ca, porque lles non sofrer
queria de mal fazer,
avian-lle mayça.
E fórona acusar
ao Bispo do logar,
e el ben de Colonna
chegou y; e pois chamar
a fez, vëo sen vagar,
leda e mui risonna.

Santa Maria amar...

O Bispo lle diss'assi:
"Dona, per quant'aprendi,
mui mal vossa fazenda
fezestes; e vin aqui
por esto, que ante mi
façades end'emenda."
Mas a dona sen tardar
a Madre de Deus rogar
foi; e, come quen sonna,
Santa Maria tirar
lle fez o fill'e criar
lo mandou en Sanssonna.

Santa Maria amar...

Pois s'a dona espertou
e se guarida achou,
log'ant'o Bispo vëo;
e el muito a catou
e desnua-la mandou;
e pois lle vyu o sëo,
começou Deus a loar
e as donas a brasmar,
que eran d'ordin d'Onna,
dizendo: "Se Deus m'anpar,
por salva poss'esta dar,
que non sei que ll'aponna."

Santa Maria amar...

Cantigas de Santa María 7.

Esta é como Santa Maria de Vila-Sirga livrou ñu ome da forza, que non morreu, por un canto que dera a sa eigreja.

*O que a Santa Maria serviço fezer de grado,
na mui gran coita que aja seer-ll-á galardōado.*

[...]

Este manceb'en Manssel[l]a, com'eu aprendi, morava,
e hũa moça da vila feramente o amava;
el non queria seu preito nen por ela non catava,
porque cuidava que fosse con outra mellor casado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

O mançebo prometera por yr-[se] en romaria
a Vila-Sirgu', e guisou-se e foi-[se] logo sa via;
mais soube-o a mançeba e depos el sse saya
por conprir sa voontade e o meter en pecado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

[...]

E diss'el: "E non iredes comigo, se Deus me valla,
ca non querria con vossos parentes aver baralla;
demaís vou en romaria, e non querria en falla
seer do que prometudo ey mui gran temp'á pas[s]ado."

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

[...]

Eles yndo per camin[n]o ambos per hũa montanna,
rogou-ll'ela que quisesse seu amor e sa conpanna.
El foi mui maravillado e disse-ll'en mui gran sanna:
"Ante vos fossedes morta nen eu nunca fosse nado"

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Ca eu tal erro fezesse escontra a Gloriosa,
yndo pera a ssa casa. Non te tées por astrosa
de tal cousa demandares?” Ela foi en vergonnosa,
e ata en Vila-Sirga non llo ar ouv’enmentado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

[...]

Tornou-sse pera sa terra. E yndo pela carreira,
a mançeba que vos dixे disse-lle desta maneyra:
“Porqué non casades migo?” Diss’el: “Ja vos eu pr[i]meyra-
mente dixе mia fazenda e vos dey todo recado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Ca, se mi a Virgen Maria guardar, que é meu espello,
nunca me casarei vusco, non vo-lo digo en trebello,
mais digo-vos gran verdade; e porend’outro consello
avede, pois vos daquesto meu coraçon ey mostrado.”

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Ela ouve gran despeito del por esto que dissera,
porende lle buscou morte, poi-lle resposta dera;
e a entrante da vila ond’ele natural era,
meteu mui fort’apelido e ouve o rostro rascado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

E meteu mui grandes vozes e disse que a forçara
o mançebo na carreira e ferir’e desonrrara
e a força per cabelos do caminno a sacara,
que ren valer no-lle pode, pero ouve braadado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Os parentes da mançeba aas justiças fezeron
queixume; e eles logo aquel mançebo preseron
e, sen saber a verdade, aa forca con el deron.
E el, pois viu que seria de tod’en tod’enforcado,

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Fezo a oraçon logo muit’e dos ollos chorando,
e diss’: “Ay, Santa Maria de Vila-Sirga, e quando
eu fuy ena ta ygreja, por meus din[n]eiros, estando,
comprei pera a ta obra un bon canto, ey-cho dado.

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

[...]

Mais a Virgen gloriosa, que chaman os pecadores
e que ela mui de grado acorr’aas sas doores,
log’a santa verdadeira Madr’e Sennor das sennores
troux’aquel canto mēesmo que el ouvera comprado

O que a Santa Maria serviço fezer de grado...

Cantigas de Santa María 355.

III. O segredo de amor

En boa medida o carácter abstracto da *descriptio* feminina hai que relacionalo coa continuación dun tópico procedente da lírica occitana, o motivo do segredo amoroso. No caso de que a muller cantada sexa unha dama casada, imponse o necesario silencio sobre a súa identidade; pero, tamén no caso da moza solteira, o home debe garda-la máxima prudencia, xa que doutro xeito a rapaza se verá sometida a unha estreita vixilancia, exercida case sempre pola nai. Os dictames e normas que marcaban o ambiente social esixían que non existise a mínima dúbida sobre a moralidade daquela muller, que non só aseguraba a honra da familia á que pertencía, senón que tamén garantía a lexitimidade da descendencia para a familia que nun futuro a recibise.

No código de escarnio a identidade da muller descóbrese a miúdo ante o público por medio de diversos elementos identificadores, como o nome, apelidos, alcume, lugar de residencia, liñaxe e outros pormenores significativos que precisan a identidade feminina cunha finalidade claramente xocosa e burlesca.

Muitos vej'eu que, con mengua de sen,
an gran sabor de me dizer pesar:
todo'los que me v'een preguntar
qual est a dona que eu quero ben!
Vedes que sandeç'e que gran loucura!
Non catan Deus, nen ar catan mesura,
nen catan min a quen pesa muit'én!

Nen ar catan como perden seu sen
os que m'assi cuidan a enganar;
e non vo'-lo poden adevinhar.
Mais o sandeu, quer diga mal, quer ben,
e o cordo dirá sempre cordura,
des i eu passarei per mia ventura;
mais mia senhor non saberan per ren.

E mui ben vej'eu que perden seu sen
aqueles que me van a demandar
quen é mia senhor; mais eu a negar
a (a)verei sempr(e) ;assi me venha ben!
Eu ben falar ei da sa fremosura,
e de sabor; mais non ajan én cura,
ca ja per min non saberan mais én.

Fernan Gonçalvez de Seabra, *Ajuda* 447.

Maria do Grave, grav' é de saber
por que vos chaman Maria do Grave,
cá vós non sodes grave de foder,
e pero sodes de foder mui grave;
e quer', en gran conhocença, dizer:
sen leterad' ou trobador seer,
non pod' omen departir este "grave".

Johan Soarez Coelho, *Escarnio* 233.

Martin jograr, que gran cousa:
já sempre con vosco pousa
vossa molher!

Ve[e]des m' andar morrendo,
e vós jazedes fodendo
vossa molher!

Do meu mal non vos doedes,
e moir' eu, e vós fodedes
vossa molher!

Johan Garcia de Guilhade, *Escarnio* 207.

III.1. *As gardas de amor*

Tanto sei eu de mi parte
quant' é de meu coraçon,
ca me ten mia madre presa
e, mentr' eu en sa prisom
fôr, non veerei meu amigo.

E por aquest', alongada
querria, per bõa fé,
seer du está mia madre,
ca, mentr' eu, u ela é,
fôr, non veerei meu amigo.

Por quanto m' outra vegada
sen seu grado con el vi,
guarda-me d' el a perfia
e oimais, en quant' assi
fôr, non veerei meu amigo.

De min, nen de mia fazenda
non poss' eu parte saber,
ca sei [mui] ben de mia madre
que, mentr' eu en seu poder
fôr, non veerei meu amigo.

Airas Carpancho, *Amigo* 91.

Non vos sabedes, amigo, guardar
de vos saberem, por vosso mal sen,
como me vós sabedes muit' amar,
nen a gram coita que vos por mi ven,
e quero-vos end'eu desenganar:
se souberen que mi queredes ben,
quite sodes de nunca mi falar.

Per nulha ren non me posso quitar
de falar vosqu', e sempre mi temi
de mi-o saberem, ca m'an d'alongar
de vós, se o souberem, des ali,
e quero-vos end'eu desenganar:
se souberen que mi queredes ben,
quite sodes de nunca mi falar.

Do que me guarda tal é seu cuidar:
que amades, amig', outra senhor,
e, se a verdade poder osmar,
nunca ver[r]edes já mais u eu for,
e quero-vos end'eu desenganar:
se souberen que mi queredes ben,
quite sodes de nunca mi falar.

E, se avedes gran coita d'amor,
ave-la-edes [pois] per min maior,
ca de longi mi vos faran catar.

Johan Airas, *Amigo* 304.

Do meu amig', a que eu quero ben,
guardan-me d'el e non ousou per ren
a Santa Maria ir,
pois [mi non leixan ir].

Guardan-me d'el e que o non veja
e non me leixan, per ren que seja,
a Santa Maria ir,
pois [mi non leixan ir].

Que o non visse, macar quisesse;
por en guisaron que non podesse
a Santa Maria ir,
pois [mi non leixan ir].

Nen o viss'eu, nen o tant'amasse,
pois mi Deus deu quen me non leixasse
a Santa Maria ir,
pois [mi non leixan ir].

Des que o vi en Julhan un dia,
já me non leixan, como soia,
a Santa Maria ir,
pois [mi non leixan ir].

Pero de Veer, *Amigo* 353.

Non poss'eu, madre, ir a Santa Cecilia
ca me guardades a noit'e o dia
do meu amigo.

Non poss'eu, madr', aver gasalhado,
ca me non leixades fazer mandado
do meu amigo.

Ca me guardades a noit'e o dia;
morrer-vos ei con aqesta perfia
por meu amigo.

Ca me non leixades fazer mandado;
morrer-vos ei con aqeste cuidado
por meu amigo.

Morrer-vos ei con aqesta perfia,
e, se me leixassedes ir, guarria
con meu amigo.

Morrer-vos ei con aqeste cuidado,
e, se quiserdes, irei mui de grado
con meu amigo.

Martin de Ginzo, *Amigo* 486.

IV. A ambivalencia do amor: ledicia e dor

Coitada viv', amigo, porque vos non vejo
e vós vivedes coitad'e con gran desejo
de me veer e mi falar, e por en sejo
sempr'en coita tan forte
que non m'é se non morte,
come quen viv', amigo, en tam gram desejo.

Por vos veer, amigo, vivo tan coitada,
e vós por me veer que oi mais non é nada
a vida que fazemos e maravillhada
são de como vivo,
sofrendo tam esquivo
mal, ca mais mi valrria de non seer nada.

Por vos veer, amigo, non sei quen sofresse
tal coita qual eu sofr'e vós que non morresse;
e con aquestas coitas eu, que non nacesse;
non sei de min que seja
e da mort'ei enveja
a tod'ome ou molher que já morresse.

Don Denis, *Amigo* 44.

Bailemos agora, por Deus, ai velidas,
so aquestas avelaneiras frolidas
e quem fôr velida como nós, velidas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras frolidas
verrá bailar.

Bailemos agora, por Deus, ai loadas,
so aquestas avelaneiras granadas
e quem fôr loada como nós, loadas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras granadas
verrá bailar.

Johan Zorro, *Amigo* 390.

Ai meu amigo, meu, per bõa fé,
e non d'outra, per bõa fé, mais meu,
rogu'eu a Deus, que mi vos oje deu,
que vos faça tan ledto seer migo
quã leda fui oj'eu, quando vos vi,
ca nunca foi tan leda, pois naci.

Bon dia vejo, pois vos vej'aqui,
meu amigo, meu a la fé sen al,
faça-vos Deus ledto, que pod'e val,
seer migo, meu ben e meu desejo,
quã leda fui oj'eu, quando vos vi,
ca nunca foi tan leda, pois naci.

Meu gasalhado, se mi valha Deus,
e amigo meu e meu coraçõ,
faça-vos Deus en algũa sazõ,
seer migo tan led'e tan pagado
quã leda fui oj'eu, quando vos vi,
ca nunca foi tan leda, pois naci.

Juão Bolseiro, *Amigo* 404.

Quand'eu sobi nas torres sobe-lo mar
e vi onde soia a bafordar
o meu amig', amigas, tam gram pesar
ouv'eu enton por ele no coraçõn,
quand'eu vi estes outros per i andar,
que a morrer ouvera por el enton.

Quand'eu catei das torres derredor
e non vi meu amigo e meu senhor,
que oj'el por mi vive tan sen sabor,
ouv'eu enton tal coita no coraçõn,
quando me nembrei d'el e do seu amor,
que a morrer ouvera por el enton.

Quand'eu vi esta cinta que m'el leixou,
chorando con gran coita, e me membrou
a corda da camisa que m'el filhou,
ouvi por el tal coita no coraçõn,
pois me nembra fremosa u m'enmentou,
que a morrer ouvera por el enton.

Nunca molher tal coita ouv'a sofrer
com'eu, quando me nembra o gran prazer
que lh'eu fiz, u mi a cinta vëo a cinger;
creceu-mi tal coita [e]no coraçõn,
quand'eu sobi nas torres po'lo veer,
que a morrer ouvera por el enton.

Gonçal'Eanes do Vinhal, *Amigo* 140.

IV.1. *A infidelidade*

O motivo da traizõn aparece maioritariamente no cancionero de amigo, xa que no rexistro cortés é totalmente marxinal. Neste caso os tópicos revelan o carácter contradictorio do amor e poñen de manifesto un sufrimento unívoco do que o amante non participa. Polo contrario, nas cantigas satíricas a infidelidade da muller vén utilizada dun xeito claramente burlesco para degrada-la honra do marido.

Con vossa graça, mia senhor
fremosa! ca me quer'eu ir,
e venho-me vus espedir,
porque mi fostes traedor;
c(a) avendo-mi vos desamor,
u vus amei sempr'a servir,
des que vus vi, e des enton
m'ouvestes mal no coraçõn.

Pero de vos é a min peor
porque vos vej'assi falir;
que eu ben poderei guarir
oymais sen vos; ca mui melhor
dona ca vos ei por senhor
e que non sab(e) assi mentir,
e fará adur tal traïçon
sobre seu ome, sen razon.

E veeredes qual amor
vos eu fazia, pois partir
me vin de vos. E descubrir
vus éi d'un voss' entendedor
vilão, de quen vos sabor
avedes, e a quen pedir
foste'-la cint(a): e por én non
vus amarei nulha sazon.

Fernan Paez de Talamancos, *Ajuda* 358.

Amiga, do meu amigo
[o]í eu oje recado;
que é viv'e namorado
d'outra dona ben vos digo,
 mais jur'a Deus que quisera
 oir ante que mort'era.

Eu era maravillhada
por que tan muito tardava,
pero sempr'esto cuidava,
se eu d'el seja vingada,
 mais jur'a Deus que quisera
 oir ante que mort'era.

Mui coitada per via, a
mais ora non sei que seja
de min, pois outra deseja
e leixou min que servia,
 mais jur'a Deus que quisera
 oir ante que mort'era.

E a el mui melhor era
e a min mais mi prouguera.

Sancho Sanchez, clérigo, *Amigo* 275.

Amiga, grand'engan'ouv'a prender
do que mi fez creer mui gran sazon
que mi queria ben de coraçon,
tan grande que non podia guarir,
 e tod'aquest'era por encobrir
 outra que queria gran ben enton.

E dizia que perdia o sen
por mi, de mais chamava-me senhor
e dizia que morria d'amor
por mi e que non podía guarir,
e tod'aquest'era por encobrir
outra que queria gran ben enton.

E, quand'el migo queria falar,
chorava muit'e jurava logu'i
que non sabia conselho de si
por mi e que non podía guarir,
e tod'aquest'era por encobrir
outra que queria gran ben enton.

Pero d'Armea, *Amigo* 432.

Dade-m'alvissara, Pedr'Agudo,
e ôi-mais sodes guarido:
vossa molher á bon drudo⁵,
baroncinho mui velido.
Dade-m'alvissara, Pedr'Agudo,
vossa molher á bon drudo.

Dade-m'alvissara, Pedr'Agudo,
e cresca-vos ende gabo:
vossa molher á bon drudo,
que fode já en seu cabo.
Dade-m'alvissara, Pedr'Agudo,
vossa molher á bon drudo.

Pero da Ponte, *Escarnio* 355, I-II.

Don Bernaldo, pois tragedes
con vosc'ũa tal molher,
a peor que vós sabedes,
se o alguazil souber,
açoutar-vo-la querrá,
e a puta queixar-s'á,
e vós assanhar-vos-edes.

Mais vós, que tod'entendedes
quant'entende bon segrel,
pera que demo queredes
puta que non á mester?
Ca vedes que vos fará:
en logar vos meterá
u vergonha prenderedes.

5 *Alvissara*, 'gratificación', 'recompensa'; *drudo*, termo de orixe provenzal 'amante carnal'.

[...]

E vós mentes non metedes,
se ela fillo fezer,
andando, como veedes,
con algun peon qual quer,
à qual tempo vemos já,
alguen vos sospeitará
que no fillo part'avedes?

Ídem, *Escarnio* 357.

V. O erotismo e a fertilidade femininas

Os trobadores galego-portugueses ofreceron solucións textuais moi peculiares na elaboración da temática erótica, que remite unha e outra vez ós valores da virxindade e fecundidade femininas, e á virilidade do amante. Eses atributos maniféstanse claramente no emprego metafórico do sintagma *fazer ben*, que ten na meirande parte das ocorrencias un sentido eufemístico baixo o que se agachan os favores carnaís que o amigo solicita da súa namorada. Así mesmo, introdúcese o motivo da auga -que, como se lembrará, posuía un poder fertilizante que as autoridades eclesiásticas reprobaron durante séculos- para referir-lo encontro e os gozos co namorado. Á beira do mar, do río ou da fonte as mozas lavan *cabelos* e *camisas*, é dicir, poñen ó descuberto a súa intimidade; inician o baño ritual, que indica que se está preparada para recibir-lo amante; rompen o brial, metáfora depurada que refire a perda da virxindade, e, finalmente, é pola fonte por onde pasa o cervo na produción de Pero Meogo, na que o animal, símbolo erótico consolidado tanto na cultura pagá coma cristiá, funciona como personificación do amigo.

O meu amigo que[i]xa-se de mi,
amiga, porque lhi nom faço ben
e diz que perdeu já por mi o sen
e que o pos[s]'eu desensandecer
e non sei eu se el diz verdad'i,
mais non quer'eu por el meu mal fazer.

Queixa-s'el muito, porque lhi non fiz,
amiga, bem e diz que á pavor
de m'estar mal, se por min morto for,
poi-lo poss'eu de morte guarecer,
e non sei eu se el verdade diz,
mais non quer'eu por el meu mal fazer.

Gonçal'Eanes do Vinhal, *Amigo* 143.

Diz, amiga, o que mi gram ben quer
que nunca mais mi ren demandará,
sol que lh'ouça quanto dizer quiser,
e, mentre viver, que me servirá,
e vedes ora com'é sabedor,
que, pois que lh'eu tod'este ben fezer,
logu'el querrá que lhi faça melhor.

Mui ben cuid'eu que con mentira ven,
pero jura que mi non quer mentir,
mais diz que fale comigu'e por en,
mentre viver, non mi quer al pedir,
e vedes ora com'é sabedor,
que, pois que lh'eu tod'este ben fezer,
logu'el querrá que lhi faça melhor.

Gran pavor ei non me queir'enganar,
pero diz el que non quer al de mi
se non falar migu'e mais demandar,
mentre [já] viver, non quer des ali,
e vedes ora com'é sabedor,
que, pois que lh'eu tod'este ben fezer,
logu'el querrá que lhi faça melhor.

E esto será, mentr'o mundo for:
quant'ome mais ouver ou acabar
tanto d'aver mais averá sabor.

Mais id', amiga, vós, por meu amor
comig'ali u m'el quiser falar,
ca mal mi venha, se lh'eu soa for.

Johan Airas, *Amigo* 311.

Fui eu, madre, lavar meus cabelos
a la fonte e paguei-m'eu d'elos
e de mi, louçãa.

Fui eu, madre, lavar mias garcetas
a la fonte e paguei-m'eu d'elas
e de mi, louçãa.

A la fonte [e] paguei-m'eu d'eles,
aló achei, madr', o senhor d'eles
e de mi, louçãa.

Ante que m[e] eu d'ali partisse,
fui pagada do que m[e] el disse
e de mi, louçãa.

Johan Soares Coelho, *Amigo* 122.

Levantou-s'a velida,
 levantou-s'alva
e vai lavar camisas
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

Levantou-s'a louçãa,
 levantou-s'alva
e vai lavar delgadas
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

[E] vai lavar camisas;
 levantou-s'alva;
o vento lh'as desvia
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

E vai lavar delgadas;
 levantou-s'alva;
o vento lh'as levava
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

O vento lh'as desvia;
 levantou-s'alva;
meteu-s'alva en ira
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

O vento lh'as levava;
 levantou-s'alva;
meteu-s'alva en sanha
 eno alto:
 vai-las lavar alva.

Don Denis, *Amigo* 20.

Quantas sabedes amar amigo
treides comig'a lo mar de Vigo
 e banhar-nos emos nas ondas.

Quantas sabedes amar amado
treides comig'a lo mar levado
 e banhar-nos emos nas ondas.

Treides comig'a lo mar de Vigo
e veeremo-lo meu amigo
 e banhar-nos emos nas ondas.

Treides comig'a lo mar levado
e veeremo-lo meu amado
 e banhar-nos emos nas ondas.

Martin Codax, *Amigo* 495.

Fostes, filha, eno bailar
e rompestes i o brial:
 poi-lo namorado i ven,
 esta fonte seguide-a ben,
 poi-lo namorado i ven.

Fostes, filha, eno loir
e rompestes i o vestir:
 poi-lo cervo i ven,
 esta fonte seguide-a ben,
 poi-lo cervo i ven.

E rompestes i o brial
que fezeastes ao meu pesar:
 poi-lo cervo i ven,
 esta fonte seguide-a ben,
 poi-lo cervo i ven.

E rompestes i o vestir
que fezeastes apesar de min:
 poi-lo cervo i ven,
 esta fonte seguide-a ben,
 poi-lo cervo i ven.

Pero Meogo, *Amigo* 418.

-Digades, filha, mia filha velida:
porque tardastes na fontana fria?
 os amores ei.

Digades, filha, mia filha louçana:
porque tardastes na fria fontana?
 os amores ei.

-Tardei, mia madre, na fontana fria,
cervos do monte a augua volvian:
 os amores ei.

Tardei, mia madre, na fria fontana,
cervos do monte volvian a augua:
 os amores ei.

-Mentir, mia filha, mentir por amigo;
nunca vi cervo que volvess' o rio:
 os amores ei.

Mentir, mia filha, mentir por amado;
nunca vi cervo que volvess' o alto:
 os amores ei.

Ídem, *Amigo* 419.

VI. As mulleres e as romarías: o pretexto para o encontro

Pois nossas madres vam a San Simon
de Val de Prados candeas queimar,
nós, as meniñas, punhemos d'andar
con nossas madres, e elas enton
 queimen candeas por nós e por si
 e nós, meniñas, bailaremos i.

Nossos amigos todos lá iram
por nos veer e andaremos nós
bailand'ant'eles, fremosas, en cós,
e nossas madres, pois que alá van,
 queimen candeas por nós e por si
 e nós, meniñas, bailaremos i.

Nossos amigos iran por cousir
como bailamos e poden veer
bailar moças de [mui] bon parecer,
e nossas madres, pois lá queren ir,
 queimen candeas por nós e por si
 e nós, meniñas, bailaremos i.

Pero Viviaez, *Amigo* 169.

Quer'ir a Santa Maria de Reça
e, irmãas, treides migo,
e verrá o namorado
de bon grado falar migo:
 quer'ir a Santa Maria de Reça,
 u non fui á mui gram peça.

Se alá foss', irmãa[s], ben sei
que meu amigu'i verria,
por me veer e falar migo,
ca o non vi noutro dia:
 quer'ir a Santa Maria de Reça,
 u non fui á mui gram peça.

Airas Paez, *Amigo* 342.

VII. A muller ante o papel público do namorado

Disseron-m'oj', ai amiga, que non
é meu amig'almirante do mar
e meu corazón já pode folgar
e dormir já, e por esta razon
 o que do mar meu amigo sacou
 saque-o Deus de coitas qu[e] afogou.

Mui ben é a mi, ca já non andarei
triste por vento que veja fazer,
nen por tormenta non ei de perder
o sono, amiga, mais, se foi el-rei
o que do mar meu amigo sacou,
saque-o Deus de coitas qu[e] afogou.

Mui ben é a mi, ca já cada que vir
algun ome de fronteira chegar,
non ei medo que me diga pesar,
mais, porque m'el fez ben, sen lho pedir,
o que do mar meu amigo sacou
saque-o Deus de coitas qu[e] afogou.

Pai Gomez Charinho, *Amigo* 221.

Queredes ir, meu amigu', eu o sei,
buscar outro conselh'e non o meu;
porque sabedes que vos dese'eu,
queredes-vos ir morar con el-rei,
mais id'ora quanto quiserdes ir,
ca pois a mi avedes a viir.

Ides-vos vós e fico eu aqui
que vos ei sempre muit'a desejar,
e vós queredes con el-rei morar,
por que cuidades mais valer per i,
mais id'ora quanto quiserdes ir,
ca pois a mi avedes a viir.

Sabor avedes, a vosso dizer,
de me servir, amigu', e pero non
leixades d'ir al-rei; por tal razon
non podedes el-rei e min aver,
mais id'ora quanto quiserdes ir,
ca pois a mi avedes a viir.

E, amigo, queredes-lo oir?
non podedes dous senhores servir
que ambos ajan rem que vos gracir.

Johan Airas, *Amigo* 299.

Foi-s'ó meu amigo a cas d'el-rei
e, amigas, con grand'amor que lh'ei,
quand'el veer, já eu morta serei,
mais non lhe digan que morri assi,
ca, se souber com'eu por el morri,
será mui pouca sa vida des i.

Por nulha ren non me posso guardar
que non moira ced'e con gran pesar,
e, amigas, quand'el aqui chegar,
non sábia per vós qual mort'eu preñdi,
ca, se souber com'eu por el morri,
será mui pouca sa vida des i.

Eu murrerei cedo, se Deus quiser,
e, amigas, quand'el aqui veer,
desmesura fará quen lhi disser
qual mort'eu filhei, des que o non vi,
ca, se souber com'eu por el morri,
será mui pouca sa vida des i.

Já non posso de morte guarecer,
mais, quando s'el tornar por me veer,
non lhi digan como m'el fez morrer
ante tempo, por que se foi d'aqui,
ca, se souber com'eu por el morri,
será mui pouca sa vida des i.

Ídem, *Amigo* 320.

Como vivo coitada, madre, por meu amigo,
ca m'enviou mandado que se vai no ferido:
e por el vivo coitada!

Como vivo coitada, madre, por meu amado,
ca m'enviou mandado que se vai no fossado:
e por el vivo coitada!

Ca m'enviou mandado que se vai no ferido,
eu a Santa Cecilia de coraçõ o digo.
e por el vivo coitada!

Ca m'enviou mandado que se vai no fossado,
eu a Santa Cecilia de coraçõ o falo:
e por el vivo coitada!

Martin de Ginzo, *Amigo* 483.

VII.1. *A voz feminina ó servício da literatura. A gabanza do amigo-poeta*

Amigo, sei que á mui gram razon,
que trobastes sempre d'amor por mi
e ora vejo que vos travam i,
mais nunca Deus aja parte comigo,
se vos eu des aqui non dou razon
per que façades cantigas d'amigo.

E, pois vos eles teen por melhor
de vos enfengir de quen vos non fez
ben, pois naceu, nunca nen hũa vez
e por en, des aqui vos [jur'e] digo
que eu vos quero dar rason d'amor
per que façades cantigas d'amigo.

E sabe Deus que d'esto nulha ren
vos non cuidava eu ora fazer,
mais, pois vos cuidan o trobar tolher,
ora vedes o poder que am sigo,
ca de tal guisa vos farei eu ben,
per que façades cantigas d'amigo.

Johan Baveca, *Amigo* 438.

Assaz é meu amigo trobador,
ca nunca s'ome defendeu melhor
[de] quanto[s] se torna[n or'] en trobar
do que s'el defende por meu amor
dos [muitos] que van con el entençar.

Pero o muitos veen cometer,
tan ben se sab'a todos defender,
en seu [bõo] trabar, per bõa fé
que [o] nunca o[s] trobadores vencer
poderon, tan [bon] trobador [el] é.

Muitos cantares á feitos por mi,
mais o que lh'eu sempre mais gradeçi
[foi] de como se [mui] ben defendeu
nas entenções que eu d'el oí,
[en que] sempre por meu amor venceu.

E aquesto non [o] sei eu per mi,
se non por que o diz quenquer assi
que o en trobar [muito] cometeu.

Lourenço, *Amigo* 475.

VIII. O matrimonio da muller e as estratexias de poder

Meus olhos, quer vos Deus fazer
ora veer tan gran pesar
onde me non poss'eu quitar
sen mort', e non poss'eu saber
por que vos faz agora Deus
tan muito mal, ay olhos meus!

Ca vus faran cedo veer
a, por que eu moiro, casar,
e nunca me d'ela quis dar
ben, e non poss'or'entender
por que vus faz agora Deus
tan muito mal, ay olhos meus!

E de quen vus esto mostrar',
nunca vus mostrará prazer,
ca logu'eu i cuid'a morrer,
olhos, e non poss'eu osmar
por que vus faz agora Deus
tan muito mal, ay olhos meus!

Pai Soarez de Taveirós, *Ajuda* 34.

Quant'eu de vos, mia senhor, receei
aver dé'-lo dia en que vos vi,
dizen-mi-ora que mi-o aguisa'ssi
Nostro Senhor como m'eu receei:
de vos casaren! Mais sei ãa ren:
se assi for', que morrerei por én.

E sempr'eu, mia senhor, esto temi
que m'ora dizen de vos avêr.
Des que vos soube mui gran ben querer,
per bõa fé, sempr'eu esto temi:
de vos casaren! Mais sei ãa ren:
se assi for', que morrerei por én.

E sempr'end'eu, senhor, òvi pavor,
des que vus vi e convusco falei
e vos dix'o grand'amor que vus ei.
E mia senhor, d'aquest'ei eu pavor:
de vos casaren! Mais sei ãa ren:
se assi for', que morrerei por én.

Fernan Velho, *Ajuda* 258.

Senhor fremosa, oý eu dizer
que vos levarom du vos eu leixei
e du os meus olhos de vós quytey:
aquele dia fora ben de morrer
eu e non vira atam gram pesar
qual mi Deus quis[o] de vós amostrar.

Por que vos foron, mha senhor, casar
e non ousastes vós dizer ca non,
por en, senhor, assy Deus mi perdon,
mays mi valera já de me matar
eu e non vira atam gram pesar
qual mi Deus quis[o] de vós amostar.

Lourenço, *Amor* 237.

VIII.1. *Os raptos*

Da importancia social que tiñan as ricas-donas vinculadas a xefes de liñas consolidadas dan boa conta as dúas *cantigas de escarnio* que a seguir se reproducen. Nelas criticase con dureza e ironía os raptos perpetrados contra damas de alta estirpe por membros da pequena nobreza, que logran deste xeito un ascenso social e maiores rendas económicas. A incompetencia do porteiro Fiz, no primeiro caso, e o desleixo da familia do conde D. Mendo Gonçalves de Sousa (avó da dama raptada) no segundo, determinan o éxito dunha empresa levada a cabo por ousados infanzóns que perturban o sistema de alianzas establecido.

Levarõ-na Codorniz
da casa de Don Rodrigo;
mais quen dissesse a Fi[i]z
aquesto que [or]’eu digo:
que guarde ben mia senhor,
ca já eu [son] treedor,
se se ela quer ir migo.

Fiiz non se quer guardar
[e] nen sol non é pensado;
e deixa-m’assi andar
cabo si e namorado;
pero quer’ante molher,
que queria volonter
que fogiss’e non forçado.

O conde D. Gonçalo Garcia, *Escarnio* 176.

Pois boas donas son desemparadas
e nulho ome non nas quer defender,
nonas quer’eu leixar estar quedadas,
mais quer’en duas per força prender,
ou três ou quatro, quaes m’eu escolher,
pois non an já per que sejan vengadas:
netas de Conde quer’eu cometer,
que me seran mui pouc’acoomiadas!

Netas de Conde, viúvas nen donzela,
essa per ren nõna quer’eu leixar;
nen lhe valrá, se se chamar “mesela”,
nen de carpir muito, nen de chorar,
ca me non an poren a desfiar
seu linhagem, nen deitar a Castela;
e veeredes meus filhos andar
netos de G[u]ed’e partir en Sousela!

Se eu netas de Conde, sen seu grado,
tomo, en tanto com'eu vivo for,
nunca poren serei desafiado,
nen pararei mia natura peor,
ante farei meu linhagen melhor
do que é o de Gueda, mais baixado;
e veeredes, pois meu fillo for
neto de Gueda, con condes miscrado!

Martin Soarez, *Escarnio* 285.

VIII.2. *A oposición á entrada no mosteiro*

Preguntei ña don[a] eu como vus direi:
“Senhor, ¿filhastes orden? e ja por én chorei!”
Ela enton me disse: “Eu non vos negarei
de com'eu filhei orden jassi Deus me perdon!
Fez mi-a filhar mia madre! mais ¿o que lhe farei?
Trager-lhi-ei os panos, mais non o coraçõn”.

Dix'eu: “Senhor fremosa, morrerei con pesar,
pois vos filhastes orden e vus an de guardar.”
Ela enton me disse: “Quero-vus én mostrar
como serei guardada jse non, venha-me mal
esto por que chorades! ben devedes cuidar:
Trager-lhi-ei [os panos, mais no coraçõn al]!”

E dix'eu: “Senhor minha, tan gran pesar ei én,
porque filhastes orden, que morrerei por én.”
Et diss'end'ela logo: “Assi me venha ben,
como serei guardada! dizer vo'-lo quer'eu:
Se eu trouxer'os panos, non dedes por én ren,
Ca guerr'ei contra Jésus eno coraçõn meu.”

Rodrigu'Eanes de Vasconcelos, *Ajuda* 429.

Deus! como se foron perder e matar
mui bõas donzelas, quaes vus direi!
Foi Oordia Gil e foi Guiomar
que prenderon ordin. Mais se foss'eu rei,
eu as mandaria por én [a] queimar,
porque foron mund'e prez desemparrar!

¿Non metedes mentes en qual perdiçõn
fezeron no mund'e se foron perder?
Come outras arllotas viven na raçõn(?)
por muito de ben que poderon fazer.
Mais eu por alguen ja mort'ei de prender,
que non vej'! e moiro por alguen veer!

Outra [bõa] dona que pelo rein(o) á
de bon prez e rica, de bon parecer,
se mi-a Deus amostra, gran ben mi fará,
ca nunca prazer veerei se'-na veer.
¿Que farei, coitado? Moiro por alguen
que non vej'e moiro por veer alguen?

Johan Garcia de Guilhade, *Ajuda* 455.

III. AS OPCIÓN S DE VIDA DAS MULLERES

No mundo medieval, as posibilidades que se ofrecen ás mulleres de escolle-lo marco en que ha de desenvolverse o seu proxecto de vida persoal son fundamentalmente tres: o matrimonio, o convento ou a marxinalidade. Se ben se mira, a opción é só dobre: o matrimonio ou a marxinalidade; a marxinalidade, de connotacións positivas, que significa a vida no convento, ou a marxinalidade de connotacións negativas, na que se sitúan o concubinato ou a prostitución. Non cabe dúbida de que a elección resultaba condicionada pola posición económica e social no punto de partida. Para as mulleres máis acomodadas, posto que na sociedade feudal a penas había lugar para a muller solteira, as opcións eran o matrimonio ou, cando non se conta co dote necesario ou non se encontra o home axeitado, o convento; as mulleres de condición social inferior dispoñían de solucións menos gratificantes: o traballo como criadas, cun número parece que moi abundante nesa época, ou a marxinação que, en Galicia, reviste dúas formas importantes: o concubinato, particularmente cando se establece con clérigos, e a prostitución.

1. O matrimonio e a maternidade

M.^a Carmen Pallares

En Galicia, coma no resto do Occidente, a organización da sociedade fundaméntase no matrimonio e na casa. Unha casa na que a parella procrea e na que, alomenos a nivel teórico, ten lugar un repartimento de papeis semellante ó da relación feudal, un repartimento xerárquico entre o señor e a esposa. A instauración da orde xerárquica no matrimonio, asegurada pola autoridade da Igrexa, forma parte da mentalidade colectiva. Incluso despois das máis difíciles

situacións, a restauración da orde ten que facerse de acordo coas normas: o compromiso de facer vida en común como Deus e a Santa Igrexa mandan.

No matrimonio medieval convén distinguir entre, dunha parte, os contratos ou acordos de casamento, asunto preferentemente dos laicos, das familias, no que se dilucidan as alianzas e a súa plasmación material en forma de dote e arras, e, doutra, as vodas, onde a influencia dos clérigos é dominante e maniféstase nun conxunto de normas que preceden e suceden ó acto sacramental mesmo. As normas precedentes atenden, en primeiro lugar, á preparación dos futuros esposos no coñecemento de “as cousas da fe”. A preparación do sacramento atende, en segundo lugar, ó cumprimento da esixencia de publicidade, o requirimento eclesiástico de que o matrimonio non sexa un acto clandestino ou simplemente privado, senón que, pola contra, sexa ben coñecido pola comunidade. A comunidade debe, polo tanto, coñecer e coñecer con antelación a realización do casamento, co fin principal de establece-la existencia ou non de impedimentos; ese é o obxectivo perseguido polas amoestacións. Despois da realización do sacramento a Igrexa vivía a súa indisolubilidade, a súa perduración, reservando para si a capacidade de anulalo.

A distinción deses dous tempos matrimoniais -o contrato de casamento e as vodas- permite que a preparación do matrimonio se poida realizar desde a nenez dos contraentes, como ocorre con frecuencia entre os nobres. Confírmase o sabido, o amor non é un elemento básico no matrimonio. As alianzas, os intereses económicos tiñan máis importancia. Esa concepción do matrimonio deixa sen solución os problemas suscitados pola falta de amor. A vía da anulación e a posibilidade de contraer novas nupcias estaba reservado á incapacidade de procrear e á relación de parentesco entre os esposos. Moitos buscaban solucións na relación extramatrimonial, é dicir, fóra da lei. A abundancia de alusións nos textos ós fillos bastardos e ilexítimos é a proba palpable.

Claro que a resposta social á existencia de relacións extramatrimoniais establece diferencias entre o home e a muller que as levaron á práctica. Os homes non teñen inconveniente en recoñecer esas relacións, non teñen inconveniente en recoñecer que non amaron ás súas mulleres como elas os amaban e tampouco teñen reparos en encargarlles ós seus herdeiros, a muller e os fillos, a custodia do froito desas relacións. Fronte a isto, aínda que na documentación que utilizamos non quedara constancia de castigos físicos, si temos indicios da represión da muller adúltera. Deféndese a honra, o honor do home. É a mesma razón pola que se castiga duramente a violencia sexual, o forza-las mulleres, en especial as mulleres casadas.

Concibir e educa-los fillos é o substancial do programa que a sociedade medieval encomenda ás mulleres. Páxinas atrás referímonos xa as *Partidas* como o texto en que se recollía unha reflexión moral sobre o matrimonio. Ó definir o que era o matrimonio, expresábase tamén un recoñecemento ó “oficio de nai”.

Nas *Cantigas de Santa María*, 15 milagres versan sobre o papel da nai como nai e as relacións materno-filiais. Neles salientase, sobre todo, o afecto da nai

polo fillo. O amor materno tamén aparece nas *Cantigas de Santa María* asociado á dor que produce a falta de fillos, á esterilidade ou á súa morte temperá.

Queridas, aceptadas ou non desexadas, as situacións de embarazo e parto significaban para as mulleres da Idade Media, dado o escaso nivel de coñecementos médicos e das difíciles condicións hixiénicas, un serio perigo. Toma sentido a busca da axuda sobrenatural, en que se suplica á Virxe un parto fácil ou para que non naza morto o neno que se espera. No plano natural, as mulleres contaban coa axuda doutras mulleres, as comadroas ou parteiras, ás cales este ámbito de nacemento lles estaba reservado exclusivamente.

Selección de textos

Definición do matrimonio, segundo o sínodo de Tui de 1528.

El septimo sacramento es matrimonio, y debe ser hecho publicamente en cara de la yglesia entre el marido y la muger. Y la materia deste sacramento son los hechos matrimoniales del hombre y de la muger para hazer generaçion; y la forma deste sacramento son palabras de presente ansi como se dize: Yo te me otorgo por tu marido, e yo me otorgo por tu muger, y las otras semejantes palabras; y la señallas por que se muestran es confirmaçion matrimonial. El que haze este sacramento segun manda la santa Yglesia es el sacerdote. Y la obra deste sacramento es hazer la vida en uno marido y muger y aver hijos y generaçion que sirvan a Dios.

Sínodo de Tui de 1528.

Representación das vodas. Influencia dominante dos clérigos.

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, Biblioteca de El Escorial, cantiga CV, c.



Representación do banquete nupcial.

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, Biblioteca de El Escorial, cantiga XLII, d.



Os que casan coñecerán a doutrina cristiá e serán examinados dela.

Es muy notorio y cada día se vee por experiencia que las personas ya de edad adulta y llegadas a años de discrecion con gran descuydo, siendo lo primero que havian de saber las oraciones que la sancta madre Yglesia manda por precepto que sepan, scilicet el Pater Noster, el Ave Maria, el Credo y la Salve Regina en romance o en latin, no lo saben ni procuran de lo saber, aunque por clérigos y rectores de las yglesias cada fiesta de guardar los enseñen a los feligreses de cada coto y lugar. Por tanto, queriendo proveer en lo sobredicho, mandamos a todos los rectores, abbaes, curas, beneficiados, e a sus lugares tenientes, en todo este obispado, so pena de excomunion en la qual ipso facto incurran sin otra declaracion, y de un marco de plata, la mitad para la nueva camara episcopal y la otra mitad para el juez que lo sentenciare y el fiscal o otra persona que lo accusare por yguales partes, que ningun clerigo de los sobredichos sea osado a desposar ni casar a ningun hombre ni muger sin que primero sepa muy bien y tenga aprendido las suso dichas oraciones, y las diga ante el clerigo que estoviere y sirviere en la dicha feligresia antes que se desposen. E si alguno se desposare o casare clandestinamente o de otra manera y no por la mano del clerigo, allende de las penas en derecho y constituciones establecidas, mandamos al abbad, rector o clerigo, o sus lugares tenientes, que no admitan a los tales desposados a las oras e officios divinos, ni sean absueltos de la descomunion en que cayeron hasta tanto que sepan las dichas horaciones, e siendo rebeldes lo notifiquen a nos o a nuestro provisor, e que se proceda contra ellos por todas censuras e rigor de derecho hasta invocacion del braço seglar.

Sínodo de Ourense de 1543-44.

Prohibición de matrimonios clandestinos e obrigación de amoestacións previas.

Item, por quanto de los matrimonios clandestinos se siguen y suceden muchos inconvenientes y escandalos, ordenamos y mandamos que ningun clerigo ni otra persona alguna sea osado de aiuntar por matrimonio a ningunas personas sin que primeramente se hagan amonestaciones que, conforme a derecho y costumbre de esta nuestra diocesis, se suelen hazer o para ello intervenga nuestra licencia o de nuestro provisor, so pena de seis ducados, aplicados ut supra. Esso mismo mandamos que ninguno de nuestro subditos sea osado de contraer el tal matrimonio clandestino, so la misma pena; y la misma aian los clerigos que a ello fueren presentes.

Sínodo de Mondoñedo de 1534.

Matrimonio concertado polos parentes.

Fallescido este conde don Rodrigo y la condesa Doña Theresa, su muger...quedó otra hija, que se llamaba Doña Urraca de Moscoso, que un su tío della y de sus hermanos (que se llama Don Alvaro, obispo de Astorga), la quisiera meter fraira; y el conde Don Fernando, su tío, y el señor Pedro Bermúdez de Castro, su tío, y Doña Violante de Andrade no quisieron que ella fuese fraira, y casáronla con Don Pedro de Sotomayor.

Vasco de Aponte, *Recuento*, p. 208.

Matrimonio concertado polos pais.

Gran piadad' e mercee e nobreza,
daquestas tres á na Virgen assaz,
tan muit' en, que maldade nen crueza
nen descousimento nunca lle praz.

E desto fezo a Santa Reynna
gran mirage que vos quero contar,
u apareceu a hũa menya
en un orto u fora trebellar,
en cas de seu padr' en hũa cortynna
que avia ena vila d' Arraz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Quando a viu ouv' enton tan gran medo
que adur pod' en seus pees estar,
mai-la Virgen se lle chegou mui quedo
e disse: "Non ás por que t' espantar;
mais se me creveres, irás mui cedo
u verás meu Fillo e min faz a faz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Esto será sse ta virgüidade
quiseres toda ta vida guardar
e te quitares de toda maldade,
ca por aquesto te me vin mostrar."
Diss' a moça: "Sennor de piadade,
eu o farei, pois vos en prazer jaz".
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Enton sse foi log' a Virgen Maria
e a mennina ficou no lugar
mui pagada e con gran' alegria,
e no coraçon pos de non casar.
Mais seu padre lle diss' assi un dia:
"Casar-te quero con un Alvernaz,
Gran piedad' e mercee e nobreza..."

Ome que é mui ric' e mui' onrrado
e que te quer logo grand' algo dar".
Diss' a moça: "Esto non é pensado,
ca Santa Maria mio fez jurar,
que mi apareceu no orto, no prado,
u trouxe sigo d' angeos grand' az"
Gran piedad' e mercee e nobreza...

E o padr' e a madre perfiados
a foron mui sen seu grad' esposar.
E quando os prazos foron chegados,
fezeron vodas; e depois jantar
foron os novios ambos enserrados
de ssuun por averen solaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Mais oyredes maravilla fera
de como a quis a Virgen guardar:
que pero en poder do novio era,
nunca per ren pod' a ela passar;
e tal xe ficou como se vêera,
por que pois non ouv' a trager enfaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Desta guisa passaron ben un ano,
que nunca el pode ren adubar
cona donzela. Poren tan gran dano
lle fez que a ouvera de matar;
ca lle deu con un cuitel' a engano
en tal logar, que vergonna me faz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

De o dizer; ca tanto foi sen guisa,
que non pod' ome per ren y falar,
que quantos fisicos ouv' end' a Pisa
non lle poderon a chaga serrar.
E desto queixou-ss', e fez end' enquisa
un bispo que chamavan Bonifaz,
Grand piedad' e mercee e nobreza...

Que ouve dela gran doo sen falla,
quand' esto soube, e mui gran pesar.
Mais, por non meter ontr' eles baralla,
a seu marido a foi comendar,
en que caeu fog', assi Deus me valla,
logo salvag', e ardeu o malvaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

E todo-los daquela vila ardian
daquel fog' e fazian-sse levar
aa eigreja, u tantos jazian
que non podian y outros entrar;
a todos aquesta coita soffrian
polo mal que fezer' aquel rapaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Mais ontr' aquestes aquela cativa
a que o marido fora chagar
soffreu de fogo gran coita esquiva,
ca a teta destra lle foi queimar.
E metérona mais morta ca viva
na eigreja, vestida dun prumaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

E pois acordou, muito braadava
dizendo: "Porqué me fust' enganar,
Santa Maria, pois en ti fiava?
Ca en lugar de me dereito dar,
diste-me fogo que tan mal queimava
e queima, que o corpo me desfaz."
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Assi gemendo e dando carpynnas,
adormeceu. E logo sen tardar
ll' apareceu a Sennor das reynnas
e començou-a muit' a confortar
e disse: "Eu trago as meezyas
con que são de fog' e d' alvaraz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

E leva-t' en, cas des oy mais es sâa,
e vai dormir ant' aquel meu altar;
e pois t' espertares, sei ben certâa
que quantos enfermos fores beijar
serân tan sãos com' hua maçãa
daqueste fogo e de seu fumaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

"Tod' esto", diss' ela, "creo de chão;
mais como me poderei levantar?"
Diz Santa Maria: "Dá-m' essa mão."
Enton a ergeu e foy-a levar,
e ela sentiu o corpo ben sãa
do fog' e da ferida do fapaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

E outro día os que madurgaron
e a viron fórona espertar
e como saara lle preguntaron,
e ela ren non lles quiso negar;
e pola confortar logo mandaron
que lle dessen caldo co do agraz.
Gran piedad' e mercee e nobreza...

Os enfermos log' enton os poseron
ant' ela por esta cousa probar;
e pois que os beijou, saud' ouveron.
E começaron enton de loar
Santa Maria, e logo souberon
este feito pela terra viaz.
Gran piedad' e mercee e nobreza.

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga CV.

Tareija Lopiz, dona e viúva, escolle marido.

Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho;
pero x'el 'e mancebo, quer-x'ela mais meninho.

Non casará con ele nen polos seus dinheiros;
e esto saben donas e saben cavaleiros,
ca dos escarmentados se fazen mais ardeiros.

Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho;
pero x'el 'e mancebo, quer-x'ela mais meninho

Non casara con ele, pola cobrir d'alfolas,
nen polos seus dinheiros velhos, que ten nas olas

o que perdeu nos alhos quer cobrar nas cebollas.
Poren Pareija Lopiz non quer Pero Marinho;
pero x'el 'e mancebo, quer-x'ela mais meninho.

Non casará con ele por ouro nen por prata,
nen por panos de seda, quant' é por escarlata,
ca ome de capelo de todo mal se cata

Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho;
pero x'el 'e mancebo, quer-x'ela mais meninho.

Escarnio, 67, de A. Soarez Sarraça.

1459, xaneiro, 13. Preparación do matrimonio de Ysabel Fernandes de Figueroa e Afonso Fernandes de Oviedo.

Sabado, trese dias do mes de janeyro do ano suso dito, eno mosteiro de Sant Francisco de Orense, ante altar de San Francisco, en presenza de mi notario e testigos infrascriptos, pareçieron frey Gonçalo, monje de San Pedro de Rocas, et outrosí estando ende presente Afonso Fernandes de Oviedo. Et logo o dito frey Gonçalo diso que, por razón que era tratado casamento entre o dito Afonso Fernandes e Ysabel Fernandes de Figueroaa, sua filla, moça en cabelo. Et por quanto

o dito Afonso Fernandes era estranhero e non sabia se por ventura era casado ou desposado ou frayle eo religioso ou avia outro impedimento que o embargase de casar, que disese alí e fesese juramento eno dito altar e corpo de noso (Señor), que y era consagrado. Et o dito Afonso Fernandes diso que non era casado nen desposado nen ome de orden, nen teníu outro embargo que o dito casamento podiese embargar, e sobre lo qual feso logo juramento solepne.

Et logo entre o dito frey Gonçalo, padre da dita moça, e o dito Afonso Fernandes feson este contrato que se sigue: que o dito frey Gonçalo, dé ao dito Afonso Fernandes con a dita moça mill pares de brancas vellas, que son seysçentos mrs vellos de Galisia, eno ano que tomare sua moller. Iten, que lle dé quando casare hua cama de ropa honesta, á vista de boos omes, de uso da terra. E mais hun palote e hun manto de boo pano razonable. Et con os ditos mill pares de brancas que o dito Afonso Fernandes ponga outros tantos para que compre hua propiedade, casa ou viña. Et para o dito frey Gonçalo pagar as cousas suso ditas díu por fiadores e principales pagadores a Gonçalo Peres, clérigo de Santa María de Uselle, hermano da dita Ysabel, e a Afonso Peres, çapateiro, vesíño da dita cidade d'Ourense, e a cada hun deles insolidum, os quaes se otorgaron por tales fiadores. Iten, que dé mays o dito frey Gonçalo seys fanegas de centeo limpias de poo e palla, en terra de Aguiar. Et que o dito Afonso Fernandes non saque aa dita Ysabel nen leve mays lonxe en torno da çidade d'Ourense de des leguas, salvo siela quisese yr con él da sua propia voontade, sobre lo qual cada hua das ditas partes outorgaron contrato feito e firme a consello dos letrados. Et logo, de consentimiento e por outorgamento das ditas partes e Ysabel Fernandes, eu o infrascripto notario os desposey, segundo forma e mandamento de santa yglesia. Testigos que presentes eran: frey Gonçalo Parragués, Juan Bolsino, morador en Çerredea, e Gregorians, criado do prior de Sant Pedro de Roucas e outros

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala*, I, pp. 139-140.

1400, decembro, 4. *Doazón de Diego Fernandes, veciño de Allariz, á súa muller Aldonça Esteves, do casal de Requeixo "en arras e en compra do seu corpo"*.

[...] Ano Domini m^o CCCC, quatro días do mes de desenbro, Sabean etc. como eu Diego Fernandes, peliteiro, morador ena villa de Allariz, que so presente, non contregido por forza nen enduzido por outro engano alguín, mays de meu prazer e de miña propia, libre voontade, dou e outorgo en doaçon e en arras e en compra de voso corpo á vos Aldonça Esteves, mina muller, que estades presente, con quen eu o dito Diego Fernandes oje día faço vodas, conbén a saber, que vos dou en arras e en compra de voso corpo o meu casal de Riquixo, que he de dízemo á Deus, o qual e na freyguesía de San Bréyxemo de Queiroás, o qual foy e me a min leixou María Peres de Riqueixo o qual vos dou por dízemo á Deus, a montes e a fontes, con todas suas entradas e seydas e jures, dereitos e perteenças, por u quer que as ha e de dereito deva aver. Et por esta carta vos dou poder conprido que por vossa autoridade o possades logo entrar e rezeber e usar e esfroytar. Et todo jur e señoría e propiedade e vos e auçon que eu ey eno dito casal todo o tollo e parto de min e poñoo en vos a dita Aldonça Esteves miña moller. O qual casar vos dou con esta condiçón, que morrendo eu o dito Diego Fernandes primeiro que vos, que vos a dita Aldonça

Esteves, miña moller que vos que teñades o dito casar en toda vosa vida. Et avendo vos fillo ou filla de min o dito Diego Fernandes aa vossa morte, que fique a eles et a seus fillos e a toda sua geeración que deles desçender. Et, non avendo vos fillo ou filla de min o dito Diego Fernandes, que aa morte de vos a dita Aldonça Estévez que fique o dito casal libre e quite e desenbargado aa igrlesia de Sant Pedro de Allariz e o aja pera senpre. Et tanbén non avendo y fillo ou neto ou bisneto ou linage, que seja de min o dito Diego Fernandes e de vos a dita Aldonça Esteves, miña muller, que tanbén o dito casal entón fique aa dita igrlesia de Sant Pedro. Iten, vos douaynda mays en arras e en doaçon e compra de vosso corpo quiñentos mrs da boa moneda de dez diñeiros e maravedí, ou a quinta parte de todo meus bens, aa miña morte, qual vos ante quiserdes, se eu morrer ante que vos. Et morrendo vos a dita Aldonça Esteves ante que eu o dito Diego Fernandes, que o dito casal que seja meu, segundo que agora he. E esta doaçon vos faço e dou puramente por todos aqueles dereitos e artigos que mellor posso e devo. Et renunçio e parto de min todo dereito e abçom e foros e leys e dereitos e costumees e outras cousas quaes quer que eu e outro por min sobre esto dito e podería aver e alegar en contrario desta carta e do que se en ela contén...

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, I, pp. 100-101.

1461, setembro, 6. *Discusións acerca das arras de Beringuela Lopes.*

Ano suso dito do LXI, seys dias do mes de setembro, enas casas de Pero Lópes da Barrera, estando Beringuela Lopes, filla de Pero Lopes da Barrera, novia en taambo, que casó con Gonçalo Cardoso, despoys de moytas alteraçoes entre o dito Pero Lopes e Aldonça Afonso, padre e madre da dita novia, con o dito Gonçalo Cardoso, novio, concluyó a dita Aldonça que o dito Gonçalo Cardoso diese en arras e dote do seu corpo aa dita Beringuela Lopes çinquenta doblas douro da Vanda, quer aja fillos quer non, quer morrese quer bivese. Et o dito novio diso que quanto desia e demandava a dita Aldonça Afonso que tanto outorgava. Et logo Fernán Vazques, padre do dito novio, que estava presente, diso ser segundo costume da terra. Testigos: Juan Gonçales, arcediano de Baroncelle, Ares Fernandes, canónigo, Afonso Yanes de Palmou, mestrescola, Ares de Prado, juis, e outros moytos.

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, I, p. 143.

1402, agosto, 4. *Gonzalo de Ozores recoñece os seus varios bastardos á hora de redacta-lo seu testamento.*

[...] E sosituyó esta manda e herencia dos ditos meus fillos e filla e subcession por tal maneyra, que morrendo ditto Lopo meu fillo menor de ydade e sin semeda, que se torne a sua partiçon e herença sobredita a o dito Gonzalo meu fillo. E morrendo Gonzalo menor de ydade e sin semeda e antes que o dito Lope, que se torne a dita partizon e herencia sobreditta coa dita clausula de herencia da dita Isabel ao dito Lopo. E morrendo ambos hos ditos Lopo e Gonzalo menores de ydade e sin semeda que se tornen os ditos bes e terras e señorios e cassas que les leyjo a dita Isabel. E morrendo a dita Isabel sin semeda e menor de ydade e hos ditos Lopo e Gonzalo como dito he, que todos estos dittos bes terras e señorios que se tornen

a Rodrigo meu fillo que hey de Maria Fernandez, filla de Pedro Fernandes de Soñar. E morrendo todos sin semeda e menores de ydade que bendan ttodos os dittos bes e terras e señorios hos tutores que entonzes foren dos dittos ben con outtorgamento do ditto Abade de Sobrado e Juan Lopez Pardo e de qualquer deles que estonze for vibo e que hos den por mina alma e de aqueles de que so teudo e veren que es mays servicio de Deus.

Iten mando entregar hos ttitulos dos beneficios de Pallares que foron de Pedro Fernandez de Soñar meu fillo que hey da dita Maria Fernandez, que hos haja sin embargo dos ditos meus fillos.

Iten declaro por esta ora en que jazo que segun meu entendemento que he meu fillo Gonzalo, o que cria Juan Oubel, neto de Basco do Vilar he que aquela ora que dormin con sua may segun meu entendemento quela ficou preñe de min deste mozo...

Colección diplomática de Galicia Histórica, pp. 176-177.

1469, novembro, 14. *Contrato de amancebamento entre Roy Gomez, prateiro de Santiago, e Catalina, viúva de Pero Françés.*

Ano do nasçemento de Noso Señor Jhesu Christo de mill e quatroçentos e sasenta et nove anos, quatorse dias do mes de novembro. Sabean quantos este contrato de yguala, aviinça e composiçion vyren a qual he feyta mediante Noso Señor Deus, entre nos Roy Gomez prateiro, bisiño da çidade de Santiago, da hua parte, e eu Catalina Garçia, moller que foy de Pero Françés, defunto, que Deus aja, da outra parte, a qual aviinça e yguala e composiçion he de nosas propias e livres voontades a qual he en esta maneira seginte: Que nos os sobreditos Roy Gomes e Catalina Garçia bivamos de consuun en todas nosas bidas e non se possa partir nen parta o tal ajuntamento asy de parte de min o dito Roy Gómez como de parte de min Catalina Garçia ata fin e falesçemento de cada hun de nos e queremos e nos pras que ao falesçemento de cada hun de nos que todos los bees moveles, ouro, prata, maravedís, roupas de cama e axuares de casa, biños, paños e outros quaesquer bees moveles que ao tal tempo ouveremos e pesoyremos ambos e dous de consum en qualquer maneira e por qualquer rason que seja que ao tal falesçemento de cada hun de nos se partan de por medio con o tal herdeiro ou herdeiros que do postreiro de nos ficar a qual partiçion prometemos e nos pras que seja sen error e engano algun que sobre elo seja feyto e sen embargo de nos e de cada hun de nos e prometemos e demays queremos e nos pras nos as sobreditas partes conven a saber eu o dicto Roy Gomes de non leixar a vos a dita Catalina Garcia en toda vosa bida por outra moller que seja e eu a dita Catalina Garcia eso meesmo prometo de non leixar a vos o dito Roy Gomes por outro marido nen home que seja en toda vosa bida e acaesçendo que falesçendo desta presente bida Ynés Gomes, moller de min o dito Roy Gomes, que eu o dito Roy Gomez case con bos a dita Catalina Garcia por palabras de presente, segundo mande Deus e Santa Iglesia e ontre tanto que asy non se faça o dito casamento que nos os sobreditos façamos boa conpanya amigavell hun ao outro e ho outro ao outro, asy e en tal maneira como se foemos marido e moller de legitimo matrimonio e boa fe e sen maa o engano en todas aquelas cousas que a serviço de Deus e a prol de nos os sobreditos, foren o qual todo

nos as sobreditas parte prometemos teer, conprir e agardar e non yr nen birar contra elo nen contra parte delo per juramento que fasemos a Deus e a este signal de crus (+) que con nosas maaos dereitas tangemos en presenza do notario e testigos e so pena de dosenta dobras de ouro castillanas que dé e page a parte de nos que contra elo bier ha outra parte que o agardar e conprir a qual pena seja paga ou non todavia esto que sobre dito he fique firme e valla en sua bigor e demays queremos e nos pras que qualquer de nos partes que contra esto bier que ho non tever e a gardar que por rason do juramento que feyto avemos seja perjuro e fementido e caya e encorra en caso de menosvaler e que do tal juramento non pida nen posa pedir absolición, nen relaxación ao noso moy Santo Padre, nen a seu penitenciario, nen a outra persona que poderío aja para elo e aunque nos seja dado de propio moto que de lo non nos posamos ajudar, nen aproveitar e nenhua maneira que seja mays que dodavía fique a parte de nos que o non tever fe perjuro segund que de suso he declarado e por mais convalidación e firmiedue desto que sobredito he para se gardar e conprir rogamos e damos poder conprido a qualquer juiz, allcaldes asi eclesiástico como seglar ante quen este dito contrauto parescer que nos lo faça teer, conprir e a gardar en todo e por todo e assy mesmo aos heredeiros de cada hun de nos por toda çensura eclesiástica ou seglar e que non benamos nen pasemos contra elo nen contra parte delo en ninhua maneira que seja sobrelo qual todo e cada causa e parte delo nos as sobreditas partes e cada hua de nos renunçiamos a toda excepçon, reclamaçon e protestación que dante desto nen despois ouvesemos feyto e a todas las outras boas rasoos e eixeepçoos e defensoos que por nos ou por nosos herdeiros se poderan dar e alegar que se non digan nen alegen por nos nen por outro en noso nome e se per ventura as queresemos dar ou alegar ou nosos herdeiros que non sean sobrelo oydos, nen reçevidos, nen outro por nos, nen por eles mays que todavia seja levado este contrauto a devida execuçon, segon e ena maneira que se en él contén, e para que proçedam gardando a ordeem do dereito ou non a gardando çinpliter e de plano sine estrepitu e figura judiçii por quanto queremos que se cunpra assi eno prinçipal como ena pena e juramento sobre lo qual renunçiamos a todos e a quaes quer dereitos que contra este dito contrauto ou contra qualquer cousa del sean canenicos ou çebiis, moniçipales, estatutos, constituyçoos, custums en espeçial qualquer dereito que diga que ena execuçon ou ao mandamanto do executar deven seer chamados as partes. E a de agora o renunçiamos e de nos partimos outrosy renunçiamos a todos e quesquer dereitos que contra este dito contrauto ou contra qualquer clausula del faça os quaes avemos por expresamente renunçiadados, outrosy eu a dita Catalina Garcia renunçio a ley e dereito do enperador Beliano e dos outros enperadores que falan en ajuda e favor das mollerres. Iten renunçiamos a ley que dis que general renunçiaçon non valla, salvo se bier ou se expremyr por espeçielidade en remedio e ajuda do dereito. Outrosy renunçiamos as leys e ordenamentos deste reyno que disen que en hun contrauto non caba pena e juramento, que nos queremos et nos pras que todo conpridamente caba en él poys que de nosas propias voontades fasemos e outorgamos este dito contrauto de aviinça, yguala e conposiçon entre nos por ante o notario e testigos de yuso scriptos. Que foy feito e outorgado ena dita çidade de Santiago, ano, dia, mes sobreditos, estando presente por testigos Gonzalvo Porra, mercader, e Roy de Figueroa e Juan de Erva e Jácomo Perez, plateiros, e Pero de Lugo, sebiçheiro, besiños e moradores ena dita çidade, e outros.

Olga Gallego, *Boletín Auriense*, XIV-XV, (1986), pp. 281-283

Ó reflexionar sobre a paternidade e a maternidade, Afonso X explica as razóns polas que os pais e as nais deben cria-los seus fillos.

La una es movimiento natural, porque se mueven todas las cosas del mundo, a criar e guardar lo que nasce dellas. La otra es, por razon del amor que an con ellos naturalmente. La tercera es, porque todos los derechos temporales e espirituales se acuerdan en ello.

Partida IV, 19, 2.

María fixo concibir a unha muller estéril; sobrevive logo a morte do neno e, ante os insistentes rogos da nai, a Virxe resucítalo.

Santa Maria pod'enfermos guarir
quando xe quiser, e mortos resorgir.

Na que Deus seu Sant'Esperit'enviou,
e qua forma d'ome en ela fillou,
non é maravilla se del gannou
vertude per que podess'esto comprir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Prend'un miragr'aquesta Reya
santa fez mui grand' e húa mesquya
moller, que con coita de que manya
era, foi a ela un fillo pedir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Chorando dos ollos mui de coraçon,
lle diss:'Ai Sennor, oe mia oraçon,
e por ta mercee un fillo baron
me dá, con que goy' e te possa servir."
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Log'o que pediu lle foi outorgado,
e pois a seu tenp'aquel fillo nado
que a Santa Maria demandado
ouve, ca lle non quis eno don falir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Ma o meny',a pouco pois que naceu,
dúa forte fever mui cedo morreu;
mas a madre per poucas ensandeceu
por el, e sas faces fillou-ss'a carpir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Enton a cativa con gran quebranto
ao mõeiteir'ou levou e ant'ou
altar o pos, fazendo tan gran chanto,
que toda-las gentes fez a ssi vïir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

E braando començou a dizer:
"Santa Maria, que me fuste fazer
en dar-m'este fill'e logo mio toller,
por que non podesse con ele goyr?
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Sennor, que de madre nome me déste,
en toller-mio logo mal me fezeeste;
mas polo prazer que do teu ouveste
Fillo, dá-m'este meu que veja riir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Ca tua soa es a que mio podes dar,
e porend' a ti o venno demandar;
onde, groriosa Sennor, sen tardar
dá-mio vivo, que aja que ti gracir."
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Log'a oraçon da moller oyda
foi, e o menyo tornou en vida
por prazer da Virgen santa conprida,
que o fez no leit'u jazia bolir.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Quand' esto viu a moller, ouve pavor
da primeir',e pois tornou-sse-l'en sabor;
e deu poren graças a Nostro Sennor
e a ssa Madre, porque a quis oyr.
Santa Maria pod'enfermos guarir...

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga XXI.

Milagre que recolle a alegría polo nacemento dun fillo e a dor que produce a súa perda.

Santa Maria grandes faz
miragres e saborosos,
e guarda aos que lle praz
de seeren perdidosos.

E desto vos quero contar
un gran miragre que oy
que fez a Reya sen par
en Salas, e faz muitos y
pera as gentes aduzer
que sejan mui't'aguçosos
de ben en seu Fillo ceer,
e manssos e omildosos.
Santa Maria grandes faz...

Un ome non podi'aver
fillo, per quant'eu aprendi,
de sa moller, e prometer
foi d'ir a Salas;e des i
quis Santa Maria guisar,
que faz miragres fremosos,
que lles foi log'un fillo dar,
ond'ambos foron goyosos.
Santa Maria grandes faz...

Dous anos lo foron criar;
e pois moveron ben dali,
seu camyo foron fillar
pera Salas. E ynd'assi
viron un rio correr
e eles foron coitosos
de passar; mas foron perder
o fill'os malavegosos.
Santa Maria grandes faz...

Ca a madre, que o trager
en un rocin y'ante ssi,
con el no rio foi caer,
como contaron a mi, e ouve a desanparar
o fillo;e os astrosos
fillaron-se muit'a chorar
ambos come perdidosos.
Santa Maria grandes faz...

Muito o per foron buscar
pelas ribas,com'entendi,
mas nono poderon achar,
et tornar-se quisera d'i
o padre; mas ela dizer-
lle foi: "Pois non preguiçosos
fomos, vaamos seer
a Salas desto queixosos."
Santa Maria grandes faz...

No camynno semeter
foron, dizend'ela: "A ti
vou, Virgen, que mi acorrer
queras do fillo que perdi."
E pois chegou ao lugar,
con sospiros amargosos,
viu seu fill'ant'o altar
vivo. E muit'omildosos
Santa Maria grandes faz...

Loores deu, seu Deus m'ampar,
aa Virgen. "Ca recebi",
diss'ela, "o que demandar-
te fui sempr', e nunca fali;
e poren querrei retraer
ontr'os teus mui grosiosos
miragres e fazer saber
este dos maravillosos."
Santa Maria grandes faz...

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga CLXXI.

Alegría polo nacemento e dor pola perda dun fillo.

Un matrimonio, que despois de solicita-la intercesión de María tivo un fillo, leva o neno de dous anos ó santuario de Salas. Ó cruzar un río, o neno que ía en brazos da súa nai e ambos sobre unha egua, cae na auga. Os pais, apenados, búscanlo sen éxito e diríxense a Salas, onde, ó entraren no santuario, encontran ó seu fillo. Moi alegres, loan á Virxe e dan a coñecer a todos o milagre.

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga CLXXI.



Prégase a axuda da Virxe para un parto fácil.

A Madre de Deus onrrada
chega sen tardada

u é con fe chamada. E un miragre disto
darei que fez a groriosa
Madre de Jhesu Cristo
a Reya mui piadosa,
por húa jude' astrosa
que era coitada
e a morte chegada.

A Madre de Deus onrrada...

Ca o prazo chegado
era en parir devia,
mas polo seu pecado
aquesto fazer non podia,
porque de Santa Maria
non creya nada
que verdad' é provada.
A Madre de Deus onrrada...

Ela assi jazendo,
que era mais morta ca viva,
braadand' e gemendo
e chamando-sse mui cativa,
con tan gran door esquiva,
que desanparada
foi; e desasperada
A madre de Deus onrrada...
Era ja d' aver vida
nen lle prestaren meezyas.
Porend' a mui comprida
Reya das outras reyas,
acorredor das mesquinnas,
sen gran demorada
ll' ouve log' enviada
A Madre de Deus onrrada...

Tamanna craridade
ben come se o sol entrasse
aly; e de verdade
lle diss' húa voz que chamsse
de coraçon e rogasse
e santivigada
e benaventurada
A Madre de Deus onrrada...

Madre de Deus con rogo,
que é chêa de gran vertude.
E ela o fez logo,
e ouve fillo e saude,
porque cedo, se mi ajude
Deus, foi delivrada
e a ssa madre dada.
A Madre de Deus onrrada...

Pois Maria oyron
as judeas que a guardavan
chamar, todas fugiron
de casa e a dêostavan
e <ereja> a chamavan
muit' e <renegada>
e <crischâa tornada>.
A Madre de Deus onrrada...

Mais ela, por peleja
non aver con essas sandias,
dereit' aa eigreja
se foi depo-los treinta dias,
que non atendeu Messias,
mais de-la entrada
foi logo batiçada.
A Madre de Deus onrrada...

E trouxe dous menynnos
sig', aquel fill' e hûa filla;
e macar pequenyos
eran, por los de peccadilla
tirar, en Santa Cezilla,
na pia sagrada,
os fez dessa vegada
A Madre de Deus onrrada...

Ambos fazer crischãos,
contando como ll' avêera
do fill' e como sãos
seus menbros todos ll' enton dera
Santa Maria; e fera-
mente foi amada
por aquest' e loada.
A Madre de Deus onrrada...

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga LXXXIX.

O ámbito do nacemento, reservado exclusivamente ás mulleres.
Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga LXXXIX, d.



Solicítase a intercesión mariana para que non naza morto o fillo que se espera.

Fazer pode d'outri vive-los seus
fillos aquela que Madr' é de Deus.

Dest' un miragre direi que o'y,
que fez a Virgen, per com' aprendi,
en Saragoça dúa moller y
que paria morto-los fillos seus.
Fazer pode d'outri vive-los seus...

con seu marido barallava mal
muitas vezes sobr' este preito tal;
poren de cera omagen, non d' al,
fez de menyo dos dyeiros seus,
Faez pode d'outri vive-los seus...

Que prometeu aa Virgen de prez.
Pero tal parto tres vegadas fez;
e quando vêo outro, chorando dos seus
Fazer pode d'outri vive-los seus...
Ollos, dizendo: "Sennor, que farey?
Pois este' é morto, nunca vivirey
con meu marido; mas a ti yrei
que a teu Fillo rogues que dos seus
Fazer pode d'outri vive-los seus...

Miragres mostre por ti, ca sei ben
que o fará, desto non dulto ren;
pois faça esto por ti, ca ben ten
meu marido que ambos somos seus,
Fazer pode d'outri vive-los seus...

Eu e ele." E tan muito chorou
en dizend' esto, e tanto rogou
que o menyo enton viv' achou.
E fez chamar y dous omêes seus
Fazer pode d'outri vive-los seus...

De ssa casa; e seu marid' enton
y vêo logo con gran devoçon,
e muitas gentes loaron enton
aa Virgen que val sempr' aos seus.
Fazer pode d'outri vive-los seus...

Tan tost' a madre foi sigo levar
seu fill' a Salas, e ant' o altar
pos ssa omagen, dizendo: "Loar
desta devemos os miragres seus."
Fazer pode d'outri vive-los seus...

Afonso X, *Cantigas de Santa María*, cantiga CXVIII.

2. A toma de conciencia ante a agresión masculina na Galicia do século XV

M.^a Carmen Pallares

A análise dalgúns casos concretos permítenos coñece-la toma de conciencia, a resistencia e a denuncia das agresións masculinas por parte dalgunhas mulleres. Fronte á dependencia con respecto ó varón, tantas veces reafirmada pola lei medieval, vemos mulleres reais enfrontándose ós seus agresores masculinos -violadores ou maridos- ante os tribunais de xustiza e facéndoo por si mesmas, sen representantes ou intermediarios, demostrando que non admiten do bo grado o dominio dos homes e tratando de avanzar nun camiño que aínda non alcanzou a meta.

O século XV aparece, en Galicia, dominado pola serie de periódicos estoupidos dunha latente guerra de carácter social. Viviuse un clima de inestabilidade constante que non beneficiou a ninguén. Nese marco xeral, non faltan, desde logo, os testemuños de agresións contra as mulleres; o que nos interesa non é tanto presentar exemplos dun mal que pode considerarse endémico da sociedade medieval senón subliñar, ante ese mal, a toma de conciencia, a resistencia e a denuncia dalunhas mulleres galegas do século XV.

As condicións de inseguridade afectan dobremente ás mulleres. Están sometidas ó clima de inseguridade e violencia xeral o mesmo cós homes. Elas sofren, como todos, os danos físicos e os roubos. Agora ben, polo feito de ser mulleres están sometidas a unha agresión masculina, incluso baixo a súa forma máis crúa: a violación. A violación, a inxuria absoluta; non só para a muller que a sofre, senón tamén para o seu redor inmediato, para a súa parentela. A gravidade da ofensa explica as reaccións extremas. Dun lado, o ritual, no fondo desesperado, do rexeitamento público, da negación imposible por parte da muller violada. Do outro, a ocultación e o silencio.

Fronte a estes polos opostos, e se cadra un pouco esquemático, impórtanos, como dicíamos, subliña-la riqueza da realidade; poñer de manifesto actitudes que poderían considerarse, en certo sentido, intermedias, pero que son, no fondo, profundamente diferentes, porque nacen ante todo da conciencia, individual e social, da inxustiza cometida contra a muller agredida polo home.

Sen ningunha dúbida, os feitos que imos expor son excepcionais; son aqueles que confirman as regras dunha sociedade na que o peso do masculino se fai notar constantemente. A dependencia, a debilidade, a inferioridade son os trazos dominantes con que a imaxe da muller é ofrecida á mentalidade colectiva desde os ambientes máis cultos da sociedade medieval. Pero, por debaixo desta muller abstracta -aínda que non irreal nin carente de influencia- imos ver tamén as mulleres concretas defendendo os seus dereitos ante os tribunais públicos, demostrando que non admiten de bo grado o dominio dos homes, camiñando cara á meta aínda non alcanzada.

Selección de textos

1441, abril, 12. *Violacións das que se acusa a Ruy de Sandoval.*

... Que forçou hua moça virgen en cabelo e dormío con ela por forza, andando ela en hua viña de sua ama Elvira Dias, muller que foy de Afonso Rodrigues das Camoyras, a qual moça viña con ela... Iten, a quatro días de abril dormío por forza et contra dereito con Maria Patiña, por engano, e levou Tareija Nunes á sua casa, et des que lle çarrou a porta da rúa et que os ençarrou anbos en sua casa, de Tareija Nunes, que está aos Fornos, et que lle derrubou as toucas e que a deitou eno tarreo, et que a non quisou leixar ata que lle jurou que fose dormir con él a outra casa. Et a dita Maria Patina así o dou por querella a meestre Fernando e a Meendo de Seabra, a XII de abril de XLI. Testemuyas: Afonso e Johán e Gonçalvo, omes de os juises, e Garçia Fernandes de Cobreiros.

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, II, pp. 268-269.

1458, abril, 29. *Tareija Gómez denuncia ante os rexedores da cidade de Ourense e ante o procurador da mesma cidade a Johán de Noboa, por un intento de violación.*

Ano de LVIII, a viinte et nove dias do mes de abril, en Ourense, ena praça do Canpo, Tareija Gomes, filla de Gomes do Toylo, deu querella a Vaasco Gomes et Martin do Cabo et Gonçalvo de Requeixo e a Johán Cortydo, rejedores, et a Nuno d'Ousende procurador do conçello, de Johán, criado de Johán de Nóboa, que agora vive con Gonçalvo da Beiga, provisor, disendo que en como o dia donte, a médeo dia, estando ela mansa et segura no Seixo, cabo da viña de Roy Gomes e de Roy Gonçalves, e non fasendo mal nen nojo a persoa algúa, por que mal deve se receber, que o dito Johán aderençara a ella et que a tomara por los cabelos e a leva

arrastro por dormyr con ela, et, se non fora Roy Garçia, canónigo, e hun seu moço, Gonçalvo Garçia, que a forçara et dormira con ela, o qual todo dava por queixa et querella con juramento que fasía, e que lles requería que proçedese contra él, segundo que o dereito manda et requiere en tal caso. Et os ditos rejedores et procurador diseron que lles pesava dello et, que se o podesen aver, que o prenderían et farían aquello que con dereito devesen, et que protestavan de o qeixar et quere-llar a noso señor el Rey etc. Testigos: Gomes de Mugares et Ares de Prado, Roy Gonçalves, meestre Antonyo, Diego de Bubón, notario.

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, II, p. 335.

1458, abril, 30. O cóengo Roy Garcia, que presta declaración baixo xuramento, confirma o testemuño de Tareija Gomez e relata o intento de violación.

Despois desto, ena dita çidade d'Ourense, triinta dias do mes de abril do dito ano, Nuno d'Ousende presentou por testigo ante Afonso Gonçalves, bachiller et vigario do señor obispo, a Roy Garçia, canónigo ena iglesia d'Ourense, do quela o dito vigario sacou juramento en forma devida por las ordees que aya reçebidas de San Pedro et de San Payllo, por lo qual prometeu de diser verdade. Et, feito o dito juramento, diso et declarou que, dia sesta feira, él fora veer a sua viña de Pou-sada, onte él e seu moço Gonçalvo, et, andando asy de tras Outeiro da dita viña, que oya dar voses disendo "Ay del Rey, acorreme". Et quando oyra as voses que seiran açima, eno chao da viña, e que vira ao dito Johán, ome do dito provisor, jaser ençima da dita Tareija do Tyollo et ela que tiña as pernas encrusilladas, descobertas, ençima fasta o ventre, ben brancas, et el que pona en ela as pernas e as maos por las abryr et non podía, et por que as non quería abryr, que lle daba bofetadas et ela, descabellada, jasendo en terra, et disendo "Ay del rey, ay del Rey". Et él e seu criado, quando a asy vyron jaser et que lle o dito Johán dava paancadas, por que lle non quería estar quedada que dormise con él, que vira que era mal feyto, et que diseron ao dito Johán "andar pera vylao, treidor, leyxade a moller, et non a desonrredes, non lle façades mal". Et él estonçes que se fora et ela que se cobrera do seu pelote et se entoucara. Et que asy o desía por lo dito juramento que feyto avya. Testigos: Johán Gonçalves, arçediano, Gomes de Mugares, Johán Paas, notario, Fernando Afonso da Torre.

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, II, pp. 336-337.

1465, abril, 3. Juan Afonso de Tenorio, comerciante e veciño da cidade de Ourense vese obrigado a facer confesión pública, ante o notario e as testemuñas pertinentes, dos malos tratos que proporcionara á súa muller Elvira Rodríguez. Esta, ferida, abandonara o seu domicilio e refuxiárase na casa do rexedor e xuíz da cidade para facer vale-los seus dereitos ante a lei.

Ano do nasçemento do noso señor IHu Xpo de mill e quatroçentos sessenta e cinco anos, tres dias do mes de abril, ena cibdade de Ourense, en presencia de mi notario e testigos infrascritos, paresçio Juan Afonso de Tanorio, mercador, veciño da dita çibdade d'Ourense, et diso que por quanto él, procurante el enemigo do linaje humano, ouuvera enojos e refera con sua moller Elvira Rodriguez, por lo

qual él a ferira con un puñal, por lo qual se arrepentía, et a dita sua moller se sallira da sua casa, despoys de ferida, avendo mayor temor dél pra o adiante, e se fora a poer en casa de Pero Lopes da Barrera, regedor e juys da dita çibdade, que él arreptíndose do mal feito que fesera et propoendo de aqui adiante usar con a dita sua moller en ben, como Deus e a nossa madre Santa Iglesia manda, rogava e requería aa dita sua moller que se tornase á sua casa a faser vida con él e seus fillos. Et él que prometía e prometio de non matar nin ferirá con espada nin con puñal nin con algún, nin con paaos peligroso, ni lle dará vida penada, mays que fará vida con ela, como Deus manda e a nossa madre Santa Iglesia. Et ela que lle seja obediente, segundo que deve ser moller á seu marido, pero o qual así tener e goardar e obligó sí a sus bens mobles e rreyses, avidos e por aver, en pena de viinte mill mrs vellos de moeda vella, a meatade que seja pera don Juan Gonçales, electo da iglesia d'Ourense, e a outra metade pera o dito Pero Lopes, juys. E pera o qual todo ben teer e goardar o dito Juan Afonso deu consigo por fiador e principales pagadores a Gote-re Gonçales d'Allaris, escudeiro, morador en Mesquita, e a Gomes de Ramoyn, mercador, vesíño de Ourense, que era presente, e se otorgaron por tales fiadores así a todo lo susodito como aa dita pena. E mays o dito Nuno Gonçález sallío por fiador por la dita Elvira Rodrigues que ela lle será obediente e servente en todas as cousas justas, segundo que deve faser moller á seu marido, sobreo qual o dito Juan Afonso e os ditos fiadores mandaron faser a mí Garçia Fernandes, canónigo e notario, hua obligación, a mays forte e firme que faser poder á consello de letrados. Testigos que foron presentes: o señor don Juan Gonçales de Deza, eleto da dita iglesia, Fernán Gonçales de Ramoyn, raçoeyro ena dita iglesia, e Dieg'Ares de Maçaria, morador en—, e outros.

X. Ferro Couselo, *A vida e a fala...*, I, pp. 144-145.

1434, novembro, 1. Pero de Montes realiza, ante o notario da cidade de Pontevedra, un contrato de perdón, dirixido á súa esposa Tareixa Montes, que se ausentara do domicilio conxugal e cometera adulterio, a condición de que volva con el antes do próximo mes de abril.

O primeiro dia do mes de novembro. Sabean todos que eu Pero de Montes, natural do moesteiro de Santa Maria d'Asiveiro que soo presente, quero et outorgo que por quanto vos Tareija de Montes mña moller, filla de Juan Branco et de Moor Gomes sua moller, que sodes absente, vos absentastes de mña casa et poder sen meu mandado et liçençia a outra parte a donde vos quisestes, por lo qual vos non quededes tornar a mia casa et poder, nen eso mesmo ousades de andar seguramente por la terra donde sodes natural, nen paresçer ante mí nen lugar donde eu de vos aja notiçia et parte de vos posa costrenjer por rigor de dereito, reçoendo vos que por lo dito absentamento que ay fezeistes que eu vos queira demandaret acusar por rason que avedes cometido pecado de adulterio; por ende eu o dito Pero de Montes que asi soo presente, non costregudo por força nen por engano rescibido, mas de mña livre et propia voontade et por lo amor de Deus, perdoos a vos a dita de Montes mña moller, que sodes absente asi como se fosedes presente, todo erro et mal et dano et interese que eu rescèbese et ouvese por rason do dito absentamento que asi fezeistes, et eso mesmo todo pecado de adulterio que vos fezesedes et cometesedes et fezeistes et cometestes des lo tenpo que sodes mña moller et comigo casastes ata este presente dia et que fezerdes et cometerdes, o que Deus non queira,

desde oje que esta carta he feita ata o primeiro dia do mes de abril primeiro que ven, que seera en este ano primeiro que verra de mill et quatroçentos et trinta et cinco anos et qualquer copulaçon que fezesedes ou fezeistes ou festerdes ata o dito dia con qualquer persona en meu perjuiso. Et para esto asi seer mas firme, vos a dita Tareija de Montes ata o dito primeiro dia de abril avedes de vïir aa iglesia de San Migell de Carvalleda, et desde que ende fordes fasermo a saber para que vos et eu falemos en hûu seguramente et conçertandonos para que en hûun façamos nosa vivenda, asi como por Deus et por dereito somos obrigados de nos faser maridança segundo manda Deus et Santa Iglesia et non nos //

(roto de 6-7 liñas no comezo do folio)

et eu como dito he de boo (roto) vos perdoe et dou por livre et quita, para qui et por ante Deus, de todo mal, dano, pecado et copulaçon et adulterio que vos cometestes et fezeistes et cometerdes et festerdes en meu perjuiso ata o dito primeiro dia de abril, et prometo et outorgo aa boa fe de Deus ter sen mao engãno et por juramento que ende faço en este sinal de crus en lugar de santos avangeos, que eu que vos lo teña et compra et agarde asi, et que en publico nen scondido vos nen beña nen pase, por min nen por outro, contra elo nen contra parte delo, et demais concertandonos êna dita vivenda que, sen embargo do sobre dito, vos faça maridança do corpo et do aver ben et lealmente asi como marido a moller et por la via et forma que manda Deus et Santa Iglesia, et non no teendo et conprindo en todo asi et yndo et pasando contra elo, que eu seja enfames et fe perjuro, et me costamio(?) de non ser de tal pecado asolto salvo por noso señor o papa; et demais que eu de e page por pena en nome de interese a vos a dita Maria de Montes dosentos froliins de ouro do cuño de Aragon, et apena pagada ou non que senpre este contrabto este firme, sobre lo qual renunçio as leis do dereito, dolo, engano, medo, força, endusimento et a todas las outras et dereitos canonicos et cevils et impereas et reas de que me eu ou outro por min pudeiramos ajudar para contra esto que dito he vïir, que quero et outorgo que me non vallan nen sejamos sobrelo nen sobre parte delo oydos nen resçebidos en juisio nen fora del; et por que esto seja çerto outorguey ende este contrabto de perdon ante o notario et testemoyas de juso scriptas. Que foi outorgado na villa dePontevedra, ano, dias, mes sobre ditos. Testemoyas que foron presentes, Afonso Soares caldeirerio morador êna dita villa et Garçia Corto et Gomes Ares moradores en Ribadavia et Gil Martines clerigo de San Justo d' Avion et outros.

A. Rodríguez González e J. Armas Castro,
Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435), pp. 150-151.

1457, setembro, 12. En audiencia pública ante Vasco Pérez, rector da igrexa de Santo Tomé de Maside, e de Joan Gonçalves, notario público, presentan unha petición de anulación matrimonial por mutuo consenso Lopo Nunes e Tareija Lourença.

Enno lugar de Parrazia que he en fregesia de Santo Andre de Campo Redondo da diocese dourense dia lues doze dias do mes de setenbro anno do nacemento do noso Sennor Ihesu Cristo de mill e quatroçentos e çincoenta e sete annos seendo ende sentado en abudiença publica Vaasco Peres clerigo reytor da iglesia de Santome de Maside vigario e lugar tenente por onrado descreto varon don Fernan Anes Rapado arçedianado do arçedianado de Castella enna iglesia dourense

et en presença de min Joan Gonçalves notario publico por noso sennor don Diego Peres Sarmiento conde de Santa Marta dordygeyra endiantado e justiça mayor en Galiça e en todas suas terras e sennorios e merindades et das tests. juso escriptas pareceron ante el presentes Lopo Nunes fillo de Nuno Vaasques doseve que foy morador enno dito lugar doseve fregesia de San Migell de Levosende este da huna parte et da outra Tarejja Lourença criada de Lourenço Yanes clerigo reytor da igreja de Santa Maria de Llamas. Et logo os ditos Lopo Nunes e Tarejja Lourença presentaron ante o dito vigario huun contrabuto feito por min o dito notario en como rellatavan dizendo que podia aver oyto annos pouco mays ou menos que elles anbos ouveran palabras de casamento non sendo elles de ydade conprida e que foran feitas contra vontade da dita Tarejja Lourença e contra seu defendemento non querendo ella consentyr en ello salvo por premea e engano de outras personas e que foran anbos juntados en pousada e deytados en cama e nunca poderan aver juntamento de copulla carnall nen aver consebido para fazeren jeneraçõ que-
rendo llella Deus dar por llas quaes razoes avian moyta descordia e mall e se temya de ao adeante se seguir mais dano e ynpedimento asi das allmas como dos corpos e das avenças e outros viyren a ocasion de mortes e de peligros por cabusa delles e que anbos juntamente pedian e pediron ao dito vigario que os dese por livres e qytos huun do outro e outro do outro para que cada huun fezesse de seu corpo e de seus bees o que les Deus grasiesse sen embargo huun do outro e outro do outro segundo se mais conpridamente conten enno dito contrabuto e pediron ao dito vigario que livrase por sua sentença dandoos por livres e quites huun do outro e outro do outro sen outra prelonga e fazendoo asi que faria ben e dereito e serviço de Deus e o que devia e adonde non que protestavan que todo outro mall e dano que ende recreçese que Deus e as justiças se tornase a el por ello e que concludera. Et o dito vigario diso que os oya e fezolles pergunta se era verdade de que o dito casamento fora feito seendo elles menores e contra vontade e defendemento da dita Tarejja Lourença e se non aver juntamento de carne huun co outro. Et elles anbos juntamente fezeron juramento a Deus e as ordes que o dito Vaasco Peres recebera poendo suas maaos ennas do dito vigario que todo era verdade e o dito Lopo Nunes que nonca con ela dormyra por non poder nen entendia poder ao adiante se con ela se vese e por ende que pedian o que pedido avian. Et logo o dito vigario diso que visto o pedemento a el feito por anbas las ditas partes e como coneçian os ditos errores e ocasioos ontre elles e que huun non inpedia ao outro nen outro ao outro en contrario do que dizian e que ante elles acabasen en serviço de Deus cada huun por sua parte por ende que avia o dito pleito por concruso ontre elles e concludia con elles e asinava e asinou termeno para que llogo para o librar entre elles segun que por dereito a achase seendo sentado as partes presentes sentença demandante dou esta carta per sua boca por pallabra que os dava e dou por livres e qytos huun do outro e outro do outro por razon do dito casamento para que cada hun delles doje este dito dia en diante para senpre cada huun delles fezesse do seu corpo e bees o que lle Deus grasase e dese graça e en quall quer modo e maneira que quisesen viver sen embargo huun do outro e outro do outro para que huun non demandase ao outro nen outro ao outro poendo lles sobre sy liçençia perpetua e asi o julgava sentençeava pronunciava por sua sentença defenitiba en estes escriptos e por elles. Et os ditos Lopo Nunes e Tarejja Lourença disseron que consentian e reçebian a dita sentença e prometian e prometeron de o asi fazer su a pena contiuda enno dito contrabuto que era de dez mill mrs. a meatade aa parte e a meatade a voz del rey. Et pediron a min o dito notario que lelo dese asi sinado para guarda de seu dereito que foy dada enno dito lugar e anno e era e dia e mes sobre

dita. Tests. que estavan presentes o dito Lourenço Yanes clérigo e Joan da Parrazia e Afonso Rodrigues moradores enno dito lugar de Santo Andre e Afonso García de Rytego criado do dito Lourenço Yanes e outros. Et eu Juan Gonçalves notario publico por noso sennor don Diego Peres Sarmento conde Santa Marta dortigueira endeantado e justiça en Galiza en todas suas terras e sennorios e merindades a esto que sobre dito he presente foy con os ditos tests. e en minna presenza o fiz escribir e aqui meu nome e sinal en test. de verdade que tal he.

A. López Carreira, *Ourense no século XV*, pp. 215-216.

1434. *Divorcio de común acordo entre Estevo Calbo e a súa muller Eynes de Bobadilla, por adulterio de ambos.*

Estevo Calbo e a sua moller.

Feita e dada, notada no libro manual.

En este dia Estevo Calbo e sua moller Eynes de Bobadilla, por rason ambos a dous son casados e o dito Estevo Calbo requeriu a ela por moller et ela a el por marydo et por quanto ontre elles ha tal desconcordia e desaviñça e ynimistança asy de matromonio e copula carnal que hun errou contra o outro e ho outro contra ho outro et de adulterio que ambos a dous feson et se erraron, por lo qual ambos estan en (paas) se fesesen vida et por tal de faser servizo a Deus et cada huun faser do corpo ao seu (cabente) etç. por donde que des aqui en deante davan (carta de)... hun ao outro et ho outro ao outro para que des aqui en deante cada huun delles faça de seu corpo a sua vontade livre et quite desenbargadamente sen contradizon hun do outro e se posa casar ou abarregar ou dormyr con qual quer persona que queseer sen embargo hun do outro, ben como se nonca fosen casados e fosen livres por sentença e dados por livres et quites etç. et perdoaron hun ao outro e outro ao outro todos et quaes quer erros e maldades e senrasoons e vitoperios e adulterios que hun aja feito ao outro ata este presente dia e fesen des aqui en deante, por quanto non podian seer casados etç. para o qual ambos feson preito de nonca demandar hun ao outro nen outro ao outro nen de se acusaren nen quere llaren so penna de ynfames e fee per juro etç. sobre lo qual outorgaron contrauto forte e firme etç. Tests. Rodrigo Yanes clérigo do coro da iglesia dourense et Afonso de Logilde e Vasco criados de Pascoal Rodrigues e outros.

A. López Carreira, *A cidade de Ourense no século XV*, p. 1129.

3. A vida conventual

Clara C. Rodríguez Núñez

Contamos en Galicia con fontes documentais sobre vida monástica feminina xa dende a alta idade media. Nos primeiros séculos do medievo atopamos pequenos mosteiros familiares, moitas veces dúplices, que só a partir de finais do s. XI irán adquirindo unha verdadeira disciplina regular. A isto refírese a carta de Pascual II ó prelado compostelán Diego Xelmírez, de principios do s. XII, documento que reflicte o temperán coidado por mante-las relixiosas illadas do mundo -e sobre todo dos homes-.

Pero a meirande parte dos textos escollidos son baixomedievais, proceden dos propios arquivos dos mosteiros e ilústrannos sobre aspectos diversos da vida no claustro. Neles vemos como o ingreso das mulleres nestas comunidades pódese deber en ocasións á presión familiar, sobre todo no caso de fillas ilexítimas, ou ben a unha decisión “voluntaria”, moi estendida entre as viúvas -aínda que exista unha presión social, menos evidente, que condicione estas determinacións-. Para Galicia, as referencias a mulleres que son forzadas a ingresar no convento sen vocación ningunha son unicamente literarias. Pero este feito, ben documentado noutras rexións, co ingreso de nenas pequenas contrario á propia lexislación das ordes relixiosas, tamén se debeu dar nos conventos galegos, a xulgar polo elevado número de anos que algunhas monxas viven no claustro.

Varios documentos céntranse no problema da clausura, preocupación constante para as autoridades relixiosas, para o pobo que teme incorrer en excomunión se vulnera as prohibicións e para as propias monxas que se conciben e definen a si mesmas como “pechadas”. Nas cantigas de escarnio, nembargantes, os contactos das relixiosas cos homes son un dos temas preferidos de burla e crítica social. Ningunha infracción das características que a literatura ironiza ten transcendido documentalmente nas comunidades galegas, aínda que sabemos da existencia de monxas externas, exentas do voto de clausura.

De forma illada, fálase tamén nalgúns documentos sobre o noviciado, período de proba de duración variable que culmina coa solemne cerimonia da profesión da relixiosa nas mans da superiora. Esta superiora (abadesa ou priora segundo as ordes), será a cúspide dunha xerarquía interna que, pasando por porteiras, mestras de novicias, procuradoras, etc., chegaría ata as monxas serviciais que ocuparían o último grao da escala.

Un tema de enorme interese, pero máis difícil de investigar posto que a penas deixa pegadas na documentación, é o da vida en común das monxas. A vida comunitaria, como sucede en calquera grupo organizado, provocou ás veces friccións entre as reclusas, chegando mesmo á expulsión ou abandono da orde para algunhas. Recollemos ademais algunhas mencións a actividades cotiás como o traballo manual ou a atención a anciás e doentes e, por suposto, a oración.

Por último, podemos sinalar que dentro do convento, mesmo entre as monxas mendicantes, mantense a existencia da propiedade privada individual, e que as monxas poden dispor dos seus patrimonios como lles pareza, contando -alomenos na teoría- coa autorización da orde e respectando as leis referidas ós dereitos dos parentes. A necesidade de xestionar estas propiedades, tanto particulares coma comunitarias, é a que nos achega a meirande parte dos documentos utilizados, concibidos na súa orixe cunha finalidade económica.

Selección de textos:

(s. XII). *Carta de Pascual II a Diego Xelmírez sobre os mosteiros dúplices.*

Aquelo que oímos dicir, de que pola vosa rexión habitan monxes con monxas, é de todo punto inconveniente. Para cortalo, dispoña enérxicamente a túa experiencia de maneira que, os que actualmente están xuntos, se separen en divididos e lonxanos cuartos, segundo mellor pareza á túa discreción e ó consello de varóns relixiosos; e en diante non se volva tomar tal costume.

Historia Compostelana, cap. 13.

1423. *Testamento de Pedro Lago mandando á súa filla ilexítima a un convento.*

E mando a my fija Elvira, que yo oue en Maria de Romalde, a Santa Clara de la çidade de Santiago, para que sea monja, e mandolle con la dicha moça e para ella todas las vynnas que yo he e me pertenesçen aver en el coto de la Crunna, saluo las que mando al dicho conuento; e mando e rogo al dicho conuento de Santa Clara que luego tome et reçeba a la dicha Eluira, my fija, e a los dichos bienes que yo lle asi mando.

López, A. "El convento de San Francisco...", pp. 3-7.

1346. *Recepción da viúva Teresa Pérez de Allariz en Santa María de Belvís.*

Eu Elvyra Lopez frayra do moesteiro de Santa Maria de Belvis teente lugar de domna Johana Esteeveez priora do dito moesteiro de Santa Maria de Belvis... et convento do dito moesteiro seendo juntadas enno lugar acostumbrado por tangeamento de canpaa segundo que he de custume, presente et outorgante frey Pedro de Caldas noso prior, reçebimos por nossa frayra en serrada a vos Thareiga Perez d'Alariz moller que fustes de Nuno Fernandez çidadano que foy de Santiago.

Rodríguez Núñez, C. *El monasterio de dominicas...*, pp. 93-94.

1407. *Ingreso da viúva dona María Bicos en Santa Clara de Santiago.*

Sabean todos que eu dona Maria Biquos, moller de Johan Nunes de Ysorna, et yrmaa de Bernaldo Eanes do Campo, entendo de mudar meu estado et faser mija profeson enno moesteiro da ordeem de santa Clara de Santiago, para em mina uida seruir a Deus enna dita ordé.

Castro, M. "El Real monasterio...", p. 55.

1411. *Ingreso da rapaza Inés Pérez en Santa Clara de Pontevedra.*

A dita Ynes Perez dijo que ela de bon espiritu movida para servir a Deus eno habito de Santa Clara e de sua propia voontade se viera ao dito moesteiro e rogara e pedira a dita doña abadesa que a resevese dentro eno dito moesteiro e admostrase como se a dita orde avia de gardar et seguir e continuar para se ela certificar para podese guardar e dixo que de seu boon grado da dita doña abadesa estava asi eno dito moesteiro dous anos eran pasados e mais... estando de idad cumplida de catorze anos et mais.

Rodríguez Núñez, C. *Los conventos femeninos...*, p. 338.

Xil Pérez Conde quéixase de que Deus lle arrebate á súa señora, que é forzada a entrar nun convento.

A la fé, Deus, se non por vossa madre,
que é mui boa Santa Maria,
fezera-vos en pesar, u diria,
pola mia senhor, que mi vós filhastes:
que vísedes vós que mal baratastes
ca non sei tan muito de vosso padre
[...]

Dizede-mi ora que ben mi fezeistes,
por que eu crea en vós non vos sêrvia,
senon gran tort' endoad' e sobêrvia?:
ca mi teedes mia senhora forçada,
e nunca vos eu do vosso filhei nada,
des que fui nado, nen vós non mi o destes.

Faria-m' eu o que nos vós fazedes:
leixar velhas feas, e as fremosas
e mancebas filhá-las por esposas.
Quantas queredes vós, tantas filhades,
e a mi nunca mi ne ua dades:
assi partides migo quant' avedes.

Nen as servides vós nenas loades,
e van-se vosqu' e, poi-las aló teedes,
vestide-las mui mal e governades,
e metedes-no-las tra-las paredes.

Cantigas de Escarnio

Ed. Rodrigues Lapa, nº. 163 e 164 -estrofa I, III e IV).



Cantiga de Santa María nº. XXII: ingreso dunha nena nun convento, contrario á lexislación das ordes pero probablemente moi habitual na Idade Media.

Recollida do libro de M.^a Carmen Pallares: *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1150)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1993.

1426. *María Fernández actúa como monxa externa de Santa Clara de Santiago.*

Sabean todos que en presenza de min Pedro Barquala notario publico jurado da villa de Padron et de terra de Cordeiro et do Couto d' oeste, estando este dia enno adro do simiterio de Santa Coonba de Louro paresceu y ende Maria Fernandes frayra de Santa Crara de Santiago et diso et feso fronta et requerimento por si et em nome da abadesa et convento do moesteiro de Santa Crara de Santiago a Johan de Moldes moordomo por Johan de Seuilla moordomo de noso sennor o archibispo de Santiago.

Rodríguez Núñez, C. "La colección documental...", p. 214.

1375. *Diversas medidas sobre o control da clausura para as clarisas da provincia de Santiago.*

Acerca da reforma das irmás de Santa Clara, na dita Provincia de Santiago, ordenan a miúdo os ditos Visitadores que en cada mosteiro destas irmás, as gradicelas superiores, e tódalas outras que sexan sospeitosas, sexan duplicadas; as gradicelas inferiores que están na igrexa, ou en calquera outro lugar visible, sexan fortificadas e restauradas; e as portiñas que están nas gradicelas, polas que reciben o corpo de Cristo, sexan diminuídas ou dispostas honestamente, ó arbitrio dos Visitadores; e os tornos sexan abreviados, e se dispoñan de tal forma que ningunha parte maior de cinco aneis se poida introducir por eses tornos. E fagan pequenos tornos nas igrexas, polos cales administren as vestimentas e outras cousas sagradas, para a celebración da Misa e os oficios divinos...

E calquera frade que estivese a soas cunha monxa, coa porta pechada, pechado dentro dalgunha casa ou nun lugar oculto e moi secreto, tanto o frade como a monxa coa cal estivese, incorran en sentencia de excomuñón. E se en tal delicto ámbolos dous fosen descubertos, sexan enviados ó cárcere.

López, A. e Núñez, L. M. "Constitutiones pro reformatione...", p. 272.

1324. *Permiso do cardeal Protector dos Franciscanos a tres bispos galegos para entrar no convento de Santa Clara de Pontevedra.*

Arnaldo, pola gracia de Deus cardeal diácono legado pola sé apostólica en Santa María *in Porticu*, protector da orde dos frades menores e de Santa Clara, ás dilectas fillas en Cristo abadesa e convento do mosteiro de Pontevedra da Orde de Santa Clara, saúde no Señor.

Desexosas vosoutras de ser consoladas no Señor co afecto paterno... decidimos concede-lo presente teor, na medida que os venerables pais en Cristo o arcebispo Compostelán don Rodrigo Eanes, o bispo de Lugo e o bispo de Ourense, dos cales o voso mosteiro recibiu moitos bens, poidan entrar na clausura interna do voso mosteiro, e vós lícitamente os poidades recibir e admitir nela, co consentimento da comunidade ou da meirande parte dela, dúas veces no ano, por motivo de devoción, con catro ou dous frades menores polo menos, os cales pola súa idoneidade e

madureza para iso fosen concedidos por estes prelados, e outros catro socios decentes e honestos, coa condición de que tanto eles coma os que entren con eles na devandita clausura non xanten nin pasen a noite, e observen tódalas outras cousas que acerca dos que entran na clausura están saudablemente instituídas na vosa regra. En testemuño do cal mandamos face-la presente carta e selámola co noso selo. Dada en Aviñón, día XVIII do mes de abril do ano do Señor milésimo CCCXXIII. Ano oitavo do pontificado do papa don Xoán XXII.

López, A. "Convento de Santa Clara de Pontevedra...", pp. 48-49.

1356. *Temor dos pontevedreses a entrar no convento de Santa Clara.*

Don Guillen, por la gracia de Dios, en sancta Maria de Incosmedin Diacono Cardenal Legado de la santa Sede de Roma. A todos los clerigos et llegos de la villa de Pontevedra et de su termino, que es en el arçobispado de Santiago et a todos los otros a que este negocio pertenesçe, que esta nuestra carta vieredes o della sopierdes, salut et gracia.

Sepades que la Abadesa et el conuento del monesterio de sancta Clara del dito logar de Pontevedra se nos querellaron desiendo que era murmuraçon et fama en la dita villa de Pontevedra que Nos, o nuestro Penitençiaro de nuestro mandado, que descomungaramos a todos aquellos et aquellas que en qualquier manera fuessen al dito monesterio a fablar con las religiosas del dito monesterio. Et por esta rason que non auian aquellas personas que lles eran conplideras para faser sus neçessidades, et que reçebian grand danno por ende; et pedieron nos que las socorriesemos de remedio conuenible.

Porque vos fasemos saber que Nos, por Nos nin nuestro Penitençiaro o otro de nuestro mandado, non descomunguemos nin mandemos descomungar algunos o algunas por esta rason, nin entendemos por Nos, nin por otros por Nos, nueuamente descomulgar, nin entendemos a deffender a aquel o aquellas perssonas honestas que para las neçessidades de las ditas religiosas, de liçençia de aquellos a que pertenesçe, non puedan entrar en los ditos monesterios, nin entendemos a faser otros estableçimientos sobreeste fecho, si non los que eran ante de nuestro auenimiento estableçidos de los sanctos padres et de la dita Ordem, los quales es nuestra entençon que se sepan et que se guarden.

López, A. "Carta del Cardenal...", pp. 138-139.

1345. *Constanza Páez entra como novicia en Santa María de Belvís, podendo profesar cando desexe.*

Et nos Johana Estevees priora et o convento do dito moesteiro seendo ajuntadas por canpaa tannida aa grade do dito moesteiro segundo que he de custume... prometemos et outorgamos a vos Pay Fagundez sobredito de reçeber a dita Constança Pays por nossa frayra ensarrada a vida et a morte et que a reçebamos a fazer profesom enno dito moesteiro quando ella demandar.

Rodríguez Núñez, C. *El convento de dominicas...*, p. 91.

1346. *Teresa Pérez de Allariz ingresa en Santa María de Belvís, imponéndoselle un ano de noviciado.*

Reçebimos por nossa frayra enserrada a vos... et outorgamos que ao anno conprido que vos reçebamos a professon da nossa orden.

Rodríguez Núñez, C. *El convento de dominicas...*, p. 94.

1411. *Profesión de Inés Pérez en Santa Clara de Pontevedra.*

Et logo en esta ora a dita doña abadesa a pedimento de Ynes Perez diso que pois ela desajaba servir a Deus ena dita ordre de Santa Clara et era ja capas e sabidora das regularidades da dita ordre e desia que as entendia sofrer e continuar que ela que a resevia logo a dita profesion para o qual lle recebeu logo juramento en suas maos e por lo juramento dos Santos Ebangelios que ela daqui endiante continuase o dito abito de Santa Clara e mantubese en ela prouesa, castidade e obediencia con todas selepridades e cousas a dita ordre necesarias acerca destas tres. Et a dita Ynes Perez asi o jurou e prometeu.

Rodríguez Núñez, C. *Los conventos femeninos...*, p. 338.

1298. *Expulsión de Maior Eanes de Santa Clara de Santiago.*

A sobredita abadesa e o mencionado convento producíronme moitas incomodidades, infrinxíndome perversos oprobios sen culpa miña nin dereito, e expulsáronme indebidamente fóra do mosteiro contra a miña vontade.

Por todas estas incomodidades e outras que me resulta vergoñoso dicir ou narrar, por este presente escrito en presencia deste notario e as testemuñas infraescritas por min chamadas e rogadas para isto, revogo aquela doazón que eu fixera ás anteditas abadesa e convento.

Castro, M. "El Real monasterio...", p. 47.

1301. *Testamento dunha monxa de Ramirás a favor da súa sobriña coa condición de que esta non deixe a orde.*

Mando o meu herdamento de Beyto todo a moesteyro sobredito de Ramiraes, per condiçom que tena este herdamento en toda sua uida Mayor Nunez mia sobrina, en toda sua uida estando ela en a ordim de Ramiraes, e se esta Mayor Nunez sayr da ordim en que estan as donas desse moesteyro sobredito, ainda mando e quero que aia o moesteyro sobredito de Ramiraes quanto lle perteeçia de parte de mia filla Maria Cantia do herdamento que a ela perteeçia de parte de seu padre Fernan Cantino.

Lucas Álvarez, M. e Lucas Domínguez, P.P.
San Pedro de Ramirás..., p. 452.

1407. *Disposicións de dona María Bicos sobre a enfermería de Santa Clara de Santiago.*

Item mando o paaço et sotoo et camaras deste paaço que me outorgou a abadesa et conuento per sua carta que se uenda o mellor que se poder uender et que non aja hy rogos nen bandarias per que se non uendan a quen por elo mais der, et os dineiros que deren por el que os ponnan ena mano de Costança Miguelis, fraira do dito moosteiro, que faça delles hunna enfermaria para as freiras doentes do dito moosteiro, que seia casa onesta et consolada et seia senpre casa conuentual que non seia ocupada nen apartada de nehuna pessoa. Et quando hy non jouueren as doentes que possam hy seer as frairas resando ou fiando, et seia bem apostada et ponam hy leitos aqueles que festeren mester cubertos et çarrados de tauoas, et ponam hy huma arça de pees das que eu tenno em que seia a manda para as doentes et hunna messa de pees et huum sejes em que coman.

Item mando des cargas de lenna cada anno para esta enfermaria con que façan de comer para as doentes; et se alguum anno for que non ajam doentes que a garden para a dita enfermaria para quando fester mester, et façam huum apartamento enna enfermaria em que seia esta lenna et algunas outras cousas que festeren mester para as doentes que hy jouueren et o conuento pona huna freira de bona conçiência que tenna a chauce deste apartamento que pare mentes por esta lena e de commo viir que compre a cada huna que hy jouuer. Et si non abastaren os dineiros destas casas que eu mando vender para faser a dita enfermaria mando que tomen tantas das nouidades dos meus beens coutos et herdades et mouelles per que se faça a dita enfermaria consolada et bona asy commo eu mando.

Castro, M. "El Real monasterio...", p. 57.

1280. *Diversos gastos no mosteiro de Sobrado de Trives.*

Eu donna Orraca Perez abbadesa sobredita fazo testamento das deudas que deuo a pagar as quaes deudas fiz sendo abbadesa no mosteyro de San Salvador de Sobrado. Deuo a frey Martino cen mr. A Fernan Garcia XL mr. e medeo. A Maria Perez mia hirmaa touquinegra de San Fiiz XII moyos minus I quarta de centeo, e uenan en sua uerdade della quanto ia ande a e o mays le paguen. Deuo a Domingo Fernandez marido de Orraca XX mr. A Pedro Caendas V soldos. A donna Mayor Paez que despendeu en proueer o mosteyro CCC et XXIII mr. e VI soldos e IIII dineiros e demays XXVI moyos e dous quarteiros et scaa de pan e foron ende os VI quarteiros de trigo. A Martin Iohannis de Maçada XXII soldos de carne. A Domingo Sirgo XXVI soldos de carne. A Eluira Paez XII soldos de pan. Et mando que todas las soldadas dos mançebos e das mançebas que seruian eno mosteyro que uenan en uerdade o que ende deuen de auer e lo paguen.

Duro Peña, E. "El monasterio de San Salvador de Sobrado...", pp. 70-72.

1323. *Petición de oracións de Alfonso Martiz ó convento de Santa Clara de Allariz.*

Façades cada anno dizer en outro dia de Santa Maria d'agosto por min en quanto eu viuer huna missa cantada de sobre altar con as outras oras que perteeçen a este ofiço et depouys myna morte outrossy que façades dizer por myna alma a este dia sobredito cada anno para senpre esta missa sobredita.

Rodríguez Núñez, C. *Los conventos femeninos...*, p. 315.

1403. *Ritual solicitado por Rui Domínguez ás monxas de Santa Clara de Pontevedra.*

Et que uos o dito conuento de Santa Clara nos façades dizer despois de nosas mortes huna misa cantada cada primeiro dia do mes et vaades con agoa beeyta et con proçiçon sobre la nosa sepoltura.

Rodríguez Núñez, C. *Los conventos femeninos...*, p. 333.

1265. *Venda que fai Maior Fernández, monxa de Orrea, de bens particulares a seu irmán Gómez Fernández.*

Saiban tódolos homes tanto presentes coma futuros que eu Maior Fernández, monxa do mosteiro de Santo Andrés de Orrea, con consentimento e vontade de dona Azenda Arias, abadesa, e todo o convento deste mosteiro, vendo a vós don Gómez Fernández, milites, meu irmán, dito “Brendes”, toda a miña herdade e bens que teño e debo ter tanto eclesiástica como laica, toda canta teño por herdanza de dona María Fernández, miña nai, en toda a terra de Lemos e de Quiroga e de Caldelas, cos seus coutos, dereituras, dereitos e pertenzas por onde queira que vaian de parte da miña nai, véndovolas como dito é por cincocentos soldos leoneses.

Fernández de Viana y Vieites, J. I. “San Andrés de Orrea...”, p. 29.

1295. *Testamento de Teresa Suárez, abadesa de Ramirás.*

Primeiramente dou alma a Deus e a sua madre sancta Maria et mando suterar meu corpo en san Pedro de Ramiraes; et mando conmigo o mey leyto con na çoçedra grande et con dous chumaços et con huna colcha noua cardea et dous laços et hun façeyroo. Et mando sobre mia coua a quantos clerigos y veeron III soldos a cada huun; et mando as donas mil soldos et V moyos de pan; et mando o meu erdamento de san Cristouoo as donas per a sua vistriaria; et mando dous vasos que tenen en cas Johan Sanchez d’Alariz et hun que aqui tenno pera deus calizes pera o altar de san Pedro. Et se en cas Roy Perez d’Ourense hun destallo, o cendal pera manto et pera guardar o Corpo de Deus por dia de Corpus.

Et faço Constança Yanes voz do casar de Santa Crux con suas pertiiças et mandole o meu erdamento d’Osamo et a vina de Beran et o meu erdamento da Ponte Amaaraes con o de Linares, per tan condiçon que o tena en sua uida et a sua morte fique a san Pedro de Ramiraes. Et mando a Meen Suarez o meu erdamento de Mira et o de Belle et que fique a sua morte a Ramiraes. Et mando a Maria Suarez huna çoçedra et hun chumaçon et huna colcha et VI varas de vallatina para çurame et pera saya, per tan condiçon que se a leuare do moesteiro ou morer que fique a o moesteiro. Et mando a Sancha Fernandez a mina çoçedra que se en Cellanoua et doze afusaes de liño que ela ten; et mando a Maria Uasques X morauedis; et mando a Costança Yanes a mia mua con sua folla et CC marauedis; et mando a Lourence Anes o meu uaso da noz; et mando a Lourenço Suarez CCC soldos pera as escolas; a Nuno Pelaz X marauedis; a Lourenço L soldos; a Ponte de Deua C soldos; a Santiago de Ruuaas C soldos para fazer a eiglesia; a os pregadores de Ribadauia CC soldos; a os frades de san Françisco d’Ourense CC soldos; a Iohan Gonzalez neniño L morauedis et quitole todo o que de min ouuo et o que me deue; et

mando a Pero Anes C soldos et arca que s-e ante a tulla et hun moyo de pan; et mando a Maria Nunez mia sobrina CCC soldos; et mando a Sancha Goterrez mia curmaa o meu manto et o meu pellote. Et mando por min teer dous annaes de misas. Et mando que dian arca que s-e en o paaço a mao seestra a capella de Pero Anes, cuia foy. Item mando a Costança Yanes duas cubas: huna comprey de Mendo Negro et outra de Fernan Gonzalez et de Maria Gonzalez; et mando a Orraca Yanes a sua dobra do ouro que ten donna Maria; et mando quitare Afonso Fernandez os dineiros da cuba do uino que vendeu e faça en huna capa et huna saya. Et mando a eglesia de san Cristouoo de Ribadauia XVIII marauedis que del ouue.

Lucas Álvarez, M. e Lucas Domínguez, P.P. *San Pedro de Ramirás...*, p. 445.

1301. *Mantemento dos 4/5 da herdanza que corresponden por lei ós fillos dunha monxa de Ramirás*

E mando e quero que se meu fillo ou meu neto ou outre de mia lignagem contra estas cousas sobreditas quisser passar ou minguar en qual maneyra quer, mando que aia o moesteyro sobredito o quinto de todos meus bees mouil e rayz liuremente.

Lucas Álvarez, M. e Lucas Domínguez, P.P. *San Pedro de Ramirás...*, p. 452.

1346. *Mantemento dos 4/5 de herdanza que corresponden por lei ós fillos dunha monxa de Belvís.*

Et esto vos outorgamos para entrada que a dita Thareiga Perez agora entende a entrar ena dita orden por razon do quinto dos benes que ella avya daver a tempo de sua morte.

Rodríguez Núñez, C. *El monasterio de dominicas...*, p. 94.

1407. *Anulación dun testamento anterior a favor da nora dunha monxa de Santa Clara de Santiago.*

Et especialmente reuogo e quero que non ualla o testamento, manda et postromeira uoontade por qualquer nome que seia chamada que eu fige et outorgey por este dito notario Aras Gonçales de Noya ou per qual quer outro que eu fige a Tareiya Alvares, mina nuera.

Castro, M. "El Real monasterio...", p. 59.

1345. *Revogación da doazón a unha sobriña feita por unha monxa de Belvís.*

Sabean todos que en presenza de min Afonso Mouro notario de Santiago et das ts. adeante scriptas Maria Dominges Foçinos frayra do moesteiro de Santa

Maria de Belvis disso que ela revogava por la mellor maneira que devya et podia de dereyto et con consciencia, aquela doaçon que fezera a sua sobrina Maria Eans en que lle dera que tevesse huna sua casa da rua da Algara en tempo da sua vida et queria que daque endeante essa doaçon non valesse nen ouvesse fermedade. Et frey Pedro de Caldas prior das donas do dito moesteiro que y presente estava disso que outrossy revogava essa doaçon porque fora feita sem sua liçençia et porque entendia que fora feita en dapno da dita freyra et do dito moesteiro.

Rodríguez Núñez, C. *El monasterio de dominicas...*, p. 92.

Cantiga de escarnio de Afonso Eanes do Coton contra unha abadesa á que un trobador acabado de casar quere tomar como mestra na ciencia do amor.

Abadessa, oí dizer
que érades mui sabedor
de todo ben; e, por amor
de Deus, queredes-vos doer
de min, que ogano casei,
que ben vos juro que non sei
mais que un asno de foder.

Ca me fazen en sabedor
de vós que avedes bon sen
de foder e de todo ben;
ensinade-me mais, senhor,
como foda, ca o non sei,
nen padre nen madre non ei
que m'ensin', e fiqu'i pastor.

E se eu ensinado vou
de vós, senhor, deste mester
de foder e foder souber
per vós, que me Deus aparou,
cada que per foder direi
Pater Noster e enmentarei
a alma de quen m'ensinou.

E per i podedes gaar,
mia senhor, o reino de Deus:
per ensinar os pobres seus
mais ca por outro jajuar,
e per ensinar a molher
coitada, que a vós veer,
senhor, que non souber ambrar.

Cantigas de Escarnio. Ed. Rodrigues Lapa, nº. 37.

Cantiga de escarnio de Fernando Esquio na que o trobador regala catro consoladores á abadesa dun convento e outros dous á priora.

A vós, Dona abadessa,
de min, Don Fernand' Esquio,
estas doas vos envio,
por que sei que sodes essa
dona que as merecedes:
quatro caralhos franceses,
e dous aa prioressa.

Pois sodes amiga minha,
non quer'a custa catar,
quero-vos já esto dar,
ca non tenho al tan aginha:
quatro caralhos de mesa,
que me deu ua burgesa,
dous e dous ena bainha.

Mui ben vos semelharan,
ca se quer levan cordões;
de senhos pares de colhões;
agora vo-os daran:
quatro caralhos asnaes,
ẽmanguados en coraes,
con que colhades o pan.

Cantigas de Escarnio. Ed. Rodrigues Lapa, n.º. 148.



Cantiga de Santa María n.º. LV: representación do que podería se-lo cortexo dunha monxa.

Recollida do libro de M.ª Carmen Pallares: *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1150)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1993.

4. A marxinación

Esther Corral Díaz e Pilar Lorenzo Gradín

Fronte ás opcións do convento e do matrimonio, atopámo-lo mundo da marxinación, que está representado por un espectro variado de mulleres, tales como concubinas, prostitutas, pobres, meigas e outro tipo de figuras femininas.

A figura da concubina encarnaba nesa época unha forma de vida bastante usual. A barreganía medieval comportábase como un “sucedáneo do matrimonio”, un casamento temporal, disoluble e fundado na exclusiva vontade das partes, e que lles daba dereito de herdanza á muller e ós fillos.

A Igrexa será a institución máis afectada por esta actividade. Numerosas mulleres barreganas comparten a vida con clérigos, feito no que insisten múltiples concilios e sínodos celebrados ó longo da Alta Idade Media e que constitúe un problema aberto durante todo este período. A partir do combate gregoriano defenderase o celibato dos clérigos e prohibirase expresa e duramente toda unión libre. Só se permite a relación baixo o signo do matrimonio, contraído legalmente mediante a autoridade da Igrexa. A literatura e a documentación conservadas reparan en diversas ocasións na figura dos clérigos amancebados ou na dos fillos nados de relacións entre a barregana e o seu acompañante.

Un segundo grupo marxinal feminino está formado polas mulleres que viven da caridade, aínda que non se coñece con exactitude a súa situación na Galicia medieval, debido ós exiguos testemuños documentais existentes sobre este particular.

O sector máis representativo e mellor documentado da marxinación feminina está constituído pola opción da prostitución, unha imposición que se abre para as mulleres sen recursos, que non podían nin casar nin entrar no convento. No século XIII este fenómeno da prostitución ocupa un primeiro plano, debido á consolidación do espazo urbano. Será tolerado como un mal necesario para o bo funcionamento social, segundo se demostra nos textos que regulamentan a súa colocación, dado que evita adulterios e actos de violencia sexual. A actividade das prostitutas sitúase nas aforas das cidades, en feiras e mercados, ou en calquera lugar onde se xunten grupos de homes, como nas expedicións militares ou nas cruzadas. Algúns testemuños textuais reflicten a existencia de espazos marxinais reservados ás mulleres públicas e de espazos integrados na cidade nos que moraban as “mulleres do mundo”.

Unha magnífica ilustración da prostitución medieval non organizada ofrécese nas *cantigas de escarnio* dedicadas ás famosas *soldadeiras*, mulleres cantantes e bailarinas, que exercían moitas veces de simples prostitutas, segundo se

desprende dos cantares. Adoitaban vivir na corte, en casas reais ou de nobres, cerca das esferas do poder.

O número de soldadeiras que desfilan nos cancioneros é considerable. Certamente que a máis famosa de todas é María Balteira, da que se teñen evidencias de que era de familia nobre e con propiedades en Armea (A Coruña). Tamén se citan bastantes Marinhas (Marinha Mejouchi, Marinha Lopes, Marinha Sabugal, Marinha Crespa, Marinha Foça), pero non se pode establecer con exactitude se tales nomes lles corresponden a diferentes mulleres ou se algúns destes lle pertencen á mesma persoa. Outras soldadeiras identificadas e, ás veces, con alcumes ben significativos son Dominga Eanes, María Mateu, Orraca Lopes, Maior Moniz, Elvira Lopes, Ouroana, María Aires, María do Grave ou María Negra.

Os trazos descritivos ós que aluden os poetas céntranse habitualmente en referencias á súa vida sexual, a través de expresións que buscan o equívoco ou de termos explícitos (groseiros as máis das veces), á pecunia que cobraban polos seus servicios e á vellez que lle pon fin á súa vida alegre co esmorecemento da beleza e a aproximación á morte.

Por último, non pode falta-la mención ó ámbito dos agoiros e da maxia, moi presentes na sociedade medieval. As crenzas en artes diversas e en signos que anuncian eventos son encarnados na maioría dos casos pola adiviñadora, coñecedora do futuro, ou da meiga sabedora de malas artes para os seus fins, á que se lle consultan todo tipo de males.

1. Representación da convivencia entre clérigos e concubinas:

Con gran coita, rogar que m'ajudasse
a ña dona fui eu noutro dia
sobre feito d'ũa capelania;
e disso-m'ela que me non coitasse:
- Já sobre min filhei o capelan,
e, poi-lo sobre min filhei, de pran
mal fazia, se o non ajudasse.

E díxi-lh'eu: -Mui gran fiúza tenho,
pois que en vós filhastes o seu feito,
de dardes cima a todo seu preito.
E diss'ela: -Eu de tal logar venho,
que, poi-lo capelan, per bõa fé,
sobre min filh', e seu feit'en min é,
ajudá-l'-ei, poi-lo sobre min tenho.

Escarnio 250 de Johan Vello de Pedrogaez, vv. 1-14⁶.

⁶ Repárese no sentido equívoco de “filhado sobre si”.

Esta é dun crerigo que onrrava as igrejas de Santa Maria e guardava os sabados, pero que era luxurioso.

*Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e carreiras
per que os seus tirar possa de mal per muitas maneyras.*

Dest' un fremoso miragre vos direy que fez a Virgen, Madre de Deus grioriosa,
por un crerigo que muito a onrrava; mais fazia ssa vida lussuriosa
sempre con maas molleres, e casadas e solteyras,
nen virgões non queria leixar, nen monjas, nen freiras.

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

Macar tod' esto fazia, da Virgen, de Cristus Madre, sempr' as igrejas onrrava
e vigias de sas festas jajūava, e sen esto os sabados ben guardava,
porque non podess' o demo leva-lo a sas barreiras
e que sempr' a Virgen santa oysse as sas pregueiras.

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

Mas hũa noite ll' avẽo que a hũa a barragãa a sua foi, que ben queria,
e por sse deitar con ela catou per hũa fẽestra, e viu de Santa Maria
a eigreg'e os altares e reluzir as vidreiras;
enton leixou de deitar-se e foi-sse per hũas eiras.

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

Outra vez tornou a ela, e ela lle preguntava porque a assi leixara.
El respos: "Porque da Virgen bẽeita, Santa Maria, a ssa igreja catara;
mas serra," diss' el, "as estras con portas e con esteiras,
que a igreja non possa veer nen sol end' as beiras."

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

Ela serrou as fẽestras o mais de rrijo que pode, que non viss' el ren de fora.
E pois que foron deitados, vẽo un vento tan forte que as abriu a desora;
e viu logo a igreja, lampadas e lumeeiras.

E foi-ss' e leixou a dona con todas sas covilleiras,

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

E connoceu seu pecado e fezo-sse logo monge dun mõeiteiro que era
preto dali. E por ele demostrou Santa Maria outra maravilla fera;
ca ll' aposeran un furto linguas maas mentireiras,
dizendo del muitas cousas que non eran verdadeiras.

Sempr'a Virgen, de Deus Madre, busca vias e ...

Cantigas de Santa María 151, vv. 1-34.

Dũa cousa soo maravillhado
que nunca vi a outre conteçer:
de Pedro Boo, que era arriçado
e ben manceb' assaz pera viver,
e foi doent' e non se confessou,
deu-lh' o peer, e peeu, e ficou
seu aver todo mal desemparedado.

E pero avia un fillo barvado
de barragãa, non'ôuvi a colher,
tanto o tev'o peer aficado,
que o non pôde per ren receber
e ren de seu aver non lhi leixou,
ca peeu ced', e o fillo ficou,
pois que seu padre peeu, mal parado.

Escarnio 374 de Pero Garcia Buralês, vv. 1-14⁷.

O sínodo celebrado en Tui (1482) ordena:

Item mandamos, sub pena de suspensión e de privación de los beneficios, que ningun clerigo de nuestro obispado tenga mançeba publica. E qualquier que la tovier, de oy en treinta dias la dexe e la heche fuera de su casa, e non la resçiba mas. Con apercibimento que fazemos que contra los que non lo fizieren mandaremos proçeder segund falleremos por derecho commo contra publicos concubina-rios. E mas les faremos levar a ada unno de pena unn marco de plata para la nues- tra camara.

O sínodo celebrado en Ourense (1543-1544) declara:

Don Hernando Niño. Es cosa muy vulgar en este obispado, de que Dios Nuestro Señor es deservido, que mucha parte de los clerigos estan amancebados y tienen las mugeres publicamente en sus casas y hazen cohabitación junto conversandose en mesa y en comer, dando de si mal exemplo, lo qual redunde en grave y grande escandalo, asi a personas eclesiastica que biven honesta y castamente como a todos los otros seglares, por donde el officio y ministerio sacerdotal a venido y viene en gran vilipendio y desonrra. Por tanto, mandamos, allende de las otras penas en derecho y constituciones sinodales constituidas, que de aqui adelante ningun clerigo sea osado de tener manceba amiga suya publica ni secretamente en su casa, y si lo contrario hiziere e tuviere beneficio, por el mismo hecho siendo primero amonestado y perseverando e siendole provado, haya perdido e pierda la mitad de los frutos e rentas de los beneficios que en el dicho lugar o en otra parte tuviere ...

Bibián Núñez, clérigo, coa autorización das súas irmás e da súa concubina, véndelle ó mosteiro de Oseira un casal na vila de Tribás, parroquia de San Martiño, na terra do Saviñao, por cincocentos soldos.

En nome de Deus. Saiban tódolos presentes e os futuros por este escrito que sempre sexa válido, que eu *Vivianus Nuni* clérigo, en presencia e con autorización das miñas irmás *Marina Petri* e *Eldonza Petri* e da miña concubina *Sancia Fernandí*, vendo e outorgo no presente a vós señor M abade e ó convento de Oseira aquel meu casal que herdei dos meus pais e do meu bisavó *Munionis Ramiri* na vila e lugar que se chama *Tivlaens* na parroquia de San Martiño en terra de Saviñao en Lemos ...

M. Romaní Martínez, *Colección diplomática do mosteiro cisterciense Sta. María de Oseira (Ourense) 1023-1320*, Santiago de Compostela, 1989, pp. 731-732.

⁷ A expresión “fillo de barragãa” debía de ser bastante frecuente na época. “Peer”, termo moi groseiro, refírese aquí ó acto de morrer.

Descrición das xentes que os peregrinos atopan ó longo do camiño de Santiago e entre as que se atopan as prostitutas:

As criadas das hospedaxes do camiño de Santiago que por motivos vergonzosos e para gañar cartos por instigación do diaño achéganse ó leito dos pelegríns, son completamente dignas de condenación. As meretrices que por estes mesmos motivos entre Portomarín e Palas de Rei, en lugares montañosos, adoitan saír ó encontro dos pelegríns, non só deben ser excomungadas, senón que ademais deben ser desposuídas, presas e avergonzadas, cortándolle-los narices, expoñendoas á vergonza pública. Soas acostuman a presentarse a sós. De cantas maneiras, irmáns, o demo tende as súas malvadas redes e abre o antro de perdición ós pelegríns, dáme noxo describilo.

Liber Sancti Iacobi. Codex Calixtinus, Santiago de Compostela, 1951, pp. 215-216.

2. A organización da actividade da prostitución no ámbito urbano no século XV é referida nun documento do concello de Pontevedra no que se lle dá en foro a Xácome Rodríguez, rexedor da cidade, un terreo fóra das murallas:

as ditas molleres del partido, en que viven e moren e usen de sus personas como elas quiseren; las casas habrán de ser construidas en el plazo de diez meses y, una vez concluidas, el regidor las podrá alugar haas ditas molleres del partido como vos quiserdes e por bien toverdes por el precio que a vos vien visto, como de vosa cousa propia.

En Santiago de Compostela, en 1366, o prior do mosteiro de Sta María do Sar arréndalles a Domingo Eans e á súa muller Marina Pérez:

aquelas casas que estan ena rua do Çinqeello que perteeçen aa dita ovença enas quaes agora moran et teen as molleres do mundo et as quaes casas se teen por parede con as casas en que agora mora Johan Sen Mal, coengo de Santiago.

A vida sexual da soldadeira:

Domingas Eanes ouve sa baralha
con ùu genet', e foi mal ferida;
empero foi ela i tan ardida,
que ouve depois a vencer, sen falha,
e, de pran, venceu bõo cavaleiro;
mais empero é-x'el tan braceiro,
que ouv'end'ela de ficar colpada.

O colbe colheu-[a] per ùa malha
da loriga, que era desvencida;
e pesa-m'ende, por que essa ida,
de prez que ouve mais, se Deus me valha,
venceu ela; mais [log'] o cavaleiro
per sas armas o fez: com'er'arteiro,
já sempr'end'ela seerá esmalhada⁸.

Escarnio 25 de Afonso X.

8 Repárese en que o texto está construído ó redor do tema e do léxico da “batalla”, que se debe interpretar en clave obscena. Aclaremos, ademais, certos termos que poden resultar confusos: *baralha* ‘loita’, *ardida* ‘valente’, *braceiro* ‘forte e áxil de brazos’, *colpada* ‘golpeada’. *Desvencida* ‘desatada, sen lazos propios’, maneira irónica de nomea-lo sexo feminino, que xa estaría *desvencido* a causa de moitos combates de tal índole.

O interese pecuniario da soldadeira:

Pedi eu cono a ãa molher,
e pediu-m'ela cen soldos enton;
e dixel'h'eu logo: -Mui sen razon
me demandades; mais, se vos prouguer,
ãa soldada polo meu amor
a de parte, ca non ei mais mester.

Fazen soldada do ouro, que val
mui mais ca o vosso cono, de pran;
fazen soldada de ver[ça], de pan,
fazen soldada de carn'e de sal;
poren devedes do cono fazer
soldada, ca non á de falecer,
se retalhardes, quen vos compr'o al.

E potete-lo vender -eu o sei-
tod'a retalho, por que saberan
que retalhades, e comprar-vos-an
todos d'el parte, como eu compei.
Ainda vos d'al farei mui melhor:
se do embiigo avedes sabor,
contra o rabo vo-lo filharei.

Escarnio 333 de Pero Garcia d'Ambroa.

Mentres a muller vende o seu corpo e leva cartos á casa, o home espera a chegada desta e coida, ademais, os fillos doutros:

Pois ela trage camisa
de sirgo tan ben lavrada,
e vai a cada pousada
por algo, non é sen guisa
de trager, por seu pediolo,
o fillo doutro no colo.

Como Pero da Arruda
foi da mulher ajudado,
non é mui desaguizado,
pois lh'esta faz tal ajuda,
de trager, por seu pediolo,
o fillo doutro no colo.

Escarnio 106 de Estevan da Guarda, vv. 7-18.

Unha cantiga, de significado non moi diáfano, parece aludir ó mundo das soldadeiras, acompañadas normalmente de criadas, e a un prostíbulo organizado na “Moeda Velha”:

Direi-vos ora que oí dizer
de Maria Leve, assi aja ben,
pola manceba, que se desaven
dela; e, pois lh’ali non quer viver,
 ena Moeda Velha vai morar
 Dona Maria Leve, a seu pesar;

Ca atal dona com’ela guarir
non pod’ali, se manceba non á;
e vedes que oí, amigos, já:
que, pois que se lh’a manceba quer ir,
 ena Moeda Velha vai morar
 Dona Maria Leve, a seu pesar;

Ca diz que morava ali mal e alhor,
poi-la manceba sigo non ouver,
e contra San Martinho morar quer;
pola manceba que xi lh’ora for,
 ena Moeda Velha vai morar
 Dona Maria Leve, a seu pesar;

Ca non pod’a manceba escusar,
se na Moeda Velha non morar.

Escarnio 244 de Johan Vasquiz de Talaveira.

A soldadeira satirizada polas súas inclinacións sáficas:

Mari’Mateu, ir-me quer’eu daquen,
por que non poss’un cono baratar;
alguen que mi o daria nõno ten,
e algũ[a] que o ten non mi o quer dar.
 Mari’Mateu, Mari’Mateu,
 tan desejosa ch’és de cono com’eu!

E foi Deus já de conos avondar
aqui outros, que o non an mester,
e ar feze-os muito desejar
a min e ti, pero que ch’és molher.
 Mari’Mateu, Mari’Mateu,
 tan desejosa ch’és de cono com’eu!

Escarnio 41 de Afons’ Eanes do Coton.

A prostituta, nas *Cantigas de Santa María*, é digna de perdón, seguindo o modelo da Madalena e sempre que sexa devota dos preceptos cristiáns:

Como Santa Maria fez en Portugal na Vila de Santaren a hũa moller peccador que non morresse ta que fosse ben confessada, porque avia gran fiança en ela e jujũaba os sabados e as sas festas a pan e agua.

*Se ben ena Virgen fiar
o peccador sabudo,
querrá-o na morte guardar
que non seja perdudo.*

E desta confianza tal vos direi, se quiserdes,
que ouve grand'hũa moller; e pois que o souberdes
loaredes a Madr'enton de Deus, se me creverdes,
e averedes des ali o dem'avorreçudo.

Se ben ena Virgen fiar...

Esta moller en Santaren, com'aprendi, morava,
e pero sa fazenda mal fazia, confiava
na Madre do mantẽedor do mund'e jajũava
o dia da Encarnaçon, que é stabeliçudo.

Se ben ena Virgen fiar...

As cinque festas da Sennor, Reynna corõada,
jajũava esta moller e non comia nada
senon pan e agua, pero seendo denodada
muit'en seu corp'abaldõar; est'era connoçudo.

Se ben ena Virgen fiar...

Outro costum'esta moller vos direi que avia:
missa cada sabad'oyr da Madre de Deus ya,
e en aquel dia fazer maldade non queria
por aver nen por outra ren, assi ey aprendudo.

Se ben ena Virgen fiar...

Vivend'esta moller assi, estand'en tal estado
como vos retraý ant'eu, tev'assi por guysado
d'ir a ssa terra; e enton vestiu-sse ben privado
e ssayu-ss'enton daly, e non muit'ascondudo.

Se ben ena Virgen fiar...

Mais aquel dia que sayr avia sabad'era,
e foi missa oyr enton, ca tal costum'ouvera
senpre tal di'; e un garçon seu ouv' en coita fera,
e con outros pos ela foy como louc'atrevudo.

Se ben ena Virgen fiar...

E foy-a enton acalçar camño de Leirãa,
pelos cabelos a tirou do camñ' a gran pãa;
ela começou vozes dar: "Ai eu en terr'allãa,
a que mal tempo me chegou meu feyto decebudo."

Se ben ena Virgen fiar...

Quis aquel vilão conprir sa voontade logo
con ela, mais disse-ll'assi ela: "Por Deus te rogo
que non seja, ca sabad'é, sequer a un moogo,
meu abade, o prometi." Mais el foy demovudo

Se ben ena Virgen fiar...

Contra ela, o traedor, e diz: "Se non fezeres
ora quant'eu quiser, aqui o corp'e quant'ouveres
perdud'ás". E ela respos: "Podes quanto quiseres
fazer, mas ant'eu morrerei, vilão, falsso, rudo."

Se ben ena Virgen fiar...

El con gran despeito travou dela, e ameude
chamou ela: "Madre de Deus, valla-m'a ta vertude;
a meu mal non queiras catar, mais o teu ben m'ajude
e os grandes miragres teus, que o dem'an vençudo."

Cantigas de Santa María 237, vv. 1-57.

3. Burla dos agoiros:

Ûa dona, non digu'eu qual,
non agüirou ogano mal:
polas oitavas de Natal
ia por sa missa oir,
e [ouv'] un corvo carnaçal,
e non quis da casa sair.

A dona, mui de corazón,
oíra sa missa, enton,
e foi por oír o sarmon,
e vedes que lho foi partir:
ouve sig'un corv'a caron,
e non quis da casa sair.

A dona disse: -Que será?
E i o clérigu'está já
revestid'e maldizer-mi-á,
se me na igreja non vir.
E diss'o corvo: quá, [a]cá,
e non quis da casa sair.

Nunca taes agoiros vi,
des aquel dia que naci;
com' aquest' ano ouv' aqui;
e ela quis provar de s'ir,
e ouv' un corvo sobre si,
e non quis da casa sair.

Escarnio 186 de Johan Airas⁹.

Outras supersticións populares son tamén recollidas nos textos satíricos. Así, as mulleres que asistían ó casamento auguraban, cuspiendo, un enlace pouco venturoso (seguramente porque a muller ía traizoa-lo marido):

Pois a todos avorrece de Estevan da Guarda
Direi-vos ora que oí dizer de Johan Vasquiz de Talaveira
Mari' Mateu, ir-me quer'eu daquen de Afons'Eanes do Coton
Cantigas de Santa María 237

3. Burla dos agoiros

- Õa dona, non digu'eu qual* de Johan Airas
U, con Don Beeito, aos preitos veeron de Johan Airas
Ao daian de Cález eu achei de Afonso X
Direi-vos eu dun ricomen de Afonso X
Com'avõeõ a Merlin de morrer de Estevan da Guarda
Cantigas de Santa María 104, 294

IV. AS MULLERES NA PRODUCCIÓN E REPRODUCCIÓN DA VIDA MATERIAL E SOCIAL

1. O peso das mulleres na esfera doméstica

1446. Biatrís Gonzalves vende ao Concello da cidade de Ourense a metade de unha casa e curral con sua orta ena Rua Nova
 1585. Inventario de los bienes muebles de Lopo Gonçalves pedreiro y Leonor Rodrigues, su mujer
 1498. Testamento de D^a Urraca de Moscoso, madre del segundo Conde de Altamira D. Rodrigo Osorio de Moscoso
 1546. Testamento e inventario de D.^a Ana de Toledo, Condesa de Altamira

2. O traballo das mulleres no mundo campesiño

1433. Pero Cruu, o vello, afora para sempre a Rui Fernandes, forneiro, e á súa muller, Elvira Oanes, unha casa na rúa das Ovellas
 1433. Maria Peres, viúva, afora un casal na freguesía de San Pedro de Tomeza
 1433. Elvira Peres, viúva, afora a metade dunha casa na rúa da Correaria

3. O traballo das mulleres nas cidades

1490. A filla do zapateiro Pedro Rodríguez entra como criada ó servizo do comerciante compostelán Gonzalo Fandiño
 1498. Legados de dona Urraca de Moscoso a varias criadas para o seu casamento
 1252. Mandato de Afonso X para que as amas de cría da Terra de Santiago sexan da mesma relixión que os nenos criados

1498. Legados de dona Urraca de Moscoso ás súas amas de cría
1443. Ordenanzas de Gremio de Acibecheiros de Santiago permitindo as actividades das viúvas
S. XV. Artesás que viven soas en Santiago
1140. Mulleres de Santiago que defraudan na venda de diversos artigos
Principios do S. XV. Necesidade das panadeiras e castañeiras de solicitar permiso para vender en
Noia
1252. Medidas de control ordenadas por Afonso X para evita-lo abuso dos regateiros e regateiras
en diversos lugares da Terra de Santiago
- Principios do s. XV. Medidas ordenadas no Fuero de Noia para controla-los regateiros e regatei-
ras e a outros homes e mulleres artesáns e comerciantes da vila
1432. Ordenanzas municipais de Pontevedra sobre o control das regateiras
1431. Bando do arcebispo don Lope de Mendoza sobre o lugar onde deben ser vendidas as espe-
cias e a prata en Santiago
1375. Fundación do hospital de Melide, ordenando que traballe nel unha “fraira” vella
1333. Fundación do hospital de Santa Cristina da Pena de Santiago, no cal traballarán dúas “frai-
ras” con dúas criadas

4. A participación das mulleres no poder e a cultura

1365. Pacto entre Teresa Álvarez da Ponte, por parte da liñaxe Da Ponte, e varias familias influín-
tes de Pontevedra sobre a designación de cobres e alcaldes
1467. Querela presentada ante a Santa Irmandade pola condesa de Santa Marta, por diversas vilas
e fortalezas que outros nobres lle tomaran
- Despois de 1495. Conflicto entre a condesa de Camiña, viúva de don Álvaro de Soutomaior, e o
seu fillo don Pedro
1329. Testamento de don Vasco de Ulloa fundando morgado a favor de Teresa Sánchez de Ulloa
1458. Estatutos da Irmandade Galega que, para común e recíproca defensa, formaron varios con-
cellos e nobres entre os que se encontraba dona Xoana de Castro
1425. Rodrigo Álvarez, morador no couto de Sésamo, recoñécese como vasalo das relixiosas de
Santa María de Belvís
1478. Foro feito polo convento de Santa Clara de Santiago a dona Sancha de Lobeira das rendas
e dereitos do couto de San Pedro de Brandomil
1348. Testamento da compostelá María Pérez, citando un salterio que tiña empeñado
1498. Testamento de dona Urraca de Moscoso, citando dous libros de contas e un libro de ora-
cións
1516. Testamento de dona Ana de Toledo, condesa de Altamira, incluíndo un inventario de libros
1292. Testamento da raíña dona Violante deixando cartos para libros ás clarisas de Allariz
1407. Diferenciación entre monxas letradas e iletradas en Santa Clara de Santiago
1382. Ordenacións feitas para os franciscanos da Provincia de Santiago no cabido provincial de
Toro en relación á lectura

IDADE MODERNA

Carme Alvariño Alejandro
Ofelia Rey Castelao
Serrana Rial García (coordinadora)
Margarita Sanz González

I. INTRODUCCIÓN

Ofelia Rey Castelao
Universidade de Santiago

Segundo o censo de poboación denominado do Conde de Floridablanca, no conxunto español había 99 varóns por cada 100 mulleres en 1787, pero esa proporción estaba lonxe de acadarse en Galicia, onde se contabilizaron 698.990 mulleres e 641.202 varóns, é dicir, unha relación de masculinidade de 91,7/100, aínda que sen dúbida era máis baixa se se ten en conta que o censo dá por presentes a tódolos varóns casados, o que claramente é irreal. Lamentablemente, non existen fontes globais e de fiabilidade semellante que nos permitan facer avaliacións para etapas anteriores, pero os datos de 1787 dannos unha idea de que a emigración masculina marcaba unha diferenza co resto do país e, sobre todo, permiten supo-la importancia das mulleres na sociedade galega de fins do Antigo Réxime e o grao de responsabilidade que alcanzaron, máis alá de moitas convencións legais e de moitas limitacións mentais desa sociedade, en especial na Galicia occidental, onde o déficit estrutural de homes era aínda maior -86/100 nas provincias de Tui e de Santiago en 1787- e máis temperán.

Pero, aínda constituíndo a maioría da poboación, a investigación sobre as mulleres vese constringida non tanto pola escaseza da información dispoñible, como polas súas discontinuidades, os seus desequilibrios internos e polos riscos de nesgo facilmente presumibles pero non facilmente eludibles. En efecto, a documentación específica é escasa, polo que se require o uso das fontes históricas comúns a outros campos de estudio, pero, ademais, a información é moi irregular no tempo -as dificultades de estudio para o século XVI son especialmente graves e non comezan a resolverse ata moi avanzado o XVII- e no espacio -é

indubidable que a Galicia occidental está mellor provista có resto de Galicia neste tema-. Máis relevantes aínda son os desequilibrios que se producen entre a información referida ás mulleres segundo a súa residencia -o sector urbano está representado por riba do seu peso demográfico real-, a súa idade -sabemos moi pouco de nenas e adolescentes-, o seu estado civil -as casadas aparecen difuminadas no seu contexto matrimonial, polo que solteiras e viúvas autónomas xeran máis datos-, e, sobre todo, a súa orixe social; os diferentes niveis sociais aparecen representados dun modo moi desequilibrado, de maneira que, por exemplo, as monxas, sendo unha minoría moi restrinxida -eran só 553 en toda Galicia en 1800-, deixaron un volume de documentación moi superior ó que lles correspondería polo seu número, mercé ós fondos documentais dos seus conventos e ordes.

Habería que engadir aínda que os posibles campos de observación histórica das mulleres dipoñen de información desigual en cantidade e calidade, o que supeditou a evolución dos estudos verbo diso: o comportamento demográfico sen dúbida é un aspecto privilexiado, xa que os censos de poboación, os rexistros parroquiais e outras fontes estatísticas permiten achegas comparativamente precisas; o comportamento económico, gracias ás fontes fiscais e ás actas notariais, está sendo sen dúbida unha faceta fructífera e reveladora, xunto coa inserción social da muller, pero, máis alá, no terreo político ou no mental e cultural, as dificultades son con frecuencia insalvables.

As posibilidades da investigación veñen dadas, pois, pola carencia de fontes específicas para o estudo da muller, o que conduce á relectura e reinterpretación das existentes, e pola imposibilidade dun método concreto para o seu tratamento, o que pola súa vez conduce ó emprego dos métodos da demografía histórica ou da historia económica ou social, combinación coa que se conseguiron xa moi sólidos resultados.

Descendendo ó concreto, nas investigacións máis recentes utilizáronse basicamente as fontes de carácter fiscal, como o Padrón de 1708 ou o Catastro del Marqués de la Ensenada (1752), para averigua-lo peso da poboación feminina no total, o número e características dos fogares rexentados por mulleres e o número e situación das mulleres dependentes doutras xefaturas, datos que polo xeral se complementan cos máis puramente estatísticos dos censos do Conde de Aranda de 1768 e o xa mencionado de 1787 ou o de 1797 e outros máis fragmentarios, e cos arquivos parroquiais para obte-las claves do comportamento demográfico; os rexistros de bautismos, matrimonios e defuncións foron e son a base documental do método de reconstrucción de familias a través do que se puideron calcula-la idade de matrimonio da muller, as taxas de fecundidade e o número de fillos, os intervalos interxenésicos, a idade do último

parto, etc., isto é, un conxunto de parámetros básicos da intervención da muller na reprodución biolóxico/social das poboacións rurais e urbanas.

Sen saír do ámbito da documentación cuantificable e para coñece-los niveis de ocupación laboral feminina, empregáronse con éxito considerable as fontes fiscais xa mencionadas, aínda que os funcionarios que as elaboraron foron moi pouco coidadosos con este aspecto clave para calibra-la participación das mulleres no proceso de reprodución de bens e rendas. A pesar deste descoido, non sería posible estudia-las actividades económicas das mulleres, en especial das residentes en vilas e cidades, sen recorrer ós interrogatorios e ós libros persoais e reais do Catastro del Marqués de la Ensenada, nos que se informa dos tipos de dedicación profesional das mulleres -en especial, as empregadas do servizo doméstico- e a súa avaliación en termos salariais, datos combinables coa súa idade, o seu estado civil e a medida e características das súas familias; debe terse en conta, ademais, que esta fonte identifica, xunto con outras un pouco máis tardías como a enquisa realizada polos bispos en 1768/69 sobre a pobreza, ás mulleres cualificadas como pobres de solemnidade e que, polo tanto, permite unha aproximación a un amplo sector marxinal.

A medio camiño entre a información cuantificable e a cualitativa, sen dúbida ningunha foron e seguirán sendo esenciais as escrituras notariais, en especial dotes, melloras, seguros de lexítima, testamentos, inventarios post mortem e compra-vendas, que permitiron un coñecemento máis preciso e expresivo da condición feminina no seu medio doméstico, social, económico e mental, aínda que esixen un esforzo de busca e de recompilación sumamente gravoso, baseado en enquisas difíciles de levar a cabo de modo individual; o perfeccionamento das fórmulas de mostraxe para evitar desequilibrios na súa representatividade, logro fundamental dos historiadores sociais da Idade Moderna, é sen dúbida a clave para a correcta contextualización e a interpretación obxectiva deste tipo de fontes que, sen ser estatísticas, son susceptibles de tratamento cuantitativo. Por esta vía e mediante o emprego de inventarios post mortem establecéronse as características básicas dos fogares e o seu equipamento por períodos, zonas e sectores sociais avaliando o enxoval, o mobiliario, os útiles domésticos, o vestiario, etc.; tamén, e mediante o uso de escrituras de dote, fixéronse do mesmo xeito a extensión da práctica dotal e os seus compoñentes básicos, as súas variantes temporais, zonais e sociais; a través do baleirado masivo de testamentos, escrituras de mellora, seguros de lexítima, doazóns e outras actas notariais referidas á transmisión do patrimonio familiar, púidose face-la avaliación correcta da recepción -ou cesión no seu caso-, dese patrimonio por parte das mulleres, desmentindo moitos tópicos tradicionalmente dados por bos.

As fontes institucionais, de conventos e abadías, colexios, hospicios e hospitais, remítennos a realidades -vocacións relixiosas, educación feminina, abandono de nenos, etc.- e grupos concretos -monxas, enfermeiras, amas de cría, etc.- do máximo interese, e as fontes propiamente cualitativas, como a lexislación xeral da Coroa de Castela, as especificidades xurídicas ou consuetudinarias de Galicia, as ordenanzas sinodais e os testemuños literarios permítennos pola súa vez observa-la formulación e os modos de resolución de problemas de comportamento desde a perspectiva das autoridades civil e eclesiástica e da opinión das elites.

Esta enumeración non esgota as fontes de posible uso, dado que deixa fóra, por exemplo, os preitos de tribunais laicos e relixiosos, absolutamente imprescindibles para coñece-las crebas e rupturas na vida normal da muller. Sen tratar de facer un elenco exhaustivo, queremos, sen embargo, insistir no perigo de nesgo que ameaza o seu correcto estudio, en especial cando estes datos se separen do contexto en que se produciron, e o perigo non menor de esquecer que o máis identificativo da vida cotiá escapa indefectiblemente ó control do historiador, xa que pola súa mesma normalidade non é rexistrado pola documentación.

Con estes fundamentos documentais e coas prevencións metodolóxicas apuntadas, a investigación sobre as mulleres da Galicia da Idade Moderna incrementouse considerablemente nos últimos anos, en especial en campos históricos nos que a muller ten un rol transcendental e que xa foron apuntados, isto é, a reprodución humana, a reprodución social e a reprodución económica. Non hai dúbida de que os estudos de demografía histórica iniciados en Santiago desde 1968 permiten coñecer hoxe en día case tódalas claves e mecanismos da poboación galega do Antigo Réxime e calibra-la participación, efecto activo e efecto pasivo da muller nese proceso; isto podería ter conducido á valoración aséptica das variables demográficas, se non se introducisen correctivos de interpretación social: por exemplo, a idade do matrimonio é un dos máis socorridos mecanismos de control consciente do crecemento demográfico por simple redución ou expansión do período de reprodución na muller, pero é tamén síntoma e consecuencia dunha estratexia familiar tendente á conservación e aumento do patrimonio. Por esta vía, como por medio da reinterpretación social de tódolos compoñentes da análise demográfica, derivouse no que hoxe é práctica común, a demografía social, vinculada a un campo específico de actuación, a familia e todo o que a familia carrega -estratexias matrimoniais, mecanismos de transmisión do patrimonio, conflictividade, etc.- e que nos permite situar á muller na “microsociedade doméstica” e no proceso de reprodución da sociedade no seu conxunto.

Polos mesmos anos, 1968/70, iniciábase a andadura dos estudos de economía agraria e pouco despois os de economía urbana, nos que, en efecto, non

se apreciaba a simple vista atención ningunha á participación da muller no proceso de reprodución de bens e rendas porque, sinxelamente, considerábase integrada nel. Resulta obvio que no mundo rural, onde as casas son meros refuxios nos que se carece de espacio e só hai uns útiles elementais, a muller ten unha vida virada cara a fóra, implicada totalmente nas tarefas agrícolas e na produción dalgúns elementos específicos -têxtils, lácteos e outros-, e os nenos e os vellos permiten que a muller estea máis responsabilizada das tarefas agrícolas ó descargala de angueiras menores. Por outra banda, a elaboración de alimentos, dentro dun menú tan restrinxido e reiterativo como o das familias campesiñas, non esixía grande investimento de tempo. Só a medida que nos introducimos na observación dos grupos máis elevados ou nos internamos na cidade, a casa e o ámbito doméstico no seu conxunto convértense nunha órbita esencial á muller. No contexto das economías agrarias e urbanas, polo tanto, a presenza da muller intuíase máis que se constataba, de modo que na actualidade abriuse unha vía específica de investigación sobre a participación da muller na vida económica. Nesta liña, as recentes investigacións sobre protoindustrialización ofrecen unha interesante perspectiva referida á produción têxtil en mans femininas, que vén unirse a un campo mellor coñecido, o do servizo doméstico e o traballo asalariado, e a outro de menor relevo, o da actividade mercantil a pequena escala, tan propio das mulleres da cidade.

Se nos tres ámbitos básicos antes sinalados o nivel de información é abundante e revela unhas pautas precisas de comportamento, noutros dous dos que se podería falar predomina a dúbida. No da situación política da muller, debido a un punto de partida pouco cuestionable, a exclusión total da muller dos cargos públicos, de goberno, administración, xustiza ou milicia, o que, sen embargo, permite matices por canto a muller pode participar por vía indirecta, xa que nunha administración patrimonializada, como a dos séculos XVII e XVIII, podería recaer nela por testamento, doazón, dote, etc., calquera cargo venal e xa que a exclusión legal non impedía que a muller fose utilizada como ponte social entre grupos de poder; tamén por vía hereditaria unha muller podía situarse á cabeza dun señorío, sen que tivese nese caso menos prerrogativas cós varóns.

No ámbito da situación cultural e mental da muller, a dúbida deriva das carencias documentais que conducen a unha cuestión ¿exclusión real da muller galega no proceso de elaboración cultural ou simple exclusión nas fontes? A información da que se dispón non permite responder por agora máis que con algúns datos comprobados: as baixísimas taxas de alfabetización obtidas para o século XVIII e primeiras décadas do XIX -abonde dicir que en 1860 só o 2,1% da poboación feminina sabía ler e o 3,6% ler e escribir-, a serodia e ocasional instauración de escolas femininas e mixtas, que só aparecen na segunda metade

do século XVIII, a escasa preocupación educativa das ordes relixiosas femininas, restrinxida á educación das fillas dos sectores privilexiados e acomodados, e a ruptura desta liña mediante o verdadeiro revulsivo que supuxo a chegada das monxas da Compañía de María a Santiago en 1759 e a apertura dunha escola primaria gratuíta e un pensionado co que pretendían cubri-las enormes carencias na educación feminina baseándose nun programa inspirado na “ratio studiorum” xesuítica, que consistía en lectura, escritura, cálculo elemental e doutrina. Debe terse en conta que unha sociedade conservadora e patriarcal como a galega trataba de fomenta-las virtudes domésticas mediante a formación relixiosa e que só no século XVIII e baixo as luces da Ilustración se produciu un tímido cambio nas ideas sobre a educación da muller: nos anos trinta, o P. Feijoo manifestouse en favor do progreso que significaría a educación feminina, e en 1801, Vicente do Seixo publicou o seu *Discurso filosófico* sobre a capacidade das mulleres para as ciencias e as letras, no que seguía a mesma liña có beneditino e consideraba que a educación de homes e mulleres debería ser idéntica no básico, pero nin estas ideas nin a lexislación educativa ilustrada tiveron unha transcendencia práctica na medida en que non houbo vontade nin medios para iniciar un proceso educativo.

Excluída virtualmente do acceso a un sistema educativo xa de por si precario, non estaba a muller excluída de pensar ou de ter inclinacións ou inquietudes relixiosas. Son poucas as vías de penetración ó universo mental das mulleres do Antigo Réxime galego porque non deixaron testemuños literarios específicos e só podemos empregar indicadores indirectos, ás veces susceptibles de dobres lecturas. O primeiro, a actitude ante a morte e tódolos seus rastros observables -a través de testamentos, participación en confrarías e asociacións relixiosas, encargos de mandas piadosas, etc.-, permitiron ver ata agora unha relixiosidade basicamente similar á dos homes, con só unha leve acentuación de riscos que están, en definitiva, supeditados ós dictados da Igrexa co Concilio de Trento como punto clave. O segundo indicador utilizado son as vocacións relixiosas femininas: atopámonos en Galicia cun número escaso de conventos femininos, 25 fronte a 72 masculinos a fins do XVIII, despois de que a febre fundacional do Barroco fose comparativamente suave. Obviamente, era un sector moi minoritario que vivía encerrado nos claustros e tiña un contacto nesgado co resto da sociedade; pero dentro dos conventos, era un grupo caracterizado pola súa feble práctica relixiosa e pouco receptivo ás indicacións de piedade e moderación no vivir que lles facían os seus superiores masculinos. As casas das relixiosas eran, ante todo, entidades rendistas, con economías baseadas nun amplo patrimonio rural, urbano e crediticio, nas que se acollían as fillas da fidalguía e a nobreza locais, de rexedores e oficiais e dalgúns burgueses. Era un destino asumido sen grandes problemas, porque a vida nos conventos era cómoda e segura, e era un destino útil á familia de orixe por canto servía para colocar a unha filla

e evita-lo cuantioso gasto dun dote matrimonial; pero é unha falacia soste que as mulleres de boa posición social que non accedían ó matrimonio por escaseza de dote ou de pretendente socialmente equiparable tiñan como solución digna a entrada nun convento, dado que a oferta de prazas con frecuencia non chegaba a satisfacer a demanda. Indubidablemente, a entrada dunha filla en relixión daba apresto social e abría amplas posibilidades de intervir nas economías monásticas: é ben sabido que os excedentes monetarios destas transformábanse en operacións de crédito, censos, que, a baixísima taxa de interese e practicamente a fondo perdido, revertían a favor dos seus grupos de orixe e, por outro lado, estes facíanse co control dunha parte do patrimonio e convertíanse en intermediarios das rendas. En definitiva, a vida en relixión era, ante todo, un mecanismo social pero de espectro restrinxido, dada a escaseza de posibilidades de acceso, que non pode, sen máis, interpretarse desde o punto de vista da inclinación relixiosa.

En definitiva, podemos dar unha visión optimista con respecto ó grao de información que actualmente temos sobre a muller galega do Antigo Réxime, do que é boa mostra a selección de textos que segue. Con lagoas, claro está, poden obterse conclusións firmes a partir de investigacións de historia rural e urbana, demográficas e familiares, de institucións, colectivos e problemas que permiten facer unha lectura suficientemente fundamentada. Por outra parte, a documentación existente obriga a eludir tanto unha visión triunfalista dunha muller con plena autonomía como a oposta, é dicir, a da muller sometida á férula do varón en tódolos planos da súa existencia; debe terse en conta que o tratamento legal da muller no ordenamento castelán imperante en Galicia era, comparativamente, pouco discriminatorio e que pecaba máis de paternalista que de autoritario, e que, por outra parte, a realidade demográfica e económica galegas outorgaron á muller unha marxe de acción non desprezable, en especial alí onde os efectos da emigración se fixeron notar máis.

II. REPRODUCCIÓN HUMANA E SOCIAL

Serrana Rial García

Universidade de Santiago

A introducción da categoría de “xénero” como un elemento central na reflexión histórica conduce, en primeiro lugar, a considerar ás mulleres non como obxectos senón como suxeitos da historia nun marco de relacións intersexuais no que a desigualdade é unha constante, e, en segundo lugar, ó proxecto metodolóxico de conecta-las súas experiencias con tódalas dimensións da análise histórica. Neste sentido, un lóxico fío conductor lévanos a iniciar este traballo observando ás mulleres no escenario da reprodución biolóxica e social.

Ilustrar documentalmente esta perspectiva histórica presenta notables dificultades porque, se é manifesta a sistemática marxinación das mulleres nos documentos oficiais, facelas visibles no universo doméstico, nese terreo que unha división de espazos fundada no sexo lles consagrou, é unha tarefa case ímproba. Carecemos de testemuños directos con respecto a cuestións como o traballo estritamente doméstico, a indubidable cooperación laboral das esposas co xefe de familia, a súa máis que probable participación na xestión da economía doméstica, etc. En calquera caso, si podemos articular consistentemente os dous aspectos que se desenvolven a continuación.

1. Réxime xurídico do matrimonio

Os discursos que falan das mulleres e a propia realidade feminina son, sen dúbida, completamente interactivos, ata tal punto que o réxime xurídico do

matrimonio é clave para entende-la súa posición de subordinación. En Galicia, a lexislación castelá completábase cun dereito consuetudinario sumamente flexible en temas tan importantes como a transmisión hereditaria, e coa praxe do tribunal superior, a Real Audiencia de Galicia.

As “Leyes de Toro” promulgadas polas Cortes no ano 1505 e que supoñen a máis importante renovación do Dereito privado dos territorios de Castela, ordenan as relacións entre marido e muller, fortalecendo notablemente a institución do matrimonio; son o fundamento do réxime xurídico das mulleres casadas, regulando a súa capacidade patrimonial e o alcance da autoridade marital. Trátase, por outra parte, dunha subordinación legal da que estaban exoneradas as mulleres viúvas e as solteiras maiores de 25 anos, que gozaron ante a lei dun rango similar ó do varón.

Nos textos expóñense algunhas destas “Leyes de Toro”. Pola súa orde de aparición, a primeira é a Lei 55, que categoricamente considera ás mulleres casadas inhábiles se non teñen concedida a licenza marital. A seguinte, a Lei 56 de Toro, regula a necesaria licenza marital para que as mulleres casadas puideran actuar en todo aquilo que lles estaba prohibido -outras tres leis abordan a regulación xudicial desta licenza-. Por último, inclúese a Lei 61 de Toro, que lles prohibe ás mulleres obrigarse como fiadoras dos seus cónxuxes, lei densa e un tanto ambigua e obxecto de non poucas controversias por parte dos especialistas do dereito.

Con respecto ó réxime económico do matrimonio, a lexislación castelá admitía tan só unha obrigatoria comunidade de bens gananciais unida á institución dotal -do dote ocupámonos no seguinte capítulo-, que non incluía os bens que cada cónxuxe posuíra antes do matrimonio. Aínda que se buscaba protexer-la propiedade das mulleres casadas, de maneira que quedara explicitamente separada da do marido e, en ningún caso, a disposición del, todo tende a indicar que os cónxuxes gozaron de bastante liberdade na súa administración.

Se as elaboracións teóricas emanadas do Estado converxían no fortalecemento da institución matrimonial, outro tanto pode dicirse con respecto á acción da Igrexa, que defendeu doutrinalmente o matrimonio, en primeiro lugar, como lexítimo marco da reprodución humana e social e, por outra parte, presentándoo como o antídoto contra a inmoralidade e, xunto ó convento, como o estado perfecto para as mulleres, por el convertidas en abnegadas e nunca folgadas nais e esposas. Os tres últimos textos deste epígrafe inciden, precisamente, niso.

Selección de textos

Actos que o Dereito lles impide realizar ás mulleres casadas sen licencia marital, regulación desta licencia e prohibición legal de obrigarse como fiadora do seu marido.

La muger durante el matrimonio sin licencia de su marido como no puede facer contrato alguno, asimismo no se pueda apartar ni desistir de ningun contrato que a ella toque, ni dar por quito a nadie de él; ni pueda facer casi contrato, ni estar en juicio haciendo ni defendiendo sin la dicha licencia de su marido: y si estuviere por sí o por su procurador, mandamos que no vala lo que hiciere.

Mandamos que el marido pueda dar licencia general a su mujer para contraer y para hacer todo aquello que no podía facer sin su licencia, y si el marido se la diere vala todo lo que su muger hiciere por virtud de la dicha licencia.

Quando el marido estuviere ausente, y no se espera de próximo venir, o corre peligro en la tardanza, que la Justicia con conocimiento de causa, seyendo legítima o necesaria o provechosa a su muger, pueda dar licencia a la muger, la que el marido le había de dar, la qual así dada, vala como si el marido se la diese.

De aquí adelante la mujer no se pueda obligar por fiadora de su marido aunque se diga y alegue que se convirtió la tal deuda en provecho de la muger. Y asimismo mandamos, que quando se obligaren a mancomún marido y muger en un contrato o en diversos, que la muger no sea obligada a cosa alguna: salvo si se probare que se convirtió la tal deuda en provecho della: ca entonces mandamos que por rata del dicho provecho sea obligada: pero si lo que se convirtió en provecho della fue en las cosas que el marido le era obligado a dar así como vestirla y darla de comer y las otras cosas necesarias, mandamos que por esto ella no sea obligada a cosa alguna...

*Novísima Recopilación, Libro X, Título I, Leis XI, XII e XV (55, 56 e 59 de Toro);
Libro X, Título XI, Lei III (61 de Toro).*

1796, 21 de abril. Poder outorgado á sua esposa polo Marqués de Camarasa, veciño de Santiago, para administrar bens e máis que contén.

En la ciudad de Santiago a veinte y un días del mes de abril año de mil setecientos noventa y seis el Exmo. Sr. Dn. Domingo Francisco Gómez de los Cabos Manrique [...] marqués de Camarasa, de Parga y de San Miguel de Penas [...] grande de España de primera clase vecino de esta dha. ciudad por ante mi escribano y testigos dijo que por quanto se halla indispuerto actualmente y por otras causas justas e impedimentos que pueden obcurrir a S. E. para que los negocios y asuntos de su casa no padezcan el menor atraso, confiere y otorga todo su poder cumplido [...] a su amada esposa la Excma. Sra. D^a. Ana Gertrudis Vermúdez Faxardo y Andrade insolidum para que en los casos de indisposición y otros impedimentos y qualquiera ausencia del señor otorgante representando su propia persona [...] pueda firmar y dar cartas de pago a mayordomos y administradores de haciendas, rentas y efectos de los estados, casas y mayorazgos de que está poseedor [...] aprovar o reprovar dhas. quantas y más que considere conveniente, quitar dhos. mayordomos y administradores y nombrar otros [...], igualmente da poder a dha. Excma. Sra. para presentar todos y qualesquiera beneficios curados de su regalía y patronato,

así mesmo nome elixa y despache títulos de xueces correxidores alcaldes rexidores y máis individuos de xustiza, escribanos de número y outros cualesquiera empregos que igualmente tenga derecho posesión y regalía de presentar y finalmente disponga dha. Excma. Sra. y pratique todo lo máis que viera ser conveniente al buen goberno de los referidos estados, sus casas y haciendas...

AUS, protocolo 6695, f. 21.

Obrigatoriedade legal do réxime económico matrimonial de gananciais.

Toda cosa que el marido y muger ganeren o compraren estando de consuno háyanlo ambos por medio...

Magüer que el marido haya máis que la muger, o la muger máis que el marido, quier en heredad, quier en mueble, los frutos sean comunes de ambos a dos; y la heredad, y las otras cosas do vienen los frutos, háyalas el marido y la muger cuyas antes eran, o sus herederos.

Como quier que el Derecho diga, que todas las cosas que han marido y muger, que todas se presumen ser del marido, hasta que la muger muestre que son suyas; pero la costumbre guardada es en contrario, que los bienes que han marido y muger, que son de ambos por medio, salvo los que probare cada uno que son suyos apartadamente; y así mandamos que se guarde por ley.

Novísima Recopilación, Libro X, Título IV, Leis I, III e IV respectivamente.

Eloxio da laboriosidade e outras virtudes domésticas nas mulleres casadas.

Sepamos que condiciones ha de tener la muger y que condiciones ha de tener el marido para que sean bien casados. Las propiedades de la muger casada son, que tenga gravedad para salir fuera, cordura para gobernar la casa, paciencia para sufrir el marido, amor para criar los hijos, afabilidad para con los vezinos, diligencia para guardar la hacienda, cumplida en cosas de honra, amiga de buena compañía, y muy enemiga de liviandades de moza. [...] El oficio del marido es ganar hacienda y el de la muger, allegarla y guardarla. [...] Es también saludable consejo que las mugeres casadas aprendan y sepan regir muy bien sus casas, es a saber amasar y cocer, labrar, barrer y cocinar y coser, porque son cosas tan necesarias que sin ellas no pueden ellas mismas vivir, ni menos a sus maridos contentar [...] ¡Qué placer es verla hacer su colada, lavar su ropa, acechar su trigo, cerner su harina, amasar su masa, cocer su pan, barrer su casa, encender su lumbre, poner su olla, y después de haver comido, tomar su almohadilla para labrar o su rueca para hilar.

Epístolas familiares, escritas por Antonio de Guevara,
bispo de Mondoñedo, Madrid 1732.

Disposicións eclesiásticas na defensa da institución matrimonial.

Descomulgamos i maldecimos i anatematizamos a todos aquellos i a aquellas que maliciosamente levantaren testimonio falso a muger moza o viuda o soltera porque no se case ni halle casamiento, o a muger casada para que aya mala vida con su marido i qualquiera que lo supiere i no lo revelare aya la mesma pena.

Porque somos informados que en algunas partes de este Obispado hai tan perverso abuso que en concertándose dos, antes de desposarse, entregan la desposada al que ha de ser su marido, que es grave pecado: mandamos que los tales sean castigados como públicos amancebados i los padres i tutores que las entregaren sean evitados en los Divinos Oficios hasta que los curas nos avisen para darles el castigo merecido a tal delito.

Constituciones Sinodales del Obispado de Tui, ordenadas por D. Pedro de Herrera en 1627 e por D. Juan de Villamar en 1665, Santiago 1761.

“Memoria de la vida [...] de la malograda D^a Manuela Bermúdez y Figueroa, legítima consorte de Don José Fernández y Crespo [...] escrita por éste para su ejemplo y edificación de su hija y prójimos en 1^o de marzo de 1838”.

[...] Nació la sobre dicha en la parroquia de San Juan de Sardiñeiro [...] hija de nobles por línea paterna, y de familia muy decente y bien habida por la materna, y ambas muy religiosas [...] Desde y antes del uso de razón, presentó cualidades muy bellas en orden a humildad, obediencia a sus padres y afición a la práctica de todas las virtudes, pues luego de aquella edad comenzó a ayunar por devoción varios días a la semana, a la frecuencia de los sacramentos de penitencia y comunión, a ser el espejo y emulación de otras personas mayores y el recreo de sus padres [...] al paso que en poca edad regía el peso y quehaceres de la casa, instruyendo prácticamente a sus criados, y ejercitándose en las horas restantes en trabajos de manos, en que así mismo se aventajara a la mayor parte de las de su sexo y años en aquel país [...] El 8 de abril de 1825 escribía a su viuda madre solicitándola por esposa, y en 2 de octubre del mismo año fue tratado y acordado el casamiento [...] y se efectuó el 26 de diciembre del mismo año, sin que ella al efecto tubiese más roce, trato ni asentimiento conmigo, que haber contestado a dicha su madre cuando la propuso la pretensión de su enlace que se sujetaba en todo a las disposiciones y querer de Dios y ella, debiendo saberse que contaba a la sazón veinte y cinco años escasos de edad [...] El celo, laboriosidad, fidelidad y virtudes particulares del estado de matrimonio y generales de la referida mi esposa, eran poseídas en grado atento y dignas de imitarse; pues que nada mejor la entretenía y arrebatava que sus quehaceres domésticos, el sufrimiento a cualquier debilidad de mi genio, el cuidado vigilante de su casa y familia, el recogimiento y privación de toda comunicación con ambos sexos [...] Sus confesiones y comuniones eran por lo general de 8, 15 o 30 días lo más tarde [...] reflexiva, sencilla sino inocente en lo que vulgarmente se dice ciencia del mundo, sentidísima, abisada, humilde y compasiva, y de un conocimiento, previsión y acuerdo nada común [...] Tuvo seis hijos y dos malos partos [...] mientras respiró fue grada y ejemplo de doncellas y modelo de casadas [...] dirigió al criador su laborado espíritu el martes 13 de febrero de 1838...

Fonte: Opúsculo do mesmo nome, BXUS.

2. Os comportamentos demográficos

As investigacións desenvolvidas en Santiago desde hai máis de 25 anos sobre a demografía histórica e social da Galicia do Antigo Réxime bríndannos

actualmente tódalas claves necesarias para coñece-lo funcionamento interno dos procesos de reprodución humana e social, nos que as mulleres, obviamente, son o elemento esencial. Poderíamos achegar así unha chea de táboas, pero iso levaríanos moi lonxe, de maneira que procuraremos trazar cunhas poucas os caracteres estruturais esenciais.

O mecanismo básico para o control do crecemento da poboación nun réxime demográfico antigo como o galego constitúeo a nupcialidade. Existen, sen embargo, importantes variables intrarrexionais e, en xeral, semellante comportamento nupcial no campo e na cidade. O profesor Eiras Roel identificou ata seis modelos diferentes de nupcialidade, sendo o máis evolucionado o que se detecta ó oeste de Galicia, sobre todo nas antigas provincias de Santiago e Tui -practicamente tódalas comarcas das táboas 1 e 3 englóbanse nel-, abarcando ó 44% da poboación galega*. Caracterízase por unha elevada idade de acceso ó matrimonio para as mulleres, que nalgunhas zonas casan incluso máis serodiamente cós homes -táboa 1-. A soltería feminina definitiva é alta -así, segundo o censo de 1787, o 16,3% na provincia de Santiago e o 19,2% na de Tui-, e o período de reprodución curto -arredor de 15 anos fecundos-, de maneira que a fecundidade lexítima é, en xeral, baixa, e iso en toda a Galicia moderna.

O matrimonio, polo tanto, preséntase como certamente selectivo, dado que o crecemento poboacional se regulaba atrasando e incluso impedindo o acceso das mulleres ó mercado matrimonial e, de modo complementario, co apoio da emigración masculina, que propiciou nas zonas máis afectadas unha ratio sexual favorable ás mulleres. A táboa 2, que recolle relacións de masculinidade ó morrer en catro comarcas galegas de importante éxodo, constata, en xeral, un significativo desequilibrio intersexual. A media de fillos por familia é baixa -táboa 3-, o cal, entre outras cousas, significa que, se exceptuamos ós anciáns e enfermos, a atención dos cales recaeu, seguramente, nas mulleres, son poucos os individuos incapaces de coidar de si mesmos, en definitiva, de prove-lo seu propio sustento. Isto é importante dado que para a gran maioría das mulleres do campo e da cidade dispor de tempo para o traballo dentro e fóra do fogar e/ou da explotación era unha necesidade urxente, sen prexuízo, obviamente, de que a crianza da súa prole fose unha preocupación común a tódalas nais; as condicións económicas en que se desenvolvían as súas vidas imponían patróns de comportamento moi diferentes ás mulleres, que por forza tiveron que traducirse nun repartimento desigual do tempo que era posible dedicar a cada unha das súas responsabilidades domésticas e familiares.


¿Que estratexias matrimoniais adoptaban as familias para actuar sobre o acceso das mulleres ó mercado matrimonial? Nesta regulación a endogamia socio-económica e xeográfica e o nivel de segundas nupcias son as fórmulas

* Para o resto dos modelos, véxase o seu artigo citado na bibliografía.

máis habituais; a elas habería que engadi-la emigración masculina, que non é unha estratexia propiamente dita pero que, polas súas evidentes implicacións, actuou nesta mesma dirección. Sen embargo, os matrimonios entre consanguíneos e o “matrimonio de troco” -aínda que con variables, este supón un acordo entre dúas familias, cada unha delas con dous fillos de diferente sexo en idade nupcial que, tras casar, intercambian as esposas dunha casa a outra, de maneira que as lexítimas femininas permanezan na casa paterna e o patrimonio familiar non se desmembre -constitúen dúas fórmulas efectivas e ben estudiadas en Galicia -táboas 4 e 5-. Aínda que volveremos sobre isto, hai que ter presente que a lexislación castelá, xunto ó dote, recoñecía igualdade legal a homes e a mulleres para a recepción das súas herdanzas, e que en Galicia a estrutura da propiedade aparece caracterizada por unha extrema división das explotacións agrarias. Así, tódalas fórmulas matrimoniais parten dun principio, o equilibrio entre dúas explotacións agrarias e a súa conservación, e, polo tanto, de mutuo coñecemento e de negociacións entre as familias implicadas sen intervención dos contraentes. Tanto o mecanismo do parentesco como o do troco dependen na súa frecuencia da conxuntura económica e da presión demográfica, de modo que escasean en períodos de satisfactoria relación entre a poboación e os recursos e proliferan en caso contrario.

Este restrinxido mercado matrimonial e a conseguinte elevada proporción de soltería feminina, apoiada na cidade pola inmigración de mozos do campo, tradúcese, sobre todo no occidente galego, nunha distribución das xefaturas familiares na que son porcentualmente considerables as solteiras autónomas, así como as viúvas, en función estas últimas da sobremortalidade masculina entre os 50-60 anos e de que contraen segundas nupcias en moita menor medida cós viúvos -táboas 6 e 7-. Nas comarcas orientais, en termos xerais, é infrecuente que a nai viúva exerza a xefatura da casa e da explotación -faino o fillo beneficiado coa mellora-, ó mesmo tempo que as prácticas hereditarias tendían a reter na casa ós solteiros/as; un maior control da comunidade aldeá e as propias posibilidades do sistema agrario dificultaron aquí, en definitiva, a existencia independente de mulleres á fronte dun fogar.

Finalmente, as táboas de ilexitimidade -8 ó 11- confirman que a reprodución humana tiña lugar, sobre todo, no marco do matrimonio. A fecundidade ilexítima é baixa na Galicia moderna -tamén o son as concepcións prenupciais- e é o resultado, sobre todo, de condicionamentos xeográficos e económicos -volveremos sobre os aspectos sociais e relixiosos do problema-. O seu incremento vertixinoso prodúcese no último tercio do XVIII como consecuencia, sobre todo, dos efectos da emigración masculina. En termos xerais, e aínda que é complexo explica-las diferencias no tempo en cada zona, a ilexitimidade vincúlase, directamente, á idade de acceso das mulleres ó matrimonio -canto máis alta é esta tamén o é aquela-, á porcentaxe de celibato feminino definitivo e á ampliación ou restricción do mercado matrimonial.



Selección de textos

Táboa 1: Idades medias de acceso ó matrimonio de homes e mulleres en varias comarcas galegas durante todo ou parte do século XVIII.

	H	M
O Morrazo	25,9	26,6
A Lanzada (O Grove)	26,0	25,4
A Lanzada (Vilalonga, Dena)	22,7	23,6
Barbanza meridional	24,5-25,0	24,8
Soandres	22,1-25,7	23,1-25,1
Xallas	22,6	23,9
Caldevergazo	28,2	26,4
Tabeirós	25,1-25,9	25,1
Montes	27,7	26,6
Deza	27,3	26,4
A Ulla	25,5-27,0	26,2-27,4
Santiago	23,6	24,3

Fontes: véxanse os correspondentes estudos comarcais e parroquiais citados na bibliografía.

Táboa 2: Relacións de masculinidade en defuncións de adultos.

	A Cañiza	Terra de Montes	Caldas de Reis	A Ulla
1670/9	84		72,7	
1680/9	92		123,3	
1690/9	86		71,9	
1700/9	81	91,7	65,6	85
1710/9	92	96,5	66,9	77
1720/9	70	66,5	81,9	80
1730/9	70	67,4	72,8	81
1740/9	68	76,3	69,2	85
1750/9	66	64,3	67,9	78
1760/9	73	72,9	75,2	89
1770/9	74	87,0	66,6	68
1780/9	66	75,4	71,0	79
1790/9	60	68,6	90,0	88
1800/9	76	94,7	78,1	93
1810/9	79	81,2	67,0	77
1820/9	67	87,5	68,1	76
1830/9	68	73,0	63,5	79
1840/9	75	70,6	71,1	75

Fontes: Rey Castelao, O. e Pérez Rodríguez, F., (1992), Fernández Cortizo, C., (1992), Valle González, M.S., (1992); Rey Castelao, O. e Turnes Mejuto, R., (1989).

Táboa 3: Dimensión final familiar (media de fillos por familia) en varias comarcas galegas obtida mediante a reconstrución de familias.

	A	B
Xallas	4,8	5,7
Vilalonga	4,9	5,5
O Grove	4,8	5,2
O Morrazo	4,7	5,1
A Ulla	4,6	5,0
Soandres	4,9	5,5
Deza	4,0	4,5
Tabeirós	4,2	4,6
Cerdedo (Montes)	3,8	4,1

A: total familias; B: familias completas (aquelas en que a muller alcanza ou supera os 45 anos en situación matrimonial).

Fontes: véxanse os correspondentes estudos citados na bibliografía.

Táboa 4: Matrimonios efectuados con dispensa en tres freguesías da Cañiza segundo as actas de matrimonio dos arquivos parroquiais.

	Parada de Achas			Deva/Petán			A Franqueira		
	Mtrs.	Disp.	%	Mtrs.	Disp.	%	Mtrs.	Disp.	%
1600/9	16	0	0,0						
1610/9	20	2	10,0						
1620/9	44	3	6,8						
1630/9	81	8	9,9						
1640/9	66	3	4,5						
1650/9	73	6	8,2	12	0	0,0			
1660/9	99	0	0,0	32	2	6,3			
1670/9	66	0	0,0	29	0	0,0	16	0	0,0
1680/9	98	0	0,0	24	1	4,2	38	1	2,6
1690/9	87	1	1,1	26	0	0,0	16	0	0,0
1700/9	84	0	0,0	47	3	6,4	70	2	2,9
1710/9	63	0	0,0	40	3	7,5	25	2	8,0
1720/9	68	1	1,5	45	6	13,3	40	5	12,5
1730/9	88	2	2,3	47	3	6,4	45	17	37,8
1740/9	89	19	21,3	65	2	3,1	28	11	39,3
1750/9	94	21	22,3	47	2	4,3	50	23	46,0
1760/9	103	23	22,3	55	1	1,8	38	7	18,4
1770/9	123	39	31,7	40	6	15,0	32	10	31,2
1780/9	107	41	38,3	37	2	5,4	44	16	36,4
1790/9	110	31	28,2	63	14	22,2	28	9	32,1
1800/9	77	20	26,0	44	15	34,1	20	6	30,0
1810/9	110	30	27,3	48	13	27,1	46	12	26,1
1820/9	90	15	16,7	71	6	8,5	23	4	17,4
1830/9	66	6	9,1	40	3	7,5	40	4	10,0

Fonte: Rey Castelao, O., (1994), p. 59.

Táboa 5: Matrimonios “de troco” en dúas freguesías das comarcas da Mahía e A Ulla a través dos datos parroquiais.

	Bastavales			Vedra		
	Mtrs.	Trocós	%	Mtrs.	Trocós	%
1640/9	18	0	0,0	55	20	36,4
1650/9	74	14	18,9	23	7	30,4
1660/9	51	14	27,5	17	6	35,3
1670/9	58	10	14,7	60	19	31,7
1680/9	54	16	29,6	41	5	12,2
1690/9	102	26	25,5	79	22	27,8
1700/9	138	40	29,0	81	30	37,0
1710/9	87	14	16,1	55	8	14,5
1720/9	138	40	29,0	77	21	27,3
1730/9	134	38	28,3	93	29	31,2
1740/9	117	20	17,1	80	26	32,5
1750/9	117	20	17,1	74	29	39,2
1760/9	109	4	3,7	64	20	31,2
1770/9	99	6	6,1	88	19	21,6
1780/9	122	16	13,1	52	12	23,0
1790/9	92	16	17,4	64	12	18,9
1800/9				36	2	5,6
1810/9				60	6	10,0

Fonte: Rey Castelao, O., (1994), p. 60.

Táboa 6: Estado civil (%) dos cabezas de familia na Galicia urbana de mediados do século XVIII.

	Santiago	Padrón	Ourense	Lugo	Monforte
Parella casada	66,1	67,8	60,7	69,7	69,5
Viúvos	5,0	6,3	6,7	7,3	7,7
Viúvas	16,2	18,1	19,4	12,0	14,0
Solteiros	3,7	2,5	6,1	1,3	3,6
Solteiras	9,0	5,2	7,1	9,4	6,2
Total	100	100	100	100	100
N.c.	4.177	733	867	678	465

Fonte: Dubert García, I., 1992, p. 127.

Táboa 7: Estado civil (%) dos cabezas de familia na Galicia rural de mediados do século XVIII.

Parroquia	Parella casada	Viúvos	Viúvas	Solteiros	Solteiras
O Grove, S. Martiño e S. Vicente.....	54,9	5,7	24,6	1,7	13,1
Barciademera, S. Martiño (O Covelo).....	54,5	4,0	18,7	8,2	14,6
Palmeira, S. Pedro.....	56,3	9,0	29,0	2,1	3,6
Rus, Sta. María.....	74,6	11,0	10,6	1,1	7,7
Caamouco, S. Vte.	67,9	8,2	17,9	4,3	1,7
Calo, S. Xoán.....	70,5	8,1	16,1	1,3	4,0
Bueu, S. Martiño.....	56,0	6,3	20,1	2,5	15,1
(1).....	72,7	8,7	6,1	6,4	6,1
(2).....	72,5	5,7	12,0	5,4	4,4
Antas, Santiago.....	74,9	5,5	10,2	1,5	7,9

(1).- Varias freguesías de Agolada: Vilariño, Sta. María; Orrea, S. Andrés; Sta. Comba, S. Xoán; Baiña, S. Pedro; Val, Sta. María; Borraxeiros, S. Cristovo; Artoño, Sta. Eulalia; Eidián, Santiago.

(2).- Varias freguesías de Cesuras: Mandaio, S. Xulián; Borrifáns, S. Pedro; Loureda, S. Estevo; Filgueira, S. Pedro; Filgueira, S. Miguel; Cutián, Sta. María.

Fonte: elaboración propia a partir de AHRG, Serie Catastro, L. 1680, 449, 1623, 1215, 1220, 981, 2470, 550, 2127, 591. APP, Serie Catastro, L. 592, 556, 643, 558, 584, 614, 649, 568, 598, 561, 570, 552.

Táboa 8: Ritmo da ilexitimidade na orla costeira occidental durante ó Antigo Réxime (%).

	C. Lanzada	C. Ulla	C. Bergantiños
1600-49	7,8	7,1	1668-1711 2,1
1650-99	4,4	3,5	1712-1755 3,4
1700-49	4,9	2,9	1756-1799 5,3
1750-99	5,2	3,0	1800-1842 8,5
1800-49	—	6,3	

C. Xallas		Rianxo	
1º tercio XVIII	1,7	1º tercio XVIII	3,4
Despois de 1780	2,4	1º tercio XIX	4,8

Táboa 9: Ritmo da ilexitimidade nas áreas de transición ó interior.

C. Montes		C. Deza		C. Narla e Caldevergazo		
1700-29	5,1	1690-1739	13,0	1680-99	1,0	–
1730-59	4,2	1740-1789	11,8	1700-49	3,6	3,4
1760-89	4,3	1790-1839	11,3	1750-99	4,7	5,4
1790-1819	4,8			1800-49	11,5	11,8

Táboa 10: Ilexitimidade nas áreas de interior-montaña.

Centro de Lugo	9,5
Montaña do Courel	11,3
Montaña do Burón	8,5

Táboa 11: Ilexitimidade en medio urbano e semi-urbano.

Mondoñedo	5,7 a 7,6
Monforte de Lemos	8,3
Muros	6,1

	Monforte de Lemos	Muros
1605-49	3,2	4,3
1650-99	4,0	6,7
1700-49	7,0	3,7
1750-99	9,3	2,3
1800-49	12,9	10,6

Para fontes sobre os ritmos da ilexitimidade véxase: Dubert García, I., (1991).

III. AS MULLERES E A ECONOMÍA

Serrana Rial García

Universidade de Santiago

Este epígrafe remítenos á asunción da necesaria reinterpretación da estrutura económica da Galicia do Antigo Réxime á luz da participación das mulleres no complexo de relacións que a configuran. Así, a función económica da poboación feminina vaise manifestar na recepción e xestión patrimoniais, no traballo productivo propiamente dito, no ámbito das transaccións sobre a propiedade e as operacións mercantís, e, evidentemente, no conxunto das súas responsabilidades domésticas e familiares, dominantes no cotián das mulleres pero, a pesar diso, practicamente invisibles nas fontes.

1. O patrimonio

a) O dote

“Apartamento” de promesa de matrimonio ó pai do fillo que agarda que fai Catalina de Sarandeses, veciña de Santo Andrés de Orrea, solteira e “espontaneada”, coa compensación que se indica.

Unha Visita Pastoral prevén ante o proceder de dúas mulleres de “mal vivir”.

Perdón que se outorga a unha muller presa en Pontevedra baixo as condicións que se expresan.

O bispo de Mondoñedo manifesta a súa preocupación polo crecente número de mulleres “de sobre sí”, as súas condutas ilícitas e a desidia dos xuíces.

Intercambio epistolar entre o Intendente da Coruña e o Arcebispo Rajoy, no marco dos prolegómenos da fundación da Casa da Galera de Santiago.

Instrucións dadas para o funcionamento interno da Casa da Galera de Santiago.

V. ACTUACIÓNS “POLÍTICAS” DAS MULLERES

D. Alonso Ribera y Taboada e a súa esposa, veciños de Baiona, outorgan escritura de dote a favor da súa filla D^a. Antonia na que se inclúe o oficio de rexedor da vila exercido por aquel.

D^a. Juana de España y Lemos, viúva, veciña de Santiago, apodera a procuradores na Real Chancillería de Valladolid para o preito que litiga co posuidor dun oficio de procurador nas Audiencias Arcebispais de Santiago que lle pertence por dote.

D^a. Mariana Caamaño, marquesa viúva de Santa Cruz, veciña de Santiago, arréndalle a D. Bonifacio Paseiro un oficio de Secretario de Cabido da Catedral de Santiago.

Reclamación que fai D^a. Isabel Pulleyro, veciña da Coruña, de rendas derivadas do arrendo dun oficio de escribán de número.

Demanda de D^a. Josepha Francisca Vermúdez de Castro, viúva, veciña de Muros, contra a pretensión do arcebispo de Santiago de privarlle do seu dereito no nomeamento dos oficiais do concello de Muros.

Demanda presentada por D^a. M^a. de Quiroga y Taboada, viúva, polo cobro dunha luctuosa da que goza como señora xurisdiccional.

VI. CULTURA E EDUCACIÓN FEMININAS

Un exemplo de educación feminina en Galicia.

A ensinanza en cifras.

A alfabetización das mulleres galegas segundo o Censo de 1860.

VII. A RELIXIOSIDADE

1. Postura diante da morte

Testamento de Mencía de Mareque, viúva, veciña de Santa María de Conxo.

Doazón de Dominga Gómez de Pallares, viúva, veciña de Santiago.

Muller e confrarías relixiosas.

Prevenición diante dos posibles arrebatos místicos.

2. O estado relixioso: as monxas

O estado ideal para as mulleres: as relixiosas.

As limitacións para entrar no convento.

A vida relixiosa como modo de illarse dos perigos do mundo.

3. As transgresións relixiosas

Mandatos sinodais para previr a solicitação en confesión.

Reitérase nos sínodos a condena desta transgresión relixiosa.

A mediados do século XVIII esta desviación continúa preocupando ás autoridades eclesiásticas.

A literatura didáctico-relixiosa alerta ós misioneiros sobre o “trato con monxas”.

Condena sinodal fronte a certas supersticións e feiticerías.

Un caso de feiticería no distrito de Verín.

Un segundo exemplo de supersticións en Monforte.

Unha causa contra unha muller “hechicera, embustera y adivinadora” en Armenteira.

VIII. A VISIÓN DA ILUSTRACIÓN

Fragmento do “Tratado de la educación de la juventud” de Fr. M. Sarmiento.

Fragmento do “Discurso en defensa de las mujeres” de Fr. B. Feijoo.

De Vicente do Seixo, *Discurso filosófico y económico-político sobre la capacidad o incapacidad de las mujeres para las ciencias y las artes*.

De Francisco Bocanegra y Jibaja, *Instrucción Pastoral del Ilustrísimo Señor Arzobispo de Santiago en que expresa la saludable medicina para las dolencias del siglo*.

IDADE CONTEMPORÁNEA

M.^a Pilar Freire Esparís
Mercedes González González
Isabel Rodicio Rodicio
M.^a Xosé Rodríguez Galdo

I. INTRODUCCIÓN

As voces illadas de Feixoo, Martín Sarmiento ou Vicente do Seixo, que se levantaran na Galicia da Ilustración en defensa da capacidade intelectual das mulleres e do seu dereito á educación, non xermolaron no seu tempo e a penas conseguiron o eco que ás súas rexas personalidades lles correspondía. A situación de marxinação das mulleres en tódolos ámbitos, e non só no educativo, seguía a se-lo ton dominante nos albores do século XIX. E non se ía alterar no substancial ata moito tempo despois, ben avanzado xa o século XX.

Tense insistido moito en que unha das achegas máis relevantes da actual historia das mulleres é a aplicación do concepto de xénero -en canto construción cultural da diferenza biolóxica entre os sexos- ó estudio e á significación que a sociedade en cada momento histórico outorga á singularidade sexual. O xénero é así o valor, a significación atribuída ó sexo pola sociedade. O que implica que é a cultura, e non a natureza, a que define os roles de homes e mulleres; e o que, así mesmo, impide aducir determinismos biolóxicos para mante-las mulleres nun papel subordinado.

Toda a centuria decimonónica, nunha primeira visión de conxunto, amosa unha imaxe desoladora e sombría para a metade feminina da poboación, que ve constringida a súa vida por un discurso de xénero solidamente elaborado, o discurso da “domesticidade”, que relega ás mulleres ó ámbito da casa, reforza a supremacía masculina e a división sexual do traballo. Un discurso que adquirira trazos propios arredor dos primeiros anos corenta e que enxalzaba, en consonancia cos valores burgueses da nacente clase media, o “fogar” como o niño onde a familia se illa das perversidades mundanas, segundo o modelo rousseauiano. Á *muller*, en singular, correspóndelle a “misión” (segundo a terminoloxía empregada, de claras connotacións de tipo relixioso) de se-la alma da familia, o anxo

do fogar; a ela perténcelle o ámbito afectivo e moral e a reprodución física e social da familia. Ó home, como cabeza desa mesma familia, correspóndelle a súa representación na sociedade; é, polo tanto, o que ten dereito ó voto (aínda que coas limitacións do sufraxio censitario que se mantén, con breves interrupcións, ata 1890).

As tentativas de cambio na perspectiva de vida das mulleres batían con serios obstáculos, que se comprenden mellor se temos en conta as vicisitudes que marcaron a constitución da sociedade burguesa, comúns ó conxunto de España pero agravadas en Galicia polo forte peso que conservaba a sociedade agraria tradicional fronte á conseguinte debilidade da clase media rural e urbana. Unha sociedade que nacera marcada polos avances e retrocesos nos intentos de rachar coas vellas estruturas de antigo réxime e instaurar unha sociedade burguesa; despois, o triunfo da revolución liberal en medio do estado da primeira guerra carlista (1833-39) e o peso e protagonismo dos gobernos moderados subseguintes, salvo os breves parénteses de gobernos liberal-progresistas (1836-44; 1854-56; 1868-74), contribuíron a reforza-los sectores máis tradicionais que encontraran acubillo entre os moderados, sempre en pugna por minora-los valores de liberdade e igualdade inherentes á nova sociedade democrático-burguesa.

Pero, no medio de tódalas dificultades sinaladas, a “modernidade”, co seu correlato de cambios económicos, políticos, sociais e culturais, terminará por facer aflora-las contradicións do discurso de cidadanía. E dun xeito vagaroso, vacilante e lento, pero xa imparabile, asistimos á contestación e progresiva desarticulación dun discurso de xénero que consideraba á “muller” esencialmente como un ser relacional, subordinado ó home -ser filla, esposa e nai eran as súas obrigas-, e á que se lle asignaba como espazo propio os límites do fogar. Ben o expresaba Emilia Pardo Bazán cando en 1892, en “Contestación al discurso del Marqués del Busto”, escribía: “... El error fundamental que vicia el criterio común respecto de la criatura del sexo femenino... es el de atribuirle un destino de mera relación; de no considerarla en sí, ni por sí, ni para sí, sino en los otros, por los otros y para los otros. De fijo que el Sr. Marqués se tiene a sí propio por espiritualista refinado y amerengado, y, sin embargo, da en el grosero materialismo de considerar que el fin de la existencia de un ser racional puede estar condicionado, en primer término, no por la racionalidad que le otorgó el Creador para distinguirlo de la bestia, sino por las consecuencias de la función de aparatos y órganos destinados a la reproducción y conservación de la especie, que nos son comunes con los irracionales. Pues, en efecto,... no otra cosa significa la sobada afirmación... de que ‘la mujer ha nacido para el amor como esposa y madre’. En cierto sentido la afirmación es palmaria, como lo sería la recíproca del hombre; pues si la mujer nació para esposa de su esposo y madre de sus

hijos, no creemos que para esposo de la mujer y padre de esos mismos hijos haya nacido el caballo de Semíramis o el toro de Pasifae...”.

Os avances da “conciencia feminista” reflícteos ben a obra de dúas destacadas autoras galegas como Concepción Arenal e, acabamos de acudir á súa cita, Emilia Pardo Bazán. A primeira é considerada a pioneira dos estudos teóricos e sociolóxicos sobre as mulleres, e pódese afirmar que con ela se inicia a polémica feminista en España, se por feminismo entendemos, con G. Fraisse e M. Perrot, tanto cambios estruturais importantes (traballo asalariado, autonomía do individuo civil, dereito á instrución) como a aparición das mulleres na escena política. Coa súa actitude como estudiosa, profesional e escritora, no campo principalmente do dereito, achegou ó feminismo argumentos precisos para rebatelas principais teses que sustentaban o discurso da domesticidade. En *La mujer del porvenir*, publicada en 1869, defende acendidamente o dereito das mulleres a unha educación plena, e aínda que aquí non chega a cuestionalo fondo do discurso de xénero dominante si o fará, e dun xeito radical, en 1883, en *La mujer de su casa*, como lle recoñece a mesma Emilia Pardo Bazán: “... todo el libro *La mujer de su casa* tiene por objeto reclamar la acción directa de la mujer en la sociedad, reconociendo que no debe hallarse privada de derechos políticos, y que hasta en la guerra, y no en los hospitales, sino en el terreno estratégico, donde brilla el genio militar, puede prestar servicios tan eminentes como el de aquella ilustre miss Ana Carroll, emancipadora de esclavos en la América del Norte -que señaló el plan de campaña que convenía seguir para vencer a los confederados, plan que en efecto llevó a los federales a la victoria... Al considerar la situación actual de la mujer, el vigoroso talento analítico de la señora Arenal comprende y expresa de un modo perspicaz y admirable cuál es el verdadero obstáculo para que la mujer se transforme y se complete; obstáculo serio y temible, como que lo forma un *ideal*, el ideal del *ángel del hogar*, de la llamada por excelencia *mujer de su casa*. Cuando el bien luce con el *mal* que es *mal* conocido por todos la victoria será relativamente fácil... Ese *mal*, no sólo ignorado, sino aplaudido y honrado -como bien explica doña Concepción-, es el ideal erróneo de la mujer de su casa, la mujer honesta, prudente, económica, esposa y madre amante, cuyas perfecciones se resumen en una frase clásica ya: que no piensa más que en su casa, en su marido y en sus hijos”.

A longa cita da escritora coruñesa (e que tiramos do seu artigo de 1893 “Concepción Arenal y sus ideas acerca de la mujer”) xustifícase nesta introducción pola claridade da súa exposición no tema que tratamos e pola precisión con que a nosa escritora desentraña e fustriga os fundamentos dun discurso que, en definitiva, impedía a realización das mulleres como cidadás dunha sociedade democrática.

Na reivindicación da cidadanía, da consideración das mulleres como seres individuais e sociais, a consecución dunha educación non discriminatoria con respecto á dispensada ós varóns revelábase como a tarefa máis urxente. Todo posible avance nesta dirección batía cunha concepción da educación, a única pública e socialmente reservada ás mulleres, que tiña máis que ver coa salvagarda da moral e co adorno social que coa instrucción. En definitiva, unha educación dirixida, segundo os canons da época, ó “corazón”; fronte á instrucción (entendida esta como adquisición de coñecementos), que se dirixía ó “cerebro”.

Un discurso así elaborado mostra evidentes signos de desarticulación na derradeira década do século, cando empeza a tomar corpo a idea de que as mulleres teñen dereito á educación e a instruírse por si mesmas, e xa non só en relación co cidadado dos demais, como defendera a primeira manifestación da ideoloxía burguesa, ou en función do papel civilizador que estaban chamadas a desempeñar no seo da familia, no que coincidían os republicano-federais e os krausistas. Para ámbalas formacións, competíalles ás mulleres, en canto que “nais educadoras” de cidadáns libres, a transcendental misión de civilizala sociedade. E a pesar das connotacións de xénero do discurso “progresista”, cabe recoñecer que a idea de que as mulleres tiñan unha influencia vital sobre o progreso da sociedade foi decisiva para a lexitimación gradual do feminismo. E no longo camiño por conseguir unha educación igualitaria, no decorrer do século XX aínda se ían alzar moitas voces (coa novidade da maior participación pública feminina, mais tamén notorias na defensa do tradicional discurso discriminatorio) que tratan de desvirtuar os logros nesta dirección. É mágoa sinalar que entre estas teñamos que incluí-la voz de Francisca Herrera Garrido, que sería académica numeraria da Real Academia Galega, e da que reproducimos, nos textos que presentamos, un fragmento da súa colaboración na revista *Nos* (1924) sobre “A muller galega”.

Se tiveramos, o que non é o obxectivo dos textos que seguen, que singulariza-las voces de mulleres galegas que tamén se serviron da súa pluma na defensa dos dereitos das mulleres e na denuncia da vixencia duns *ideais* impostos que coutaban a súa realización na sociedade, teríamos que primeiramente remontarnos a Juana de Vega e, dun xeito moi especial, a Rosalía de Castro; autora, esta última, daqueles desacougantes e radicais versos das súas *Follas novas*, que incluímos tamén como textos nunha difícil escolla das reivindicacións da voz das mulleres que fai explícita na súa obra:

D’aquelas que cantan as pombas y as frores
Todos din que teñen alma de muller,
Pois eu que n’as canto, Virxe d’a Paloma,
¡Ay!, ¿de qué’a terei?

E a estes nomes que levamos sinalado poderíamos sumar outros de mulleres galegas que tamén acadaron eco dabondo, na España do seu tempo, no campo das súas respectivas profesións e que non dubidaran en aproveita-las fisuras abertas polos pequenos progresos da modernización para acceder a carreiras dispensadas nas Escolas Normais ou nas facultades de Medicina. Nesta dirección habería que salientar a Concepción Sáiz Otero, pedagoga cunha notable participación nos Congresos Pedagóxicos de 1882 e de 1892, autora de artigos como “El feminismo en España” (1897) e de obras máis extensas como a publicada en 1929, *La revolución del 68 y la cultura femenina: Un episodio nacional que no escribió Pérez Galdós*. Por fortuna, na década do vinte e do trinta do novo século a voz das mulleres farase máis palmar e, de maneira especial na publicística, amosarase na súa ricaz variedade á hora de aborda-la súa situación na sociedade.

En contraste coas case omnipresentes reivindicacións educativas do feminismo, chama a atención o escaso eco das voces que defenden o voto para as mulleres, tanto no século XIX (e non parece que a obra de Rafael M.^a de Labra *La mujer y la legislación castellana*, aparecida en 1869, na que defendía unha reforma da lei electoral para concederlle-lo voto ás mulleres, acadara resonancia ningunha en Galicia), como nas primeiras décadas do XX, nas que, con todo, será máis obxecto de debate. Si defenden os dereitos políticos das mulleres C. Arenal ou E. Pardo Bazán, pero desde instancias colectivas haberá que esperar en Galicia ós homes do partido republicano-federal, que en 1887 debaten en Lugo o seu *Proyecto de Constitución del Estado Gallego*, para que presenten o dereito ó voto das mulleres. E farano coas limitacións que no artigo 23-2º se recollen textualmente: “La mujer mayor de 21 años cualquiera que sea su estado, que a la actitud legal y al domicilio añada la circunstancia de ser instruida en las materias que abarca la segunda enseñanza o la técnica o cuando muestre certificado de haber cursado o aprobado un grupo de asignaturas comprendido en la sección de ciencias naturales, físico matemáticas”.

Pouco despois, o establecemento do sufraxio universal masculino (Lei do 26 de xuño de 1890) e, xa que logo, a inclusión entre os votantes dos varóns do proletariado, agudizou as contradicións da “ideoloxía doméstica”, sustentada nun discurso legal que consideraba ás mulleres “suxeitos políticos diferentes” por carecer da racionalidade necesaria para o exercicio da cidadanía. As tensións, desaxustes e paradoxos producidos pola nova situación foron eficazmente aproveitados polas mulleres no demorado percorrido a prol do recoñecemento dos seus plenos dereitos políticos. Así o fixeron tamén mulleres de tendencias políticas conservadoras, como María de Echarri, que, nun artigo publicado en *El Correo de Galicia* de Santiago en febreiro de 1917, argumentaba: “Eso de que la mujer, por ejemplo, una viuda o una soltera, que paga contribución, una

madre de familia, tutora de sus hijos, personas todas de capacidad, no tengan voto, no puedan intervenir, y en cambio lo tenga cualquier gañán, que ni siquiera sabe poner su firma, sólo porque es hombre, es una ironía, es un absurdo, es un contrasentido...”.

Nestes anos, asumirá o nacionalismo a defensa do voto para as mulleres dos emigrantes, que se suma a outras iniciativas colectivas e individuais en defensa do voto feminino en iguais condicións que o dos varóns. O destacado político galeguista Luís Peña Novo avoga, en 1929, pola plena incorporación das mulleres á vida política e advirte das turbias ameazas do dictador Miguel Primo de Rivera de suprimi-lo sufraxio, moi restrinxido, para as mulleres que contemplaba o Estatuto Municipal de 1924 (co paradoxo de que ese dereito non o puideron exercer as mulleres, como ningún cidadán, por ter suprimido as eleccións a Dictadura). “El feminismo -advirte Peña Novo- nunca fue estudiado seriamente en España; para todos los políticos fue tan solo un motivo galante y decorativo, y siempre secundario. Las derechas, orientadas por la tradición, sólo veían en la mujer a la célula familiar, a la sacerdotisa de la moral, cuya pureza podía peligrar en las turbulentas corrientes de la vida pública; las izquierdas miraban con recelo los avances feministas porque suponían a la mujer española tendencias ultraconservadoras por su secular educación clerical. Y así, por causas opuestas, todas las escuelas políticas repudiaban a la mujer como elemento peligroso... El Sr. Primo de Rivera, que antes de dictador ya era un político de derechas, es natural que desde el Poder tratase de robustecer la vida política con soluciones derechistas, y vió en las mujeres una fuerza colaboradora de su éxito; por eso las exaltó a los cargos públicos, les otorgó el derecho del sufragio, y ahora advierte su equivocación. ¿Cómo -continúa- resolverá entonces el Sr. Presidente? ¿Suprimiendo los derechos otorgados a las mujeres? Eso -sinala- encierra dos peligros: el primero sería provocar la animosidad femenina contra ese régimen... el segundo es que no sería resolver el problema, sino aplazarlo, sería aplazamiento y no solución porque la mujer por ley inexorable de los tiempos reclama y necesita derechos políticos”. O político galeguista, prevendo a inminencia de eleccións democráticas e defendendo a “necesidad de la intervención femenina en la vida pública”, urxía a “educar y organizar a la mujer para ir sedimentando, estructurando y orientando su pensamiento político... todo Gobierno previsor debiera estimular las propagandas políticas, indispensables para encauzar esta fuerza desconocida”. O sufraxio universal feminino tivo que esperar ata 1931, á instauración da Segunda República.

A relativa ausencia das mulleres na reivindicación da súa plena participación política non sorprende tanto se partimos da consideración da fragilidade do sistema político da Restauración, asentado en Galicia nunha densa rede caciquil; a asociación popular do seu nefasto funcionamento co propio sistema levou

ó desenvolvemento dunha cultura política que non identificaba necesariamente o progreso cos dereitos políticos. Nestas circunstancias, como sinala M. Nash con respecto ó conxunto de España, non é sorprendente que as mulleres estiveran tamén ausentes do ámbito político e que entenderan que o sufraxio e a concesión dos dereitos políticos non constituían a súa reivindicación principal.

Que as representacións culturais máis tradicionais de “anxo do fogar” ou de “muller doméstica” vaian deixando paso a versións máis actualizadas do prototipo feminino, exemplificado nas “mulleres modernas” (como recolleemos no epígrafe do século XX “A construción dos papeis de xénero”), non quere dicir tampouco que deixen de ter virtualidade. A relativa modernización do discurso de xénero que se contempla nos primeiros anos trinta non alcanza a cuestiona-la consideración da maternidade como elemento básico na definición das expectativas femininas. Polo contrario, a maternidade, entendida no xeito restrictivo de mandato biolóxico ineludible, representa un dos elementos decisivos no mantemento das pautas de continuidade na situación das mulleres. Mesmo a integración das mulleres na vida política tende a realizarse pola súa vez a partir das claves da súa definición como esposas e nais de familia (e a este respecto son ben expresivos os chamamentos das mulleres galeguistas no período republicano que se inclúen nesta selección de textos).

Tamén as teorías científicas de actualidade naquel momento reforzan o tradicional, e aínda dominante, discurso de xénero. Así, nun contexto en que a ciencia médica defende a teoría da diferenciación e o carácter complementario dos sexos (non se trata de que as mulleres sexan inferiores, “sólo son distintas”), Novoa Santos publica en 1929 unha obra de título tan expresivo como *La mujer, nuestro sexto sentido y otros esbozos*. A teoría da diferenciación, sustentada tamén en Galicia por algúns autores de procedencia anarquista que opoñen a “inteli-xencia masculina” á “espiritualidade feminina”, serve de sustento ideolóxico das teorías que seguen a defende-la estricte división das esferas e a división sexual do traballo.

A vixencia dos estereotipos dominantes, que ademais se verán reforzados co triunfo dos franquistas trala Guerra Civil de 1936-39, non puideron frea-los avances da “conciencia feminista”, como se manifesta de maneira singular nos campos da educación e na súa paulatina incorporación á vida política, ata facerse máis patente no período republicano de 1931-36. O proceso de modernización da sociedade, aínda cos atrancos que presenta en Galicia, obrigou a ir actualizando o discurso de xénero, o que non foi desaproveitado polas mulleres para afirma-la súa presenza na vida económica e social.

Todo o anterior, que na nosa opinión responde á situación en que discorre en Galicia a vida das mulleres, non sería máis que unha achega parcial e

fragmentaria se esquecemos que unha das contradicións máis evidentes do discurso da domesticidade en Galicia é precisamente que este non incluía, en aspectos fundamentais (como por exemplo o traballo), a totalidade do universo feminino. En realidade, se considerámo-lo conxunto da poboación feminina galega, e non nos limitamos á consideración das integrantes das “clases medias”, destinatarias “naturais” do discurso da domesticidade, temos que concluír afirmando que as mulleres galegas sempre tiveron un protagonismo destacado na vida económica do país. Non se sostén a “invisibilidade” das mulleres no traballo agrícola. Era moi patente a súa “visibilidade”. Saliéntano ben os escritores, xuristas, economistas e publicistas (todos varóns) preocupados pola situación da agricultura en Galicia. Por outra parte, xa Emilia Pardo Bazán, unha vez máis é obrigado o recurso á escritora coruñesa, denunciara en 1890 a inaplicabilidade do discurso oficial á realidade das mulleres campesiñas en Galicia, e faino con palabras contundentes: “... porque la igualdad de los sexos, negada en el derecho escrito y en las esferas donde se vive sin trabajar, es un hecho ante la miseria del labrador, del jornalero o del colono. En mi país, Galicia, se ve a la mujer encinta o criando, cavar la tierra, segar el maíz y el trigo, pisar el tojo, cortar la hierba para los bueyes. Tan duras labores no levantan protesta alguna entre los profundos teóricos de la escuela de monsieur Prudhomme, que, apenas se indica el menor conato de ensanchar las atribuciones de la mujer en otras esferas, exclaman llenos de consternación y santo celo que ‘la mujer no debe salir del hogar, pues su única misión es cumplir los deberes de madre y esposa’. El pobre hogar de la miseria aldeana, escaso de pan y fuego, abierto a la intemperie y al agua y al frío, casi siempre está solo. A su dueña la emancipó una emancipadora eterna, sorda e inclemente: la necesidad”.

Anos despois, en 1920, tamén con paixón, pero desde outras perspectivas de análise e nas que se exalta, pola vía do traballo, a “condición feminista da raza”, publicaba X. Montero, en *A Nosa Terra*, que “A muller galega ven sendo afouta sempre no traballo como un home. Aquelo que piden as mulleres feministas dos povos máis adiantados, xa ten, dende a eternidade dos tempos da raza, unha existencia na rexión galega. E os campos, onde a raza vive a súa forte vida, onde Galicia veu desenrolando sin influencias estranas, ganan en fecundidade co esforzo da muller... Pero a muller quere os mesmos dereitos, e os mesmos deberes que o home. A muller feminista desea traballar en tudol-os oficios. Ser parlamentaria, ser labrega, ser sachadora, ser orfebre. A muller en Galicia é tudo eso menos parlamentaria porque non hai Parlamento, que si o houberse tamén tería un posto n’el. Esta natural maneira da muller galega que é forte no fogar e no traballo, esta condición feminista da nosa raza, ten a súa filosofía. Non é só cousa da vida, feito inconsciente. É doutrina Galega”.

Sabemos ben que as mulleres sempre desempeñaran na nosa sociedade agraria tradicional un papel moi activo como produtoras. E así se lles recoñecía

mesmo no dereito civil de Galicia. E no longo período de máis de cento corenta anos que aquí abarcamos, o seu peso non fará máis que aumentar como efecto da emigración maioritaria dos varóns; o que se traduce nunha maior feminización do traballo na explotación familiar. Non pode estrañar por iso a reivindicación, xa comentada, do recoñecemento do dereito ó voto das mulleres dos emigrantes en América, ou a súa participación nas loitas antiforais e anticaciquís das primeiras décadas do XX. Claro que a participación das mulleres no mundo laboral non se limitaba á agricultura. Atopámolas como asalariadas nos escasos sectores industriais que precisaban da súa man de obra. Nos primeiros anos do século XX eran maioritarias na fábrica de tabacos da Coruña (onde Pardo Bazán sitúa, antes, nos anos da primeira república, o traballo da súa protagonista na novela *La tribuna*) e na industria conserveira do litoral, en particular nas fábricas establecidas na ría de Vigo. E outros moitos pequenos obradoiros, ademais do servizo doméstico, pequeno comercio, etc. requiriron o traballo das mulleres.

O maior protagonismo da sociedade civil nos procesos de cambio que, no primeiro tercio do século XX, afectan ó conxunto do país galego (que se manifestan dun xeito especial no pulo do asociacionismo agrario e, así mesmo, do asociacionismo político e sindical) converteuse tamén nun reto altamente positivo para as mulleres, que incrementaron a súa presenza na vida pública, como a prensa periódica non deixou de recoller puntualmente.

Dun xeito claro na década dos trinta (o que tamén vén explicado pola revitalización da participación política en xeral e, non o podemos esquecer, a maior consideración das mulleres como suxeitos políticos desde a inclusión do seu dereito ó voto na constitución republicana de 1931), os partidos políticos integran, baixo as súas siglas respectivas, agrupacións especificamente femininas. É o caso do Partido Socialista Obrero Español (segundo recolle o xornal ferrolán *El Obrero* do 20 xullo de 1935, ou a “Agrupación de mujeres contra la guerra y el fascio”, constituída en Ferrol e da que se dá conta no mesmo xornal do día 23 de maio de 1936), da C.E.D.A. (e verbo disto recolleemos un texto da súa agrupación “Acción Femenina” de Ourense), e doutras ás que tamén facemos referencia. Mención especial merece a “Sección Femenina de Falange Española”, creada en 1934, que polos avatares da guerra iniciada en 1936 converterase nunha organización de masas, imbuída dun exacerbado discurso da domesticidade. O punto sete, dos dezoito dedicados á muller de falanxe dictaba: “No olvides que tu misión es educar a tus hijos para el bien de la Patria”; e as “Normas” para elas establecidas en 1937, ademais de recoller no punto 3º “Sé cada día más mujer” ou no 8º “Busca siempre ser el exacto cumplimiento del hombre”, recordáballes que “No es para ti la acción, pero si el aliento de obrar heroico” (punto 4º), ou no punto 5º “No traiciones tu magnífico destino de mujer, entregándote a funciones varoniles”.

Co triunfo do “Movemento nacional” o réxime franquista, eficazmente apoiado pola xerarquía eclesiástica, articulará un revitalizado discurso da domesticidade. A *muller* recuperaba o papel sublime que lle fora usurpado por “tendencias feministas manipuladas por correntes de opinión alleas á tradición católica do país” (en palabras do Consejo Diocesano de Ourense publicadas en *La Región* en 1943). Faciana depositaria das esencias eternas da familia e da patria, destino ó que se incorporaba no cumprimento da súa misión como esposa e nai. Pero o exacerbado do discurso de xénero, que devolvía, ou mellor, recluía ás mulleres no ámbito doméstico (acudindo mesmo a medidas legislativas que dificultaron o acceso das mulleres ó traballo remunerado fóra da casa, se non contaban coa autorización marital), non puido resisti-lo embate que lle ía representar finalmente un fenómeno como o do descenso da fecundidade polo control consciente dos nacementos. É imposible desligar un fenómeno desta natureza do complexo proceso de transformación que experimentaron as sociedades occidentais e que se coñece como modernización. Pero ninguén discute que o fenómeno do descenso da fecundidade é un aspecto esencial dese mesmo proceso, polo que ben pode servírnos (e nesa perspectiva abordámolo aquí) de fío conductor dos avatares polos que discorre a ideoloxía doméstica. Hoxe sábese que o descenso da fecundidade en Galicia inicia unha liña descendente na década dos anos vinte, non se interrompe nos primeiros anos do franquismo (nin coa súa pretendida política pronatalista), e continúa en todo este período, ata acelerarse coa transición política (sen que por iso establezamos unha relación de causalidade) e acada-los ínfimos niveis da actualidade. Aínda que é un fenómeno que na súa manifestación esencial se sitúa fóra xa do marco temporal que nos propuxemos nesta recompilación de textos, o percorrido que foi debuxando ata chegar ó momento actual fálanos das singularidades que reviste en Galicia a modernización. Inexplicable tamén sen a consideración do papel desempeñado polo cambio cultural e particularmente pola toma de conciencia dos seus protagonistas, o que lles conferiu tanto ás mulleres como ós homes un maior control consciente de aspectos básicos da súa propia vida. A transformación dos hábitos vitais dos individuos e dos grupos sociais mostrou a inadecuación, xa definitiva, do discurso da domesticidade.

TEXTOS DO SÉCULO XIX

I. A CONSTRUCCIÓN DOS PAPEIS DE XÉNERO

1. Corpos, natureza, bioloxía

1. Ideal de beleza feminina

A pesar de ser Galicia no século XIX un país fundamentalmente rural e conservar moitos caracteres que recordan a vella orde socioeconómica, na primeira metade do século fórase conformando, non sen dificultades, unha nova sociedade burguesa que respondía principalmente ós intereses dos novos propietarios agrarios e das capas urbanas acomodadas. Coma no conxunto de España, a proclamación “universal” de dereitos -liberdade, igualdade, cidadanía etc.- non foi incompatible coa discriminación das mulleres como suxeitos destes mesmos dereitos e coa súa exclusión da esfera pública (participación na política, educación, dereitos xurídicos, acceso ó mercado laboral), que ficaba reservada para os homes. Mecanismos de control social, xunto coa articulación dun eficaz discurso da domesticidade, sancionaron as bases ideolóxicas de xénero da sociedade.

A creación dun modelo de muller “perfecta”, que comprende tamén un ideal de beleza segundo os canons da época, é un elemento central no discurso da domesticidade, que, aínda que resalta os valores morais, non descoida por isto a importancia da imaxe externa (beleza, actitude, vestimenta), que se converte tamén nun símbolo do status social e económico do cabeza de familia.

Tres cosas blancas: el cutis, los dientes y las manos.
Tres cosas negras: los ojos, las cejas y las pestañas.
Tres cosas coloradas: los labios, los carrillos y las uñas.
Tres cosas largas: el cuerpo, los cabellos y las manos.
Tres cosas cortas: los dientes, las orejas y los pies.

Tres cosas anchas: el pecho, la frente y el entrecejo.
Tres cosas estrechas: la boca, la cintura y la entrada del pie.
Tres cosas gruesas: el brazo, el muslo y la pantorrilla.
Tres cosas delgadas: los dedos, los cabellos y los labios.
Tres cosas pequeñas: los pechos, la nariz y la cabeza.

*Almanaque para la juventud elegante y de buen tono para el año bisiesto de 1864.
Recreativo, agradable, útil y curioso. Dedicado a todas las bellas hijas del país.
Lugo, Imp. de Soto Freire, 1863, p. 114.*



Muller dos arredores de Vigo. Ilustración de mediados do século S. XIX

2. Vestimenta e luxo

Durante a invasión napoleónica son frecuentes os ataques á influencia francesa, que relegaba a un escuro segundo plano os usos e costumes españois. Este fragmento dun romance de 1808 deixa entreve-la postura patriótica do autor, que emprega o sarcasmo para burlarse da imaxe afrancesada na vestimenta das mulleres, en liña coa crítica dezaoitesea ó luxo.

Quando un carnero en su lana
 Con el aquilon que sopla
 Está tan metido en si,
 Que tiembla todo y se azoga.
 Quando no basta un Vesuvio
 Para calentar la ropa,
 Y la linfa se le cae
 Sobre el bigote a las tropas.
 Nadie puede sino hacer
 Quien cruces, y quien mamolas,
 Al ver que ligeras andan
 Las mugeres rabricortas.
 Ellas son de carne al fin,
 y muchas de carne momia;
 Pero esto poco interesa,
 Porque las mugeres sobran.
 Que quando yo busco el sol,
 Santo y bueno, a eso se dice
 Que con su pan se lo coma.
 Pero que al público en cueros
 Con gazas y con estofas
 Salgan a caza de gansos,
 Es desvergüenza notoria.
 Esto no puede sufrirlo
 La gravedad española,
 Y así mugeres a casa,
 Que ahi va un chuvasco de coplas.
 Descocadisimas hembras,
 Que no cabiendo en la ropa,
 Sin vergüenza nos mostrais
 Tras el mascarón la popa.
 Y sacando extravagancias
 Del arsenal de las modas
 Unas pareceis esquifes
 Las otras urcas tumbonas.
 Y con bandera francesa
 Siendo naves españolas
 Andais en corso al atisbo
 Para interceptar la flota.

PARDO DE ANDRADE, Manuel: "Romance en que se ridiculiza la quinola, y traje misto de francés, italiano y español, con que sin temor de Dios, ni del nordeste corsean semidesnudas por esas calles y callejuelas". *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña*. A Coruña. N.º 13 (1808).

3. Beleza feminina e natureza

A imposición do papel asignado ás mulleres no discurso da domesticidade explícase con argumentos pseudocientíficos nos que se defende a función reproductiva como fin primordial da vida feminina. Neste texto esta xustificación faise utilizando aspectos como a súa identificación coa natureza e a beleza para convencela da importancia da misión asignada: a fecundidade.

Yo no sé la razón del inmenso atractivo que hay entre las mujeres y la naturaleza.

Bien conozco que las razones dadas por eminentes filósofos explican hasta cierto punto que las mujeres sean apasionadas por las flores, y que se desdeñen al mismo tiempo los frutos.

Es indiscutible que lo bello es la aspiración constante de la mujer, y de aquí que las flores, que son el símbolo de la belleza, constituyan en el sexo femenino un entrañable y natural aliado.

[...] pero los sabios modernos, gente curiosa y á veces descomedida, pretende encontrar entre las flores y las mujeres, motivos más fundados de simpatías, que los simples colores y agradables aromas.

Amables lectoras: [...] éntrame tentación de echarmelas de sabio y deseos de demostraros que mujeres y flores todas sois unas.

Un naturalista de principios de este siglo ha dicho que el vegetal es un animal que duerme; y otros naturalistas á fuerza de pacientes investigaciones han llegado á demostrar que este sueño de las plantas no es eterno, y que á pesar de su aparente quietud é inmovilidad, ejecutan movimientos tan variados como sorprendentes.

Pero, hé aquí, amables lectoras, que esta superior vida de las plantas, esta sensibilidad y movimiento, que dan á los vegetales títulos de superior gerarquía, residen ¿sabeis donde? En las flores.

No he de citaros los múltiples y variados movimientos que las flores ejecutan. [...]

Lo que es admirable no es el que se muevan, sino el fin porque se mueven. Estudiando las flores bajo este aspecto es cuando se advierte el gran parecido que tienen con el bello sexo. [...]

Los poetas han presentido lo que la ciencia de hoy ha demostrado: los cantos de Goethe y Biron, Rioja y Espronceda, fueron el prólogo de los estudios naturalistas de Darwin, Calm, Morren y otros mil escritores que han demostrado que los colores y esencia de las flores, su sensibilidad y movimiento son todo por el amor.

De aquí que el primero de estos naturalistas ha definido la flor como “**el lecho nupcial de los amores**”.

Comprenderéis que siendo la flor la síntesis de tan generoso sentimiento, no debe molestar al bello sexo el parecido que pretendemos demostrar. La vida afectiva, los dulces sentimientos y la realización del cariño, son los fines principales de la muger: la belleza, la vida y el movimiento en la flor respectan al amor.

¿No son pues parecidas flores y mujeres?

¿Y por que unas y otras sois tan cariñosas? ¿Qué alto fin os proponéis? ¿Por qué tanta afección, tanta dulzura y tan infinita belleza?

Fácil es la respuesta: por la familia, por la vida.

Así como las flores van á las semillas que es el origen de la vida vegetal, las mujeres van á los infantes que son la semilla de los hombres. [...]

La naturaleza rodea el origen de los seres de misterio y belleza, y encomienda á las flores y á las mujeres el principio de la vida vegetal y de la vida humana.

“Mujeres y flores”. *La Voz de Galicia*. A Coruña. (21 de xullo de 1882).

4. Coquetería feminina



Labradora. Ilustración 1801-1804

Este documento reduce a presencia social das mulleres das clases acomodadas a dous modelos contrapostos: a “coqueta”, a quen se lle asignan os valores positivos que lle permitirán conseguirla súa aceptación social, e a “frívola”, que practica o “coquetismo” e que non reúne as calidades suficientes para ser valorada socialmente.

No se asusten de ningún modo nuestras amables lectoras, si bien es verdad que solo con ver el epígrafe que encabeza estas líneas, de suponer es que más bien se encamine nuestro trabajo á censurar que á repartir alabanzas, pues no nos vamos á ocupar de la mujer coqueta ni de la que practica el coquetismo.

No; no nos mueve tal intento ni bajo uno ni otro concepto; porque á la mujer coqueta la estimamos en cuanto vale, y á la que dedica su afición al coquetismo la compadecemos sinceramente. A la primera, tributamos nuestro afecto, porque la coquetería en la mujer la obliga á ser estudiosa, discreta, elegante, aunque modesta, y, en una palabra, á reunir todas las cualidades que deben adornarla por el estímulo de hacerse adorables de sus familias, de sus maestros y de sus amigos; y la segunda forma del coquetismo, nos inspira compasión porque obliga á ser derrochadora con las costosas galas que en vez de embellecerla descubren su vanidad y orgullo; porque no puede ser instruída la que pierde miserablemente el tiempo ante el espejo y exhibiéndose á la ventana; porque no puede ser buena esposa la que de soltera reparte su cariño entre todos los que la obsequian, y, por último, porque no puede resistirse un trato asaz empalagoso.

El coquetismo de que vamos á ocuparnos en este momento, no es el peculiar al bello sexo; es el coquetismo general de la humanidad.

Este defecto tiene su fundamento, como el coquetismo de la mujer, en la vanidad y en el orgullo; y es indudable que el árbol nacido de semejantes semillas no puede dar óptimo fruto, por el contrario: sembrando animadversiones solo enemigos se recogen.

“El coquetismo”. *La Voz de Galicia*. A Coruña. (22 de xullo de 1882).

5. Fisionomía e fisioloxía feminina (A, B)

Ramón Otero Acuña, catedrático de Patoloxía Cirúrxica da Universidade de Santiago dende 1854, na súa obra principal -*Galicia Médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia*- pretende elaborar un verdadeiro código hixiénico para Galicia. Seguindo as novas correntes europeas de eclecticismo científico, trata de estudia-los particularismos históricos, antropolóxicos e sociais do país coa finalidade de comprender mellor o seu temperamento e enfermidades específicas.

Nesta liña, fai unha descrición das mulleres galegas que non difire da comunmente aceptada pola maioría dos pensadores, que ven na fisioloxía feminina o obstáculo fundamental para a equiparación real dos sexos.

A

[...] Es aqui notable en las mujeres de las localidades ribereñas, el observar dominante el tipo heleno; que sea frecuente el ver ora figuras Mesenias de esbelto talle, formas mórbidas, despejada blancura, iris azul y blonda cabellera; ora Espartanas de aire magestuoso, contornos redondeados, animado color trigüeño, delicadas facciones, cabellos y ojos rasgados negros.

Sin embargo, son generalmente las gallegas morenas, de colores vivos, blancas y rosadas como el clavel, de facciones pronunciadas, pero delicadas, formas redondas y estatura mediana, si bien esbelta, de ojos castaños, o azul de cielo, cabellos oscuros, color de ébano de oro ó de fuego [...]

Hay que agregar á estos caracteres físicos, que señalamos como fisionómicos de las hijas de Galicia, las modificaciones consiguientes á su régimen particular de vida. Las campesinas son en general mas morenas y de formas mas abultadas: sin embargo, como conservan estas sus contornos redondeados y la tez su animado colorido, a pesar de la exuberancia muscular, la paisana gallega es una de las mas hermosas figuras de aldeana.

B

Ciertamente, los médicos han esclarecido la fisiología de la mujer estudiando en el organismo de las mismas, las leyes vitales que lo rigen, su especialidad fisiológica. Por tanto, los resultados de este estudio han sido tan justos, como notables y múltiples. Se ha llegado a reconocer en la mujer una complexión eminentemente nerviosa, linfática y sanguínea; músculos blandos de fáciles y dulces contracciones, cuyas salidas al exterior están como borradas, un tejido celular vasto, blando, lleno de sustancia adiposa, que da a los miembros de la mujer superficies uniformes y tersas, redondez y contornos mórvidos, tegido que está cubierto de una piel reluciente por los animados reflejos de la vida, por los arreboles de la sangre que la alimenta. En toda esta economía luce una trama orgánica delicada, constituyendo un cuerpo perfectamente armónico en el que, durante muchos años, la gracia y la elegancia se ostentan; pero lo que distingue sobre todo a este organismo, es un sistema nervioso singularmente móvil y escitable, una impresionabilidad excesiva de donde resultan percepciones vivas y penetrantes, aunque pasajeras; por último, en el conjunto de esta constitución, y como marca particular del organismo femenino, algo de móvil y ondulado, de fácil y dulce, de fuerzas nerviosas ordinariamente templadas, pero capaces de elevarse a todos los grados posibles de energía. Tal tipo dado, y así mismo hasta los hábitos, costumbres, preocupaciones sociales, todas las cualidades de las mujeres buenas o malas, sus inclinaciones y propensiones, sus defectos, sus trabajos manuales e intelectuales, se explican por esa predestinación física de las mismas, cuya influencia es en estos particulares incontestable. De aquí que con razón se diga que la mujer es siempre y en todas partes esencialmente la misma.

OTERO ACUÑA, Ramón: *Galicia Médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia*. Santiago, 1867.

6. Disfuncións de sexos e leis naturais

O prototipo de muller española de finais do século pasado e ata ben entrado o século XX responde a un modelo ideal de muller chamada a desempeñar na sociedade papeis marcadamente diferenciados dos reservados ó varón.



A muller de Ourense. Ilustración. Madrid. 1873

A asignación das características que se lles atribúen tradicionalmente queda reforzada polas argumentacións pseudocientíficas que conciben ás mulleres como inferiores ó home, e que afirman que esta subordinación obedece a supostas leis naturais derivadas das diferencias fisiolóxicas e biolóxicas entre ámbolos sexos.

No ton deste escrito pódese observa-la defensa da tradicional teoría da complementariedade dos sexos, que reforza de por si a desigualdade real.

¿Quién será tan poco curioso que no haya meditado alguna vez por qué razón somos unos hombres y otras mujeres?

¿Qué hombre no habrá discutido la superioridad sobre la mujer, ni qué mujer dejó de protestar contra estas primacías que no constan en ningún código sagrado ni profano? [...]

Un escritor, que tiene crédito de ingenioso, ha dicho que la mujer era el ser más perfecto de la creación, puesto que era la última obra del Ser Supremo.

Otro escritor, que quizás tenía aficiones a la Arquitectura, dijo: terminada la obra de la naturaleza, faltaba poner la veleta al edificio y creó Dios la mujer.

Adorables lectoras: Estos diablos de sabios son capaces de trastornarlo todo [...]

Pero resulta que para combatir á los sabios es necesario entrarse por los espinosos caminos de la ciencia [...] vamos á ver en qué fundan sus afirmaciones.

Los que afirman que el hombre es más perfecto -debo advertiros que son hombres- aducen tal sin número de razones, que son capaces de convencer, ó por lo menos de aturdir.

Atended á éstos últimos.

El hombre es mucho más alto que la mujer, y en comprobación de esto citan al Kalmuco Maigraht, que media dos metros quinientos treinta y tres milímetros, y dicen que este señor es un enano comparado con Orión, cuyo esqueleto medía cuarenta y seis codos de estatura, y Anteo que llegaba á sesenta.

Y no solo es más alto el hombre, sino que tiene mayor peso y volúmen. Un hombre del condado de Lincoln tenía de grueso al nivel del abdomen 1 metro 92 centímetros; y en el traje abrochado de Eduardo Bright cabían hasta siete personas de regular volúmen. De que pesa más el hombre, lo comprueba que el citado Eduardo pesaba 298 kilogramos, y hubo “otra humanidad” que llegó a pesar 317 kilogramos: ¡634 libras próximamente!

